

24965 LEI 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2002 establece determinados obxectivos de política económica, a consecución dos cales fai necesaria a aprobación de diversas medidas normativas que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa económico do Goberno nos distintos ámbitos en que aquel desenvolve a súa acción. Este é o fin perseguido pola presente lei, que, igual ca en anos anteriores, recolle distintas medidas referentes a aspectos tributarios, sociais, de persoal ó servizo das administracións públicas, de xestión e organización administrativa, e de acción administrativa en diferentes ámbitos sectoriais.

II

En materia tributaria debe terse en conta que o próximo ano está previsto realizar unha reforma en profundidade da imposición directa, tanto no imposto sobre a renda das persoas físicas coma no imposto sobre sociedades. Así mesmo, está previsto abordar unha reforma en profundidade do marco xurídico-tributario xeral mediante a aprobación dunha nova Lei xeral tributaria.

Non obstante, esta lei aborda unha serie de medidas encamiñadas a incentivarlo crecemento e o emprego de acordo cos criterios de política económica fixados polo Goberno para afronta-la ralentización do crecemento económico derivado do cambio de tendencia do ciclo económico. Por outro lado, mediante esta lei establécense determinados axustes técnicos esixidos pola experiencia na aplicación da norma e introdúcense algunhas modificacións que veñen esixidas pola normativa comunitaria ou por outras disposicións legais que ó entraren en vigor esixen que a normativa tributaria se adapte desde o 1 de xaneiro do ano 2002.

No imposto sobre a renda das persoas físicas ampliouse o ámbito de determinadas exencións e estableceuse unha disposición que facilitará o cumprimento das obrigacións fiscais ós contribuíntes casados. Esta última medida aplicarase con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro do ano 2001, co obxecto de que os declarantes deste imposto poidan acollerse a ela na declaración do exercicio 2001 que deberá presentarse no ano 2002. Tamén, e co ánimo de dotar dunha maior seguridade xurídica as retencións por ese imposto, regularonse mediante lei algúns aspectos sobre esta materia.

Como medida máis significativa de política económica cabe destaca-la supresión do límite conxunto de achegas para plans de pensións individuais e de emprego, así como o incremento do límite para as achegas realizadas por persoas próximas á xubilación e para persoas con minusvalidez. Os incentivos en materia de previsión social complétanse establecendo unha dedución do 10 por 100 na cota do imposto sobre sociedades para as achegas empresariais a plans de pensións de emprego dos traballadores con rendas inferiores a un certo limiar.

No imposto sobre sociedades adóptanse importantes medidas para favorece-lo crecemento económico.

Así, podemos destaca-la creación dunha nova dedución en cota por reinvestimento de beneficios extraordinarios, a ampliación da base de dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, a ampliación do ámbito de aplicación dos incentivos fiscais para as PEMES e a creación dun novo réxime de tributación para as entidades navieiras que poderán optar por tributar en función da tonelaxe. Tamén se amplía o límite temporal de amortización do fondo de comercio e o prazo para compensar bases impositivas negativas.

No imposto sobre a renda de non residentes establécense un novo tipo de gravame para as rendas do traballo percibidas polos traballadores temporeiros co obxecto de palia-lo exceso de tributación das devanditas rendas.

En canto á imposición indirecta, no imposto sobre o valor engadido efectúanse diversas modificacións que veñen esixidas na súa maior parte pola normativa comunitaria e outras de carácter técnico.

Neste sentido, cabe destaca-las que afectan ó devengo do imposto para os contratos de execución de obra e para certas operacións de tracto continuado, as que afectan á aplicación do mecanismo de investimento do suxeito pasivo, ós procedementos de devolución para os empresarios non establecidos, entre outras. Douro lado, procedeuse a substituí-las referencias a ecus e a pesetas por referencias a euros. No ámbito dos impostos especiais unicamente se modificou o imposto sobre os elaborados do tabaco para dar cumprimento ó establecido pola normativa comunitaria.

Por outra parte, no marco do modelo de financiamento das comunidades autónomas establécense o novo imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, coa condición de imposto estatal cedido ás comunidades autónomas e quedando afectada a súa recadación á cobertura dos gastos en materia de sanidade e, se é o caso, dos de actuacións ambientais.

En canto ó réxime económico e fiscal de Canarias, ademais das modificacións levadas a cabo no imposto xeral indirecto canario, na súa maior parte de carácter técnico, e as relativas a substitución das referencias a ecus e a pesetas por referencias a euros, acométese unha importante modificación que consiste na creación do novo arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Canarias en substitución do arbitrio existente, de acordo coas previsións contidas nos regulamentos europeos.

Tamén se introducen algunhas modificacións en materia de taxas, como son as que afectan ás taxas por reserva do dominio público radioeléctrico, ás taxas por inscrición e acreditación catastral, ás taxas da Xefatura Central de Tráfico, ás taxas pola prestación de servizos de control metrolóxico, á taxa por actuacións dos rexistros de buques e empresas navieiras, á taxa por expedición de títulos profesionais marítimos de recreo, ás taxas da Comisión Nacional da Enerxía, ás taxas por aproximación e por prestación de servizos en materia de navegación aérea, a taxa pola concesión e mantemento dos dominios da internet, as taxas esixibles polos servizos e actividades realizadas en materia de medicamentos, a taxa por seguridade aeroportuaria, as taxas por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, as taxas da mariña mercante, a taxa de seguridade no transporte ferroviario e a taxa de seguridade portuaria.

Por último, cabe destaca-la introducción dunha medida que posibilite satisfice-las débedas tributarias

mediante a entrega de bens que formen parte do Patrimonio Histórico Español. Tamén se introduciron medidas relativas ó acceso ós datos catastrais para determinadas entidades, organismos e institucións públicas, así como para os particulares en determinados supostos e respecto á renovación do catastro rústico.

No réxime tributario xeral introdúcense algunhas modificacións de carácter técnico na Lei xeral tributaria, debendo destacarse a nova redacción do artigo 123 que lles permitirá ós órganos de xestión tributaria unha maior efectividade nas súas tarefas de control e a modificación do artigo 105 que posibilitará, logo de solicitude do interesado, a notificación en números de correos e enderezos de correo electrónico.

III

O título II da lei ten por obxecto o establecemento de medidas relacionadas coa orde social.

En canto ás relacións laborais regúlase a normativa aplicable en materia de xornada de traballo e descansos nos buques do rexistro especial.

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Así, establécense que nos supostos de alta médica anterior ó esgotamento do prazo de duración da situación de incapacidade temporal, sen que exista a ulterior declaración de incapacidade permanente, subsistirá a obrigaçión de cotizar mentres non se extinga a relación laboral ou ata a extinción do prazo máximo de duración da incapacidade temporal.

Regúlase a xubilación parcial. Compléméntase a regulación das prórrogas na duración do subsidio por desemprego con obxecto de normalizar ó longo da vida do subsidio un sistema de control homoxéneo e universal sobre os subsidiados. O mesmo sistema se establece con relación ós subsidios para maiores de cincuenta e dous anos, mediante a esixencia de presentar unha declaración anual das súas rendas en termos similares ó establecido para outras prestacións non contributivas da Seguridade Social.

Así mesmo, inclúense dúas novas disposicións adicionais no texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social. Delimítase o réxime xurídico aplicable ás resolucións administrativas das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social que non teñan carácter recadatorio ou sancionador. Así mesmo, establécense medidas cautelares nos supostos de incumprimento, por parte dos beneficiarios ou causantes das prestacións económicas do sistema de Seguridade Social, da obrigaçión de presentar declaracións preceptivas ou documentos que non estean en poder da entidade e á presentación dos cales fosen requiridos, sempre que tales declaracións ou documentos poidan afectar á conservación do dereito ás prestacións.

En fin, suprímese a obrigaçión dos empresarios de levaren un libro de matrícula do persoal.

Modifícase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións de orde social, reducindo de cinco a catro anos a obrigaçión de conserva-la documentación ou os rexistros ou soportes informáticos en que consten os datos que acrediten o cumprimento das obrigaçións en materia de afiliación, altas, baixas ou variacións que se producen en relación coa devandita materia. Tal rebaixa é consecuencia da reducción do prazo de prescrición das accións e obrigaçións en materia de Seguridade Social.

No referente ós réximes especiais de Seguridade Social, modifícase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, reducindo de cinco a catro anos o prazo de prescrición da obrigaçión de pagamento das cotizacións ó Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).

No atinxente á axuda ás vítimas do terrorismo introdúcense medidas tendentes a harmonizalos dous réximes de axudas ás citadas vítimas viventes no noso ordenamento, o xeral, recollido por esta Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e o especial, recollido na Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

Así mesmo, amplíase o ámbito temporal de aplicación da Lei de solidariedade coas vítimas do terrorismo, ata o 31 de decembro de 2002.

IV

O título III da lei contén diversas medidas que afectan ó persoal ó servizo das administracións públicas.

En canto ó réxime xeral do persoal funcionario e estatutario, en materia de corpos e escalas, regúlase o acceso dos funcionarios do corpo de mestres que desempeñan prazas nos equipos de orientación educativa e psicopedagóxica ó corpo de profesores de ensino secundario, así como a integración do persoal laboral do Centro de Investigación Enerxética, Medioambiental e Tecnolóxica (CIEMAT) nas escalas dos organismos públicos de investigación. Créanse as escalas de técnicos especialistas de grao medio de organismos públicos de investigación, e axudantes de investigación dos organismos públicos de investigación, modifícase a denominación dos corpos especiais de estatística da Administración xeral do Estado, e créanse os corpos técnicos do Ministerio de Facenda.

No referido a situacións administrativas, modifícase a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, para recolle-la facultade de opción dos subdelegados do Goberno e directores insulares polas situacións de servizos especiais e de servizo activo, así como se prorroga o período de aplicación do réxime especial de xubilación do persoal docente non universitario, suxeito ó réxime de clases pasivas.

Así mesmo, modifícanse diversas disposicións atinxentes ó réxime peculiar dos funcionarios da Administración local.

Modifícase a disposición adicional novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, no relativo á regulación do réxime de dereitos pasivos aplicable ós funcionarios comprendidos no ámbito persoal de cobertura do réxime de clases pasivas que pasen a prestar servizos na Administración das Comunidades Europeas, así como o daqueles funcionarios que, cesando na prestación de servizos ás institucións comunitarias, reingresen ó servizo activo na Administración española.

No que atinxe a outros réximes de persoal modifícanse diversos preceptos da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil. Faise extensivo ós membros do corpo da Garda Civil a regulación que, en materia de excedencia voluntaria por acollemento permanente ou preadoptivo, e para coitado dun familiar, establece a Lei 39/1999, do 5 de novembro, de conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras.

Por último, modifícase a Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.

V

O título IV da lei dedícase á regulación das medidas de xestión e organización administrativa.

En materia de xestión financeira, en primeiro lugar, modifícase un conxunto de normas incluídas no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Así, delimítase o ámbito dos orzamentos xerais do Estado, adecuándoo ó disposto tanto no artigo 6 do

propio texto refundido da Lei xeral orzamentaria, como na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ó tempo que se adaptan algúns dos seus preceptos ás disposicións do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Ademais, adécuanse os límites de fiscalización previa nos supostos de anticipo de caixa fixa, que se cifran en 5.000 euros, e regúlase o procedemento a seguir nos supostos en que, sendo a función interventora preceptiva, se omitisen, e determínase as auditorías que debe realizar anualmente á Intervención Xeral da Administración do Estado, no ámbito da Seguridade Social.

No relativo á xestión en materia de contratación, modifícase o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, prevendo que, para o caso de inicio de expediente de resolución do contrato, cando as obras contratadas deban ser continuadas por outro empresario ou pola propia Administración con carácter de urxencia por motivos de seguridade, para evita-la ruína do construído, o órgano de contratación poida acorda-la continuación, unha vez que notificase ó contratista a liquidación da obra executada, sen prexuízo de que o contratista poida impugna-la liquidación.

Así mesmo, regúlase o contrato de servicios para a xestión dos sistemas de información, que comprende o mantemento, a conservación, reparación e actualización dos equipamentos físicos e lóxicos de tratamento da información, así como a actualización dos programas informáticos e o desenvolvemento de novos programas.

No que atinxe á organización administrativa inclúense normas relativas á creación de entidades, ou a modificación dos réximes xurídicos de organismos públicos e sociedades mercantís estatais, xa existentes. Así, créase o organismo autónomo Tribunal de Defensa da Competencia. Introdúcense modificacións no réxime xurídico da Axencia Estatal de Administración Tributaria e no da Axencia Española de Cooperación Internacional. Atribúeselle ó Instituto Astrofísico de Canarias o réxime xurídico dos organismos públicos de investigación e, en fin, modifícase o réxime xurídico da «Sociedad Estatal para las Enseñanzas Aeronáuticas Civiles, Sociedad Anónima» (SENASA).

En materia de procedementos administrativos, engádesse unha disposición adicional á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, regulando a presentación de solicitudes e comunicacións á Administración por medio de servicios telemáticos, e modifícase a regulación de determinados procedementos administrativos especiais, tanto no que se refire ós prazos para a súa resolución como ó sentido do silencio administrativo ás solicitudes presentadas.

VI

O título V da lei contén previsións relativas a diversos aspectos da acción administrativa sectorial, entre as que cabe salienta-las seguintes.

En primeiro lugar, en canto á acción administrativa en materia de ordenación económica, no que se refire a seguros, modifícase a Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, elevando a contía límite das prestacións económicas garantidas polas mutualidades de previsión social, establecéndose que non poderán exceder de 21.000 euros como renda anual nin do seu equivalente actuarial como percepción única de capital. Así mesmo, establécese a equivalencia actuarial entre as prestacións previstas en forma de renda anual e de capital dado, dispoñendo que para aquelas entidades incursas nalgúnhas das situacións previstas nos artigos 26 ou 39.1 da lei, as novas prestacións económicas que

se garanten non poderán exceder de 18.000 euros como renda anual nin de 78.000 euros como percepción única de capital.

En materia de política monetaria e sistema financeiro, modifícase a Lei sobre introducción do euro, engadindo unha disposición adicional para efectos de regula-las medidas de protección do euro contra falsificacións.

No que se refire á acción administrativa en materia de enerxía, modifícase a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, incluíndo na planificación a determinación da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastecer-lo sistema gasista.

No concernente á acción administrativa en materia de infraestructuras e transporte, modifícase a Lei 25/1998, do 29 de xullo, de estradas, dispoñendo que o prazo para resolver e notifica-la aprobación definitiva do expediente de información pública, así como do estudo informativo, será de seis meses, contando desde a publicación da declaración de impacto ambiental no «Boletín Oficial del Estado» ou desde a terminación do período de información pública.

Así mesmo, modifícase a Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, regulando a utilización de sistemas ou medios técnicos, mecánicos ou de reprodución de imaxe que identifiquen, para acredita-los feitos, os vehículos, nas autoestradas que teñan implantado o sistema de peaxe dinámica ou telepeaxe.

Introdúcense diversas medidas en materia de portos, e modifícase a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, recollendo as normas para a revisión periódica xeral das tarifas e obrigacións contables en relación cos servicios públicos regulares interurbanos permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada.

Así mesmo, recóllense diversas medidas referentes á ordenación dos servicios postais e de acción administrativa en materia de vivenda.

No que fai referencia á acción administrativa en materia de telecomunicacións, modifícanse diversos preceptos da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral das telecomunicacións.

Regúlase a subministración polos titulares de autorizacións da información precisa para comproba-lo cumprimento das súas obrigacións no que se refire a facilita-los datos para a confección das guías telefónicas e a prestación dos servicios de información polos demais operadores e entidades habilitadas. Establécese que a comercialización das guías de abonados ós servicios de telecomunicacións e dos servicios de información se realizará en réxime de libre competencia.

Ademais, modifícase o Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, dispoñendo que o tráfico dirixido ó rango de numeración específica de acceso á Internet será entregado polos operadores dominantes do servicio telefónico fixo dispoñible ó público de forma separada do tráfico de telefonía vocal, e nos mesmos puntos de interconexión de voz existentes.

En materia de ciencia e tecnoloxía introdúcense medidas encamiñadas ó mellor funcionamento e desenvolvemento da actividade dos organismos públicos de investigación.

En canto á acción administrativa en materia de auga e de ambiente, modifícanse diversos preceptos da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueducto Tajo-Segura e do Real decreto lei 8/1995, do 4 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes de mellora do aproveitamento do transvasamento Tajo-Segura. Así mesmo, modifícase o artigo 132 do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001,

do 20 de xullo, prevendo que as sociedades alí reguladas poidan ter tamén por obxecto a adquisición de obras hidráulicas, públicas ou privadas, para a súa integración en sistemas hidráulicos, e conclúe o capítulo coa imposición da obrigaçión de constituçión dunha garantía para facer fronte ás responsabilidades en que puidesen incorrer os titulares de autorizacións para a realización de actividades de eliminación de residuos.

No que atinxe á acción administrativa en materia de sanidade, modifícanse diversos preceptos da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, sendo de destacar aqueles que teñen por obxecto regular a posibilidade de que as oficinas de farmacias e servizos farmacéuticos que non dispoñan dos medios necesarios poidan excepcionalmente encomendar a unha entidade, legalmente autorizada para tal fin pola Administración sanitaria competente, a realización dunha ou varias fases da elaboración ou control de fórmulas maxistrais.

VII

As disposicións adicionais complementan a lei recollendo diversas previsións que, por razóns de técnica legislativa, non se consideran susceptibles de inclusión nos títulos anteriormente aludidos.

TÍTULO I

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 1. *Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Un. A alínea l) do artigo 7 quedará redactada da seguinte forma:

«l) Os premios literarios, artísticos ou científicos relevantes, coas condicións que regulamentariamente se determinen, así como os premios "Príncipe de Asturias", nas súas distintas modalidades, outorgados pola Fundación Príncipe de Asturias.»

Dous. A alínea p) do artigo 7 quedará redactada da seguinte forma:

«p) Os rendementos do traballo percibidos por traballos efectivamente realizados no estranxeiro, cos seguintes requisitos:

1.^o Que os citados traballos se realicen para unha empresa ou entidade non residente en España ou un establecemento permanente radicado no estranxeiro.

2.^o Que no territorio en que se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou análoga á deste imposto e non se trate dun país ou territorio que fose cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

A exención terá un límite máximo de 60.101,21 euros anuais. Regulamentariamente poderá modificarse o devandito importe.

A presente exención será incompatible, para os contribuíntes destinados no estranxeiro, co réxime de excesos excluídos de tributación previsto no artigo 8.A.3.b) do Regulamento deste imposto, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, calquera que sexa o seu importe. O contribuínte poderá optar pola aplicación do réxime de excesos en substitución desta exención.»

Tres. A alínea q) do artigo 7 quedará redactada da seguinte forma:

«q) As indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas por danos persoais como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, cando veñan establecidas de acordo cos procedementos previstos no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se regula o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.»

Catro. Engádeselle unha nova alínea i) ó número 2 do artigo 14 coa seguinte redacción:

«i) As axudas incluídas no ámbito dos plans estatais para o acceso por primeira vez á vivenda en propiedade, percibidas polos contribuíntes mediante pagamento único en concepto de axuda estatal directa á entrada (AEDE) poderán imputarse por cuartas partes no período impositivo no que se obteñan e nos tres seguintes.»

Cinco. Engádeselle unha alínea d) ó número tres do artigo 31, que quedará redactado da seguinte forma:

«d) Na extinción do réxime económico matrimonial de separación de bens, cando por imposición legal ou resolución xudicial se produzan adjudicacións por causa distinta da pensión compensatoria entre cónxuxes.

O suposto ó que se refire esta alínea non poderá dar lugar, en ningún caso, ás actualizacións dos valores dos bens ou dereitos adjudicados.»

Seis. Dáselle unha nova redacción ós números 5.^o e 6.^o do número 1 do artigo 46, e introdúcese un novo número 7.^o, que quedarán redactados da seguinte forma:

«5.^o Os límites destas reducións serán os seguintes:

a) O total das achegas anuais máximas a mutualidades de previsión social e a plans de pensións realizadas polos mutualistas ou partícipes non poderá exceder de 7.212,15 euros, sen incluílas contribucións empresariais que os promotores de mutualidades de previsión social ou de plans de pensións de emprego imputen ós mutualistas ou partícipes.

Non obstante, no caso de mutualistas ou partícipes maiores de cincuenta e dous anos, o límite anterior incrementarase en 1.202,02 euros adicionais por cada ano de idade do mutualista ou partícipe que exceda de cincuenta e dous anos, fixándose en 22.838,46 euros para mutualistas ou partícipes de sesenta e cinco anos ou máis.

b) O conxunto das contribucións empresariais realizadas polos promotores de mutualidades de previsión social e de plans de pensións de emprego a favor do contribuínte, e imputadas a este, terá como límite anual máximo as contías establecidas na alínea a) anterior.

As achegas propias que o empresario individual realice a mutualidades de previsión social ou a plans de pensións de emprego dos que, pola súa

vez, sexa promotor e participe ou mutualista entenderanse incluídas dentro deste mesmo límite.

c) Os límites establecidos nas alíneas a) e b) anteriores aplicaranse de forma independente e individual a cada mutualista ou participe integrado na unidade familiar.

6.º Con independencia das reducións realizadas de acordo cos límites anteriores, os contribuíntes dos que o cónxuxe non obteña rendas a integrar na parte xeral da base imponible ou as obteña en contía inferior a 7.212,15 euros anuais, poderán reducir na base imponible xeral as achegas realizadas a plans de pensións e a mutualidades de previsión social dos que sexa participe ou mutualista o devandito cónxuxe, co límite máximo do 1.803,04 euros anuais.

7.º A aplicación das reducións previstas nos números 5.º e 6.º anteriores, non poderá dar lugar a unha base liquidable xeral negativa.»

Sete. O número 2 do artigo 55 quedará redactado da seguinte forma:

«2. Deduccions en actividades económicas.

Os contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas, seranlles de aplicación os incentivos e estímulos ó investimento empresarial establecidos ou que se establezan na normativa do imposto sobre sociedades, con excepción da deducción prevista no artigo 36.ter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Non obstante, estes incentivos só serán de aplicación ós contribuíntes en réxime de estimación obxectiva cando así se estableza regulamentariamente tendo en conta as características e obrigacións formais do citado réxime.»

Oito. Dáselle unha nova redacción ó número 1.º do punto 2 do artigo 70 nos seguintes termos:

«Os límites máximos de redución na base imponible previstos nos números 5.º e 7.º do número 1 do artigo 46 desta lei serán aplicados individualmente por cada participe ou mutualista integrado na unidade familiar.»

Novo. Engádeselle un novo número 6 ó artigo 80 coa seguinte redacción:

«6. O contribuínte casado e non separado legalmente que estea obrigado a presentar declaración por este imposto e a autoliquidación do cal resulte a ingresar poderá, no momento de presenta-la súa declaración, solicita-la suspensión do ingreso da débeda tributaria, sen xuros de demora, nunha contía igual ou inferior á devolución á que teña dereito o seu cónxuxe por este mesmo imposto.

A solicitude de suspensión do ingreso da débeda tributaria que cumpra tódolos requisitos enumerados neste número determinará a suspensión provisional do ingreso ata que a Administración tributaria recoñeza o dereito á devolución a favor do outro cónxuxe. O resto da débeda tributaria poderá fraccionarse de acordo co establecido no número 2 deste artigo.

Os requisitos para obte-la suspensión provisional serán os seguintes:

a) O cónxuxe ó que a autoliquidación lle resulte a devolver deberá renunciar ó cobramento da devolución ata o importe da débeda da que se solicitase a suspensión. Así mesmo, deberá aceptar que a

cantidade á que renuncia se aplique ó pagamento de tal débeda.

b) A débeda da que se solicita a suspensión e a devolución pretendida deberán corresponder ó mesmo período impositivo.

c) Ámbalas autoliquidacións deberán presentarse de forma simultánea dentro do prazo que estableza o ministro de Facenda.

d) Os cónxuxes non poderán estar acollidos ó sistema de conta corrente tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño.

e) Os cónxuxes deberán estar ó día no pagamento das súas obrigacións tributarias nos termos previstos na Orde do 28 de abril do 1986, sobre xustificación do cumprimento de obrigacións tributarias.

A Administración notificará a ámbolos cónxuxes dentro do prazo previsto no número 1 do artigo 85 desta lei o acordo que se adopte, con expresión, se é o caso, da débeda extinguida e das devolucions ou ingresos adicionais que procedan.

Cando non proceda a suspensión por non reunirse os requisitos anteriormente sinalados, a Administración practicará liquidación provisional ó contribuínte que solicitou a suspensión por importe da débeda obxecto da solicitude xunto cos xuros de demora calculados desde a data de vencemento do prazo establecido para presenta-la autoliquidación ata a data da liquidación.

Os efectos do recoñecemento do dereito á devolución respecto da débeda da que se solicitase a suspensión son os seguintes:

a) Se a devolución recoñecida fose igual á débeda, esta quedará extinguida, igual que o dereito á devolución.

b) Se a devolución recoñecida fose superior á débeda, esta declararase extinguida e a Administración procederá a devolve-la diferenza entre ámbolos importes de acordo co previsto no artigo 85 desta lei.

c) Se a devolución recoñecida fose inferior á débeda, esta declararase extinguida na parte concorrente, practicando a Administración tributaria liquidación provisional ó contribuínte que solicitou a suspensión por importe da diferenza, esixíndolle igualmente os xuros de demora calculados desde a data de vencemento do prazo establecido para presenta-la autoliquidación ata a data da liquidación.

Considerarase que non existe transmisión lucrativa para efectos fiscais entre os cónxuxes pola renuncia á devolución dun deles para a súa aplicación ó pagamento da débeda do outro.

Reglamentariamente poderá regularse o procedemento a que se refire este número.»

Dez. O artigo 83 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 83. *Importe dos pagamentos á conta.*

1. As retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos fixaranse regulamentariamente tomando como referencia o importe que resultaría de aplica-las tarifas á base da retención ou ingreso á conta.

Para determina-la porcentaxe de retención ou ingreso á conta poderanse ter en consideración as circunstancias persoais e familiares e, de se-lo caso, as rendas do cónxuxe e as reducións e deduccions, así como as retribucións variables previsibles, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Para estes efectos, presumíranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta expresárase en números enteiros, redondeándose ó máis próximo.

2. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces, e demais membros doutros órganos representativos, será do 35 por 100. Esta porcentaxe de retención e ingreso á conta reducirase á metade cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á deducción na cota prevista no artigo 55.4 desta lei.

3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, será do 18 por 100.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á deducción na cota prevista no artigo 55.4 desta lei.

4. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do capital mobiliario será do 18 por 100.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos que teñan dereito á deducción na cota prevista no artigo 55.4 desta lei, procedentes de sociedades que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo en tales cidades.

5. As porcentaxes das retencións e ingresos á conta sobre os rendementos derivados de actividades económicas serán:

a) O 18 por 100, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos no regulamento.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do 9 por 100, sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse á metade cando os rendementos teñan dereito á deducción na cota prevista no artigo 55.4 desta lei.

b) O 2 por 100 no caso de rendementos procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras, salvo no caso das actividades gandeiras de engorda de porcino e avicultura, en que se aplicará o 1 por 100.

c) O 2 por 100 no caso de rendementos procedentes de actividades forestais.

6. A porcentaxe de pagamentos á conta sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será do 18 por 100.

7. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculadas á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servicios, será do 18 por 100.

8. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urba-

nos, calquera que sexa a súa cualificación, será do 15 por 100.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando o inmovible estea situado en Ceuta ou Melilla nos termos previstos no artigo 55.4 desta lei.

9. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas e do subarrendamento sobre os bens anteriores, calquera que sexa a súa cualificación, será do 18 por 100.

10. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe, calquera que sexa a súa cualificación, será o 20 por 100. A porcentaxe de ingreso á conta no suposto previsto no artigo 76.9 desta lei, será do 15 por 100.

11. As porcentaxes dos pagamentos fraccionados que deban practicalos contribuíntes que exerzan actividades económicas serán os seguintes:

a) O 20 por 100 cando se trate de actividades que determinen o rendemento neto polo réxime de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

b) O 4 por 100 cando se trate de actividades que determinen o rendemento neto polo réxime de estimación obxectiva. A porcentaxe será o 3 por 100 cando se trate de actividades que teñan só unha persoa asalariada, e o 2 por 100 cando non se dispoña de persoal asalariado.

c) O 2 por 100 cando se trate de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o réxime de determinación do rendemento neto.

Estas porcentaxes reduciranse á metade para as actividades económicas que teñan dereito á deducción na cota prevista no artigo 55.4 desta lei.»

Once. Modificación da contía á que se refire a disposición adicional décimo sétima.

A contía de 15.025,30 euros á que se refire a disposición adicional décimo sétima da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, elévase a 22.838,46 euros.

Doce. Engádeselle unha nova alínea e) ó número 1 da disposición adicional vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«e) A percepción de indemnizacións públicas, a causa do sacrificio obrigatorio dos efectivos gandeiros, no marco de actuacións destinadas á erradicación de epidemias ou enfermidades.

Esta disposición só afectará os animais destinados á reprodución.»

SECCIÓN 2.^a IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 2. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inician a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 9, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Exencións.*

1. Estarán totalmente exentos do imposto:

a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais.

b) Os organismos autónomos do Estado e entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

c) O Banco de España, os fondos de garantía de depósitos e os fondos de garantía de investimentos.

d) As entidades públicas encargadas da xestión da Seguridade Social.

e) O Instituto de España e as reais academias oficiais integradas nel e as institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia que teñan fins análogos ós da Real Academia Española.

f) Os restantes organismos públicos mencionados nas disposicións adicionais novena e décima, número 1, da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das entidades locais.

2. Estarán parcialmente exentas do imposto, nos termos previstos no título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, as entidades e institucións sen ánimo de lucro ás que sexa de aplicación o devandito título.

3. Estarán parcialmente exentos do imposto nos termos previstos no capítulo XV do título VIII desta lei:

a) As entidades e institucións sen ánimo de lucro non incluídas no número anterior.

b) As unións, federacións e confederacións de cooperativas.

c) Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais, os sindicatos de traballadores e os partidos políticos.

d) Os fondos de promoción de emprego constituídos ó amparo do artigo 22 da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.

e) As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social que cumpran os requisitos establecidos pola súa normativa reguladora.

f) A entidade de dereito público Portos do Estado e as autoridades portuarias.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 10, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Concepto e determinación da base imponible.*

1. A base imponible estará constituída polo importe da renda no período impositivo minorada pola compensación de bases impositivas negativas de períodos impositivos anteriores.

2. A base imponible determinarase polo réxime de estimación directa, polo de estimación obxectiva cando esta lei determine a súa aplicación e, subsidiariamente, polo de estimación indirecta, de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria.

3. No réxime de estimación directa, a base imponible calcularase corrixindo, mediante a aplicación dos preceptos establecidos nesta lei, o resul-

tado contable determinado de acordo coas normas previstas no Código de comercio, nas demais leis relativas á dita determinación e nas disposicións que se dicten en desenvolvemento das citadas normas.

4. No réxime de estimación obxectiva a base imponible poderase determinar total ou parcialmente mediante a aplicación dos signos, índices ou módulos ós sectores de actividade que determine esta lei.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número 4 do artigo 11, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. As dotacións para a amortización do fondo de comercio serán deducibles co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o fondo de comercio se puxese de manifesto en virtude dunha adquisición a título oneroso.

b) Que a entidade adquirente non se encontre, respecto da persoa ou entidade transmitente, nalgún dos casos previstos no artigo 42 do Código de comercio. Para estes efectos, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de comercio son os contemplados na sección 1.^a do capítulo I das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro. O requisito previsto nesta alínea non se aplicará respecto do prezo de adquisición do fondo de comercio satisfeito pola persoa ou entidade transmitente cando o adquirise de persoas ou entidades non vinculadas.

As dotacións para a amortización do fondo de comercio que non cumpran os requisitos previstos nas alíneas a) e b) anteriores serán deducibles se se proba que responden a unha depreciación irreversible daquel.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 12, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Serán deducibles as dotacións para a cobertura do risco derivado das posibles insolvencias dos debedores, cando no momento do devengo do imposto concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que transcorrese o prazo de seis meses desde o vencemento da obrigaición.

b) Que o debedor estea declarado en quebra, concurso de acredores, suspensión de pagamentos ou incurso nun procedemento de quitación e espera, ou situacións análogas.

c) Que o debedor estea procesado polo delito de ocultación de bens.

d) Que as obrigaicións fosen reclamadas xudicialmente ou sexan obxecto dun litixio xudicial ou procedemento arbitral da solución do cal dependa o seu cobramento.

Non serán deducibles as dotacións respecto dos créditos que seguidamente se citan, excepto que sexan obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía:

Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público.

a) Os afianzados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca.

b) Os garantidos mediante dereitos reais, pacto de reserva de dominio e dereito de retención, excepto nos casos de perda ou envilecemento da garantía.

c) Os garantidos mediante un contrato de seguro de crédito ou caución.

d) Os que fosen obxecto de renovación ou prórroga expresa.

Non serán deducibles as dotacións para a cobertura do risco derivado das posibles insolvencias de persoas ou entidades vinculadas co acredor, salvo no caso de insolvencia xudicialmente declarada, nin as dotacións baseadas en estimacións globais do risco de insolvencias de clientes e debedores.

Regulamentariamente estableceranse as normas relativas ás circunstancias determinantes do risco derivado das posibles insolvencias dos debedores das entidades financeiras e as concernentes ó importe das dotacións para a cobertura do citado risco.»

Cinco. Con efectos para as adquisicións de participacións realizadas nos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2002, inclúese un novo número 5 no artigo 12 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«5. Cando se adquiran valores representativos da participación en fondos propios de entidades non residentes en territorio español, as rendas dos cales poidan acollerse á exención establecida no artigo 20 bis desta lei, o importe da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o seu valor teórico contable á data de adquisición imputarase ós bens e dereitos da entidade non residente en territorio español, de conformidade cos criterios establecidos no Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas, e a parte da diferenza que non fose imputada será deducible da base imponible, co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe, salvo que se tivese incluído na base da deducción do artigo 34 desta lei, sen prexuízo do establecido coa normativa contable de aplicación.

A deducción desta diferenza será compatible, se é o caso, coas dotacións a que se refire o número 3 deste artigo.»

Seis. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 13, nos seguintes termos:

«3. Serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados na Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións. As devanditas contribucións se imputarán a cada partícipe na parte correspondente, salvo as realizadas a favor de beneficiarios de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.d) da Lei 8/1987.

Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de continxencias análogas ás dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas ás que se vinculan as prestacións.
- b) Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.
- c) Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan tales contribucións.»

Sete. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 20, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. Os suxeitos pasivos poderán someter á Administración tributaria, nos termos do artigo 16.6 desta lei, unha proposta para a aplicación dun coeficiente distinto do establecido no núme-

ro 1. A proposta fundamentarase no endebedamento que o suxeito pasivo podería ter obtido en condicións normais de mercado de persoas ou entidades non vinculadas.

O previsto neste número non será de aplicación ás operacións efectuadas con ou por persoas ou entidades residentes en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.»

Oito. O artigo 23 quedará redactado como segue:

«Artigo 23. *Compensación de bases impositivas negativas.*

1. As bases impositivas negativas que fosen obxecto de liquidación ou autoliquidación poderán ser compensadas coas rendas positivas dos períodos impositivos que conclúan nos quince anos inmediatos e sucesivos.

2. A base impositiva negativa susceptible de compensación reducirase no importe da diferenza positiva entre o valor das achegas dos socios, realizadas por calquera título, correspondente á participación adquirida e o seu valor de adquisición, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a maioría do capital social ou dos dereitos a participar dos resultados da entidade fose adquirida por unha persoa ou entidade ou por un conxunto de persoas ou entidades vinculadas, con posterioridade á conclusión do período impositivo ó que corresponde a base impositiva negativa.

b) Que as persoas ou entidades a que se refire a alínea anterior tiveran unha participación inferior ó 25 por 100 no momento da conclusión do período impositivo ó que corresponde a base impositiva negativa.

c) Que a entidade non tivese realizado explotacións económicas dentro dos seis meses anteriores á adquisición da participación que confire a maioría do capital social.

3. As entidades de nova creación poderán computar-lo prazo de compensación a que se refire o número 1 a partir do primeiro período impositivo no que a renda sexa positiva.

4. O disposto no número anterior será de aplicación ás bases impositivas negativas derivadas da explotación de novas autoestradas, túneles e vías de peaxe realizadas polas sociedades concesionarias de tales actividades.

5. O suxeito pasivo deberá acreditar-la procedencia e contía das bases impositivas negativas das que pretenda a compensación, mediante a exhibición da liquidación ou autoliquidación, a contabilidade e os oportunos soportes documentais, calquera que sexa o exercicio en que se orixinaron.»

Nove. Dáselles unha nova redacción ás alíneas a') e b') da alínea e) do número 4 do artigo 28, que quedarán redactadas nos seguintes termos:

«a') O suxeito pasivo probe que un importe equivalente á depreciación do valor da participación se integrou na base impositiva do imposto sobre sociedades tributando a algún dos tipos de gravame previstos nos números 1, 2 e 7 do artigo 26 ou no artigo 127 bis desta lei, en concepto de renda obtida polas sucesivas entidades propietarias da participación con ocasión da súa transmisión, e que tal renda non tivese dereito á deducción por dobre imposición interna de plusvalías.

No suposto previsto na presente alínea a'), cando as anteriores entidades propietarias da participa-

ción tiveren aplicado ás rendas por elas obtidas con ocasión da súa transmisión a deducción por reinvestimento de beneficios extraordinarios, a deducción será do 18 por 100 do importe do dividendo ou da participación en beneficios.

A deducción practicarase parcialmente cando a proba a que se refire a presente alínea teña carácter parcial.

b') O suxeito pasivo probe que un importe equivalente á depreciación do valor da participación se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, en concepto de renda obtida polas sucesivas persoas físicas propietarias da participación, coa ocasión da súa transmisión. A deducción practicarase parcialmente cando a proba a que se refire a presente alínea teña carácter parcial.

No suposto previsto na presente alínea b') a deducción non poderá exceder do importe resultante de aplicar ó dividendo ou á participación en beneficios o tipo de gravame que no imposto sobre a renda das persoas físicas corresponde ás ganancias de capital integradas na parte especial da base imponible.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó artigo 33, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 33. *Deducción por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.*

1. Deducción por actividades de investigación e desenvolvemento.

A realización de actividades de investigación e desenvolvemento dará dereito a practicar unha deducción da cota íntegra, nas condicións establecidas neste número.

a) Concepto de investigación e desenvolvemento.

Considerarase investigación a indagación orixinal e planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico ou tecnolóxico; e desenvolvemento, a aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considerarase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, sempre que non poidan converterse ou utilizarse para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos, así como a concepción de "software" avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desenvolvemento de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxes novas. Non se inclúen as actividades habituais ou rutinarias relacionadas co "software".

b) Base da deducción.

A base da deducción estará constituída polo importe dos gastos de investigación e desenvol-

vemento e, de se-lo caso, polos investimentos en elementos de inmovilizado material e inmaterial excluídos os inmoables e terreos.

Consideraranse gastos de investigación e desenvolvemento os realizados polo suxeito pasivo, incluídas as amortizacións dos bens afectos ás citadas actividades, en canto estean directamente relacionados coas devanditas actividades e se apliquen efectivamente á realización delas, constandingo especificamente individualizados por proxectos.

A base da deducción minorarase no 65 por 100 das subvencións recibidas para o fomento de tales actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

Os gastos de investigación e desenvolvemento correspondentes a actividades realizadas no exterior tamén poderán ser obxecto da deducción sempre e cando a actividade de investigación e desenvolvemento principal se efectúe en España e non superen o 25 por 100 do importe total investido.

Igualmente terán a consideración de gastos de investigación e desenvolvemento as cantidades pagadas para a realización de tales actividades en España, por encargo do suxeito pasivo, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Os investimentos entenderanse realizados cando os elementos patrimoniais sexan postos en condicións de funcionamento.

c) Porcentaxes de deducción.

1.º O 30 por 100 dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

No caso de que os gastos efectuados na realización de actividades de investigación e desenvolvemento no período impositivo sexan maiores que a media dos efectuados nos dous anos anteriores, aplicarase a porcentaxe establecida no parágrafo anterior ata a devandita media, e o 50 por 100 sobre o exceso respecto desta.

Ademais da deducción que proceda conforme o disposto nos parágrafos anteriores practicarase unha deducción adicional do 10 por 100 do importe dos seguintes gastos do período:

a') Os gastos de persoal da entidade correspondentes a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento.

b') Os gastos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento contratados con universidades, organismos públicos de investigación ou centros de innovación e tecnoloxía, recoñecidos e rexistrados como tales segundo o Real decreto 2609/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os centros de innovación e tecnoloxía.

2.º O 10 por 100 dos investimentos en elementos de inmovilizado material e inmaterial, excluídos os inmoables e terreos, sempre que estean afectos exclusivamente ás actividades de investigación e desenvolvemento.

A deducción establecida no parágrafo anterior será compatible coa prevista no artigo 36.ter desta lei e incompatible para os mesmos investimentos coas restantes deduccións previstas nos demais artigos do presente capítulo.

Os elementos en que se materialice o investimento deberán permanecer no patrimonio do suxeito pasivo, salvo perdas xustificadas, ata que cumpran a súa finalidade específica nas actividades de investigación e desenvolvemento, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, admitido na alínea a) do número 1 do artigo 11, que se aplique, fose inferior.

2. Deducción por actividades de innovación tecnológica.

A realización de actividades de innovación tecnológica dará dereito a practicar unha deducción da cota íntegra nas condicións establecidas neste número.

a) Concepto de innovación tecnológica.

Considerarase innovación tecnológica a actividade que dea como resultado un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos ou procesos de produción ou melloras substanciais dos xa existentes. Consideraranse novos aqueles produtos ou procesos dunhas características ou aplicacións, desde o punto de vista tecnolóxico, que difiran substancialmente das existentes con anterioridade.

Esta actividade incluírá a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, sempre que os mesmos non poidan converterse ou utilizarse para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Tamén se inclúen as actividades de diagnóstico tecnolóxico tendentes á identificación, a definición e a orientación de solucións tecnolóxicas avanzadas realizadas polas entidades a que se refire o punto 1.º seguinte, con independencia dos resultados en que culminen.

b) Base da deducción.

A base da deducción estará constituída polo importe dos gastos do período en actividades de innovación tecnológica que correspondan ós seguintes conceptos:

1.º Proxectos que se lles encargue realizar a universidades, organismos públicos de investigación ou centros de innovación e tecnoloxía, recoñecidos e rexistrados como tales segundo o citado Real decreto 2609/1996, do 20 de decembro.

2.º Deseño industrial e enxeñería de procesos de produción, que incluírán a concepción e a elaboración dos planos, debuxos e soportes destinados a defini-los elementos descritivos, especificacións técnicas e características de funcionamento necesarios para a fabricación, proba, instalación e utilización dun produto.

3.º Adquisición de tecnoloxía avanzada en forma de patentes, licencias, "know-how" e deseños. Non darán dereito á deducción as cantidades satisfeitas a persoas ou entidades vinculadas ó suxeito pasivo. A base correspondente a este concepto non poderá supera-la contía de 500.000 euros.

4.º Obtención do certificado de cumprimento das normas de aseguramento da calidade da serie ISO 9000, GMP ou similares, sen incluír aqueles gastos correspondentes á implantación de tales normas.

Considéranse gastos de innovación tecnológica os realizados polo suxeito pasivo en canto estean directamente relacionados coas devanditas actividades e se apliquen efectivamente á realización delas, constando especificamente individualizados por proxectos.

Os gastos de innovación tecnológica correspondentes a actividades realizadas no exterior tamén poderán ser obxecto da deducción sempre e cando a actividade de innovación tecnológica principal se efectúe en España e non superen o 25 por 100 do importe total investido.

Igualmente terán a consideración de gastos de innovación tecnológica as cantidades pagadas para

a realización de tales actividades en España, por encarga do suxeito pasivo, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Para determina-la base da deducción o importe dos gastos de innovación tecnológica minorarase no 65 por 100 das subvencións recibidas para o fomento de tales actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

c) Porcentaxes de deducción.

As porcentaxes de deducción aplicables á base de deducción establecida na alínea b) serán do 15 por 100 para os conceptos previstos no punto 1 e do 10 por 100 para os previstos nos puntos restantes.

3. Exclusiones.

Non se considerarán actividades de investigación e desenvolvemento nin de innovación tecnológica as consistentes en:

a) As actividades que non impliquen unha novidade científica ou tecnolóxica significativa. En particular, os esforzos rutineiros para mellora-la calidade de produtos ou procesos, a adaptación dun produto ou proceso de produción xa existente ós requisitos específicos impostos por un cliente, os cambios periódicos ou de temporada, así como as modificacións estéticas ou menores de produtos xa existentes para diferenciarlos doutros similares.

b) As actividades de produción industrial e provisión de servizos ou de distribución de bens e servizos. En particular, a planificación da actividade productiva: a preparación e o inicio da produción, incluíndo o axuste de ferramentas e aquelas actividades distintas das descritas na alínea b) do número anterior; a incorporación ou modificación de instalacións, máquinas, equipamentos e sistemas para a produción que non estean afectados a actividades cualificadas como de investigación e desenvolvemento ou de innovación; a solución de problemas técnicos de procesos produtivos interrompidos; o control de calidade e a normalización de produtos e procesos; a prospección en materia de ciencias sociais e os estudos de mercado; o establecemento de redes ou instalacións para a comercialización; o adestramento e a formación do persoal relacionada con tales actividades.

c) A exploración, sondaxe ou prospección de minerais e hidrocarburos.

4. Interpretación e aplicación das deduccións.

O suxeito pasivo poderá presentar consultas sobre a interpretación e aplicación da presente deducción, a contestación das cales terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos no artigo 107 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Igualmente, para efectos de aplica-la presente deducción, o suxeito pasivo poderá solicitar á Administración tributaria a adopción de acordos previos de valoración dos gastos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento ou de innovación tecnológica, conforme o previsto no artigo 9 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

5. Desenvolvemento regulamentario.

Regulamentariamente poderanse concreta-los supostos de feito que determinan a aplicación das deduccións contempladas neste precepto, así

como o procedemento de adopción de acordos de valoración a que se refire o número anterior.

Consideraranse gastos de investigación e desenvolvemento os realizados polo suxeito pasivo, incluídas as amortizacións dos bens afectos ás citadas actividades, en canto estean directamente relacionadas con tales actividades e se apliquen efectivamente á realización delas, constando especificamente individualizados por proxectos.»

Once. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 35, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Os investimentos en producións españolas de longametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental, que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada darán dereito ó produtor a unha deducción do 20 por 100. A base da deducción estará constituída polo custo da produción minorado na parte financiada polo coprodutor financeiro.

O coprodutor financeiro que participe nunha produción española de longametraxe cinematográfica terá dereito a unha deducción do 5 por 100 do investimento que financie, co límite do 5 por 100 da renda do período derivada de tales investimentos.

Para os efectos desta deducción, consideraranse coprodutor financeiro a entidade que participe na produción das películas indicadas no parágrafo anterior exclusivamente mediante a achega de recursos financeiros en contía que non sexa inferior ó 10 por 100 nin superior ó 25 por 100 do custo total da produción, a cambio do dereito a participar nos ingresos derivados da súa explotación. O contrato de coprodución, no que deberán constar as circunstancias indicadas, presentaranse ante o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As deduccións ás que se refire este número practícaranse a partir do período impositivo no que finalice a produción da obra. As cantidades non deducidas no devandito período poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos sucesivos, nas condicións previstas no número 1 do artigo 37 desta lei. En tal caso, o límite do 5 por 100 a que se refire este número calcularase sobre a renda derivada da coprodución que se obteña no período en que se aplique a deducción.

Regulamentariamente poderanse establecer as condicións e procedementos para a práctica desta deducción.»

Doce. O número 4 do artigo 35 quedará redactado da seguinte forma:

«4. Os investimentos realizados en bens do activo material destinados á protección do ambiente consistentes en instalacións que eviten a contaminación atmosférica procedente de instalacións industriais, contra a contaminación de augas superficiais, subterráneas e mariñas para a redución, recuperación ou tratamento de residuos industriais para o cumprimento ou, se é o caso, mellora da normativa vixente nos ditos ámbitos de actuación, darán dereito a practicar unha deducción na cota íntegra do 10 por 100 dos investimentos que estean incluídos en programas, convenios ou acordos coa administración competente en materia ambiental, que deberá expedir a certificación da validación do investimento.

A deducción prevista no parágrafo anterior tamén se aplicará no suposto de adquisición de novos vehículos industriais ou comerciais de trans-

porte por estrada, só para aquela parte do investimento que regulamentariamente se determine que contribúe de maneira efectiva á redución da contaminación atmosférica.

Así mesmo, as entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 122 desta lei terán dereito a unha deducción da cota íntegra do 10 por 100 do importe dos investimentos realizados en bens de activo material novos destinados ó aproveitamento de fontes de enerxías renovables consistentes en instalacións e equipamentos con calquera das finalidades definidas a seguir:

a) Aproveitamento da enerxía proveniente do sol para a súa transformación en calor ou electricidade.

b) Aproveitamento, como combustible, de residuos sólidos urbanos ou de biomasa procedente de residuos de industrias agrícolas e forestais, de residuos agrícolas e forestais e de cultivos enerxéticos para a súa transformación en calor ou electricidade.

c) Tratamento de residuos biodegradables procedentes de explotacións gandeiras, de estacións depuradoras de augas residuais, de efluentes industriais ou de residuos sólidos urbanos para a súa transformación en biogás.

d) Tratamento de produtos agrícolas, forestais ou aceites usados para a súa transformación en biocarburantes (bioetanol ou biodiesel).»

Trece. Inclúese un novo artigo 36 ter, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 36 ter. *Deducción por reinvestimento de beneficios extraordinarios.*

1. Deducción na cota íntegra.

Deducirase da cota íntegra o 17 por 100 do importe das rendas positivas obtidas na transmisión onerosa dos elementos patrimoniais detallados no número seguinte, e integradas na base imponible sometida ó tipo xeral de gravame ou á escala prevista no artigo 127 bis desta lei, a condición de reinvestimento, nos termos e cos requisitos deste artigo.

Esta deducción será do 7 por 100, do 2 por 100 ou do 22 por 100 cando a base imponible tribute ós tipos do 25 por 100, do 20 por 100 ou do 40 por 100, respectivamente.

Entenderase que se cumpre a condición de reinvestimento se o importe obtido na transmisión onerosa se reinveste nos elementos patrimoniais a que se refire o número 3 deste artigo e a renda procede dos elementos patrimoniais enumerados no número 2 deste artigo.

Non se aplicará a esta deducción o límite a que se refire o último parágrafo do número 1 do artigo 37 desta lei. Para efectos do cálculo do devandito límite non se computará esta deducción.

2. Elementos patrimoniais transmitidos.

Os elementos patrimoniais transmitidos, susceptibles de xerar rendas que constitúan a base da deducción prevista neste artigo, son os seguintes:

a) Os pertencentes ó inmovilizado material e inmaterial, que se posúen polo menos un ano antes da transmisión.

b) Valores representativos da participación no capital ou en fondos propios de toda clase de entidades que outorguen unha participación non inferior ó 5 por 100 sobre o capital social das mesmas, e que se posúen, polo menos, cun ano de antelación á data de transmisión.

Non se entenderán comprendidos na presente alínea os valores que non outorguen unha participación no capital social.

Para os efectos de calcula-lo tempo de posesión, entenderase que os valores transmitidos foron os máis antigos. O cómputo da participación transmitida referirase ó período impositivo.

3. Elementos patrimoniais obxecto do reinvestimento.

Os elementos patrimoniais nos que debe reinvestirse o importe obtido na transmisión que xera a renda obxecto da deducción, son os seguintes:

a) Os pertencentes ó inmovilizado material ou inmaterial afectos a actividades económicas.

b) Os valores representativos da participación no capital ou en fondos propios de toda clase de entidades que outorguen unha participación non inferior ó 5 por 100 sobre o capital social dos mesmos.

Non se entenderán comprendidos nesta alínea os valores que non outorguen unha participación no capital social e os representativos da participación no capital social ou nos fondos propios de entidades residentes en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraíso fiscal.

4. Prazo para efectua-lo reinvestimento.

a) O reinvestimento deberá realizarse dentro do prazo comprendido entre o ano anterior á data da posta á disposición do elemento patrimonial transmitido e os tres anos posteriores, ou, excepcionalmente, de acordo cun plan especial de reinvestimento aprobado pola Administración tributaria por proposta do suxeito pasivo. Cando se realizasen dúas ou máis transmisións no período impositivo de valores representativos da participación no capital ou nos fondos propios de toda clase de entidades, o devandito prazo computarase desde a finalización do período impositivo.

O reinvestimento entenderase efectuado na data en que se produza a posta á disposición dos elementos patrimoniais en que se materialice.

b) Tratándose de elementos patrimoniais que sexan obxecto dos contratos de arrendamento financeiro ós que se refire o número 1 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, considerarase realizado o reinvestimento na data de celebración do contrato, por un importe igual ó valor de contado do elemento patrimonial. Os efectos do reinvestimento estarán condicionados, con carácter resolutorio, ó exercicio da opción de compra.

c) A deducción practicarase na cota íntegra correspondente ó período impositivo en que se efectúe o reinvestimento. Cando o reinvestimento se realizase antes da transmisión, a deducción practicarase na cota íntegra correspondente ó período impositivo no que se efectúe a devandita transmisión.

5. Base da deducción.

A base da deducción está constituída polo importe da renda obtida na transmisión dos elementos patrimoniais a que se refire o número 2 deste artigo, que se integrase na base imponible. Para os únicos efectos do cálculo desta base de deducción, o valor de transmisión non poderá supera-lo valor de mercado.

Non formarán parte da renda obtida na transmisión o importe das provisións relativas ós elementos patrimoniais ou valores, en canto as dotacións a elas fosen fiscalmente deducibles, nin as cantidades aplicadas á liberdade de amortización, ou á recuperación do custo do ben fiscalmente deducible segundo o previsto no artigo 128 desta lei, que deban integrarse na base imponible con ocasión da transmisión dos elementos patrimoniais que se acolleron ós devanditos réximes.

Non se incluírá na base da deducción a parte da renda obtida na transmisión que xerese o dereito a practica-la deducción por dobre imposición.

A inclusión na base de deducción do importe da renda obtida na transmisión dos elementos patrimoniais dos que a adquisición ou utilización posterior xere gastos deducibles, calquera que sexa o exercicio en que estes se devenguen, será incompatible coa deducción de tales gastos. O suxeito pasivo poderá optar entre acollerse á deducción por reinvestimento e a deducción dos mencionados gastos. En tal caso, a perda do dereito desta deducción regularizarase na forma establecida no artigo 143.3 desta lei.

Tratándose de elementos patrimoniais a que fai referencia a alínea a) do número 2 deste artigo a renda obtida corríxirase, de se-lo caso, no importe da depreciación monetaria de acordo co previsto no número 11 do artigo 15 desta lei.

O reinvestimento dunha cantidade inferior ó importe obtido na transmisión dará dereito á deducción establecida neste artigo, sendo a base da deducción a parte da renda que proporcionalmente corresponda á cantidade reinvestida.

6. Mantemento do investimento.

a) Os elementos patrimoniais obxecto do reinvestimento deberán permanecer no patrimonio do suxeito pasivo, salvo perda xustificada, ata que se cumpra o prazo de cinco anos, ou de tres anos se se trata de bens mobles, excepto se a súa vida útil conforme o método de amortización dos admitidos no artigo 11 desta lei que se aplique, for inferior.

b) A transmisión dos elementos patrimoniais obxecto do reinvestimento antes da finalización do prazo mencionado no número anterior determinará a perda da deducción, excepto se o importe obtido ou o valor neto contable, se for menor, é obxecto de reinvestimento nos termos establecidos no presente capítulo. En tal caso, a perda do dereito desta deducción regularizarase na forma establecida no artigo 143.3 desta lei.

7. Plans especiais de reinvestimento.

Cando se probe que, polas súas características técnicas, o investimento debe efectuarse necesariamente nun prazo superior ó previsto no número 4 deste artigo, os suxeitos pasivos poderán presentar plans especiais de reinvestimento. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a presentación e aprobación dos plans especiais de reinvestimento.

8. Requisitos formais.

Os suxeitos pasivos farán constar na memoria das contas anuais o importe da renda acollida á deducción prevista neste artigo e a data do reinvestimento. Tal mención deberá realizarse mentres non se cumpra o prazo de mantemento a que se refire o número 6 deste artigo.»

Catorce. Engádesse un novo artigo 36.quer nos seguintes termos:

«36 quater. Deducción por contribucións empresariais a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial.

O suxeito pasivo poderá practicar unha deducción na cota íntegra do 10 por 100 das contribucións empresariais imputadas a favor dos traballadores con retribucións brutas anuais inferiores a 27.000 euros, sempre que tales contribucións se realicen a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social dos que sexa promotor o suxeito pasivo.

Cando se trate de traballadores con retribucións brutas anuais iguais ou superiores a 27.000 euros, a deducción aplicarase sobre a parte proporcional das contribucións empresariais que correspondan ó importe sinalado no parágrafo anterior.

Esta deducción non se poderá aplicar respecto das contribucións realizadas ó abeiro do réxime transitorio establecido nas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. Así mesmo, non será aplicable no caso de compromisos específicos asumidos cos traballadores como consecuencia dun expediente de regulación de emprego.»

Quince. Modifícase o segundo parágrafo do número un do artigo 37, que quedará redactado nos seguintes termos:

«As cantidades correspondentes ó período impositivo non deducidas poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos dez anos inmediatos e sucesivos. Non obstante, as cantidades correspondentes ás deduccións previstas nos artigos 33 e 33 bis desta lei, poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos quince anos inmediatos e sucesivos.»

Dezaseis. O artigo 66 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Agrupación de interese económico española.*

As agrupacións de interese económico reguladas pola Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, tributarán en réxime de transparencia fiscal coas seguintes excepcións:

a) As citadas entidades non tributarán polo imposto sobre sociedades pola parte de base imponible correspondente ós socios residentes en territorio español, que imputarán a tales socios.

b) Non se aplicarán limitacións respecto da imputación de bases impositivas negativas.

A aplicación do disposto no número 11 do artigo 128 desta lei esixirá que os activos alí referidos sexan arrendados a terceiros non vinculados coa agrupación de interese económico que o afecten á súa actividade, e que os socios da mesma manteñan a súa participación ata a finalización do período impositivo no que conclúa o mencionado arrendamento.

Este réxime fiscal non será aplicable naqueles períodos impositivos en que se realicen actividades distintas das adecuadas ó seu obxecto ou posúan, directa ou indirectamente, participacións en sociedades que sexan membros seus, ou dirixan ou controlen, directa ou indirectamente, as actividades dos seus socios ou de terceiros.»

Dezasete. Modifícase a denominación do capítulo VII do título VIII, que quedará redactado nos seguintes termos: «Capítulo VII. Réxime de consolidación fiscal.»

Dezaoito. Modifícase o artigo 78, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 78. *Definición.*

1. Os grupos fiscais poderán optar polo réxime tributario previsto no presente capítulo. En tal caso as entidades que neles se integran non tributarán en réxime individual.

2. Entenderase por réxime individual de tributación o que correspondería a cada entidade en caso de non ser de aplicación o réxime de consolidación fiscal.»

Dezanove. Modifícase o artigo 79, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 79. *Suxeito pasivo.*

1. O grupo fiscal terá a consideración de suxeito pasivo.

2. A sociedade dominante terá a representación do grupo fiscal e estará suxeita ó cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A sociedade dominante e as sociedades dependentes estarán igualmente suxeitas ás obrigacións tributarias que derivan do réxime de tributación individual, excepción feita do pagamento da débeda tributaria.

4. As actuacións administrativas de comprobación ou investigación realizadas fronte á sociedade dominante ou fronte a calquera entidade do grupo fiscal, co coñecemento formal da sociedade dominante, interromperán o prazo de prescrición do imposto sobre sociedades que afecta ó citado grupo fiscal.»

Vinte. Modifícase o artigo 80, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 80. *Responsabilidades tributarias derivadas da aplicación do réxime de consolidación fiscal.*

As sociedades do grupo fiscal responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria, excluídas as sancións.»

Vinteun. Modifícase o artigo 81, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 81. *Definición do grupo fiscal. Sociedade dominante. Sociedades dependentes.*

1. Entenderase por grupo fiscal o conxunto de sociedades anónimas, limitadas e comanditarias por accións residentes en territorio español formado por unha sociedade dominante e tódalas sociedades dependentes dela.

2. Entenderase por sociedade dominante aquela que cumpra os requisitos seguintes:

a) Ter algunha das formas xurídicas establecidas no número anterior o, no seu defecto, ter personalidade xurídica e estar suxeita e non exenta ó imposto sobre sociedades. Os establecementos permanentes de entidades non residentes situados en territorio español poderán ser considerados sociedades dominantes respecto das sociedades que teñan participacións afectas ó mesmo.

b) Que teña unha participación, directa ou indirecta, cando menos, do 75 por 100 do capital social doutra ou outras sociedades o primeiro día do período impositivo en que sexa de aplicación este réxime de tributación.

c) Que a devandita participación se manteña durante todo o período impositivo.

O requisito de mantemento da participación durante todo o período impositivo non será esixible no suposto de disolución da entidade participada.

d) Que non sexa dependente de ningunha outra residente en territorio español, que reúna os requisitos para ser considerada como dominante.

e) Que non estea sometida ó réxime de transparencia fiscal.

3. Entenderase por sociedade dependente aquela sobre a que a sociedade dominante posúa unha participación que reúna os requisitos contidos nas alíneas b) e c) do número anterior.

4. Non poderán formar parte dos grupos fiscais as entidades nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que estean exentas deste imposto.

b) Que ó peche do período impositivo se encontren en situación de suspensión de pagamentos ou quebra, ou incursas na situación patrimonial prevista no número 4.º do número 1 do artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, mesmo que non tivesen a forma de sociedades anónimas, a menos que con anterioridade á conclusión do exercicio no que se aproban as contas anuais esta última situación fose superada.

c) As sociedades dependentes que estean suxeitas ó imposto sobre sociedades a un tipo de gravame diferente ó da sociedade dominante.

d) As sociedades dependentes nas que a participación se alcance a través doutra sociedade que non reúna os requisitos establecidos para formar parte do grupo fiscal.

5. O grupo fiscal extinguirase cando a sociedade dominante perda o devandito carácter.»

Vintedous. Modifícase o artigo 82, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 82. *Inclusión ou exclusión de sociedades no grupo fiscal.*

1. As sociedades sobre as que se adquira unha participación como a definida no número 2.b) do artigo anterior integraranse obrigatoriamente no grupo fiscal con efecto do período impositivo seguinte. No caso de sociedades de nova creación a integración producírase desde o momento da súa constitución, sempre que se cumplan os restantes requisitos necesarios para formar parte do grupo fiscal.

2. As sociedades dependentes que perdan tal condición quedarán excluídas do grupo fiscal con efecto do propio período impositivo en que se produza tal circunstancia.»

Vintetrés. Modifícase o artigo 83, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 83. *Determinación do dominio indirecto.*

1. Cando unha sociedade teña noutra sociedade polo menos o 75 por 100 do seu capital social e, pola súa vez, esta segunda se atope na mesma situación respecto a unha terceira, e así sucesivamente, para calcula-la participación indirecta da primeira sobre as demais sociedades, multiplicaranse, respectivamente, as porcentaxes de participación no capital social, de maneira que o resultado de tales produtos deberá ser, cando menos, o 75 por 100 para que a sociedade indirectamente participada poida e deba integrarse no grupo fiscal

e, ademais, será preciso que tódalas sociedades intermedias integren o grupo fiscal.

2. Se nun grupo fiscal coexisten relacións de participación, directa e indirecta, para calcula-la participación total dunha sociedade noutra, directa e indirectamente controlada pola primeira, sumaranse as porcentaxes de participación directa e indirecta. Para que a sociedade participada poida e deba integrarse no grupo fiscal de sociedades, a dita suma deberá ser, cando menos, o 75 por 100.

3. Se existen relacións de participación recíproca, circular ou complexa, deberá probarse, se é o caso, con datos obxectivos a participación de, alomenos, o 75 por 100 do capital social.»

Vintecatros. Modifícase o artigo 84, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 84. *Aplicación do réxime de consolidación fiscal.*

1. O réxime de consolidación fiscal aplicarase cando así o acorden todas e cada unha das sociedades que deban integra-lo grupo fiscal.

2. Os acordos ós que se refire o número anterior deberán ser adoptados pola xunta de accionistas ou órgano equivalente de non ter forma mercantil, en calquera data do período impositivo inmediato anterior ó que sexa de aplicación o réxime de consolidación fiscal, e producirán efectos cando non fosen impugnados ou non sexan susceptibles de impugnación.

3. As sociedades que no sucesivo se integren no grupo fiscal deberán cumprilas obrigacións a que se refiren os números anteriores, dentro dun prazo que finalizará o día en que conclúa o primeiro período impositivo no que deban tributar no réxime de consolidación fiscal.

4. A falta dos acordos ós que se refiren os números 1 e 2 deste artigo determinará a imposibilidade de aplica-lo réxime de consolidación fiscal.

A falta dos acordos correspondentes ás sociedades que no sucesivo deban integrarse no grupo fiscal constituirá infracción tributaria simple da entidade dominante, que se sancionará con multa de 300 a 6.000 euros, e non impedirá a efectiva integración no grupo das sociedades afectadas, determinándose a imposibilidade de aplica-lo réxime de consolidación fiscal, se no prazo de dous anos a partir do día en que conclúa o primeiro período impositivo en que deban tributar no réxime de consolidación fiscal, persistise a falta de acordo a que se refire este artigo.

5. Exercitada a opción, o grupo fiscal quedará vinculado a este réxime de forma indefinida durante os períodos impositivos seguintes, en tanto se cumplan os requisitos do artigo 81 e mentres non se renuncie á súa aplicación a través da correspondente declaración censual, que deberá exercitarse, se é o caso, no prazo de dous meses contados desde a finalización do último período impositivo da súa aplicación.

6. A sociedade dominante comunicará os acordos mencionados no número 1 deste artigo á Administración tributaria con anterioridade ó inicio do período impositivo en que sexa de aplicación este réxime.

Así mesmo, antes da finalización de cada período impositivo, a sociedade dominante comunicará á Administración tributaria a composición do grupo fiscal para o devandito período, identificando as sociedades que se integraron nel e as que foron excluídas do mesmo.»

Vintecinco. Modifícase o artigo 85, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 85. *Determinación da base imponible do grupo fiscal.*

1. A base imponible do grupo fiscal determinarase sumando:

a) As bases impositivas individuais correspondentes a todas e cada unha das sociedades integrantes do grupo fiscal, sen incluír nelas a compensación das bases impositivas negativas individuais.

b) As eliminacións.

c) As incorporacións das eliminacións practicadas en exercicios anteriores.

d) A compensación das bases impositivas negativas do grupo fiscal, cando o importe da suma das alíneas anteriores resultase positiva, así como das bases impositivas negativas referidas no número 2 do artigo 88 desta lei.

2. As eliminacións e as incorporacións realízanse de acordo cos criterios establecidos no Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas.

3. Non terá a consideración de partida fiscalmente deducible da base imponible do grupo fiscal a diferenza positiva entre o valor contable das participacións no capital das sociedades dependentes que posúa, directa ou indirectamente, a sociedade dominante e a parte proporcional que os devanditos valores representan en relación ós fondos propios desas sociedades dependentes.

A diferenza negativa non terá a consideración de renda gravable.

A diferenza referida nos dous parágrafos anteriores é a existente na data en que a sociedade ou sociedades dependentes se inclúan por primeira vez no grupo fiscal.»

Vinteseis. Modifícase o artigo 86, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 86. *Eliminacións.*

1. Para a determinación da base imponible consolidada practícanse a totalidade das eliminacións de resultados por operacións internas efectuadas no período impositivo.

Entenderanse por operacións internas as realizadas entre sociedades do grupo fiscal nos períodos impositivos en que ambas formen parte do mesmo e se aplique o réxime de consolidación fiscal.

2. Practícanse as eliminacións de resultados, positivas ou negativas, por operacións internas, en canto os mencionados resultados estiveren comprendidos nas bases impositivas individuais das entidades que forman parte do grupo fiscal.

3. Non se eliminarán os dividendos incluídos nas bases impositivas individuais respecto dos cales non procedese a dedución por dobre imposición interna prevista no artigo 28.4 desta lei.»

Vinteseite. Inclúese un novo número 3 no artigo 87, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 87. *Incorporacións.*

1. Os resultados eliminados incorporaranse á base imponible do grupo fiscal cando se realicen fronte a terceiros.

2. De unha sociedade ter intervido nalgunha operación interna e posteriormente ter deixado de

formar parte do grupo fiscal, o resultado eliminado desa operación incorporárase á base imponible do grupo fiscal correspondente ó período impositivo anterior a aquel en que tivese lugar a citada separación.

3. Practícanse a incorporación da eliminación da corrección de valor da participación das sociedades do grupo fiscal cando estas deixen de formar parte do grupo fiscal e asuman o dereito á compensación da base imponible negativa correspondente á perda que determinou a corrección de valor. Non se incorporará a reversión das correccións de valor practicadas en períodos impositivos nos que a entidade participada non formou parte do grupo fiscal.»

Vinteito. Modifícase o artigo 88, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 88. *Compensación de bases impositivas negativas.*

1. Se en virtude das normas aplicables para a determinación da base imponible do grupo fiscal esta resultase negativa, o seu importe poderá ser compensado coas bases impositivas positivas do grupo fiscal nos termos previstos no artigo 23 desta lei.

2. As bases impositivas negativas de calquera sociedade pendentes de compensar no momento da súa integración no grupo fiscal poderán ser compensadas na base imponible deste, co límite da base imponible individual da propia sociedade, excluíndose da base imponible, para estes únicos efectos, os dividendos ou participacións en beneficios a que se refire o número 2 do artigo 28 desta lei.»

Vintenove. Modifícase o artigo 89, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 89. *Reinvestimento.*

1. As sociedades do grupo fiscal poderán aplicar a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios, podendo efectuarlo reinvestimento a propia sociedade que obtivo o beneficio extraordinario, ou outra pertencente ó grupo fiscal. O reinvestimento poderá materializarse nun elemento adquirido a outra sociedade do grupo fiscal a condición de que o devandito elemento sexa novo.

2. A dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios non procederá no suposto de transmisións realizadas entre entidades do grupo fiscal.»

Trinta. Modifícase o artigo 90, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 90. *Período impositivo.*

1. O período impositivo do grupo fiscal coincidirá co da sociedade dominante.

2. Cando algunha das sociedades dependentes conclúese un período impositivo de acordo coas normas reguladoras da tributación en réxime individual, tal conclusión non determinará a do grupo fiscal.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 91, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 91. *Cota íntegra do grupo fiscal.*

Entenderase por cota íntegra do grupo fiscal a contía resultante de aplicar o tipo de gravame da sociedade dominante á base imponible do grupo fiscal.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 92, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 92. *Deduccións e bonificacións da cota íntegra do grupo fiscal.*

1. A cota íntegra do grupo fiscal minorarase no importe das deduccións e bonificacións previstas nos capítulos II, III e IV do título VI desta lei.

Os requisitos establecidos para a aplicación das mencionadas deduccións e bonificacións referiranse ó grupo fiscal, así como para aplica-lo réxime de exención establecido no artigo 20 bis desta lei.

2. As deduccións de calquera sociedade pendentes de aplicación no momento da súa inclusión no grupo fiscal poderán deducirse na cota íntegra do grupo fiscal co límite que lle correspondese á devandita sociedade no réxime individual de tributación.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 93, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 93. *Obrigacións de información.*

1. A sociedade dominante deberá formular, para efectos fiscais, o balance e a conta de perdas e ganancias consolidados, aplicando o método de integración global a tódalas sociedades que integran o grupo fiscal.

2. As contas anuais consolidadas referiranse á mesma data de peche e período que as contas anuais da sociedade dominante, debendo as sociedades dependentes pecha-lo seu exercicio social na data en que o faga a sociedade dominante.

3. Os documentos a que se refire o número 1 xuntaráse-lle a seguinte información:

a) As eliminacións practicadas en períodos impositivos anteriores pendentes de incorporación.

b) As eliminacións practicadas no período impositivo debidamente xustificadas na súa procedencia e contía.

c) As incorporacións realizadas no período impositivo, igualmente xustificadas na súa procedencia e contía.

d) As diferencias, debidamente explicadas, que puidesen existir entre as eliminacións e incorporacións realizadas para efectos da determinación da base imponible do grupo fiscal e as realizadas para efectos da elaboración dos documentos a que se refire o número 1.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 94, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 94. *Causas determinantes da perda do réxime de consolidación fiscal.*

1. O réxime de consolidación fiscal perderase polas seguintes causas:

a) A concorrencia nalgunha ou algunhas das sociedades integrantes do grupo fiscal dalgunha das circunstancias que, de acordo co establecido na Lei xeral tributaria, determinan a aplicación do réxime de estimación indirecta.

b) O incumprimento das obrigacións de información a que se refire o número 1 do artigo anterior.

2. A perda do réxime de consolidación fiscal producirase con efectos do período impositivo en que concorran algunha ou algunhas das causas a que se refire o número anterior, debendo as sociedades integrantes do grupo fiscal tributar polo réxime individual no devandito período.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 95, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 95. *Efectos da perda do réxime de consolidación fiscal e da extinción do grupo fiscal.*

1. No suposto de existiren, no período impositivo en que se produza a perda do réxime de consolidación fiscal ou a extinción do grupo fiscal, eliminacións pendentes de incorporación, bases impositivas negativas do grupo fiscal ou deduccións na cota pendentes de compensación, procederáse da forma seguinte:

a) As eliminacións pendentes de incorporación integraranse na base imponible do grupo fiscal correspondente ó último período impositivo no que sexa aplicable o réxime de consolidación fiscal.

b) As sociedades que integren o grupo fiscal no período impositivo en que se produza a perda ou extinción deste réxime asumirán o dereito á compensación das bases impositivas negativas do grupo fiscal pendentes de compensar, na proporción en que contribuísen á súa formación.

A compensación realizarase coas bases impositivas positivas que se determinen en réxime individual de tributación nos períodos impositivos que resten ata completa-lo prazo establecido no artigo 23.1 desta lei, contado a partir do seguinte ou seguintes a aquel ou aqueles nos que se determinaron bases impositivas negativas do grupo fiscal.

c) As sociedades que integren o grupo fiscal no período impositivo en que se produza a perda ou extinción deste réxime asumirán o dereito á compensación pendente das deduccións da cota do grupo fiscal, na proporción en que contribuísen á súa formación.

A compensación practicarase nas cotas íntegras que se determinen nos períodos impositivos que falten ata completa-lo prazo establecido nesta lei para a dedución pendente, contado a partir do seguinte ou seguintes a aquel ou aqueles nos que se determinaron os importes a deducir.

2. As sociedades que integren o grupo fiscal no período impositivo en que se produza a perda ou extinción deste réxime, asumirán o dereito á dedución dos pagamentos fraccionados que realízase o grupo fiscal, na proporción en que contribuísen a eles.

3. O disposto nos números anteriores será de aplicación cando algunha ou algunhas das sociedades que integran o grupo fiscal deixen de pertencer a el.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 96, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 96. *Declaración e autoliquidación do grupo fiscal.*

1. A sociedade dominante ficará obrigada, ó tempo de presenta-la declaración do grupo fiscal, a liquida-la débeda tributaria correspondente a este e a ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Facenda. A sociedade dominante deberá cumpri-las mesmas obrigacións respecto dos pagamentos fraccionados.

2. A declaración do grupo fiscal deberá presentarse dentro do prazo correspondente á declaración en réxime de tributación individual da sociedade dominante.

3. As declaracións complementarias que deban practicarse en caso de extinción do grupo fiscal, perda do réxime de consolidación fiscal ou

separación de sociedades do grupo fiscal, presentaranse dentro dos vintecinco días naturais seguintes ós seis meses posteriores ó día en que se produciron as causas determinantes da extinción, perda ou separación.»

Trinta e sete. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 103, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. Os bens adquiridos valoraranse, para efectos fiscais, de acordo co establecido no artigo 99 desta lei.

Non obstante, cando a entidade adquirente participe no capital da entidade transmitente en, polo menos, un 5 por 100, o importe da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o seu valor teórico imputarase ós bens e dereitos adquiridos, de conformidade cos criterios establecidos no Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas, e a parte daquela diferenza que non fose imputada será fiscalmente deducible da base imponible, co límite anual máximo da vinteava parte do seu importe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a participación non fose adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a persoas físicas residentes en territorio español, ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación ás referidas persoas ou entidades.

O requisito previsto nesta alínea entenderase cumprido:

a') Tratándose dunha participación adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada coa entidade adquirente que, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas ou entidades, cando o importe da diferenza mencionada no parágrafo anterior tributou en España a través de calquera transmisión da participación.

Igualmente procederá a deducción da indicada diferenza cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente á mesma tributou efectivamente noutro estado membro da Unión Europea, en concepto de beneficio obtido con ocasión da transmisión da participación, soportando un gravame equivalente ó que tería resultado de aplicar este imposto, sempre que o transmitente non resida nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

b') Tratándose dunha participación adquirida a persoas físicas residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas físicas, cando se probe que a ganancia patrimonial obtida por tales persoas físicas se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Que a entidade adquirente da participación non se encontre respecto da entidade que a transmitiu nalgún dos casos previstos no artigo 42 do Código de comercio. Para estes efectos entenderase que os casos do artigo 42 do Código de comercio son os contemplados na sección 1.^a do capítulo primeiro das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro.

O requisito previsto nesta alínea non se aplicará respecto do prezo de adquisición da participación satisfeito pola persoa ou entidade transmitente se,

pola súa vez, a adquiriu de persoas ou entidades non vinculadas residentes en territorio español.

Cando se cumpran os requisitos a) e b) anteriores, a valoración que resulte da parte imputada ós bens do inmovilizado adquirido terá efectos fiscais, sendo deducible da base imponible, no caso de bens amortizables, a amortización contable da devandita parte imputada, nos termos previstos no artigo 11.

Cando se cumpra o requisito a), pero non se cumpra o establecido na alínea b) anterior, as dotacións para a amortización da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o seu valor teórico serán deducibles se se proba que responden a unha depreciación irreversible.»

Trinta e oito. Dáselle unha nova redacción ó número 4 do artigo 107, que quedará redactado da seguinte forma:

«4. O incumprimento das obrigacións establecidas nos números anteriores terá a consideración de infracción tributaria simple, sancionable con multa do 150,25 a 6.010,12 euros por cada dato omitido, co límite do 5 por 100 do valor polo que a entidade adquirente reflectise os bens e dereitos transmitidos na súa contabilidade.»

Trinta e nove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 108, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 108. *Achegas non en diñeiro.*

1. O réxime previsto no presente capítulo aplicarase, á opción do suxeito pasivo deste imposto ou do contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, ás achegas non en diñeiro nas que concorran os seguintes requisitos:

a) Que a entidade que recibe a achega sexa residente en territorio español ou realice actividades nel por medio dun establecemento permanente ó que se afecten os bens achegados.

b) Que unha vez realizada a achega, o suxeito pasivo achegante deste imposto ou o contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, participe nos fondos propios da entidade que recibe a achega en, polo menos, o 5 por 100.

c) No caso de achega de accións ou participacións sociais por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, teranse que cumprir, ademais dos requisitos sinalados nas alíneas a) e b), os seguintes:

a') Que a entidade do capital social da cal sexan representativos sexa residente en territorio español e que á dita entidade non lle sexa de aplicación o réxime de transparencia fiscal previsto no capítulo VI do título VIII desta lei.

b') Que representen unha participación de, polo menos, un 5 por 100 dos fondos propios da entidade.

c') Que se posúan de maneira ininterrompida polo achegante durante o ano anterior á data do documento público en que se formalice a achega.

d) Que, no caso de achega de elementos patrimoniais distintos dos mencionados na alínea c) por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, tales elementos estean afectos a actividades económicas das que a contabilidade se leve conforme o disposto no Código de comercio.

2. O réxime previsto neste capítulo aplicarase tamén ás achegas de ramas de actividade efectuadas polos contribuíntes do imposto sobre a ren-

da das persoas físicas, sempre que leven a súa contabilidade de acordo co Código de comercio.

3. Os elementos patrimoniais achegados non poderán ser valorados, para efectos fiscais, por un valor superior ó seu valor normal de mercado.»

Corenta. Dáselle unha nova redacción ó artigo 122, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 122. *Ámbito de aplicación: cifra de negocios.*

1. Os incentivos fiscais establecidos neste capítulo aplicaranse sempre que o importe neto da cifra de negocios habida no período impositivo inmediato anterior sexa inferior a 5 millóns de euros.

2. Cando a entidade for de nova creación, o importe da cifra de negocios referirase ó primeiro período impositivo en que se desenvolva efectivamente a actividade. Se o período impositivo inmediato anterior tivo unha duración inferior ó ano, ou a actividade se desenvolveu durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

3. Cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes ó devandito grupo. Igualmente se aplicará este criterio cando unha persoa física por si soa ou conxuntamente con outras persoas físicas unidas por vínculos de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o segundo grao inclusive, se encontren con relación a outras entidades das que sexan socios nalgún dos casos a que se refire o artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto neste número, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de comercio son os recollidos na sección 1.^a do capítulo I das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro.»

Corenta e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 123, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 123. *Liberdade de amortización.*

1. Os elementos do inmovilizado material novos, postos á disposición do suxeito pasivo no período impositivo no que se cumpran as condicións do artigo anterior, poderán ser amortizados libremente sempre que, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo en que os bens adquiridos entren en funcionamento, o cadro de persoal medio total da empresa se incremente respecto do cadro de persoal medio dos doce meses anteriores, e o devandito incremento se mantéña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.

A contía do investimento que poderá beneficiarse do réxime de liberdade de amortización será a que resulte de multiplicar a cifra de 90.151,82 euros polo referido incremento calculado con dous decimais.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación á xornada completa.

A liberdade de amortización será aplicable desde a entrada en funcionamento dos elementos que poidan acollerse a ela.

2. O réxime previsto no número anterior tamén será de aplicación ós elementos encargados en vir-

tude dun contrato de execución de obra subscrito no período impositivo sempre que a súa posta á disposición sexa dentro dos doce meses seguintes á conclusión do mesmo.

3. O previsto nos dous números anteriores será igualmente de aplicación ós elementos do inmovilizado material construídos pola propia empresa.

4. A liberdade de amortización será incompatible cos seguintes beneficios fiscais:

a) A bonificación por actividades exportadoras, respecto dos elementos nos que se invistan os beneficios obxecto da mesma.

b) O reinvestimento de beneficios extraordinarios, a exención por reinvestimento e a deducción por reinvestimento de beneficios extraordinarios, respecto dos elementos nos que se reinvesta o importe da transmisión.

5. En caso de transmisión de elementos que gozasen de liberdade de amortización, unicamente poderá acollerse á exención por reinvestimento a renda obtida por diferenza entre o valor de transmisión e o seu valor contable, unha vez corrixida no importe da depreciación monetaria.

6. No suposto de que se incumprise a obriga de incrementar ou manter o cadro de persoal deberase proceder a ingresar a cota íntegra que correspondese á cantidade deducida en exceso máis os xuros de demora correspondentes.

O ingreso da cota íntegra e dos intereses de demora realizarase conxuntamente coa autoliquidación correspondente ó período impositivo no que se incumprise unha ou outra obriga.

7. O previsto neste artigo tamén será de aplicación ós elementos do inmovilizado material novos obxecto dun contrato de arrendamento financeiro, a condición de que se exercite a opción de compra.»

Corenta e dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 124, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 124. *Liberdade de amortización para investimentos de escaso valor.*

Os elementos do inmovilizado material novos postos á disposición do suxeito pasivo no período impositivo no que se cumpran as condicións do artigo 122 desta lei, dos que o valor unitario non exceda de 601,01 euros, poderán amortizarse libremente, ata o límite de 12.020,24 euros referido ó período impositivo.»

Corenta e tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 127, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 127. *Amortización de elementos patrimoniais obxecto de reinvestimento.*

1. Os elementos do inmovilizado material afectos a explotacións económicas nos que se materialice o reinvestimento do importe obtido na transmisión onerosa de elementos do inmovilizado material, tamén afectos a explotacións económicas, realizada no período impositivo no que se cumpran as condicións do artigo 122 desta lei, poderán amortizarse en función do coeficiente que resulte de multiplicar por 3 o coeficiente de amortización lineal máximo previsto nas táboas de amortización oficialmente aprobadas. O reinvestimento deberá realizarse dentro do prazo ó que se refire o número 4 do artigo 36 ter desta lei.

2. Cando o importe investido sexa superior ou inferior ó obtido na transmisión, a amortización á que se refire o número anterior aplicarase só sobre

o importe da devandita transmisión que sexa obxecto de reinvestimento.

3. A deducción do exceso de cantidade amortizable resultante do previsto neste artigo respecto da depreciación efectivamente habida, non estará condicionada á súa imputación contable na conta de perdas e ganancias.»

Corenta e catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 127.bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 127 bis. *Tipo de gravame.*

As entidades que cumpran as previsións previstas no artigo 122 desta lei tributarán conforme a seguinte escala, excepto se de acordo co previsto no artigo 26 desta lei deben tributar a un tipo diferente do xeral:

- a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 90.151,81 euros, ó tipo do 30 por 100.
- b) Pola parte de base imponible restante, ó tipo do 35 por 100.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ó ano, a parte da base imponible que tributará ó tipo do 30 por 100 será a resultante de aplicar a 90.151,81 euros a proporción na que se achen o número de días do período impositivo entre trescentos sesenta e cinco días, ou a base imponible do período impositivo cando esta for inferior.»

Corenta e cinco. Engádeselle un novo número 11 ó artigo 128, que quedará redactado nos seguintes termos:

«11. O Ministerio de Facenda poderá determinar, segundo o procedemento que regulamentariamente se estableza, o momento temporal a que se refire o número 6, atendendo ás peculiaridades do período de contratación ou de construción do ben, así como ás singularidades da súa explotación económica, sempre que a citada determinación non afecte ó cálculo da base imponible derivada da explotación efectiva do ben, nin ás rendas derivadas da súa transmisión que deban determinarse segundo as regras do réxime xeral do imposto ou do réxime especial previsto no capítulo VIII do título VIII desta lei.»

Corenta e seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 133, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 133. *Ámbito de aplicación.*

O presente réxime aplicarase ás entidades a que se refire o artigo 9, número 3, desta lei.»

Corenta e sete. Engádesese, dentro dos réximes tributarios especiais do título VIII, o capítulo XVII «Réxime de tributación das entidades navieiras en función da tonelaxe», que quedará redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO XVII

Réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe

Artigo 135 ter. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderán acollerse ó réxime especial previsto neste capítulo as entidades inscritas nalgún dos rexistros de empresas navieiras referidos na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, cunha actividade que comprenda a explotación de buques propios ou arrendados.

2. Os buques dos que a explotación posibilita a aplicación do citado réxime deben reuni-los seguintes requisitos:

a) Estaren xestionados estratéxica e comercialmente desde España ou desde o resto da Unión Europea. Para estes efectos, enténdese por xestión estratéxica e comercial a asunción polo propietario do buque ou polo arrendatario do control e risco da actividade de navegación marítima ou de traballos no mar.

b) Seren buques aptos para a navegación en mar aberto e estaren destinados exclusivamente a algunha das seguintes actividades:

- Transporte de mercadorías.
- Transporte de pasaxeiros.
- Actividades de salvamento, remolque e outros servicios prestados necesariamente en mar aberto.

3. Non poderán acollerse ó presente réxime os buques destinados, directa ou indirectamente, a actividades pesqueiras, deportivas, de dragaxe e os de recreo.

Artigo 135 quáter. *Determinación da base imponible en réxime de estimación obxectiva.*

1. As entidades acollidas a este réxime determinarán a parte de base imponible que corresponda coa explotación ou titularidade dos buques que reúnan os requisitos do artigo anterior, aplicando ás toneladas de rexistro neto de cada un dos devanditos buques a seguinte escala:

| Toneladas de rexistro neto | Importe diario por cada 100 toneladas — Euros |
|---------------------------------|---|
| Entre 0 e ata 1.000 | 0,90 |
| Entre 1.001 e ata 10.000 | 0,70 |
| Entre 10.001 e ata 25.000 | 0,40 |
| Desde 25.001 | 0,20 |

Para a aplicación da escala tomaranse os días do período impositivo nos que os buques estean á disposición do suxeito pasivo, excluindo os días nos que non estean operativos como consecuencia de reparacións ordinarias ou extraordinarias.

A aplicación deste réxime deberá atinxir á totalidade dos buques do solicitante que cumpran os requisitos daquel, e ós buques que se adquiran ou arrenden con posterioridade á autorización, sempre que cumpran tales requisitos, podendo acollerse a el buques tomados en fretamento, sempre que a suma da súa tonelaxe neta non supere o 75 por 100 do total da flota da entidade ou, de se-lo caso, do grupo fiscal suxeito ó réxime. No caso de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, a solicitude deberá estar referida a tódalas entidades do grupo fiscal que cumpran os requisitos do artigo 135 ter.

2. A renda positiva ou negativa que, se é o caso, se poña de manifesto como consecuencia da transmisión dun buque afecto a este réxime, considerarase integrada na base imponible calculada de acordo co número anterior.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando se trate de buques dos que xa tiña a titularidade cando se accedeu ó presente réxime

especial, ou de buques usados adquiridos unha vez comezada a súa aplicación, procederáse do seguinte modo:

No primeiro exercicio en que sexa de aplicación o mesmo, ou no que se adquirisen os buques usados, dotarase unha reserva indispoñible por un importe equivalente á diferenza positiva existente entre o valor normal de mercado e o valor neto contable de cada un dos buques afectados por esta regra, ou ben especificarase a citada diferenza, separadamente para cada un dos buques e durante tódolos exercicios nos que se manteña a titularidade deles, na memoria das súas contas anuais. No caso de buques adquiridos mediante unha operación á que se aplicase o réxime especial do capítulo VIII do título VIII desta lei, o valor neto contable determinarase partindo do valor de adquisición polo que figurase na contabilidade da entidade transmitente.

O incumprimento da obrigaçión de non disposición da reserva ou da obrigaçión de mención na memoria constituirá infracción tributaria simple, sancionándose cunha multa do 5 por 100 do importe da citada diferenza.

O importe da citada reserva positiva, xunto coa diferenza positiva existente na data da transmisión entre a amortización fiscal e contable do buque alleado, engadirase á base imponible a que se refire a regra primeira deste artigo cando se producise a mencionada transmisión. De igual modo se procederá se o buque se transmite, de forma directa ou indirecta, con ocasión dunha operación á que resulte de aplicación o réxime especial do capítulo VIII do título VIII desta lei.

3. A parte de base imponible determinada segundo o número 1 deste artigo non poderá ser compensada con bases impositivas negativas derivadas do resto das actividades da entidade navieira, nin do exercicio en curso nin dos anteriores, nin tampouco coas bases impositivas pendentes de compensar no momento de aplicación do presente réxime.

4. A determinación da parte de base imponible que corresponda ó resto de actividades do suxeito pasivo realizarase aplicando o réxime xeral do imposto, tendo en conta exclusivamente as rendas procedentes delas.

A devandita parte de base imponible estará integrada por tódolos ingresos que non procedan exclusivamente da explotación ou titularidade dos buques incluídos no presente réxime, polos gastos directamente relacionados coa obtención dos mesmos, así como pola parte dos gastos xerais de administración que proporcionalmente correspondan á cifra de negocio xerada por estas actividades.

Para os efectos do cumprimento do presente réxime, a entidade deberá dispor dos rexistros contables necesarios para poder determinalos ingresos e gastos, directos ou indirectos, correspondentes a cada un dos buques acollidos a el, así como os activos afectos á súa explotación.

Artigo 135 quince. *Tipo de gravame e cota.*

1. En todo caso, resultará de aplicación o tipo xeral de gravame previsto no parágrafo primeiro do artigo 26 desta lei.

2. A parte de cota íntegra atribuíble á parte de base imponible determinada segundo o disposto no número 1 do artigo 135 quater non poderá reducirse pola aplicación de ningún tipo de dedución ou bonificación. Así mesmo, a adquisición dos

buques que se afecten ó presente réxime non suporá a aplicación de ningún incentivo nin dedución fiscal.

A parte de cota íntegra que proceda do resto de base imponible non poderá minorarse pola aplicación de deducións xeradas pola adquisición dos buques referidos antes da súa afectación ó réxime regulado neste capítulo.

Artigo 135 sexies. *Pagamentos fraccionados.*

Os suxeitos pasivos que se acollan ó presente réxime deberán efectuar pagamentos fraccionados de acordo coa modalidade establecida no número 3 do artigo 38 desta lei aplicada sobre a base imponible calculada conforme as regras establecidas no artigo 135 quater e aplicando a porcentaxe a que se refire o artigo 135 quince, sen computar dedución ningunha sobre a parte de cota derivada da parte de base imponible determinada segundo o disposto no número 1 do artigo 135 quater.

Artigo 135 septies. *Aplicación do réxime.*

1. O réxime tributario previsto no presente capítulo aplicarase da seguinte forma:

a) A súa aplicación estará condicionado á autorización polo Ministerio de Facenda, logo de solicitude do suxeito pasivo. Esta autorización concederáse por un período de dez anos a partir da data que estableza a autorización, podéndose solicitar a súa prórroga por períodos adicionais doutros dez anos.

b) A solicitude deberá especificar o período impositivo a partir do cal vaia producir efectos e presentarse como mínimo tres meses antes do seu inicio.

c) A solicitude deberá resolverse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal poderá entenderse desestimada.

Para a concesión do réxime, o Ministerio de Facenda terá en conta a existencia dunha contribución efectiva ós obxectivos da política comunitaria de transporte marítimo, especialmente no relativo ó nivel tecnolóxico dos buques que garanta a seguridade na navegación e a prevención da contaminación do ambiente e ó mantemento do emprego comunitario tanto a bordo como en tarefas auxiliares ó transporte marítimo. Para tal fin poderá recadar informe previo dos organismos competentes.

d) O incumprimento das condicións do réxime ou a renuncia á súa aplicación impedirán formular unha nova solicitude ata que transcorra un mínimo de cinco anos.

e) A Administración tributaria poderá verificarlle a correcta aplicación do réxime e a concorrencia en cada exercicio dos requisitos esixidos para a súa aplicación.

2. O incumprimento dos requisitos establecidos no presente réxime implicará o cesamento dos efectos da autorización correspondente e a perda da totalidade dos beneficios fiscais derivados dela, debendo ingresar, xunto á cota do período impositivo no que se produciu o incumprimento, as cotas íntegras correspondentes ás cantidades que deberían terse ingresado aplicando o réxime xeral deste imposto, na totalidade dos exercicios ós que resultou de aplicación a autorización, sen prexuízo dos xuros de demora, recargas e sancións que, de se-lo caso, resulten procedentes.

3. A aplicación do réxime tributario previsto no presente capítulo será incompatible, para un mesmo buque, coa aplicación da disposición adicional décimo quinta desta lei.»

Corenta e oito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 138, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 138. *Obrigación de colaboración.*

Os titulares dos rexistros públicos remitirán mensualmente á Axencia Estatal de Administración Tributaria do seu domicilio fiscal unha relación das entidades das que inscribisen o mes anterior a constitución, establecemento, modificación ou extinción.»

Corenta e nove. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 142, que quedará redactado na seguinte forma:

«3. Os suxeitos pasivos a que se refire o capítulo XV do título VIII desta lei estarán obrigados a declara-la totalidade das súas rendas, exentas e non exentas.»

Cincuenta. Dáselle unha nova redacción á alínea a) do número 4 do artigo 146, que quedará redactada na seguinte forma:

«a) As rendas obtidas polas entidades a que se refire o artigo 9.1 desta lei.»

Cincuenta e un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 148, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 148. *Facultades da Administración para determina-la base imponible.*

Para os efectos de determina-la base imponible, a Administración tributaria aplicará as normas a que se refire o artigo 10.3 desta lei.»

Cincuenta e dous. Dáselle unha nova redacción á disposición adicional décimo cuarta, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de lei e da normativa de defensa da competencia.*

As transmisións de elementos patrimoniais a que se refire o artigo 36 ter desta lei que se efectúen en cumprimento de obrigacións establecidas por disposicións con rango de lei, publicadas a partir do 1 de xaneiro de 2002, ou por acordos da Comisión Europea ou do Consello de Ministros adoptados a partir desa mesma data, en aplicación das normas de defensa da competencia en procesos de concentración empresarial, terán o seguinte tratamento no imposto sobre sociedades:

a) A renda positiva que se obteña non se integrará na base imponible se o importe obtido na transmisión se reinveste nas condicións establecidas no artigo 36 ter desta lei.

a bis) A devandita renda positiva integrarase, sen redución nin exención ningunha, na base imponible do período no que se transmitan, ou por calquera outro motivo se dean de baixa no balance, os bens e dereitos obxecto do reinvestimento.

b) Os elementos patrimoniais en que se materialice o reinvestimento valoraranse, para os exclusivos efectos de cálculo da renda positiva, polo mesmo valor que tiñan os bens e dereitos transmitidos. No caso de reinvestimento parcial, o devandito valor incrementarase no importe da renda integrada na base imponible.

c) O suxeito pasivo poderá presentar consultas sobre a interpretación e aplicación da presente disposición, a contestación das cales terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos no artigo 107 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.»

SECCIÓN 3.^a RÉXIME FISCAL DE COOPERATIVAS

Artigo 3. *Réxime fiscal das cooperativas.*

Con efectos a partir dos períodos impositivos que se inicien desde 1 de xaneiro do ano 2002, o número 1 do artigo 24 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, queda redactado da seguinte forma:

«1. Se a suma alxebrica a que se refire o artigo anterior resultase negativa, o seu importe poderá ser compensado pola cooperativa coas cotas íntegras positivas dos períodos impositivos que conclúan nos quince anos inmediatos e sucesivos. Para os únicos efectos de determina-los importes compensables, a Administración tributaria poderá comprobar-las declaracións e liquida-las cotas negativas correspondentes aínda que transcorrese o prazo ó que se refire o artigo 64 da Lei xeral tributaria.»

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

Artigo 4. *Modificación da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.*

Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.

Engádeselle unha nova alínea h) ó número 1 do artigo 24, que quedará redactada da seguinte forma:

«h) Os rendementos do traballo percibidos por persoas físicas non residentes en territorio español en virtude dun contrato de duración determinada para traballadores estranxeiros de temporada, de acordo co establecido na normativa laboral, gravaranse ó tipo do 2 por 100.»

CAPÍTULO II

Impostos indirectos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 5. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Un. A alínea c) do número 1.º, do artigo 9 quedará redactada da seguinte forma:

«c) O cambio de afectación de bens corporais dun sector a outro diferenciado da súa actividade empresarial ou profesional.

O suposto de autoconsumo a que se refire esta alínea c) non resultará aplicable nos seguintes casos:

— Cando, por unha modificación na normativa vixente, unha determinada actividade económica pase obrigatoriamente a formar parte dun sector diferenciado distinto daquel no que viña estando integrada con anterioridade.

— Cando o réxime de tributación aplicable a unha determinada actividade económica cambie do réxime xeral ó réxime especial simplificado, ó da agricultura, gandería e pesca, ó da recarga de equi-

valencia ou ó das operacións con ouro de investimento, ou viceversa, incluso polo exercicio dun dereito de opción.

O disposto nos dous guións do parágrafo anterior debe entenderse, se é o caso, sen prexuízo do seguinte:

— Das regularizacións de deducións previstas nos artigos 101, 105, 106, 107, 109, 110, 112 e 113 desta lei.

— Da aplicación do previsto no número dous do artigo 99 desta lei en relación coa rectificación de deducións practicadas inicialmente segundo o destino previsible dos bens e servicios adquiridos cando o destino real dos mesmos resulte diferente do previsto, no caso de cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens ou servicios distintos dos bens de investimento que non fosen utilizados en ningunha medida no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional con anterioridade ó momento en que a actividade económica á que estaban previsiblemente destinados no momento en que se soportaron as cotas pase a formar parte dun sector diferenciado distinto daquel no que viña estando integrada con anterioridade.

— Do previsto no artigo 155 desta lei en relación cos supostos de comezo ou cesamento de actividades suxeitas ó réxime especial da recarga de equivalencia.

Para efectos do disposto nesta lei, consideraranse sectores diferenciados da actividade empresarial ou profesional os seguintes:

a') Aqueles nos que as actividades económicas realizadas e os réximes de deducción aplicables sexan distintos.

Consideraranse actividades económicas distintas aquelas que teñan asignados grupos diferentes na Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, non se reputará distinta a actividade accesoria a outra cando, no ano precedente, o seu volume de operacións non excedese do 15 por cento do desta última e, ademais, contribúa á súa realización. Se non se exerceu a actividade accesoria durante o ano precedente, no ano en curso o requisito relativo á mencionada porcentaxe será aplicable segundo as previsións razoables do suxeito pasivo, sen prexuízo da regularización que proceda se a porcentaxe real excedese do límite indicado.

As actividades accesorias seguirán o mesmo réxime que as actividades das que dependan.

Os réximes de deducción a que se refire esta alínea a') consideraranse distintos se as porcentaxes de deducción, determinadas conforme o disposto no artigo 104 desta lei, que resultarían aplicables na actividade ou actividades distintas da principal diferisen en máis de 50 puntos porcentuais da correspondente á citada actividade principal.

A actividade principal, coas actividades accesorias a ela e as actividades económicas distintas das que as porcentaxes de deducción non diferisen en máis de 50 puntos porcentuais co daquela constituirán un só sector diferenciado.

As actividades distintas da principal en que as porcentaxes de deducción diferisen en máis de 50 puntos porcentuais do desta constituirán outro sector diferenciado do principal.

Para os efectos do disposto nesta alínea a'), consideraranse principal a actividade na que se realizase

maior volume de operacións durante o ano inmediato anterior.

b') As actividades acollidas ós réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca, das operacións con ouro de investimento ou da recarga de equivalencia.

c') As operacións de arrendamento financeiro a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

d') As operacións de cesión de créditos ou préstamos.»

Dous. O artigo 34 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 34. *Importacións de bens de escaso valor.*

Estarán exentas do imposto as importacións de bens dun valor global que non exceda de 22 euros.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

1.º Os produtos alcohólicos comprendidos nos códigos NC 22.03 a 22.08 do Arancel Aduaneiro.

2.º Os perfumes e augas de colonia.

3.º O tabaco en rama ou manufacturado.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número un do artigo 75, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. Devengarase o imposto:

1.º Nas entregas de bens, cando teña lugar a súa posta á disposición do adquirente ou, de se-lo caso, cando se efectúen conforme a lexislación que lles sexa aplicable.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nas entregas de bens efectuadas en virtude de contratos de venda con pacto de reserva de dominio ou calquera outra condición suspensiva, de arrendamento—venda de bens ou de arrendamento de bens con cláusula de transferencia da propiedade vinculante para ámbalas partes, devengarase o imposto cando os bens que constitúan o seu obxecto se poñan en posesión do adquirente.

2.º Nas prestacións de servizos, cando se presenten, executen ou efectúen as operacións gravadas.

Non obstante, cando se trate de execucións de obra con achega de materiais, no momento en que os bens a que se refiran se poñan á disposición do dono da obra.

2.º bis. Cando se trate de execucións de obra, con ou sen achega de materiais, e as destinatarias sexan as administracións públicas, no momento da súa recepción, conforme o disposto no artigo 147 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

3.º Nas transmisións de bens entre o comitente e comisionista efectuadas en virtude de contratos de comisión de venda, cando o último actúe en nome propio, no momento en que o comisionista efectúe a entrega dos respectivos bens.

Cando se trate de entregas de bens efectuadas en virtude de contratos polos que unha das partes entrega á outra bens mobles, cun valor estimado nunha cantidade certa, obrigándose quen os recibe a procura-la súa venda dentro dun prazo e a devolver-lo valor estimado dos bens vendidos e o resto dos non vendidos, o devengo das entregas relativas ós bens vendidos producirase cando quen os recibe os poña á disposición do adquirente.

4.º Nas transmisións de bens entre comisionista e comitente efectuadas en virtude de con-

tratos de comisión de compra, cando o primeiro actúe en nome propio, no momento en que ó comisionista lle sexan entregados os bens a que se refiran.

5.º Nos supostos de autoconsumo, cando se efectúen as operacións gravadas.

Non obstante, nos casos a que se refire o artigo 9, número 1.º, alínea d), parágrafo terceiro desta lei, o imposto devengarase:

a) Cando se produzan as circunstancias que determinan a limitación ou exclusión do dereito á deducción.

b) O último día do ano en que os bens que constitúan o seu obxecto se destinen a operacións que non orixinen o dereito á deducción.

c) O último día do ano en que sexa de aplicación a regra de pro rata xeral.

e) Cando se produza o devengo da entrega exenta.

6.º Nas transferencias de bens a que se refire o artigo 9, número 3.º desta lei, no momento en que se inicie a expedición ou o transporte dos bens no estado membro de orixe.

7.º Nos arrendamentos, nas subministracións e, en xeral, nas operacións de tracto sucesivo ou continuado, no momento en que resulte esixible a parte do prezo que comprenda cada percepción.

Non obstante, cando non se pactase prezo ou cando, téndose pactado, non se determinase o momento da súa esixibilidade, ou esta se establecese cunha periodicidade superior a un ano natural, o devengo do imposto producirase a 31 de decembro de cada ano pola parte proporcional correspondente ó período transcorrido desde o inicio da operación, ou desde o anterior devengo, ata a citada data.

Exceptúanse do disposto nos parágrafos anteriores as operacións a que se refire o parágrafo segundo do número 1.º precedente.»

Catro. Incorpórase ó artigo 79 un novo número, o dez, pasando os actuais números dez e once a se-lo once e o doce respectivamente.

O novo número dez quedará redactado da seguinte forma:

«Dez. Nas entregas de bens ou prestacións de servicios que non teñan por obxecto ou resultado ouro de investimento e nas que se empregue ouro achegado polo destinatario da operación e a adquisición ou importación estivese exenta por aplicación da exención prevista no punto un, número 1.º do artigo 140 bis desta lei ou do seu equivalente na lexislación doutro estado membro da Comunidade, a base imponible resultará de engadir ó importe total da contraprestación o valor de mercado do devandito ouro, determinado na data de devengo do imposto.»

Cinco. O artigo 84 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 84. *Suxeitos pasivos.*

Un. Serán suxeitos pasivos do imposto:

1.º As persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de empresarios ou profesionais e realicen as entregas de bens ou presten os servicios suxeitos ó imposto, salvo o disposto nos números seguintes.

2.º Os empresarios ou profesionais para os que se realicen as operacións suxeitas a gravame, nos supostos que se indican a continuación:

a) Cando as operacións as efectúen persoas ou entidades non establecidas no territorio de aplicación do imposto.

Non obstante, o disposto nesta alínea non se aplicará nos seguintes casos:

a) Cando se trate das prestacións de servicios nas que o destinatario tampouco estea establecido no territorio de aplicación do imposto, salvo cando se trate de prestacións de servicios comprendidas nos artigos 70, número un, puntos 6.º e 7.º, 72, 73 e 74 desta lei e o destinatario daquelas lle comunícase ó prestador o número de identificación que para efectos do imposto sobre o valor engadido teña atribuído pola Administración española.

b) Cando se trate das entregas de bens a que se refire o artigo 68, números tres e cinco desta lei.

c) Cando se trate de entregas de bens que estean exentas do imposto por aplicación do previsto nos artigos 21, números 1.º e 2.º, ou 25 desta lei.

b) Cando se trate de entregas de ouro sen elaborar ou de produtos semielaborados de ouro, de lei igual ou superior a 325 milésimas.

3.º As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais que sexan destinatarias das operacións suxeitas a gravame que se indican a continuación realizadas por empresarios ou profesionais non establecidos no ámbito espacial de aplicación do imposto, cando comunicasen ó empresario ou profesional que as realiza o número de identificación que para efectos do imposto sobre o valor engadido teñan atribuído pola Administración española:

a) As entregas subseguintes ás adquisicións intracomunitarias a que se refire o artigo 26, número tres, desta lei.

b) As prestacións de servicios a que se refiren os artigos 70, número un, números 6.º e 7.º, 72, 73 e 74 desta lei.

Dous. Para os efectos do disposto nesta lei, consideraranse establecidos no territorio de aplicación do imposto os suxeitos pasivos que teñan nel a sede da súa actividade económica, un establecemento permanente ou o seu domicilio fiscal, aínda que non realicen as operacións suxeitas ó imposto desde o devandito establecemento.

Tres. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, cando realicen operacións suxeitas ó imposto.»

Seis. O punto 1.º do número un do artigo 87 quedará redactado da seguinte forma:

«1.º Os destinatarios das operacións que, mediante acción ou omisión culposa ou dolosa, eludan a correcta repercusión do imposto.»

Sete. Modifícase o punto 1.º do número un.2 do artigo 91, que quedará redactado da seguinte forma:

«1.º os transportes de viaxeiros e as súas equipaxes».

Oito. O capítulo III do título VIII quedará redactado da seguinte forma:

«CAPÍTULO III

Devolucións a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto

Artigo 119. *Réxime especial de devolucións a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto.*

Un. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto, nos que concorran os requisitos previstos no número seguinte, poderán exercitalo dereito á devolución do imposto sobre o valor engadido que satisfixesen ou, de se-lo caso, lles fose repercutido no devandito territorio, conforme o establecido neste artigo.

Para tales efectos, asimiláranse ós non establecidos no territorio de aplicación do imposto os empresarios ou profesionais que, sendo titulares dun establecemento permanente situado no mencionado territorio, non realicen desde o devandito establecemento entregas de bens nin prestacións de servicios.

Dous. Son requisitos para o exercicio do dereito á devolución a que se refire este artigo:

1.º Que os empresarios ou profesionais que pretendan exercitalo estean establecidos na Comunidade, nas Canarias, Ceuta ou Melilla, ou noutros territorios terceiros.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nun territorio terceiro distinto das Canarias, Ceuta ou Melilla, deberá estar recoñecida a existencia de reciprocidade de trato no devandito territorio a favor dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto.

2.º Que durante o período a que se refire a solicitude non realízen no territorio de aplicación do imposto entregas de bens ou prestacións de servicios suxeitas a el distintas das que se relacionan a continuación:

a) As entregas de bens e prestacións de servicios nas que os suxeitos pasivos do imposto sexan os destinatarios das mesmas, segundo o disposto no artigo 84, número un, puntos 2.º e 3.º, desta lei.

b) Os servicios de transporte e os servicios accesorios ós transportes, exentos do imposto en virtude do disposto nos artigos 21, 23, 24 e 64 desta lei.

3.º Que, durante o período a que se refire a solicitude, os interesados non fosen destinatarios de entregas de bens nin de prestacións de servicios das comprendidas nos artigos 70, número un, puntos 6.º e 7.º, 72, 73 e 74 desta lei, suxeitas e non exentas do imposto e respecto das cales teñan os citados interesados a condición de suxeitos pasivos en virtude do disposto no punto 2.º do número un do artigo 84 desta lei.

Tres. Os empresarios ou profesionais establecidos nun territorio terceiro que pretendan facer uso do dereito á devolución regulado neste artigo deberán nomear previamente un representante residente no territorio de aplicación do imposto ó cargo do cal estará o cumprimento das obrigacións formais ou de procedemento correspondentes, e que responderá solidariamente co interesado nos casos de devolución improcedente.

A Facenda pública poderá esixirlle ó devandito representante caución suficiente para estes efectos.

O disposto neste número non resulta aplicable ós empresarios ou profesionais establecidos nas Canarias, Ceuta ou Melilla.

Catro. Os empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade nos que concorran os requisitos previstos neste artigo terán dereito a solicitar a devolución do imposto sobre o valor engadido que satisfixesen ou soportasen durante o período de tempo a que se refira a solicitude con ocasión das adquisicións ou importacións de bens ou servicios que realízen, na medida en que destinen os indicados bens ou servicios á realización de operacións que lles orixinan o dereito a deducir no imposto sobre o valor engadido tanto en aplicación do disposto na normativa vixente no estado onde estean establecidos coma do disposto nesta lei.

Na determinación do importe a devolver aplícanse os criterios contidos no artigo 106 desta lei. Para tales efectos, terase en conta cálcúl a utilización dos bens ou servicios polo empresario ou profesional non establecido na realización de operacións que lle orixinan o dereito a deducir, en primeiro lugar, segundo a normativa aplicable no estado membro no que estea establecido e, en segundo lugar, segundo o disposto nesta lei.

O previsto nos parágrafos anteriores resultará aplicable tamén respecto de empresarios ou profesionais establecidos nas Canarias, Ceuta ou Melilla, téndose en conta para tales efectos as características propias dos impostos indirectos xerais sobre o consumo vixentes nos devanditos territorios.

Cinco. Os empresarios ou profesionais establecidos fóra da Comunidade, con excepción dos establecidos nas Canarias, Ceuta ou Melilla, nos que concorran os requisitos previstos neste artigo, terán dereito á devolución do imposto sobre o valor engadido que satisfixesen ou soportasen durante o período de tempo a que se refira a solicitude con ocasión das adquisicións ou importacións de bens ou servicios que realízen, a condición de que estea recoñecido que no estado onde estean establecidos existe reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos en España.

O recoñecemento da existencia da reciprocidade de trato a que se refire o parágrafo anterior efectuarase por resolución do director xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.

Seis. Non serán obxecto de devolución:

1.º As cotas que se soportasen indebidamente con ocasión de entregas de bens ás que resultase aplicable o suposto de exención previsto no número 2.º do artigo 21 desta lei, ou o previsto no número un do seu artigo 25 nos casos en que a expedición ou transporte con destino a outro estado membro da Comunidade dos bens obxecto de entrega sexa realizada polo adquirente deles ou por un terceiro que actúe por conta daquel, sen prexuízo, en ámbolos casos, da rectificación da repercusión das devanditas cotas que proceda segundo o previsto no artigo 89 desta lei.

2.º O importe das cotas que estaría excluído do dereito a deducción por aplicación do disposto nos artigos 95 e 96 desta lei.

Sete. Non serán admisibles as solicitudes de devolución por un importe global inferior á cifra que se determine regulamentariamente.

Oito. As solicitudes de devolución unicamente poderán referirse ós períodos anual ou trimestral inmediatamente anteriores.

Non obstante, serán admisibles as solicitudes de devolución que se refiran a un período de tempo

inferior sempre que conclúa o día 31 de decembro do ano que corresponda.

Nove. A Administración tributaria poderá esixir ós interesados a achega da información e os xustificantes necesarios para poder apreciarlo fundamento das solicitudes de devolución que se presenten e, en particular, para a correcta determinación do importe da devolución segundo o previsto nos números catro e cinco deste artigo.

Dez. Regulamentariamente determinarase o procedemento para solicita-las devolucions a que se refire este artigo.»

Nove. O punto 7.º do número un do artigo 164 quedará redactado da seguinte forma:

«7.º Nomear un representante para efectos do cumprimento das obrigacións impostas nesta lei cando se trate de suxeitos pasivos non establecidos na Comunidade, salvo que se encontren establecidos nas Canarias, Ceuta ou Melilla, ou nun estado co que existan instrumentos de asistencia mutua análogos ós instituídos na Comunidade.»

Dez. Modifícase o parágrafo segundo do número dous do artigo 165, que quedará redactado da seguinte forma:

«Cando as facturas recibidas se refiran a adquisicións polas cales se soportaron cotas do imposto sobre o valor engadido das que a deducción estea sometida a un período de regularización, deberán conservarse durante o seu correspondente período de regularización e os catro anos seguintes.»

Artigo 6. *Substitución dos limiares fixados en ecus ou pesetas por referencias a euros na Lei do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, introducíense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do número dous do artigo 14, que quedará redactado da seguinte forma:

«Dous. A non suxeición establecida no número anterior só se aplicará respecto das adquisicións intracomunitarias de bens, efectuadas polas persoas indicadas, cando o importe total das adquisicións de bens procedentes dos demais estados membros, excluído o imposto devengado en tales estados non alcanzase no ano natural precedente 10.000 euros.»

Dous. Modifícase o número tres do artigo 31, que quedará redactado da seguinte forma:

«Tres. A exención esténdese tamén ás importacións dos regalos ofrecidos normalmente por razón de matrimonio, efectuados por persoas que teñan a súa residencia habitual fóra da Comunidade e recibidos por aquelas outras ás que se refire o número anterior, sempre que o valor unitario dos obxectos ofrecidos como regalo non excedese de 200 euros.»

Tres. Modifícase o punto 2.º do número un do artigo 35, que quedará redactado da seguinte forma:

«2.º Que o valor global dos citados bens non exceda, por persoa, de 175 euros ou, tratándose de viaxeiros menores de quince anos de idade, de 90 euros.»

Catro. Modifícase o punto 4.º do número dous do artigo 36, que quedará redactado da seguinte forma:

«4.º Que o valor global dos bens importados non exceda de 45 euros.»

Cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 4.º, do número tres, do artigo 68, que quedará redactado da seguinte forma:

«4.º Que o importe total, excluído o imposto, das entregas efectuadas polo empresario ou profesional desde outro estado membro con destino ó territorio de aplicación do imposto, cos requisitos dos números anteriores, excedese durante o ano natural precedente a cantidade de 35.000 euros.»

SECCIÓN 2.^a IMPOSTOS ESPECIAIS

Artigo 7. *Imposto sobre os elaborados do tabaco.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano 2002, modifícase o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que quedará redactado como segue:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

O imposto esixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 12,5 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros. Estarán gravados simultaneamente ós seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 54 por 100.

b) Tipo específico: 3,91 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: 37,5 por 100.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 22,5 por 100.»

Artigo 8. *Imposto sobre hidrocarburos.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano 2002 modifícase a alínea c) do número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada como segue:

«c) A produción de electricidade en centrais eléctricas ou a coxeración de electricidade e de calor en centrais combinadas.

Para os efectos da aplicación desta exención considéranse:

“Central eléctrica”. A instalación da que a actividade de produción de enerxía eléctrica queda comprendida no ámbito de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o establecemento e funcionamento da cal foron autorizados de acordo co establecido no capítulo I do título IV da citada lei.

“Central combinada”. A instalación da que a actividade de coxeración de enerxía eléctrica e de calor útil para o seu posterior aproveitamento enerxético queda comprendida no ámbito de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o establecemento e funcionamento da cal foron autorizados de acordo co establecido no capítulo II do título IV da citada lei.»

SECCIÓN 3.^a IMPOSTO SOBRE AS VENDAS RETALLISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS

Artigo 9. *Imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2002, créase un novo imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos, que se rexerá polas seguintes disposicións:

«Un. *Natureza.*

1. O imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos é un tributo de natureza indirecta que recae sobre o consumo daqueles,

gravando en fase única as vendas retalistas dos produtos comprendidos no seu ámbito obxectivo, conforme as disposicións desta lei.

2. A cesión do imposto ás comunidades autónomas rexerese polo disposto nas normas reguladoras da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e terá o alcance e condicións que para cada unha delas estableza a súa respectiva lei de cesión.

3. Os rendementos que deriven do presente imposto quedarán afectados na súa totalidade ó financiamento de gastos de natureza sanitaria orientados por criterios obxectivos fixados no ámbito nacional. Non obstante o anterior, a parte dos recursos derivados dos tipos de gravame autonómicos poderá dedicarse a financiar actuacións ambientais que tamén deberán orientarse por idéntico tipo de criterios.

Dous. Ámbito territorial de aplicación.

1. O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos é esixible en todo o territorio español con excepción das Canarias, Ceuta e Melilla.

2. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo do establecido en convenios e tratados internacionais e dos réximes tributarios especiais por razón do territorio.

Tres. Ámbito obxectivo.

1. Os hidrocarburos que se inclúen no ámbito obxectivo deste imposto son as gasolinas, o gasóleo, o fuelóleo e o queroseno, tal como se definen no artigo 49 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2. Tamén se inclúen no ámbito obxectivo:

a) Os hidrocarburos líquidos distintos dos citados no número 1 anterior que se utilicen como combustible de calefacción.

b) Os produtos distintos dos citados no número 1 anterior que, con excepción do gas natural, o metano, o gas licuado do petróleo e demais produtos gasosos equivalentes, se destinen a ser utilizados como carburante, como aditivos para carburante ou para aumentalo volume final dun carburante.

3. Os produtos incluídos no ámbito obxectivo conforme o disposto no número 2 anterior tributarán ó tipo impositivo aplicable ó produto dos citados no número 1 ó que se engadan ou ó que se considere que substitúen conforme os criterios establecidos en relación co imposto sobre hidrocarburos para a aplicación dos números 2 e 3 do artigo 46 e da tarifa segunda do artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Catro. Concepto e definicións.

Para efectos do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos serán de aplicación os seguintes conceptos e definicións:

1. "Vendas retalistas": considéranse vendas retalistas as seguintes operacións:

a) As vendas ou entregas dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo destinados ó consumo directo dos adquirentes. En todo caso considéranse "vendas retalistas" as efectuadas nos establecementos de venda ó público a retallo a que se refire a alínea a) do número 2 seguinte,

con independencia do destino que dean os adquirentes ós produtos adquiridos.

b) As importacións e as adquisicións intracomunitarias dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo cando se destinen directamente ó consumo do importador ou do adquirente nun establecemento de consumo propio.

2. "Establecementos de venda ó público a retallo".

a) Os establecementos que contén con instalacións fixas para a venda ó público para consumo directo dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo e que, se é o caso, están debidamente autorizadas conforme a normativa vixente en materia de distribución de produtos petrolíferos.

b) Os establecementos desde os que se efectúen subministracións dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo a consumidores finais que dispoñen das instalacións necesarias para recibilos e consumilos.

3. "Establecementos de consumo propio". Os lugares ou instalacións de recepción e consumo final dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo nas que os seus titulares os reciban nos supostos previstos na alínea b) do número 1 anterior.

4. "Lugar de realización das vendas retalistas". As vendas retalistas consideraranse efectuadas nos establecementos de venda ó público a retallo, agás nos supostos previstos na alínea b) do número 1, nos que tales vendas se considerarán efectuadas no establecemento de consumo propio e nos previstos na alínea b) do número 2, nos que tales vendas se considerarán efectuadas nas instalacións de recepción e consumo dos produtos gravados.

5. "Gasóleo de usos especiais e calefacción". O gasóleo que, con cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nas disposicións fiscais e de ordenación sectorial, se utiliza como combustible de calefacción ou como carburante nos usos previstos no número 2 do artigo 54 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

6. "Gasóleo de uso xeral". O gasóleo non comprendido no número anterior.

7. "Queroseno de calefacción". O queroseno que, con cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nas disposicións fiscais e de ordenación sectorial, se utiliza como combustible de calefacción.

8. "Queroseno de uso xeral". O queroseno non comprendido no parágrafo anterior.

Cinco. Feito imponible.

1. Están suxeitas ó imposto as vendas retalistas dos produtos comprendidos no seu ámbito obxectivo. Tamén están suxeitas as operacións que impliquen o autoconsumo dos produtos gravados polos suxeitos pasivos do imposto.

2. Non estarán suxeitas ó imposto as entregas de produtos comprendidos no ámbito obxectivo que supoñan a súa restitución ou a substitución por outros iguais ó adquirente, cando previamente fosen devoltos por este ó vendedor tras telos recibido como consecuencia dunha venda ou entrega que estivera suxeita ó imposto.

3. Considerárase que foron vendidos e postos á disposición dos adquirentes os produtos comprendidos no ámbito obxectivo dos que o uso ou destino non se xustifique polos suxeitos pasivos que non acrediten que as cotas do imposto correspondentes foron satisfeitas.

Seis. Exencións.

1. Estarán exentas do imposto as seguintes vendas retalistas:

a) as realizadas no marco das relacións diplomáticas ou consulares.

b) aquelas en que os adquirentes sexan organizacións internacionais recoñecidas como tales en España, os membros de tales organizacións ou as persoas determinadas nun convenio internacional suscrito por España, dentro dos límites e nas condicións que se determinen nos convenios internacionais constitutivos das devanditas organizacións, nos acordos de sede ou no respectivo convenio internacional.

c) aquelas en que os adquirentes sexan forzas armadas de calquera estado, distinto de España, que sexa parte do Tratado do Atlántico Norte ou forzas armadas a que se refire o artigo 1 de Decisión 90/6407/CEE para uso de tales forzas ou do persoal civil ó seu servizo ou para o abastecemento dos seus comedores e cantinas.

d) as que impliquen un avituallamento de carburante a embarcacións ou aeronaves distintas das que realizan navegación ou aviación privada de recreo, así como as que impliquen unha subministración de carburante para a súa utilización no transporte por ferrocarril. Terán a consideración de navegación privada de recreo e de aviación privada de recreo as que se definen como tales no artigo 4 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

e) as de aceites usados comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e destinados a ser utilizados como combustible, sempre que a devandita utilización se leve a cabo con cumprimento do previsto na referida lei e na súa normativa de desenvolvemento e execución e que o adquirente teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que establece o número 4 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

f) as relativas ós produtos comprendidos no ámbito obxectivo cando o adquirente as destine a algún dos seguintes usos:

1.º A un uso polo que o adquirente teña previamente recoñecido o dereito á devolución do imposto sobre hidrocarburos que establece a alínea a) do artigo 52 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2.º Á produción de electricidade en centrais eléctricas ou á coxeración de electricidade e calor en centrais combinadas, sempre que o adquirente, que deberá se-lo titular de tales instalacións, teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que establece a alínea c) número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

3.º Á súa utilización na construción, modificación, probas e mantemento de aeronaves e embarcacións, sempre que o adquirente teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que establece a alínea e) número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

4.º Á súa utilización en operacións de dragaxe en vías navegables e portos, sempre que o adquirente teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que esta-

blece a alínea f) do número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

5.º A súa inxección en altos fornos con fins de redución química, engadidos ó carbón que se utilice como combustible principal, mesmo se da devandita inxección se deriva, secundariamente, unha combustión aproveitada con fins de calefacción, sempre que o adquirente, que deberá se-lo titular das citadas instalacións, teña previamente recoñecido o dereito á exención do imposto sobre hidrocarburos que establece a alínea g) do número 2 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2. As exencións previstas no número anterior poderán aplicarse, se é o caso, como devolucións do imposto previamente devengado e incorporado ó prezo pagado do respectivo produto gravado.

3. O recoñecemento das exencións previstas neste artigo e, de se-lo caso, a súa aplicación como devolucións, poderá basearse no procedemento vixente para o recoñecemento e aplicación das exencións equivalentes do imposto sobre hidrocarburos contempladas na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, coas adaptacións que estableza o ministro de Facenda.

Sete. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos os propietarios dos produtos gravados que realicen respecto deles as operacións suxeitas ó imposto. Non obstante, nos supostos previstos na alínea b) do número 1 do punto catro anterior, serán suxeitos pasivos do imposto os titulares dos establecementos de consumo propio.

Oito. Devengo.

1. O imposto devéngase no momento da posta dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo á disposición dos adquirentes ou, se é o caso, no do seu autoconsumo e sempre que o réxime suspensivo a que se refire o número 20 do artigo 4 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, fose ultimado.

2. Nas importacións previstas na alínea b) do número 1 do número catro, o imposto devengarase no momento en que os produtos comprendidos no ámbito obxectivo queden á disposición dos importadores, unha vez que a importación a consumo dos mesmos e o réxime suspensivo a que se refire o número 20 do artigo 4 da Lei 38/1992 quedasen ultimados.

Nove. Base imponible.

1. A base do imposto estará constituída polo volume dos produtos obxecto do imposto, expresado en miles de litros, con excepción do fuelóleo, respecto do cal estará constituída polo peso do produto expresado en toneladas métricas.

2. A determinación da base imponible efectuarase en réxime de estimación directa.

3. A estimación indirecta da base imponible será aplicable ós supostos e na forma previstos na Lei xeral tributaria.

Dez. Tipo de gravame.

1. O tipo de gravame aplicable a cada produto gravado formarase mediante a suma dos tipos estatal e autonómico.

2. O tipo estatal será o seguinte:

a) Gasolinas: 24 euros por 1.000 litros.

- b) Gasóleo de uso xeral: 24 euros por 1.000 litros.
- c) Gasóleo de usos especiais e de calefacción: 6 euros por 1.000 litros.
- d) Fuelóleo: 1 euro por tonelada.
- e) Queroseno de uso xeral: 24 euros por 1.000 litros.
- f) Queroseno de calefacción: 6 euros por 1.000 litros.

A contía do tipo de gravame estatal poderá ser actualizada cada ano na Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. O tipo autonómico será aquel que, conforme o previsto na lei que regule as novas medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatutos de autonomía, sexa aprobado pola comunidade autónoma. De a comunidade autónoma non aprobar ningún tipo, o tipo de gravame do imposto será só o estatal.

4. Os tipos de gravame aplicables serán os vixentes no momento do devengo.

Once. Repercusión do imposto.

1. Os suxeitos pasivos deberán repercuti-lo importe das cotas devengadas sobre os adquirentes dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo, quedando estes obrigados a soportalas, agás nos casos en que o suxeito pasivo sexa o consumidor final daqueles.

2. Cando, de acordo coa normativa vixente, a operación gravada deba documentarse en factura ou documento equivalente, a repercusión das cotas devengadas efectuarase no devandito documento separadamente do resto de conceptos comprendidos nela. Non obstante, por solicitude das persoas ou sectores afectados, a Administración tributaria poderá autorizar que a obrigación de repercutir se materialice mediante a inclusión no documento da expresión "imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos incluído no prezo ó tipo de...".

Doce. Normas de xestión.

1. O gasóleo de usos especiais e calefacción e o queroseno de calefacción só poderán ser adquiridos polas persoas autorizadas para recibilo conforme o previsto na normativa do imposto sobre hidrocarburos.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presenta-las correspondentes declaracións tributarias e, se é o caso, a practica-las autoliquidacións que procedan. O ministro de Facenda establecerá o procedemento liquidatorio do imposto, así como as normas de xestión precisas para o seu control.

Trece. Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias neste imposto cualifícaranse e sancionaranse conforme o disposto na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo das sancións que puidese proceder impor conforme o disposto no artigo 55 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Catorce. Habilitación á Lei de orzamentos xerais do Estado.

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modifica-los tipos de gravame e as exencións do imposto.»

SECCIÓN 4.^a RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIAS

Artigo 10. *Modificación das leis 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias e 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Primeiro.—Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. Dáselle unha nova redacción ós números 6) e 12) do número 1 do artigo 10, que quedarán redactados da seguinte forma:

«6) Os servicios prestados directamente ós seus membros por unións, agrupacións ou entidades autónomas, incluídas as agrupacións de interese económico, constituídas exclusivamente por persoas físicas ou xurídicas que exerzan esencialmente unha actividade exenta ou non suxeita ó imposto, cando concorran as seguintes condicións:

a) Que tales servicios se utilicen directa e exclusivamente nesa actividade e sexan necesarios para o exercicio dela.

b) Que os membros se limiten a reembolsala parte que lles corresponda nos gastos feitos en común.

Entenderase para estes efectos que os membros dunha entidade exercen esencialmente unha actividade exenta ou non suxeita ó imposto cando o volume total anual das operacións efectivamente gravadas polo imposto non exceda do 10 por 100 do total das realizadas.

A exención non alcanza os servicios prestados polas sociedades mercantís.»

«12) As prestacións de servicios e as entregas de bens accesorias a elas efectuadas directamente ós seus membros por organismos ou entidades legalmente recoñecidos que non teñan finalidade lucrativa e que teñan obxectivos exclusivamente de natureza política, sindical, relixiosa, patriótica, filantrópica ou cívica, realizadas para a consecución das súas finalidades específicas, sempre que, ademais, non perciban dos beneficiarios de tales operacións contraprestación ningunha distinta das cotizacións fixadas nos seus estatutos.»

Dous. A alínea a) do número 2.^o do número 1 do artigo 19 quedará redactada da seguinte forma:

«a) Cando as citadas operacións sexan efectuadas por persoas ou entidades non establecidas nas Canarias, salvo que o destinatario, pola súa vez, non estea establecido no devandito territorio.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número 2.^o do número 3 do artigo 14, que quedará redactado da seguinte forma:

«2.^o Os bens persoais importados por persoas que, con ocasión do seu matrimonio, trasladen a súa residencia desde a Península, Illas Baleares, Ceuta, Melilla ou o estranxeiro ás Canarias.

A exención esténdese tamén ás importacións dos regalos ofrecidos habitualmente con ocasión de matrimonio que reciban as persoas a que se refire o parágrafo anterior, de quen teña a súa residencia habitual noutro territorio da Comunidade Económica Europea e o valor unitario dos regalos non exceda de 350 euros, ou de quen teña a súa

residencia habitual fóra desa comunidade e o valor unitario dos regalos non exceda de 200 euros.

Cando se trate dos bens a que se refire o número 28.º deste número 3, a exención aplicarase ata os límites sinalados no número 1.º anterior para eses bens.

A exención quedará condicionada á concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Os establecidos no parágrafo cuarto do número 1.º anterior, alíneas a), b) e c).
- b) Que o interesado achegue a proba do seu matrimonio.
- c) Se a importación se efectuase antes da celebración do matrimonio, a Administración poderá esixir-la prestación dunha garantía.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó número 11 do artigo 14, que quedará redactado da seguinte forma:

«11. As importacións de bens o valor global dos cales non exceda de 22 euros.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

- a) Os produtos alcohólicos comprendidos nos códigos NC22.03 a 22.08 do arancel aduaneiro.
- b) Os perfumes e augas de colonia.
- c) O tabaco en rama ou manufacturado.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ó número 1.º e engádeselle un novo número 6.º no número 2 do artigo 17, que quedarán redactados da seguinte forma:

«1.º Os servizos directamente relacionados con inmobles, mesmo o alugueiro de caixas de seguridade e a mediación nas transaccións inmobiliarias, entenderanse realizados no lugar onde radiquen os bens inmobles a que se refiran.»

«6.º Os servizos de mediación en nome e por conta de terceiros, en operacións distintas das comprendidas nos números 1.º, 4.º e 5.º deste número 2, entenderanse prestados onde se localice a operación principal.»

Seis. Modifícase o número 1 do número un do artigo 20, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Os suxeitos pasivos deberán facer repercutir integramente o importe de impostos sobre aquel para quen se realice a operación gravada, quedando este obrigado a soportalo sempre que a repercusión se axuste ó disposto nesta lei, calquera que fosen as estipulacións existentes entre eles.

Nas entregas de bens e prestacións de servizos suxeitas e non exentas ó imposto os destinatarios das cales fosen entes públicos entenderase sempre que os empresarios e profesionais que realicen as operacións gravadas, ó formularen as súas propostas económicas aínda que sexan verbais, incluíron dentro delas o imposto xeral indirecto canario que, non obstante, deberá ser repercutido como partida independente, cando así proceda, nos documentos que se presenten ó cobramento sen que o importe global contratado experimente incremento como consecuencia da consignación do tributo devengado.»

Sete. A alínea c) do número 2 do artigo 22 quedará redactada da seguinte forma:

«c) Os tributos e gravames de calquera clase que recaian sobre as mesmas operacións gravadas, excepto o propio imposto xeral indirecto canario e o arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.

O disposto nesta alínea comprenderá os impostos especiais que se esixan en relación cos bens que sexan obxecto das operacións gravadas, con excepción do imposto especial sobre determinados medios de transporte.»

Oito. Dáselle unha nova redacción ó número 4 do artigo 21 bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«4. As responsabilidades establecidas no número 2 anterior non alcanzarán as débedas tributarias que se poñan de manifesto como consecuencia de actuacións practicadas fóra dos recintos aduaneiros.»

Nove. Modifícase o número 1.º do artigo 25, que quedará redactado da seguinte forma:

«1.º Calquera gravame ou tributo devengado con ocasión da importación, con excepción do propio imposto xeral indirecto canario, e o arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.»

Dez. Modifícase o número 1.º do número 1 do artigo 27, que quedará redactado da seguinte forma:

«1.º Un tipo cero ás seguintes operacións:

a) A entrega de auga, mesmo a envasada, e as entregas de bens ou prestacións de servizos directamente relacionadas coa captación, produción e distribución de auga.

b) As entregas dos seguintes produtos, sempre que se utilicen para fins médicos ou veterinarios: as especialidades farmacéuticas, as fórmulas maxistrais, os preparados ou fórmulas oficinais e os medicamentos prefabricados. Así mesmo, as substancias medicinais utilizadas na obtención dos anteriores produtos.

Non se comprenden neste número os cosméticos nin as substancias e produtos de uso meramente hixiénico.

c) As entregas de libros, xornais e revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

Para estes efectos terán a consideración de elementos complementarios as fitas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares, o custo de adquisición dos cales non supere o 50 por cento do prezo unitario de venda ó público.

Entenderase que os libros, xornais e revistas conteñen fundamentalmente publicidade cando máis do 75 por cento dos ingresos que proporcionen ó seu editor se obteñan por este concepto.

Consideraranse comprendidos nesta alínea os álbums, partituras, mapas, cadernos de debuxo e os obxectos que, polas súas características, só se poidan utilizar como material escolar, agás os artigos e aparellos electrónicos.

d) As entregas dos produtos gravados por medios magnéticos ou ópticos de utilización educativa ou cultural que regulamentariamente se determinen, sempre que sexan entregados ou importados por:

— Establecementos ou organismos declarados de utilidade pública, de carácter educativo ou cultural.

— Outros establecementos ou organismos de carácter educativo ou cultural, cando as importacións sexan autorizadas con este fin pola Administración tributaria canaria.

e) As entregas de vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial e as entregas de obras de equipamento comunitario, cando as referidas entregas sexan efectuadas polos promotores delas.

Non se comprenderán neste número os garaxes e anexos ás referidas vivendas que se transmitan independentemente delas nin tampouco os locais de negocio.

f) As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista, que teñan por obxecto a construción e rehabilitación das vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial, así como a construción ou rehabilitación de obras de equipamento comunitario. Para os efectos desta lei, considéranse de rehabilitación as actuacións destinadas á reconstrución mediante a consolidación e o tratamento de estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas, sempre que o custo global destas operacións exceda do 25 por 100 do prezo de adquisición se se efectuase durante os dous anos inmediatamente anteriores ou, noutro caso, do verdadeiro valor que tivese a edificación ou parte dela antes da súa rehabilitación.

Para os efectos desta alínea e da anterior, entenderase por equipamento comunitario aquel que consiste en:

- Os edificios públicos de carácter demanial.
- As infraestruturas públicas de auga, telecomunicación, enerxía eléctrica, redes de sumidoiros, parques, xardíns e superficies viais en zonas urbanas.

Non se inclúen, en ningún caso, as obras de conservación, mantemento, reformas, rehabilitación, ampliación ou mellora das citadas infraestruturas.

— As potabilizadoras, desalinizadoras e depuradoras de titularidade pública.

g) As entregas de vivendas de protección oficial promovidas directamente polas administracións públicas, sempre que sexan financiadas exclusivamente por estas con cargo ós seus propios recursos.

h) As execucións de obra con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre as administracións públicas e o contratista, que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación das vivendas a que se refire a alínea anterior.

Para os efectos do disposto nesta alínea e na anterior, asimílanse ás administracións públicas as empresas públicas que teñan como obxecto a construción e rehabilitación de vivendas sociais.

- i) As entregas de pan común.
- j) As entregas de fariñas panificables e de alimentación e de cereais para a súa elaboración.
- k) As entregas de ovos.
- l) As entregas de froitas, verduras, hortalizas, legumes e tubérculos naturais que non fosen obxecto de ningún proceso de transformación, elaboración ou manufactura de carácter industrial, conforme o establecido no artigo 55, número 4, número 1.º
- m) As entregas de carnes e peixes que non fosen obxecto de ningún proceso de transformación, elaboración ou manufactura de carácter industrial, conforme o establecido no artigo 55, número 4, número 1.º

n) As entregas de produtos derivados de explotacións gandeiras intensivas e piscicultura.

ñ) As entregas de leite, mesmo o hixienizado, esterilizado, concentrado, desnatado, evaporado e en po, así como os preparados lácteos asimilados a estes produtos, ós que se lles trocou a graxa animal orixinaria por graxas de orixe vexetal.

o) As entregas de queixos.

p) As entregas de petróleo e dos produtos derivados da súa refinación.

q) Transporte de viaxeiros e mercadorías por vía marítima ou aérea entre as illas do arquipélago canario.

r) As execucións de obra que teñan por obxecto a instalación de armarios de cociña e de baño e armarios encastrados para as edificacións a que se refire a alínea f) anterior, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das citadas edificacións.

s) As operacións ás que se refire o número 1 do anexo VI da presente lei.»

Once. Modifícase o número 2.º do número 1 do artigo 29, que quedará redactado da seguinte forma:

«2.º No suposto do investimento do suxeito pasivo que se regula no número 2.º do número 1 do artigo 19 desta lei, e no suposto da substitución a que se refire o número 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 32, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Non obstante, nas importacións de bens, o dereito á dedución nacerá no momento no que o suxeito pasivo efectúe o pagamento das cotas deducibles.»

Trece. Modifícase o número 1 do artigo 42, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Nos casos de entregas de bens de investimento durante o período de regularización, esta realizarase dunha soa vez polo tempo do devandito período que quede por transcorrer.

Para tal efecto, se a entrega estiver suxeita ó imposto e non exenta, considerarase que o ben de investimento se empregou exclusivamente na realización de operacións que orixinan o dereito a deducir durante todo o ano en que se realizou a entrega e nos restantes ata a expiración do período de regularización.

Non obstante, a diferenza resultante da aplicación do disposto no parágrafo anterior non será deducible en canto exceda da cota repercutida ó adquirente na transmisión do ben a que se refira.

Se a entrega resultase exenta ou non suxeita, considerarase que o ben de investimento se empregou exclusivamente na realización de operacións que non orixinan o dereito a deducir durante todo o ano en que se realizou a entrega e os restantes ata a expiración do período de regularización.

Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior as entregas de bens de investimento exentas ou non suxeitas que orixinen o dereito á dedución, ás que se aplicará a regra contida no parágrafo 2.º deste número 1 correspondente ás entregas suxeitas e non exentas. As deducións que procedan neste caso non poderán exceder da cota que, no caso en que a operación non estivese exenta ou non suxeita, resultaría de aplicalo tipo vixente á base impositiva das entregas ou ó valor interior dos bens exportados ou enviados á Península, Illas

Baleares, Ceuta, Melilla ou calquera outro estado membro da Comunidade Europea.

A regularización a que se refire este artigo deberá practicarse mesmo no suposto de que nos anos anteriores non fose de aplicación a regra de pro rata.»

Catorce. Dáselle unha nova redacción ó primeiro parágrafo do número 1 do artigo 51, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Para efectos do disposto nesta lei, entenderase por volume de operacións o importe total, excluído o propio imposto xeral indirecto canario e, se é o caso, a recarga do réxime especial de comerciantes retalistas e a compensación a prezo fixado, das entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polo suxeito pasivo durante o ano natural anterior, incluídas as exentas do imposto.»

Quince. Modifícase o número 2 do artigo 58 bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. A base imponible da recarga será igual á suma da base imponible do imposto xeral indirecto canario que grave a importación de bens e das cotas do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Illas Canarias que, así mesmo, se devenguen con motivo de tal importación.»

Dezaseis. Modifícase o número 8 do artigo 58 bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«8. Nos supostos de iniciación ou cesamento neste réxime especial serán de aplicación as seguintes regras:

1.^a Nos casos de iniciación, os suxeitos pasivos, excepto os comerciantes retalistas acollidos ó réxime simplificado, deberán efectuar a liquidación e ingreso da cantidade resultante de aplicar o valor de adquisición das existencias inventariadas, imposto xeral indirecto canario excluído, na parte que corresponda ás importacións de bens realizadas desde o día 1 de xaneiro do 1993, os tipos do citado imposto e da recarga vixentes na data de iniciación.

2.^a Nos casos de cesamento debido á falta de concurrencia dos requisitos previstos no artigo 10, número 3, desta lei, os suxeitos pasivos poderán efectuar a dedución da cota resultante de aplicar o valor de adquisición das súas existencias inventariadas na data de cesamento, imposto xeral indirecto canario e recarga excluídos, na parte que corresponda ás importacións de bens realizadas desde o día 1 de xaneiro do 1993, os tipos do devandito imposto e recarga que estivesen vixentes na mesma data do cesamento. O dereito a dedución das citadas cotas nace na data do cesamento neste réxime especial.

3.^a Para os efectos do disposto nas dúas regras anteriores, os suxeitos pasivos deberán confeccionar, na forma que regulamentariamente se determine, inventarios das súas existencias con referencia ós días de iniciación e cesamento na aplicación deste réxime.»

Dezasete. Modifícase o número 3 do artigo 59, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. Os suxeitos pasivos que non están obrigados a presentar declaracións-liquidacións periódicas deberán presentar unha declaración-liquidación ocasional no caso de estaren obrigados a declarar, na forma e prazos que se establezan regulamentariamente.»

Dezaoito. Dáselle unha nova redacción ó punto segundo do número 1 da disposición adicional duodécima, que quedará redactado da seguinte forma:

«Segundo. Que un buque está afecto á navegación marítima internacional, cando os seus percorridos en singraduras da dita navegación representen máis do 50 por 100 do total percorrido efectuado durante os períodos de tempo que se indican a continuación:

a) O ano natural anterior á data en que se efectúen as correspondentes operacións de reparación ou mantemento, salvo o disposto na alínea seguinte.

b) Nos supostos de entrega, construción, transformación, importación, fretamento total ou arrendamento do buque ou nos de desafectación dos fins de salvamento, asistencia marítima e pesca costeira, o ano natural en que se efectúen estas operacións, a menos que tivesen lugar despois do primeiro semestre do devandito ano, caso no que o período a considerar comprenderá ese ano natural e o seguinte.

Este criterio aplicarase tamén en relación coas operacións mencionadas na alínea anterior cando se realicen despois das citadas na presente alínea.

Para efectos do disposto nesta alínea, considerase que a construción dun buque finalizou no momento da súa matriculación definitiva no rexistro marítimo correspondente.

Se transcorridos os períodos a que se refire esta alínea b), o buque non cumpriese os requisitos que determinan a afectación á navegación marítima internacional, regularizarase a súa situación tributaria en relación coas operacións deste número de acordo co disposto no artigo 8, número 2, desta lei.»

Dezanove. Dáselle unha nova redacción ó anexo 1.1.1.º:

«Primeiro. Os produtos derivados das industrias e actividades seguintes:

– Extraccións, preparación e aglomeración de combustibles sólidos e coquerías.

– Extracción e transformación de minerais radiactivos.

– Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente.

– Extracción e preparación de minerais metálicos.

– Produción e primeira transformación de metais, sen prexuízo do disposto no número 1 do anexo VI da presente lei.

– Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos. Turbeiras.

– Industrias de produtos minerais non metálicos, sen prexuízo do disposto no número 1 do anexo VI da presente lei.

– Industria química.

– Fabricación de aceites e graxas vexetais e animais.

– Sacrificio de gando, preparación e conservas de carne.

– Industria téxtil.

– Industria do coiro.

– Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles.

– Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira, sen prexuízo do disposto no número 1 do anexo VI da presente lei.

– Fabricación de pasta de papel.

– Fabricación de papel e cartón.

— Transformación de papel e o cartón, sen prexuízo do disposto no número 1 do anexo VI desta lei.

— Industrias de transformación do caucho e materias plásticas, sen prexuízo do disposto no número 1 do anexo VI desta lei.»

Vinte. Nova redacción do anexo II.1.2.º:

«2.º As augardentes compostas, os aperitivos sen viño base e as demais bebidas derivadas de alcohois naturais, conforme as definicións do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois e regulamentos complementarias e, así mesmo, os extractos e concentrados alcohólicos aptos para a elaboración de bebidas derivadas, sen prexuízo no disposto no número 3 do anexo VI desta lei.»

Vinteun. Modifícanse os números 3.º e 4.º do número 1 do anexo II, que quedarán redactados da seguinte forma:

«3.º Os vehículos accionados a motor con potencia superior a 11 CV fiscais, excepto:

a) Os camións, motocarros, furgonetas e demais vehículos que, pola súa configuración obxectiva, non se poidan destinar a outra finalidade que o transporte de mercadorías.

b) Os autobuses e demais vehículos aptos para o transporte colectivo de viaxeiros que teñan unha capacidade que exceda de 9 prazas, incluída a do conductor.

c) Os furgóns e furgonetas que non sexan vehículos tipo "jeep" ou todoterreo.

d) Os vehículos automóbiles considerados como taxis, autotaxis ou autoturismos pola lexislación vixente.

e) Os que, obxectivamente considerados, sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica, sempre que os seus modelos de serie ou os vehículos individualmente fosen debidamente homologados pola Administración tributaria canaria. Para estes efectos, considerarase que teñen exclusivamente algunha destas aplicacións os furgóns e furgonetas de uso múltiple de calquera altura sempre que dispoñan unicamente de dous asentos para o conductor e o axudante, en ningún caso posúan asentos adicionais e o espazo destinado á carga non goce de visibilidade lateral e sexa superior ó 50 por 100 do volume interior.

f) Os vehículos adquiridos por minusválidos, non contemplados no anexo I, para o seu uso exclusivo sempre que concorran os seguintes requisitos:

— Que transcorresen ó menos catro anos desde a adquisición doutro vehículo en análogas condicións.

Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, certificado pola compañía aseguradora.

— Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos inter vivos durante o prazo de catro anos seguintes á data da súa adquisición.

O incumprimento deste requisito determinará a obriga, a cargo do beneficiario, de ingresar á Facenda pública a diferenza entre a cota que debese soportar por aplicación do tipo incrementado e a efectivamente soportada ó efectuar a adquisición do vehículo.

A aplicación do tipo impositivo xeral requirirá o previo recoñecemento do dereito do adquirente na forma que se determine regulamentariamente,

logo de certificado ou resolución, que acredite o grao de minusvalidez, expedido polo Instituto de Migracións e Servicios Sociais ou polo órgano competente das comunidades autónomas en materia de valoración de minusvalías.

4.º Caravanas e remolques para vehículos de turismo, salvo os que obxectivamente considerados sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica.»

Vintedous. Introdúcese un novo anexo, o VI, coa seguinte redacción:

«ANEXO VI

1. Aplicarase o tipo cero do IXIC na importación e entrega dos produtos seguintes:

- 1.º Conservas de peixe.
- 2.º Pedra para a construción, agás a lousa.
- 3.º Construcións e partes de construcións de fundición, de ferro ou aceiro, agás as construcións prefabricadas para invernaoiros.
- 4.º Chapas, barras, perfís e tubos de fundición, de ferro ou aceiro.
- 5.º Pezas de madeira para a construción.
- 6.º Mobles de madeira ou de plástico e as súas partes, agás o mobiliario para fins médicos ou veterinarios.
- 7.º Cueiros, compresas e tampóns.

2. Aplicarase o tipo reducido do dous por cento do IXIC na importación e entrega de mobles de metal, con excepción do mobiliario para fins médicos ou veterinarios e dos andeis metálicos.

3. Aplicarase o tipo xeral do IXIC na importación e entrega de gin, xenebra, vodka e licores, conforme as definicións do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois e regulamentos complementarias.»

Segundo. Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

Modifícase o número 4 e engádeselle un novo número 7 no artigo 25 que quedarán redactados da seguinte forma:

«4. As sociedades adquirentes ou importadoras de bens de investimento deberán manter como mínimo o seu domicilio fiscal ou o seu establecemento permanente nas illas Canarias durante un prazo de cinco anos contados desde a data do inicio da utilización efectiva ou entrada en funcionamento dos bens de investimento, e estes deberán permanecer en explotación nas Canarias durante un prazo mínimo de cinco anos, ou a súa vida útil se for inferior, contando desde a data do inicio da súa utilización efectiva ou entrada en funcionamento.

O incumprimento dos requisitos previstos neste número ou no anterior determinará a improcedencia das exencións previstas no presente artigo, con ingreso no devandito momento do gravame que correspondese e os seus correspondentes xuros de demora, comezando a contarse o prazo de prescrición para determina-la débeda tributaria desde a data en que se produza o incumprimento de tales requisitos.»

«7. Para os efectos do establecido neste artigo, o concepto de ben de investimento será o contido na normativa do imposto xeral indirecto canario.

Non obstante, tratándose da adquisición dun ben inmovible, non se aplicarán as exencións previstas nos números anteriores cando este ben inmovible se afecte á actividade de arrendamento, salvo que tal arrendamento constituía o obxecto social da entidade e, ademais, concorran as circunstancias recollidas no número 2 do artigo 25 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.»

Artigo 11. Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas Canarias.

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2002, modifícase a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, nos termos que a continuación se sinalan:

Primeiro. O Libro segundo, que pasa a denominarse «Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias», queda redactado como segue:

«LIBRO SEGUNDO

Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias

TÍTULO PRELIMINAR

Natureza e ámbito espacial

Artigo 65. Natureza.

O arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias é un imposto estatal indirecto que contribúe ó desenvolvemento da produción de bens nas Canarias e que grava en fase única, na forma e condicións previstas nesta lei, a produción de bens corporais e a importación de bens de igual natureza neste territorio.

Artigo 66. Ámbito espacial.

O arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias aplicarase no ámbito territorial das illas Canarias, sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais.

Para os efectos deste arbitrio, o ámbito espacial a que se refire o parágrafo anterior comprenderá o mar territorial, o límite exterior do cal está determinado por unha liña trazada de modo que se encontre a unha distancia de doce millas náuticas dos puntos máis próximos das liñas de base, seguindo o perímetro resultante a configuración xeral do arquipélago; tamén comprende o ámbito espacial do arbitrio o espacio aéreo correspondente.

TÍTULO I

Tributación das operacións suxeitas

CAPÍTULO I

Delimitación e localización do feito imponible

Artigo 67. Feito imponible.

1. Están suxeitas ó arbitrio as entregas efectuadas por empresarios, de forma habitual ou ocasional e a título oneroso, de bens mobles corporais incluídos no anexo IV desta lei producidos por eles mesmos. Igualmente estará suxeita ó arbitrio a importación dos bens incluídos no citado anexo.

2. Para os efectos deste arbitrio enténdese por:

1.º Entrega de bens, a transmisión do poder de disposición sobre bens mobles corporais. Con-

sidéranse bens mobles corporais o gas, a electricidade, a calor e as demais formas de enerxía.

2.º Empresario, a persoa ou entidade que realice habitualmente actividades empresariais. Son actividades empresariais as que implican ordenación por conta propia de factores de produción materiais ou humanos, ou dun deles, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

As sociedades mercantís reputaranse en todo caso empresarios.

3.º Producción empresarial de bens, a realización de actividades extractivas, agrícolas, gandeiras, forestais, pesqueiras, industriais e outras análogas. Así mesmo, considérase incluída no concepto de produción a execución de obra que teña por obxecto a construción ou ensamblaxe de bens mobles corporais polo empresario, logo de encargo do dono da obra. Non obstante, non se consideran operacións de produción as que, de conformidade co previsto no artigo 55.5.1.º) desta lei, teñan a consideración de actos de mera conservación de bens.

4.º Importación, a entrada definitiva ou temporal dos bens mobles corporais no ámbito territorial das illas Canarias, calquera que sexa a súa procedencia, o fin a que se destinen ou a condición do importador.

Sen prexuízo do previsto no número anterior, considérase tamén importación:

a) A autorización para o consumo nas illas Canarias dos bens que regulamentariamente se encontren en calquera dos réximes especiais a que se refire o artigo 10 da presente lei, así como en zonas e depósitos francos.

Producirase tamén o feito imponible importación de bens nos supostos de incumprimento dos requisitos establecidos para a concesión dos réximes a que se refire o parágrafo anterior.

b) A desafectación dos obxectos incorporados ós buques e aeronaves ós que se refiren os números 2 e 4 do artigo 71 da presente lei, cando a produción de tales obxectos estivese exenta do arbitrio conforme o disposto nos números 3 e 5 do mesmo artigo.

c) As adquisicións realizadas nas illas Canarias dos bens dos que a produción ou importación previas se beneficiasen das exencións relativas ós réximes diplomático, consular ou dos organismos internacionais. O disposto nas alíneas b) e c) anteriores non será de aplicación despois de transcorridos quince anos desde a realización das importacións ou producións exentas a que se refiren as ditas alíneas.

Artigo 68. Supostos de non suxeición.

Non están suxeitas ó arbitrio as seguintes transmisións de bens:

1.º Os incluídos no anexo IV desta lei nos supostos comprendidos nos números 1.º, 4.º, 5.º, 7.º e 8.º do artigo 9.º da mesma.

2.º As segundas e ulteriores entregas dos bens efectuadas polos produtores no suposto de recompra dos mesmos.

Artigo 69. Localización do feito imponible polo concepto de entregas de bens.

1. Regra xeral:

As entregas de bens entenderanse realizadas onde estes se poñan ó dispor do adquirente.

2. Regras especiais:

1.º As entregas de bens mobles corporais que, situados en fábrica, almacén ou depósito, deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, entenderanse realizadas no lugar en que se encontren aqueles ó tempo de iniciarse a expedición ou transporte, sen prexuízo do disposto no número 2.º seguinte.

2.º Cando os bens sexan obxecto de instalación ou montaxe antes da súa posta á disposición, a entrega entenderase realizada no lugar onde se ultime a instalación ou montaxe.

CAPÍTULO II

Exencións

Artigo 70. *Exencións en operacións interiores.*

1. Está exenta do arbitrio a entrega dos seguintes artigos de alimentación de primeira necesidade:

- As hortalizas frescas, agás a cebola, a pataca e o tomate.
- Os cítricos frescos.

2. Están exentas as seguintes entregas de combustible:

a) O necesario para o funcionamento dos grupos xeradores das empresas produtoras de enerxía eléctrica nas Canarias, así como o necesario para a coxeración da mesma enerxía por calquera dos produtores autorizados nas Canarias.

b) O necesario para a realización de actividades de captación, produción e distribución de auga. Regulamentariamente serán establecidos pola consellería competente en materia de facenda do Goberno de Canarias módulos de consumo límite de combustible para a realización das actividades a que se refire este número.

3. Está exenta a entrega de xornais e revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como dos elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

Para estes efectos terán a consideración de elementos complementarios as fitas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares, o custo de adquisición dos cales non supere o 50 por 100 do prezo unitario de venda ó público.

Entenderase que os xornais e revistas conteñen única ou fundamentalmente publicidade cando máis do 75 por 100 dos ingresos que proporcionen ó seu editor se obteñan por este concepto.

4. Coa finalidade de lograr un adecuado nivel de desenvolvemento nas illas Canarias, está exenta a entrega dos bens relacionados no anexo V desta lei.

Artigo 71. *Exencións relativas ás exportacións e ás operacións asimiladas ás mesmas.*

Está exenta do arbitrio a entrega dos seguintes bens:

1. Os que se envíen con carácter definitivo ó resto do territorio nacional, calquera outro estado membro da Comunidade Europea, ou ben sexan exportados definitivamente a países terceiros polo produtor, polo primeiro adquirente dos bens que non estea establecido nas Canarias, ou por un terceiro en nome e por conta de calquera deles, cos requisitos que determine regulamentariamente o Goberno de Canarias.

2. Os produtos de avituallamento postos a bordo dos seguintes buques:

- a) Os que realicen navegación marítima internacional.
- b) Os afectos ó salvamento ou á asistencia marítima.
- c) Os afectos á pesca, sen que a exención se estenda ás provisións de a bordo.

3. Os obxectos que se incorporen de forma permanente ós buques a que se refire o número anterior despois da inscrición no rexistro de matrícula de buques correspondente, ou que se utilicen para a súa explotación a bordo deles. Esta exención estenderase tamén á produción de obxectos que se incorporen ós buques de guerra.

4. Os produtos de avituallamento de aeronaves utilizadas exclusivamente por entidades públicas no cumprimento das súas funcións públicas e as utilizadas polas compañías que se dediquen esencialmente á navegación aérea internacional.

5. Os obxectos que se incorporen de forma permanente ás aeronaves a que se refire o número anterior despois da inscrición no rexistro de aeronaves, ou que se utilicen para a súa explotación a bordo delas.

6. Os relativos ós réximes diplomático, consular e dos organismos internacionais dos que a importación nestes réximes estivese, en todo caso, exenta.

Artigo 72. *Exencións relativas a zonas e depósitos francos, depósitos e réximes especiais de importación.*

Están exentas do arbitrio as entregas de bens destinados a seren introducidos en zona franca, depósito franco ou demais depósitos. Igualmente están exentas as entregas de bens que se encontren nas citadas áreas ou ó abeiro dos réximes a que se refire o artigo 74 desta lei mentres permanezan nesas situacións e se cumpra, se é o caso, o establecido na lexislación aplicable.

Artigo 73. *Exencións en importacións de bens.*

Están exentas deste arbitrio as importacións de bens que a continuación se especifican.

1. As importacións definitivas a que se refire o número 3 do artigo 14 desta lei, números 1.º a 6.º, 8.º a 12.º, 16.º a 21.º, 23.º, 24.º, 27.º a 29.º, 33.º, 34.º e 36.º, sempre que os bens importados estean comprendidos no anexo IV desta lei, se solicite a exención por parte do interesado e se cumpran os requisitos contidos nos citados números.

2. As importacións definitivas a que se refiren os números 4, 6, 8, 9, 10 e 11 do artigo 14 desta lei, sempre que os bens importados estean comprendidos no anexo IV desta lei e se cumpran os requisitos contidos nos citados números.

3. As importacións definitivas dos seguintes bens:

1.º Os produtos a que se refiren os números 1, 2 e 3 do artigo 70 desta lei.

2.º Os produtos de avituallamento que, desde a entrada nas illas Canarias ata a chegada ó porto ou portos situados no devandito territorio e durante a permanencia neles polo prazo necesario para o cumprimento dos seus fins, se consumisen ou se encontren a bordo dos buques ós que correspondan as exencións das entregas de produtos de avituallamento establecidas no artigo 71, número 2, desta lei.

3.º Os produtos de avituallamento que, desde a entrada nas illas Canarias ata a chegada ó aeroporto ou aeroportos situados no devandito territorio e durante a permanencia neles polo prazo necesario para o cumprimento dos seus fins, se consumisen ou se encontren a bordo das aeronaves ás que corresponden as exencións das entregas de produtos de avituallamento establecidas no artigo 71, número 4, desta lei.

4.º Os produtos de avituallamento que importen as empresas titulares da explotación dos buques e aeronaves a que afectan as exencións establecidas no artigo 71, números 2 e 4, desta lei, coas limitacións establecidas nesas preceptos e para seren destinadas exclusivamente ós mencionados buques e aeronaves.

Artigo 74. *Réximes especiais de importación.*

Están exentas deste arbitrio as importacións de bens que se realicen ó abeiro dos réximes especiais de tránsito, importación temporal, depósito, perfeccionamento activo e transformación baixo control aduaneiro, na forma e cos requisitos que regulamentariamente se establezan.

CAPÍTULO III

Devengo

Artigo 75. *Devengo do arbitrio.*

Un. Devengo nas entregas de bens.

1. Regra xeral:

O arbitrio devéngase cando o produtor poña os bens á disposición dos adquirentes.

2. Regras especiais:

1.º Nas operacións de tracto sucesivo, o arbitrio devéngase no momento en que resulte esixible a parte do prezo que comprenda cada percepción.

2.º Nas operacións suxeitas a gravame que orixinen pagamentos anticipados anteriores á realización do feito imponible, o arbitrio devengarase no momento do cobramento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente percibidos.

3.º Nas operacións relativas a bens obxecto dos impostos especiais de fabricación esixibles nas Canarias, o momento do devengo quedará diferido ó do devengo do respectivo imposto especial de fabricación, se este ten lugar nun momento posterior ó establecido na regra xeral contemplada no número 1 anterior.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo dos controis que se establezan regulamentariamente por parte da consellería competente en materia de facenda do Goberno de Canarias.

Dous. Devengo nas importacións.

1. Regra xeral:

Nas importacións de bens o arbitrio devengarase no momento da admisión da declaración para o despacho de importación, logo do cumprimento das condicións establecidas na normativa aplicable ou, no seu defecto, no momento da entrada dos bens no ámbito territorial de aplicación do arbitrio.

2. Regras especiais:

1.º Cando se trate de importacións de bens que se encontren en zona franca, depósito franco ou demais depósitos ou estean vinculados ós réximes de tránsito, importación temporal, depósito aduaneiro, outros depósitos, perfeccionamento

activo ou transformación baixo control aduaneiro, o devengo do arbitrio producirase no momento en que os bens saian das mencionadas áreas ou abandonen os réximes indicados.

2.º No suposto de incumprimento da lexislación aplicable en cada caso ós bens que se encontren nas áreas ou réximes mencionados no número anterior, devengarase o arbitrio no momento en que se producir o devandito incumprimento ou, cando non se poida determina-la data do incumprimento, no momento en que se autorizou a entrada nas citadas áreas ou a aplicación dos réximes indicados.

3.º Nas operacións definidas como importacións nas alíneas b) e c) do número 4.º do número 2 do artigo 67 da presente lei, o devengo producirase no que teñan lugar, respectivamente, as desafectacións e adquisicións a que se refiren esas alíneas.

4.º Nas operacións relativas a bens obxecto dos impostos especiais de fabricación esixibles nas Canarias, o momento do devengo quedará diferido ó do devengo do respectivo imposto especial de fabricación, se este ten lugar nun momento posterior ó establecido na regra xeral contemplada no número 1 anterior.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo dos controis que se establezan regulamentariamente por parte da consellería competente en materia de facenda do Goberno de Canarias.

CAPÍTULO IV

Suxeito pasivo

Artigo 76. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos deste arbitrio en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan produtores ou importadores.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior considéranse:

a) Produtores: os empresarios titulares dunha produción empresarial, tal e como se define no artigo 67, número 2 número 3.º, desta lei.

b) Importadores: os expresados no artigo 21 desta lei.

2. Son suxeitos pasivos en concepto de substitutos, nos supostos de devengo diferido previstos no artigo 75 desta lei, as persoas distintas das previstas no número anterior que decidan o abandono do réxime suspensivo dos impostos especiais de fabricación.

Artigo 77. *Responsables do arbitrio.*

Serán responsables do arbitrio as persoas a que se refire o artigo 21 bis desta lei e nos mesmos supostos alí contemplados.

Artigo 78. *Repercusión do arbitrio e rectificación das cotas repercutidas.*

Un. Repercusión do arbitrio.

1. Os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 76 anterior, a excepción dos importadores, deberán repercutir integramente o importe das cotas devengadas sobre os adquirentes dos bens obxecto do arbitrio, quedando estes obrigados a soportalo sempre que a repercusión se axuste ó disposto nesta lei e nas súas normas regulamentarias, calquera que fosen as estipulacións existentes entre eles.

2. A repercusión do arbitrio deberase efectuar na factura ou documento equivalente, que poderá emitirse por vía telemática, nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

3. Os que soporten cotas de conformidade co disposto no número 2 anterior terán dereito a esixi-la expedición de factura ou documento equivalente.

4. Perderase o dereito á repercusión cando transcorrese un ano desde a data do devengo.

5. As controversias que se poidan producir con referencia á repercusión do arbitrio, tanto respecto á procedencia como á súa contía, consideraranse de natureza tributaria para efectos das correspondentes reclamacións na vía económico-administrativa.

Dous. Os suxeitos pasivos deberán efectuar a rectificación das cotas impositivas repercutidas cando o importe delas se determinase incorrectamente ou se produzan as circunstancias que, segundo o disposto no artigo 79 desta lei, dan lugar á modificación da base imponible. O procedemento de rectificación das cotas repercutidas rexerese polas normas contidas no artigo 20.dous da presente lei.

CAPÍTULO V

Base imponible

Artigo 79. *Base imponible nas entregas de bens: regra xeral.*

A base imponible do arbitrio determinarase conforme o disposto no artigo 22 desta lei.

Artigo 80. *Base imponible nas entregas de bens: regras especiais.*

1. Serán de aplicación para a determinación da base imponible do arbitrio as normas contidas nos números 1, 2, 3 e 8 do artigo 23 da presente lei.

2. Para a aplicación do tipo específico previsto para os produtos derivados do petróleo, a base imponible estará constituída polas cantidades de produto expresadas nas unidades de peso ou de volume á temperatura de 15 °C sinaladas nas tarifas.

Artigo 81. *Base liquidable nas entregas de bens.*

A base liquidable do arbitrio nas entregas de bens coincidirá coa base imponible.

Artigo 82. *Base imponible nas importacións.*

1. Con excepción do previsto no número 2, a base imponible nas importacións será a que resulte de adicionar ó "valor en aduana" os conceptos seguintes en canto que non estean comprendidos nel:

a) Calquera gravame ou tributo que se puidese devengar con ocasión da importación, con excepción do propio arbitrio sobre as entregas e importacións nas illas Canarias e do imposto xeral indirecto canario.

b) Os gastos accesorios e complementarios, tales como comisións, portes, transportes e seguros, que se produzan ata o primeiro lugar de destino ou de ruptura de carga.

Para estes efectos consideraranse como primeiro lugar de destino o que figure no documento de transporte ó abeiro do cal os bens son introducidos nas illas Canarias. De non existir esta indicación,

consideraranse que o primeiro lugar de destino é aquel en que se produce a primeira desagregación ou separación do cargamento no interior dos ditos territorios. Non obstante, cando o primeiro lugar de destino estivese en calquera illa e a entrada se efectuase por illa diferente da de destino, non se adicionarán ó "valor de aduana" os gastos por menorizados no parágrafo anterior, cando tivese como obxecto permiti-lo traslado dos bens á illa de destino.

2. A base imponible nas importacións de produtos derivados do petróleo estará constituída polas cantidades de produto expresadas nas unidades de peso ou de volume á temperatura de 15°C sinaladas nas tarifas.

3. A base imponible nas importacións a consumo de bens que previamente estivesen colocados ó abeiro dos réximes de importación temporal, tránsito sistema de suspensión de réxime de perfeccionamento activo, zona franca, depósito franco ou depósito, determinarase conforme as normas recollidas no número 1 do artigo 26 desta lei.

4. Nas importacións a consumo a que se refire a alínea c) do punto 4.º do número 2 do artigo 67 desta lei, a base imponible determinarase aplicando as normas que procedan do número 3 anterior, de acordo coa orixe dos bens.

5. Nas reimportacións de bens que non se presenten no mesmo estado en que saíron por teren sido obxecto dunha reparación, traballo, transformación ou incorporación doutros bens fóra das illas Canarias, a base imponible determinarase conforme o disposto no número 3 do artigo 26 desta lei.

6. O momento a que se deberá referir a determinación da base imponible ou dos seus compoñentes será o do devengo do arbitrio.

7. Nas importacións, a base liquidable coincidirá coa imponible.

CAPÍTULO VI

Tipo impositivo

Artigo 83. *Tipos impositivos.*

1. O tipo de gravame está constituído pola porcentaxe fixada para cada clase de ben moble corporal no anexo IV da lei, ou polo tipo específico establecido neste para os produtos derivados do petróleo, e será o mesmo para a importación ou entrega dos bens.

2. O tipo de gravame aplicable a cada operación será o vixente no momento do devengo.

3. O anexo IV desta lei establecerase seguindo a estrutura da nomenclatura do arancel aduaneiro das Comunidades Europeas.

TÍTULO II

Devolucións

Artigo 84. *Devolución de cotas repercutidas en operacións exentas.*

No suposto de operacións de entrega de bens suxeitas ó arbitrio pero exentas por aplicación do disposto nos artigos 70.2 e 71.1 desta lei cando, neste último caso, a entrega se realizase en favor de viaxeiros, repercutirase o arbitrio non obstante estaren exentas as operacións. A devolución da cota de arbitrio repercutida devolverase na forma e condicións que sexan establecidas regulamentariamente polo Goberno de Canarias.

Artigo 85. Devolución de cotas soportadas.

1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas do arbitrio que, devengadas conforme a dereito, soportasen nas adquisicións ou importacións realizadas, na medida en que os bens adquiridos ou importados se utilicen na realización de operacións suxeitas e non exentas do arbitrio, ou ben na realización de operacións suxeitas pero exentas en virtude dos artigos 71 e 72 da presente lei.

2. En ningún caso poderán ser obxecto de devolución as cotas soportadas pola importación de bens incluídos no anexo V da presente lei.

3. A forma e condicións das devolucions reguladas no presente artigo serán desenvolvidas regulamentariamente polo Goberno de Canarias.

Artigo 86. Garantías das devolucions.

A consellería competente en materia de facenda do Goberno de Canarias poderá esixir ós suxeitos pasivos a presentación das garantías suficientes nos supostos de devolucions a que se refire o artigo anterior.

TÍTULO III**Réximes especiais****Artigo 87. Réxime especial simplificado.**

1. O réxime simplificado aplicarase ós empresarios que non superen o volume de operacións que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias, salvo que renuncien a el.

2. Os suxeitos pasivos acollidos a este réxime especial determinarán, con referencia a cada actividade a que resulte aplicable este réxime especial, o importe das cotas a ingresar en concepto de arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias, por medio do procedemento, índices, módulos e demais parámetros que estableza a consellería competente en materia de facenda.

3. Na estimación indirecta do arbitrio, teranse en conta, preferentemente, os índices, módulos e demais parámetros establecidos para o réxime simplificado, cando se trate de suxeitos pasivos que renunciaren a este último réxime.

4. Os suxeitos pasivos que incorresen en omisión ou falseamento dos índices ou módulos a que se refire o número 1 anterior estarán obrigados ó pagamento das cotas tributarias totais que resultasen da aplicación do réxime simplificado, coas sancions e xuros de demora que procedan.

5. Regulamentariamente o Goberno de Canarias regulará este réxime simplificado e determinaranse as obrigas formais e rexistras que deberán cumprilos suxeitos pasivos acollidos a el.

TÍTULO IV**Obrigas dos suxeitos pasivos****Artigo 88. Obrigas dos suxeitos pasivos.**

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a:

a) Presentar declaracións relativas ó comezo, modificación e cesamento das actividades que determinen a súa suxeición ó arbitrio, no prazo e cos requisitos que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias.

b) Expedir e entregar facturas ou documentos equivalentes das operacións suxeitas ó arbitrio, adaptados ás normas xerais que regulan o deber

de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais.

c) Conserva-las facturas recibidas e documentos de importación polas operacións suxeitas ó arbitrio, así como os duplicados das facturas a que se refire a alínea anterior, durante o prazo de prescripción do arbitrio.

d) Sen prexuízo do establecido no Código de comercio, leva-la contabilidade e rexistros de acordo co que fixe regulamentariamente o Goberno de Canarias.

e) Presenta-las declaracións—liquidacións correspondentes a cada período de liquidación, así como unha declaración—resumo anual, na forma e prazos que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias.

2. Os suxeitos pasivos que realicen fundamentalmente as operacións exentas que se determinen por vía regulamentaria, poderán quedar exceptuados do cumprimento das obrigas que, mencionadas no número 1 anterior, expresamente se indiquen.

TÍTULO V**Xestión do arbitrio****Artigo 89. Liquidación do arbitrio.**

1. Os suxeitos pasivos deberán determinar e ingresa-la débeda tributaria no lugar, forma e prazos que regulamentariamente regule o Goberno de Canarias.

Poderase establecer, nos supostos e mediante o procedemento que regulamentariamente se determinen, a práctica pola Administración tributaria de liquidacións provisionais de oficio.

2. Regulamentariamente o Goberno de Canarias determinará os trámites para a liquidación do arbitrio, os medios e prazos para o pagamento das débedas tributarias resultantes das liquidacións e as garantías que resulten procedentes para asegurar-lo cumprimento das correspondentes obrigas tributarias.

Artigo 90. Competencia na administración do arbitrio.

A xestión, liquidación, recadación e inspección do arbitrio, así como a revisión dos actos dictados en aplicación del, corresponderán ós órganos competentes da Comunidade Autónoma de Canarias.

As indicadas competencias dos órganos da Comunidade Autónoma de Canarias respecto ó arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías poderán desenvolverse en calquera lugar do arquipélago, mesmo nos portos e aeroportos, sen prexuízo das que correspondan ás administracións de aduanas e impostos especiais e outros órganos da Administración do Estado en materia de control do comercio exterior, represión do contrabando e demais que lles outorga a lexislación vixente.

TÍTULO VI**Infraccións e sancions****Artigo 91. Infraccións e sancions.**

1. Sen prexuízo do disposto no presente título, as infraccións tributarias neste arbitrio cualificaranse e sancionaranse conforme o establecido na Lei xeral tributaria e demais normas de xeral aplicación.

2. En relación coas entregas de bens suxeitas ó arbitrio terá a consideración de infracción simple

a tipificada no número 3.º do número 2 do artigo 63 desta lei, e será sancionada na forma contemplada no número 3.º do número 3 do mesmo artigo.

3. En relación coas importacións, constitúen infraccións graves as tipificadas no punto primeiro do número 4 do artigo 63 desta lei, as cales serán sancionadas conforme o disposto na Lei xeral tributaria e demais normas de xeral aplicación.

4. En relación coas importacións, constitúen infraccións simples as tipificadas no punto segundo do número 4 do artigo 63 da presente lei, as cales serán sancionadas na forma prevista no número 6 do mesmo artigo.

TÍTULO VII

Atribución do rendemento do arbitrio

Artigo 92. *Atribución do rendemento do arbitrio.*

O importe da recadación líquida derivada das débedas tributarias do arbitrio, unha vez descontados os gastos de administración e xestión deste, integrarase como recurso derivado do réxime económico e fiscal de Canarias, e será destinado a unha estratexia de desenvolvemento económico e social de Canarias e contribuirá á promoción de actividades locais.»

Segundo. Modifícase o anexo IV, que queda redactado como segue:

| P. Estadística | Descrición | Tipo |
|--|--|---------------------|
| <i>Agricultura, gandería, silvicultura e pesca</i> | | |
| 020311 | En canais ou medias canais (porcino fresco ou refrixerado). | 5 |
| 020312 | Pernas, pas e os seus anacos sen desosar (porcino fresco ou refrixerado). | 5 |
| 020319 | As demais (porcino fresco ou refrixerado). | 5 |
| 020711 | Sen partir, frescos ou refrixerados (galo ou galiña). | 5 |
| 020713 | Anacos e miúdos, frescos ou refrixerados (galo ou galiña). | 5 |
| 0302696100 | Douradas de mar (das especies <i>Dentex dentex</i> e <i>Pagellus Spp.</i>) fresca ou refrixerada. | 5 |
| 0302699400 | Robalos ou robalizas (<i>Dicentrarchus labrax</i>) fresca ou refrixerada. | 5 |
| 04070030 | Os demais (Ovos de aves de curral non destinados a incubar). | 15 |
| 070190 | Patacas frescas ou refrixeradas, agás para semente. | 5 |
| 0702 | Tomates frescos ou refrixerados. | 5 |
| 0703 | Cebolas; escalonias; allos; allos porros e demais hortalizas aliáceas; frescos ou refrixerados. | 5 |
| 0704 | Coles; coliflores; coles rizadas; nabicoles e produtos comestibles similares do xénero <i>Brassica</i> ; frescos ou refrixerados. | exento |
| 0705 | Leitugas (<i>Lactuca sativa</i>) e chicorias (comprendidas a escarola e a endivia) (<i>Cichorium Spp.</i>); frescas ou refrixeradas. | exento |
| 0706 | Cenoiras; nabos; remolachas para ensalada; barbacabreiras; apionabos; ravs e raíces comestibles similares; frescas ou refrixeradas | exento |
| 0707 | Cogombros e cogombriños frescos ou refrixerados. | exento |
| 0708 | Legumes; mesmo sen casulo; frescos ou refrixerados. | exento |
| 0709 | As demais hortalizas frescas ou refrixeradas. | exento |
| 0803 | Bananas ou plátanos, frescos ou secos. | 5 |
| 0805 | Cítricos frescos ou secos. | exento |
| <i>Minas y canteras</i> | | |
| 6802 | Pedra de cantería ou de construción traballada (agás a lousa) e as súas manufacturas (con exclusión das da partida 6801); cubos; dados e artigos similares; para mosaicos; de pedra natural (incluída a lousa); aínda que estean sobre soporte; gránulos; lascas e po de pedra natural (incluída a lousa); coloreados artificialmente. | 5 |
| <i>Materiais de construción</i> | | |
| 2523290000 | Cementos hidráulicos, cemento portland que non sexa branco. | 5 |
| 252390 | Os demais cementos hidráulicos que non sexan clínker ou portland. | 5 |
| 3816 | Cementos; morteiros; formigóns e preparacións semellantes; refractarias; agás os produtos da partida 3801. | 5 |
| 3824400000 | Aditivos preparados para cementos, argamasas ou formigóns. | 5 |
| 3824904500 | Preparacións desincrustantes e similares. | 5 |
| 3824907000 | Preparacións ignífugas, hidrófugas e outras utilizadas para a protección de construcións. | 5 |
| 6809 | Manufacturas de xeso ou de preparacións a base de xeso. | 5 |
| 7010 | Bombonas, botellas, frascos, tarros, potes, envases tubulares, ampolas e demais recipientes para o transporte ou envasado; de vidro; tarros de vidro para conservas; tapóns; tapas e demais dispositivos de cerramento de vidro. | 15 |
| <i>Producción e refinación de petróleo</i> | | |
| 2710002700 | As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 95. | 7 euros/1000 litros |

| P. Estatística | Descrición | Tipo |
|----------------|--|-----------------------|
| 2710002900 | As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 95 pero inferior a 98. | 7 euros/1000 litros |
| 2710003200 | As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 98. | 7,5 euros/1000 litros |
| 2710003400 | As demais gasolinas cun contido en chumbo superior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 98. | 7,5 euros/1000 litros |
| 2710003900 | Os demais aceites lixeiros. | 7,5 euros/1000 litros |
| 2710005100 | Aceites medios carburorreactores. | 8,5 euros/1000 litros |
| 2710005500 | Os demais aceites medios. | 8,5 euros/1000 litros |
| 2710006600 | Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 0,05 por 100. | 6,5 euros/1000 litros |
| 2710006700 | Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ó 0,05 por 100 pero inferior ou igual ó 0,2 por 100. | 6,5 euros/1000 litros |
| 2710006800 | Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ó 0,2 por 100. | 6,5 euros/1000 litros |
| 2710007200 | Fuel que se destine a unha transformación química mediante un tratamento distinto dos definidos para a subpartida 27100071. | 4 euros/Tm |
| 2710007400 | Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 1%. | 4 euros/Tm |
| 2710007600 | Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 1% sen exceder do 2%. | 4 euros/Tm |
| 2710007700 | Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2% sen exceder do 2,8%. | 4 euros/Tm |
| 2710007800 | Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2,8%. | 4 euros/Tm |
| 2711121100 | Propano de pureza igual ou superior ó 99% que se destine a ser empregado como carburante ou como combustible. | 12 euros/Tm |
| 2711121900 | Propano de pureza igual ou superior ó 99% que se destine a outros usos. | 12 euros/Tm |
| 2711129400 | Propano os demais, que se destinen a outros usos de pureza superior ó 90% pero inferior ó 99%. | 12 euros/Tm |
| 2711129700 | Propanos os demais, que se destinen a outros usos. Os demais. | 12 euros/Tm |
| 2711139100 | Butano que se destine a outros usos de pureza superior ó 90% pero inferior ó 95%. | 12 euros/Tm |
| 2711139700 | Os demais butanos non comprendidos nas partidas anteriores. | 12 euros/Tm |
| 2713200000 | Betume de petróleo. | 4 euros/Tm |
| 2713909000 | Demais residuos de aceites de petróleos ou de minerais bituminosos, os demais. | 4 euros/Tm |
| 2715 | Mesturas bituminosas a base de asfalto ou de betume natural; de betume de petróleo; de alcatrán mineral ou de brea de alcatrán mineral (por exemplo: mástiques bituminosos e «CUT BACKS»). | 4 euros/Tm |
| <i>Química</i> | | |
| 28043000 | Nitróxeno. | 5 |
| 28044000 | Osíxeno. | 5 |
| 28510030 | Aire líquido; aínda que se lle eliminasen os gases nobres; aire comprimido. | 5 |
| 3208 | Pinturas e vernices a base de polímeros sintéticos ou naturais modificados; dispersos ou disoltos nun medio non acuoso; disolucións definidas na nota 4 do capítulo. | 5 |
| 3209 | Pinturas e vernices a base de polímeros sintéticos ou naturais modificados; dispersos ou disoltos nun medio acuoso. | 5 |
| 3210 | As demais pinturas e vernices; pigmentos á auga preparados do tipo dos utilizados para o acabado do coiro. | 5 |
| 3212909000 | Tinturas e demais materiais colorantes en formas ou envases para a venda a retallo. | 5 |
| 3213 | Cores para pintura artística; o ensino; a pintura de letreiros; para matizar ou para entretemento e cores similares; en pastillas; tubos; botes; frascos; gobeletes e demais envases ou presentacións similares. | 5 |
| 3214 | Masilla; cementos de resina e outros mástiques; pastas de recheo utilizadas en pintura; pastas non refractarias dos tipos utilizados en albanelería. | 5 |
| 3401 | Xabón; produtos e preparacións orgánicos tensoactivos usados como xabón; en barras; pans ou anacos; ou en pezas troqueladas ou moldeadas; aínda que conteñan xabón; papel; guata; feltro e tea sen tecer; impregnados; recubertos ou revestidos de xabón ou de deterxentes. | 5 |
| 3402 | Axentes de superficie orgánicos (agás o xabón); preparacións tensoactivas; preparacións para lavar (incluídas as preparacións auxiliares de lavado) e preparacións de limpeza; aínda que conteñan xabón; agás as da partida 3401. Exclúense as partidas 34021100, 34021200 e 34021300. | 5 |

| P. Estatística | Descrición | Tipo |
|------------------------|---|------|
| 3406 | Candeas; cirios e artigos similares. | 5 |
| 38099100 | Do tipo dos utilizados na industria téxtil ou industrias similares (aprestos e produtos de acabado, aceleradores de tinxidura ou de fixación de materias colorantes e demais produtos e preparacións do tipo dos utilizados na industria téxtil, do papel, do coiro ou industrias similares, non expresados nin comprendidos noutras partidas). | 15 |
| 3814009090 | Os demais (disolventes ou diluentes orgánicos compostos non expresados noutras partidas, preparacións para quitar pinturas ou vernices). | 5 |
| 391690 | Dos demais plásticos, de produtos de polimerización de reorganización ou de condensación; mesmo modificados quimicamente (Monofilamentos dos que a maior dimensión do corte transversal sexa superior a 1 m/m; barras; varetas e perfís; mesmo traballados na superficie; pero sen outro labor; dos demais plásticos). | 5 |
| 3917 | Tubos e accesorios de tubos de plástico. | 15 |
| 3920300090 | As demais láminas de polímeros de estireno. | 5 |
| 392071 | As demais placas, follas, películas de celulosa rexenerada. | 5 |
| 3920790000 | As demais placas, follas, películas derivadas da celulosa. | 5 |
| 39219060 | As demais placas, follas, películas de produtos de polimerización de adición. | 5 |
| 39231000 | Caixas, gaiolas e artigos similares de plástico para o transporte ou envasado. | 15 |
| 39232100 | Sacos, bolsas e cucuruchos de polímeros de etileno. | 15 |
| 39233010 | Bombonas, botellas, frascos e artigos similares, con capacidade non superior a 2 litros. | 15 |
| 3923309000 | Con capacidade superior a 2 litros (bombonas, botellas, frascos e artigos similares). | 5 |
| 39239090 | Os demais (artigos para o transporte ou envasado, de plástico, rollas, tapas, cápsulas e demais dispositivos de cerramento de plástico). | 5 |
| 39241000 | Louza e demais artigos para o servizo de mesa ou de cociña de plástico. | 15 |
| 39249090 | Os demais artigos de uso doméstico e artigos de hixiene ou de toucador de plástico. | 5 |
| 401210 | Pneumáticos recauchutados. | 5 |
| | <i>Industrias metálicas</i> | |
| 7308 | Construcións e partes de construcións (por exemplo: pontes e partes de pontes; comportas de esclusas; torres; casteletes; piares; columnas; cubertas; tellados; portas; ventás e os seus marcos; bastidores e limiares; cortinas de cerramento e balaustradas); de fundición; de ferro ou de aceiro; con excepción das construcións prefabricadas da partida 9406; chapas; barras; perfís; tubos e similares; de fundición; de ferro ou de aceiro; preparados para a construción. | 5 |
| 730900 | Depósitos; cisternas; cubas e recipientes similares para calquera materia (con excepción dos gases comprimidos ou licuados); de fundición; de ferro ou de aceiro; de capacidade superior a 300 litros; sen dispositivos mecánicos nin térmicos; mesmo con revestimento interior ou calorifugo, agás os comprendidos na partida 73090090. | 15 |
| 7325 | As demais manufacturas moldeadas; de fundición; de ferro ou de aceiro. | 15 |
| 7604 | Barras e perfís; de aluminio. | 5 |
| 7608 | Tubos de aluminio. | 5 |
| 7610 | Construcións e partes de construcións (por exemplo: pontes e partes de pontes; torres; casteletes; piares; columnas; cubertas; tellados; portas; ventás e os seus marcos; bastidores e limiares; e balaustradas); de aluminio; con excepción das construcións prefabricadas da partida 9406; chapas; barras; perfís; tubos e similares; de aluminio; preparados para a construción. | 15 |
| 8428399800 | Os demais (traselevadores e almacéns automáticos). | 5 |
| 8479500000 | Robots industriais, non expresados nin comprendidos noutra parte | 5 |
| 85445910 | Fíos e cables para electricidade; con cabos de diámetro superior a 0,51 mm. | 5 |
| 9401 | Asentos (con exclusión da partida 9402) mesmo os transformables en cama e as súas partes. | 5 |
| 9403 agás a 9403209900 | Os demais mobles e as súas partes. | 5 |
| 9403209900 | Os demais (andeis metálicos). | 15 |
| 9404 | Somieres; artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cobrepés, edredóns, coxíns, pufes ou almofadas); con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plástico celulares; recubertos ou non. | 15 |

| P. Estatística | Descrición | Tipo |
|----------------|---|------|
| 94060031 | Construcións prefabricadas de ferro ou de aceiro para invernadoiros. | 5 |
| | <i>Alimentación e bebidas</i> | |
| 0210111100 | Xamóns e anacos de xamón salgados ou en salmoira. | 5 |
| 0210113100 | Xamóns e anacos de xamón secos ou afumados. | 5 |
| 0210121100 | Touciño entrefebrado e os seus anacos salgados ou en salmoira. | 5 |
| 0210121900 | Touciño entrefebrado e os seus anacos secos ou afumados. | 5 |
| 0210194000 | Costelares e anacos de costelares salgados ou en salmoira. | 5 |
| 0210195100 | Desosados (carne e miúdos comestibles, salgados ou en salmoira, secos ou afumados). | 5 |
| 0210198100 | Desosados (carne e miúdos comestibles, salgados ou en salmoira, secos ou afumados). | 5 |
| 03054100 | Salmóns do Pacífico, salmóns do Atlántico e salmóns do Danubio (salmóns afumados). | 5 |
| 0305494590 | Os demais (troita afumada) | 5 |
| 0403 | Soro de manteiga, leite e nata, callada, iogur, kefir e demais leites e natas fermentadas ou acidificadas, mesmo concentrados, azucrados, edulcorados doutro modo ou aromatizados ou con froita ou cacao. | 15 |
| 0406 | Queixo e requeixo, agás 0406902300 e 0406907800. | 0 |
| 090121 | Café torrado sen descafeinar. | 15 |
| 0901220000 | Café torrado descafeinado. | 5 |
| 09019090 | Sucedáneos do café que conteñan café. | 5 |
| 1101 | Fariña de trigo e de trigo mesturado con centeo. | 5 |
| 1507909000 | Os demais (aceite de soia e as súas fraccións, incluso refinado pero sen modificar quimicamente). | 0 |
| 1508909000 | Os demais (aceite de cacahuete e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente). | 0 |
| 1512199100 | De xirasol (aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). | 0 |
| 1514909000 | Os demais (aceite de nabo, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). | 0 |
| 1515299000 | Os demais (as demais graxas e aceites vexetais fixos, incluído o aceite de xoxoba e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). | 0 |
| 1601 | Embutidos e produtos similares; de carne; de miúdos ou de sangue; preparacións alimenticias a base destes produtos. | 5 |
| 1602 | As demais preparacións e conservas de carne; de miúdos ou de sangue. Excepto 1602503100 Chacina de bovino (corned beef). | 5 |
| 1604 | Preparacións e conservas de peixe, caviar e os seus sucedáneos, preparados con millaras de peixe. | 5 |
| 1704903000 | Preparación chamada chocolate branco. | 5 |
| 1704905190 | Os demais. Artigos de confeitaría sen cacao (incluído o chocolate branco) | 5 |
| 1704905500 | Pastillas para a gorxa e caramelos para a tose. | 5 |
| 1704906100 | Draxeas, améndoas confeitadas e doces con recubrimento similar. | 5 |
| 17049071 | Caramelos de azucre cocido; mesmo recheos. | 5 |
| 1704907500 | Os demais caramelos. | 5 |
| 1806 | Chocolate e demais preparacións alimenticias que conteñan cacao; agás a 18062095. | 5 |
| 1901200090 | As demais (preparacións a base de cereais, fariña, amidón, fécula ou leite, produtos de pastelería). | 5 |
| 1901909196 | Os demais. Extracto de malte; preparacións alimenticias de fariña, sémola, amidón, fécula ou extracto de malte, que non conteñan cacao ou cun contido inferior ó 40% en peso calculado sobre unha base totalmente desgraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte; preparacións alimenticias, de produtos das partidas 0401 a 0404 que non conteñan cacao ou cun contido inferior ó 5% en peso calculado sobre unha base totalmente desgraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte. (Mix para xeados). | 5 |
| 19019099 | As demais (extracto de malte; preparacións alimenticias de fariña, sémola, fécula ou extracto de malte...) e que non estean incluídos nas partidas 1901909115 e 1901909196. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 15 quilos. | 5 |
| 1902 | Pastas alimenticias; mesmo cocidas ou recheas (de carne ou outras substancias) ou ben preparadas doutra forma; tales como espaguetes; fideos; macarróns; tallaríns; lasañas; ñoquis; raviolos ou canelóns; cuscús; mesmo preparado. | 15 |
| 19041010 | Productos a base de cereais obtidos por insuflado ou tostado a base de millo. | 5 |

| P. Estatística | Descrición | Tipo |
|--------------------------------|---|------|
| 1905 | Productos de panadería, pastelería, ou galletería, mesmo con cacao, hostias, selos baleiros do tipo dos usados para medicamentos, obreas, pastas desecadas de fariña, amidón ou fécula en follas e produtos similares. | 5 |
| 20021090 | Tomates preparados ou conservados (agás en vinagre ou en ácido acético); enteiros ou en anacos e non pelados. | 5 |
| 20029091 | Os demais tomates preparados ou conservados (agás en vinagre ou ácido acético); cun contido en materia seca superior ó 30% en peso; en envases inmediatos cun contido neto superior a 1 kg. | 5 |
| 2006003100 | Cereixas confeitadas cun contido de azucre superior ó 13% en peso. | 5 |
| 20079110 | Cun contido de azucre superior ó 30% en peso (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo). | 5 |
| 20079939 | As demais (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo). | 5 |
| 20089961 | Conservas de froitos da paixón e goiabas. | 5 |
| 20089968 | Os demais (froitas ou outros froitos e demais partes comestibles de plantas, preparados ou conservados doutra forma, mesmo azucrados, edulcorados doutro modo ou con alcohol, non expresado nin comprendido noutras partidas). | 5 |
| 200911 | Zume de laranxa conxelado. | 5 |
| 200919 | Os demais zumes de laranxa. | 5 |
| 200940 | Zume de ananás. | 5 |
| 200950 | Zume de tomate. | 5 |
| 200970 | Zume de mazá. | 5 |
| 200980 | Zumes de calquera outra froita ou froito, ou hortaliza, mesmo silvestre. | 5 |
| 200990 | Mesturas de zumes. | 5 |
| 2101 | Extractos, esencia e concentrados de café, té ou herba mate e preparacións a base destes produtos ou a base de café, té ou herba mate; chicoria torrada e demais sucedáneos do café torrado e os seus extractos, esencia e concentrados. | 5 |
| 2103 | Preparacións para mollos e mollos preparados; condimentos e sazonadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada. | 15 |
| 2105 | Xeados e produtos similares mesmo con cacao. | 5 |
| 21069098 | As demais preparacións alimenticias non expresadas nin comprendidas noutras partidas. Os demais. Excluídas a 2106909823, 2106909827, 2106909833, 2106909837, 2106909843 e 2106909847. | 15 |
| 2201 | Auga, incluída a auga mineral natural ou artificial e a gasificada; sen azucarar ou edulcorar doutro modo nin aromatizar, xeo e neve. | 5 |
| 2202 | Auga, incluídas a auga mineral e a gasificada, con adición de azucre ou outro edulcorante ou aromatizada e as demais bebidas non alcohólicas (agás os zumes de froitas ou outros froitos ou de hortalizas da partida 2009). | 5 |
| 2203 | Cervexa de malte. | 15 |
| 2204 | Viño de uvas; mesmo encabezado; mosto de uva; agás o da partida n.º 2009 | 0 |
| 220840 | Ron e augardente de cana e tafia. | 15 |
| 220850 | Xenebra e gin. | 15 |
| 220860 | Vodka. | 15 |
| 220870 | Licores. | 15 |
| 2309 | Preparacións do tipo das usadas para a alimentación animal. | 5 |
| <i>Tabaco</i> | | |
| 2402 | Xarutos ou puros (incluso despuntados), xarutiños e cigarros, de tabaco ou de sucedáneos de tabaco. | 25 |
| <i>Téxtil, coiro e calzado</i> | | |
| 4601 | Trenzas e artigos similares, de materias trenzables, mesmo ensamblados en bandas, materias trenzables, trenzas e artigos similares de materias trenzables, tecidos ou paralelizados en forma plana, mesmo terminados (por exemplo, esteiras e canizos). | 5 |
| 4602 | Artigos de cestería obtidos directamente na súa forma con materias trenzables ou confeccionados con artigos da partida 4601; manufacturas de lufa. | 5 |
| 56012210 | Os demais artigos de guata de fibras sintéticas ou artificiais en rolos de diámetro non superior a 8 mm. | 5 |
| 56012299 | Os demais artigos de guata de fibras artificiais en rolos de diámetro superior a 8 mm. | 5 |
| 611231 | Traxes e pantalóns de baño para homes e nenos de fibra sintética. | 5 |

| P. Estatística | Descrición | Tipo |
|----------------|--|------|
| 611241 | Traxes de baño (de unha ou dúas pezas) para mulleres ou nenas de fibra sintética. | 5 |
| 6213 | Panos da man. | 5 |
| 6302 | Roupa de cama; de mesa; de toucador ou de cociña. | 5 |
| 6303 | Cortinas; doseis. | 5 |
| 6304 | Os demais artigos de tapicería (agás os da partida 9404). | 5 |
| | <i>Madeira e os seus transformados</i> | |
| 4418 | Obras e pezas de carpintería para construcións; incluídos os taboleiros celulares; os taboleiros para parques; as tellas e as ripas; de madeira. | 5 |
| | <i>Transformado de papel</i> | |
| 4808 | Papel e cartón corrugados (mesmo recubertos por encolado), rizado («crepé»), plisado, gofrado, estampado ou perforado, en bobinas ou en follas, agás o papel dos tipos descritos no texto da partida 4803. | 15 |
| 481810 | Papel hixiénico. | 15 |
| 481820 | Panos, toallíñas para desmaquillaxe e toallas de papel. | 15 |
| 481830 | Manteis e servilletas de papel. | 15 |
| 481840 | Compresas e tampóns hixiénicos; cueiros e artigos hixiénicos similares. | 5 |
| 4818909010 | Artigos para uso cirúrxico, médico ou hixiénico, sen acondicionar para a venda a retallo, feitos á man. | 15 |
| 4819 | Caixas; sacos; bolsas; cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou napas de fibras de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares. | 15 |
| 4821 | Etiquetas de tódalas clases de papel ou cartón; mesmo impresas. | 15 |
| 482290 | Tambores, bobinas ou soportes de pasta de papel, salvo os do tipo utilizado para o bobinado de fíos téxtiles. | 5 |
| 48235910 | Para máquinas de oficina e similares; en bandas ou en bobinas. | 15 |
| 48235990 | Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa). | 15 |
| 4823909090 | Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa). | 5 |
| | <i>Artes gráficas e a súa edición</i> | |
| 4902 | Xornais e publicacións periódicas, impresos mesmo ilustrados ou con publicidade. | 5 |
| 4909 | Tarxetas postais impresas ou ilustradas; tarxetas impresas con felicitacións ou comunicacións persoais; mesmo con ilustracións; adornos ou aplicacións; ou con sobre. | 15 |
| 4910 | Calendarios de calquera clase impresos; incluídos os tacos de calendario. | 5 |
| 4911 | Os demais impresos; incluídas as estampas; gravados e fotografías. | 15 |

Terceiro. Modifícase o anexo V, que queda redactado como segue:

| P. Estadística | Descrición |
|----------------|--|
| | <i>Agricultura, gandería, silvicultura e pesca</i> |
| 020311 | En canais ou medias canais (porcino fresco ou refrixerado). |
| 020312 | Pernas, pas e os seus anacos sen desosar (porcino fresco ou refrixerado). |
| 020319 | As demais (porcino fresco ou refrixerado). |
| 020711 | Sen partir, frescos ou refrixerados (galo ou galiña). |
| 020713 | Anacos e miúdos, frescos ou refrixerados (galo ou galiña). |
| 0302696100 | Douradas de mar (das especies <i>Dentex dentex</i> e <i>Pagellus Spp.</i>) fresca ou refrixerada. |
| 0302699400 | Robalos ou robalizas (<i>Dicentrarchus labrax</i>) fresca ou refrixerada. |
| 04070030 | Os demais (ovos de aves de curral non destinados a incubar). |
| 070190 | Patacas frescas ou refrixeradas, agás para semente. |
| 0702 | Tomates frescos ou refrixerados. |
| 0703 | Cebolas; escalonias; allos; allos porros e demais hortalizas aliáceas; frescos ou refrixerados. |
| 0803 | Bananas ou plátanos, frescos ou secos. |
| | <i>Materiais de construción</i> |
| 2523290000 | Cementos hidráulicos, cemento portland que non sexa branco. |
| 252390 | Os demais cementos hidráulicos que non sexan clinker ou portland. |

| P. Estadística | Descrición |
|-----------------------------|--|
| 3816 | Cementos; morteiros; formigóns e preparacions similares; refractarios; agás os produtos da partida 3801. |
| 3824400000 | Aditivos preparados para cementos, morteiros ou formigóns. |
| 3824904500 | Preparacions desincrustantes e similares. |
| 3824907000 | Preparacions ignífugas, hidrófugas e outras utilizadas para a protección de construcións. |
| 6809 | Manufacturas de xeso ou de preparacions a base de xeso. |
| 7010 | Bombonas, botellas, frascos, tarros, potes, envases tubulares, ampolas e demais recipientes para o transporte ou envasado; de vidro; tarros de vidro para conservas; tapóns; tapas e demais dispositivos de cerramento de vidro. |
| <i>Química</i> | |
| 28043000 | Nitróxeno. |
| 28044000 | Osíxeno. |
| 28510030 | Aire líquido; aínda que se lle eliminasen os gases nobres; aire comprimido. |
| 3208 | Pinturas e vernices a base de polímeros sintéticos ou naturais modificados; dispersos ou disoltos nun medio non acuoso; disolucións definidas na nota 4 do capítulo. |
| 3209 | Pinturas e vernices a base de polímeros sintéticos ou naturais modificados; dispersos ou disoltos nun medio acuoso. |
| 3210 | As demais pinturas e vernices; pigmentos á auga preparados do tipo dos utilizados para o acabamento do coiro. |
| 3212909000 | Tinturas e demais materiais colorantes en forma ou envases para a venda a retallo. |
| 3213 | Colores para pintura artística; o ensino; a pintura de letreiros; para matizar ou para entretemento e cores similares; en pastillas; tubos; botes; frascos; gobeletes e demais envases ou presentacións similares. |
| 3214 | Masilla; cementos de resina e outros mástiques; pastas de recheo utilizadas en pintura; pastas non refractarias dos tipos utilizados en albanería. |
| 3401 | Xabón; produtos e preparacions orgánicos tensoactivos usados como xabón; en barras; pans ou anacos; ou en pezas troqueladas ou moldeadas; aínda que conteñan xabón; papel; guata; feltro e teas sen tecer; impregnados; recubertos ou revestidos de xabón ou de deterxentes. |
| 3402 | Axentes de superficie orgánicos (agás o xabón); preparacions tensoactivas; preparacions para lavar (incluídas as preparacions auxiliares de lavado) e preparacions de limpeza; aínda que conteñan xabón; agás as da partida 3401. Exclúense as partidas 34021100, 34021200 e 34021300. |
| 3406 | Candeas; cirios e artigos similares. |
| 38099100 | Do tipo dos utilizados na industria téxtil ou industrias similares (aprestos e produtos de acabamento, aceleradores de tinxidura ou de fixación de materias colorantes e demais produtos e preparacions do tipo dos utilizados na industria téxtil, do papel, do coiro ou industrias similares, non expresados nin comprendidos noutras partidas). |
| 3814009090 | Os demais (disolventes ou diluentes orgánicos compostos non expresados noutras partidas, preparacions para quitar pinturas ou vernices). |
| 3917 | Tubos e accesorios de tubos de plástico. |
| 3920300090 | As demais láminas de polímeros de estireno. |
| 39219060 | As demais placas, follas, películas de produtos de polimerización de adición. |
| 39231000 | Caixas, gaiolas e artigos similares de plástico para o transporte ou envasado. |
| 39232100 | Sacos, bolsas e cucurucho de polímeros de etileno. |
| 39233010 | Bombonas, botellas, frascos e artigos similares, con capacidade non superior a 2 litros. |
| 39239090 | Os demais (artigos para o transporte ou envasado, de plástico, rollas, tapas, cápsulas e demais dispositivos de cerramento de plástico). |
| 39241000 | Louza e demais artigos para o servizo de mesa ou de cociña de plástico. |
| 401210 | Pneumáticos recauchutados. |
| <i>Industrias metálicas</i> | |
| 730900 | Depósitos; cisternas; cubas e recipientes similares para calquera materia (con excepción dos gases comprimidos ou licuados); de fundición; de ferro ou de aceiro; de capacidade superior a 300 litros; sen dispositivos mecánicos nin térmicos; mesmo con revestimento interior ou calorífugo, agás os comprendidos na partida 73090090. |
| 7325 | As demais manufacturas moldeadas; de fundición; de ferro ou de aceiro. |
| 7604 | Barras e perfís; de aluminio. |
| 7608 | Tubos de aluminio. |
| 7610 | Construcións e partes de construcións (por exemplo: pontes e partes de pontes; torres; casteletes; piares; columnas; cubertas; tellados; portas; ventás e os seus marcos; bastidores e limiars; e balaustradas); de aluminio; con excepción das construcións prefabricadas da partida 9406; chapas; barras; perfís; tubos e similares; de aluminio; preparados para a construción. |
| 8428399800 | Os demais (traselevadores e almacéns automáticos). |
| 8479500000 | Robots industriais, non expresados nin comprendidos noutra parte. |
| 9403209900 | Os demais (Andeis metálicos). |

| P. Estadística | Descrición |
|-------------------------------|--|
| 9404 | Somieres; artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cobrepés, edredóns, coxíns, pufes ou almofadas); con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plásticos celulares; recubertos ou non. |
| <i>Alimentación e bebidas</i> | |
| 0210111100 | Xamóns e anacos de xamón salgados ou en salmoira. |
| 0210113100 | Xamóns e anacos de xamón secos ou afumados. |
| 0210121900 | Touciño entrefebrado e os seus anacos secos ou afumados. |
| 0210194000 | Costelares e anacos de costelares salgados ou en salmoira. |
| 0210198100 | Desosados (carne e miúdos comestibles, salgados ou en salmoira, secos ou afumados). |
| 03054100 | Salmóns do Pacífico, salmóns do Atlántico e salmóns do Danubio (salmóns afumados). |
| 0403 | Soro de manteiga, leite e nata, calladas, iogur, kefir e demais leites e natas fermentados ou acidificados mesmo concentrados, azucrados, edulcorados doutro modo ou aromatizados ou con froita ou cacao. |
| 0406 | Queixo e requeixo, agás 0406902300 e 0406907800. |
| 090121 | Café torrado sen descafeinar. |
| 0901220000 | Café torrado descafeinado. |
| 1101 | Fariña de trigo e de trigo mesturado con centeo. |
| 1507909000 | Os demais (aceite de soia e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente). |
| 1508909000 | Os demais (aceite de cacahuete e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente). |
| 1512199100 | De xirasol (aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). |
| 1514909000 | Os demais (aceite de nabo, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). |
| 1515299000 | Os demais (as demais graxas e aceites vexetais fixos, incluído o aceite de xoxoba e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente). |
| 1601 | Embutidos e produtos similares; de carne; de miúdos ou de sangue; preparacións alimenticias a base destes produtos. |
| 1602 | As demais preparacións e conservas de carne; de miúdos ou de sangue. Excepto 1602503100 Chacina de bovino (corned beef). |
| 1704903000 | Preparación chamada chocolate branco. |
| 1704905190 | Os demais. Artigos de confeitaría sen cacao (incluído o chocolate branco). |
| 1704905500 | Pastillas para a gorxa e caramelos para a tose. |
| 17049071 | Caramelos de azucre cocido; mesmo recheos. |
| 1704907500 | Os demais caramelos. |
| 1806 | Chocolate e demais preparacións alimenticias que conteñan cacao; agás a 18062095. |
| 1901200090 | As demais (preparacións a base de cereais, fariña, amidón, fécula ou leite, produtos de pastelería). |
| 1901909196 | Os demais. Extracto de malte; preparacións alimenticias de fariña, sémola, amidón, fécula ou extracto de malte, que non conteñan cacao ou cun contido inferior ó 40% en peso calculado sobre unha base totalmente desgraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte; preparacións alimenticias, de produtos das partidas 0401 a 0404 que non conteñan cacao ou cun contido inferior ó 5% en peso calculado sobre unha base totalmente desgraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte (mix para xeados). |
| 19019099 | As demais (extracto de malte; preparacións alimenticias de fariña, sémola, fécula ou extracto de malte...) e que non estean incluídos nas partidas 19101909115 e 1901909196. |
| 1902 | Soamente gravados os produtos de envase inferior a 15 quilos. |
| 19041010 | Pastas alimenticias; mesmo cocidas ou recheas (de carne ou outras substancias) ou ben preparadas doutra forma; tales como espaguetes; fideos; macarróns; tallaríns; lasañas; ñoquis; raviolos ou canelóns; cuscús; mesmo preparados. |
| 1905 | Productos a base de cereais obtidos por insuflado ou torrado a base de millo. |
| 2006003100 | Productos de panadería, pastelería, ou galletería, mesmo con cacao, hostias, selos baleiros do tipo dos usados para medicamentos, obreas, pastas desecadas de fariña, amidón ou fécula en follas e produtos similares. |
| 20079110 | Cereixas confeitadas cun contido en azucre superior ó 13% en peso. |
| 20079110 | Cun contido de azucre superior ó 30% en peso (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo). |
| 20079939 | As demais (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo). |
| 20089961 | Conservas de froitos da paixón e goiaba. |
| 20089968 | Os demais (froitas ou outros froitos e demais partes comestibles de plantas, preparados ou conservados doutra forma, mesmo azucrados, edulcorados doutro modo ou con alcohol, non expresado nin comprendido noutras partidas). |
| 200911 | Zume de laranxa conxelado. |
| 200919 | Os demais zumes de laranxa. |
| 200940 | Zume de ananás. |
| 200950 | Zume de tomate. |
| 200970 | Zume de mazá. |

| P. Estadística | Descrición |
|----------------|---|
| 200980 | Zumes de calquera outra froita ou froito, ou hortaliza, mesmo silvestre. |
| 200990 | Mesturas de zumes. |
| 2103 | Preparacións para mollos e mollos preparados; condimentos e sazonadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada. |
| 2105 | Xeados e produtos similares mesmo con cacao. |
| 21069098 | As demais preparacións alimenticias non expresadas nin comprendidas noutras partidas. Os demais. Excluídas a 2106909823, 2106909827, 2106909833, 2106909837, 2106909843 e 2106909847. |
| 2201 | Auga, incluída a auga mineral natural ou artificial e a gasificada; sen azucarar ou edulcorar doutro modo nin aromatizar, xeo e neve. |
| 2202 | Auga, incluídas a auga mineral e a gasificada, con adición de azucre ou outro edulcorante ou aromatizada e as demais bebidas non alcohólicas (agás os zumes de froitas ou outros froitos ou de hortalizas da partida 2009). |
| 2203 | Cervexa de malte. |
| 2204 | Viño de uvas; mesmo encabezado; mosto de uva; agás o da partida n.º 2009. |
| 220840 | Ron e augardente de cana e tafía. |
| 2309 | Preparacións do tipo das usadas para a alimentación animal. |
| | <i>Tabaco</i> |
| 2402 | Xarutos ou puros (incluso despuntados), xarutiños e cigarros, de tabaco ou de sucedáneos de tabaco. |
| | <i>Téxtil, coiro e calzado</i> |
| 611231 | Traxes e pantalóns de baño para homes e nenos de fibra sintética. |
| 611241 | Traxes de baño (dunha ou dúas pezas) para mulleres ou nenas de fibra sintética. |
| 6302 | Roupa de cama; de mesa; de toucador ou de cociña. |
| | <i>Transformado de papel</i> |
| 4808 | Papel e cartón corrugados (mesmo recubertos por encolado), rizado ("crepé"), plisado, gofrado, estampado ou perforado, en bobinas ou en follas, agás o papel dos tipos descritos no texto da partida 4803. |
| 481810 | Papel hixiénico. |
| 481820 | Panos da man, toallíñas para desmaquillaxe e toallas de papel. |
| 481830 | Manteis e servilletas de papel. |
| 4818909010 | Artigos para uso cirúrxico, médico ou hixiénico, sen acondicionar para a venda a retalho, feitos á man. |
| 4819 | Caixas; sacos; bolsas; cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou napas de fibras de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares. |
| 4821 | Etiquetas de toda clase de papel ou cartón; mesmo impresas. |
| 482290 | Tambores, bobinas ou soportes de pasta de papel, salvo os do tipo utilizado para o bobinado de fíos téxtiles. |
| 48235910 | Para máquinas de oficina e similares; en bandas ou en bobinas. |
| 48235990 | Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa). |
| 4823909090 | Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa). |
| | <i>Artes gráficas e a súa edición</i> |
| 4909 | Tarxetas postais impresas ou ilustradas; tarxetas impresas con felicitacións ou comunicacións persoais; mesmo con ilustracións; adornos ou aplicacións; ou con sobre. |
| 4910 | Calendarios de calquera clase impresos; incluídos os tacos de calendario. |
| 4911 | Os demais impresos; incluídas as estampas; gravados e fotografías. |

Artigo 12. Outras modificacións.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, modifícase a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, nos termos que a continuación se sinalan:

Un. A disposición adicional sexta queda redactada da seguinte forma:

«Sexta. Os beneficios fiscais establecidos con anterioridade á vixencia desta lei non producirán

efectos en relación co imposto xeral indirecto canario e co arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias.»

Dous. A disposición adicional décima queda redactada como segue:

«Décima. Un. O Goberno, logo de informe da Comunidade Autónoma canaria, e sen prexuízo do establecido no número seguinte, dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Dous. A Comunidade Autónoma de Canarias, de conformidade co establecido no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Canarias, regulará normativamente os aspectos relativos á xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto xeral indirecto canario e do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias, así como os relativos á revisión dos actos dictados en aplicación deles.

Tres. Corresponde ós órganos competentes da Comunidade Autónoma de Canarias a competencia para contesta-las consultas tributarias relativas ó imposto xeral indirecto canario e co arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías nas illas Canarias formuladas ó abeiro do artigo 107 da Lei xeral tributaria, ben que naquelas a contestación das cales afecte ou teña transcendencia noutros impostos, así como, en todo caso, nas relativas á localización do feito imponible, será necesario informe previo do Ministerio de Facenda.»

SECCIÓN 5.^a IMPOSTO SOBRE A PRODUCCIÓN, OS SERVICIOS
E A IMPORTACIÓN NAS CIDADES DE CEUTA E MELILLA

Artigo 13. *Modificación da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se crea o imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, modifícase a alínea c) do artigo 3.º da Lei 8/1991, do 25 de marzo, do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla, que quedará redactada da seguinte forma:

«c) As entregas de bens inmobles que radiquen no ámbito territorial das cidades de Ceuta e Melilla, realizadas por empresarios ou profesionais que actúen no exercicio das súas actividades.

Para os efectos deste imposto, consideraranse entregas de bens inmobles a construción, execución de obras inmobiliarias e transmisión deses bens.

En ningún caso, os actos do tráfico inmobiliario tributarán á vez por este imposto e o que grava as transmisións patrimoniais onerosas, aplicándose, para efectos da súa incompatibilidade, as normas da lexislación común.»

CAPÍTULO III

Taxas

Artigo 14. *Modificación do artigo 73 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Un. Con efectos desde 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

O número 2 do artigo 73 quedará redactado da seguinte forma:

«2. O importe a satisfacer en concepto desta taxa será o resultado de dividir polo tipo de conversión contemplado na Lei 46/1998, do 17 de decembro, de introducción do euro, o resultado de multiplicar a cantidade de unidades de reserva radioelétrica do dominio público reservado polo valor que se asigne á unidade. Nos territorios insulares, a superficie a aplicar para o cálculo das unidades radioeléctricas que se utilicen para a determinación da taxa correspondente calcularase excluíndo a cobertura non solicitada que se estenda sobre a zona marítima. Para os efectos do disposto

neste número, enténdese por unidade de reserva radioelétrica un patrón convencional de medida, referido á ocupación potencial ou real, durante o período dun ano, dunha amplitude de banda dun quilohercio sobre un territorio dun quilómetro cadrado.»

Dous. O número 5 do artigo 73 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado nos seguintes termos:

«5. O pagamento da taxa deberá ser realizado tanto polos titulares de estacións radioeléctricas emisoras como polos titulares das meramente receptoras que precisen de reserva radioelétrica. As estacións meramente receptoras que non dispoñan de reserva radioelétrica estarán excluídas do pagamento da taxa. Así mesmo, non estarán suxeitos ó pagamento os enlaces descendentes de radiodifusión por satélite, tanto sonora como de televisión. O importe da exacción será ingresado no Tesouro Público.»

Tres. Os números 10 e 11 da disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedan redactados nos seguintes termos:

«10. Taxa por asignación do recurso limitado de nomes de dominio e enderezos da internet.

O feito imponible da taxa por asignación de nomes de dominio e enderezos da internet estará constituído pola realización pola entidade pública empresarial Red.es, das actividades necesarias para a asignación e renovación de nomes de dominio e enderezos da internet baixo o código de país correspondente a España (.es).

Serán suxeitos pasivos da taxa os solicitantes da asignación ou renovación dos nomes e enderezos da internet.

A contía da taxa será única por cada nome ou enderezo do que se solicite a asignación ou a renovación. En ningún caso se procederá á asignación ou á renovación do nome ou enderezo sen que se efectuase previamente o pagamento da taxa.

A contía por asignación anual inicial será de 108,18 euros.

A contía da taxa por renovación anual nos anos sucesivos será, en tódolos casos, de 72,12 euros.

A contía da taxa poderá ser modificada pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

A taxa devengarase na data en que se proceda, nos termos que se establezan regulamentariamente, á admisión da solicitude de asignación ou de renovación dos nomes ou enderezos da internet, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

A exacción da taxa producirase a partir da atribución da súa xestión á entidade pública empresarial Red.es e da determinación do procedemento para a súa liquidación e pagamento.

Os modelos de declaración, prazos e formas de pagamento da taxa aprobaranse mediante resolución da entidade pública empresarial Red.es.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores deste número, nos supostos de carácter excepcional en que así estea previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio e nos termos que nel se fixen, con base no especial valor de mercado do uso de determinados nomes e enderezos, a contía fixa por asignación anual inicial poderá substituírse pola que resulte dun procedemento de lici-

tación no que se fixará un valor inicial de referencia estimado. Se o valor de adxudicación da licitación resultase superior ó devandito valor de referencia, aquel constituirá o importe da taxa. Nos supostos en que se siga este procedemento de licitación, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía requirirá, con carácter previo á súa convocatoria, á autoridade competente para o Rexistro de Nombres de Dominio para que suspenda o outorgamento dos nomes e enderezos que considere afectados polo seu especial valor económico. A seguir, procederase a aproba-lo correspondente prego de bases que establecerá, tomando en consideración o previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio, os requisitos, condicións e réxime aplicable á licitación.

O importe dos ingresos obtidos por esta taxa destinarase a financiar os gastos da entidade pública empresarial Red.es polas actividades realizadas no cumprimento das funcións asignadas a esta nas alíneas a), b), c) e d) do número cuarto desta disposición, ingresándose, se é o caso, o excedente no Tesouro Público, de acordo coa proporción e contía que se determine mediante resolución conxunta das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, por proposta desta última.

11. Os ingresos xerados pola prestación da actividade de asignación e renovación de nomes de dominio e enderezos da internet con anterioridade á exacción efectiva da taxa por asignación do recurso limitado de nomes e enderezos desde a entrada en vigor da resolución da Secretaría Xeral de Comunicacions do 10 de febreiro de 2000 ("Boletín Oficial del Estado" do 8 de marzo), pola que se designa o ente público da Rede Técnica Española de Televisión como autoridade competente para a xestión do Rexistro dos Nomes de Dominio da internet baixo o código de país correspondente a España, dictada en virtude do artigo 27.13 do Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei xeral de telecomunicacións, aprobado mediante o Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo, aplicaranse ó financiamento dos gastos xerados como consecuencia da citada actividade durante o período previo á efectiva exacción da taxa. No caso de que os mencionados ingresos excedesen os ditos gastos, deberán ingresarse no Tesouro Público.»

Artigo 15. Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.

Un. Suprímese a alínea e) do artigo 5.1 da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 5, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Aqueles que por razón das súas aptitudes psicofísicas veñan obrigados a solicita-la prórroga de vixencia dun permiso ou outra autorización administrativa para conducir de que sexan titulares con frecuencia maior á que normalmente lles correspondería terán dereito a unha bonificación do 80 por 100 da contía da taxa cando a prórroga se produza por períodos iguais ou inferiores a un ano, reducíndose a bonificación en 20 puntos porcentuais por cada ano adicional. A taxa aboarase na súa totalidade a partir de períodos de vixencia

superiores a catro anos. Unha vez calculado o importe reducido, aplicaráselle o redondeo de cantidades aprobado con carácter xeral para as taxas da Xefatura Central de Tráfico co fin de obte-la contía a esixir.»

Tres. Modifícanse o texto da taxa 3 e as tarifas das taxas 3.1 e 3.2, incluídas no grupo I. Permisos de circulación, do artigo 6, quedando fixadas nas seguintes contías:

«3. Tramitación de solicitude de autorizacións complementarias de circulación e as súas modificacións previstas no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos.

1. Tramitación de solicitude da autorización: 30,00 euros.

2. Tramitación de solicitude de modificación da autorización: 6,00 euros.»

Catro. Modifícase o artigo 11, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Recadación.*

O pagamento das taxas efectuarase en metálico ou por calquera outro medio de pagamento admitido pola normativa aplicable a ingresos públicos.

O ingreso do recadado efectuarase na conta intervida do organismo, aberta no Banco de España ou en calquera outra entidade de crédito, nos termos previstos no artigo 118 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e logo da autorización da Dirección Xeral do Tesouro Público e Política Financeira.

Cando para o cobramento sexa preciso utiliza-lo procedemento de constrinximento, este axustarase ó establecido no Regulamento xeral de recadación.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 15, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Modificación das contías das taxas:*

1. Só se poderán modificar, mediante lei, o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación sobre a base dos cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible os determinados no artigo 6 desta lei.

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderanse efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior número deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal deberá axustarse ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.»

Artigo 16. Taxas pola prestación de servicios de control metrolóxico.

Un. A taxa por prestación de servicios de control metrolóxico rexerese por esta lei, polo establecido no artigo 16 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medi-

das fiscais, administrativas e da orde social, e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación pola Administración xeral do Estado dos servizos de control metrolóxico dos instrumentos, medios e/ou sistemas de medida sometidos ó devandito control; a expedición de certificacións e acreditacións de natureza metrolóxica, a realización de avaliacións e estudos, e a habilitación de laboratorios de verificación primitiva oficialmente autorizados.

Tres. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude de prestación dos servizos que constitúen o feito imponible dela.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de calquera dos servizos que constitúen o feito imponible dela.

I. Taxas de control metrolóxico:

Aprobación de modelo, aprobación CEE de modelo e aprobación CE de modelo

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico. | 2.252,70 |
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico. | 2.778,32 |
| Sistema de medida para subministración de carburante líquido ós vehículos de motor, aparello surtidor e/ou dispensador Q=n.º de caudais máximos diferentes na aprobación de modelo. | 3.135,28 + |
| | 601,010 |
| Analizador de gases de escape. | 4.889,89 |
| Opacímetro. | 4.973,05 |
| Sonómetro. | 2.343,63 |
| Sonómetro integrador promediador. | 2.840,25 |
| Calibrador sonoro. | 1.982,72 |

Verificación primitiva, verificación primitiva CEE e verificación CE

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico. | 263,28 |
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico. | 313,43 |
| Sistema de medida para subministración de carburante líquido ós vehículos a motor, aparello dispensador (1.ª fase). | 149,25 |
| Analizador de gases de escape. | 201,57 |
| Opacímetro. | 206,91 |
| Cinemómetro estático sobre vehículo ou en instalación fixa (1.ª fase). | 217,21 |
| Cinemómetro móbil (1.ª fase). | 325,46 |
| Cinemómetro estático sobre vehículo, sobre poste ou de bandas, ou en instalación fixa (2.ª fase). | 135,26 |
| Sonómetro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 189,40 |

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou por canal). | 261,65 |
| Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 157,02 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >1.000 kg e ≤10.000 kg. | 121,28 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo receptor de carga. | 419,54 |

Verificación periódica

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico. | 263,28 |
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico. | 313,43 |
| Taxímetro. | 194,59 |
| Sistema de medida para subministración de carburante líquido ós vehículos a motor, aparello surtidor e/ou dispensador. | 148,25 |
| Analizador de gases de escape. | 201,57 |
| Opacímetro. | 206,91 |
| Sonómetro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 145,56 |
| Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou por canal). | 197,19 |
| Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 121,44 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >1.000 kg e ≤10.000 kg. | 121,28 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo receptor de carga. | 419,54 |

Verificación despois de reparación ou modificación

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|--|-----------------------|
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, monofásico. | 263,28 |
| Contador eléctrico estático de enerxía activa, clases 1 e 2, trifásico. | 313,43 |
| Taxímetro. | 194,59 |
| Sistema de medida para subministración de carburante líquido ós vehículos a motor, aparello surtidor e/ou dispensador. | 148,25 |
| Analizador de gases de escape. | 201,57 |
| Opacímetro. | 206,91 |
| Cinemómetro estático sobre vehículo ou en instalación fixa. | 353,37 |
| Cinemómetro móbil. | 521,49 |

| Instrumento, medio e/ou sistema de medida | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Sonómetro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 160,00 |
| Sonómetro integrador promediador (por nivel de presión sonora ou por canal). | 216,97 |
| Calibrador sonoro (por nivel de presión sonora ou por canal). | 133,50 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >1.000 kg e ≤10.000 kg. | 121,28 |
| Instrumento de pesaxe de funcionamento non automático con alcance máximo >50.000 kg con ensaios en máquina de forza por xeometría do dispositivo receptor de carga. | 419,54 |

| Certificacións, estudos, acreditacións e habilitacións de carácter metroloxico | Importe — Euros |
|---|-----------------------|
| Estudio e avaliación técnica de presunción de conformidade a regulamento técnico, norma ou procedemento legal establecido noutros estados da UE ou signatarios do AEEU. | 1.202,02 |
| Declaración de conformidade co modelo (acreditación de sistema de calidade de fabricante). | 4.800,29 |
| Control CE (acreditación de sistema de calidade de fabricante). | 3.040,18 |

II. As autorizacións de modificacións non substanciais dun modelo aprobado devengarán o 25 por 100 da taxa para a aprobación de modelo.

III. As autorizacións de prórrogas das aprobacións realizadas con carácter temporal devengarán o 10 por 100 da taxa para a aprobación de modelo.

Cinco. A xestión e liquidación da taxa son efectuadas polo Centro Español de Metroloxía nos termos establecidos regulamentariamente.

Artigo 17. Taxa por actuacións dos rexistros de buques e empresas de navegación.

Dáselle unha nova redacción á disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, quedando redactada da seguinte maneira:

«1. As actuacións dos rexistros de buques e empresas de navegación regulados no artigo 75 e na disposición adicional décimo quinta desta lei darán lugar á percepción das seguintes taxas:

- a) Taxa de inscrición.
- b) Taxa de baixa.
- c) Taxa de actuacións administrativas intermedias.

Estas taxas rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito impositivo das taxas a que se refire o número anterior, respectivamente, a ins-

crución, a baixa e as actuacións intermedias, por instancia de parte, de cada buque matriculado nos rexistros.

3. O devengo da taxa producirase:

a) No caso das taxas de inscrición ou baixa, cando se practiquen os correspondentes asentos nos rexistros.

b) No caso de actuacións administrativas intermedias, no momento da solicitude do servizo.

4. Serán suxeitos pasivos tódalas persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o feito impositivo.

5. As contías esixibles serán as seguintes:

a) Taxa de inscrición: 0,15 € por unidade de arqueo, cun mínimo do 15,03 €.

b) Taxa de baixa: 0,15 € por unidade de arqueo, cun mínimo do 15,03 €.

c) Taxa de actuacións administrativas intermedias:

Tarifa primeira. Actuación administrativa por instancia de parte que implique anotación en folla de asento: 15 €.

Tarifa segunda. Certificacións por instancia de parte. Copia de follas de asento, por cada unha: 6 €.

Tarifa terceira. Copia simple do contido dos expedientes: 15 €.

6. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación do 20 de decembro do 1990.

7. A taxa será obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo.

8. A xestión da taxa será levada a cabo pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento.»

Artigo 18. Taxa por expedición de títulos profesionais marítimos e de recreo.

Modifícase o número seis do artigo 17 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedando redactado da seguinte maneira:

«Seis. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.»

Artigo 19. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Un. A disposición adicional duodécima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional duodécima. *Financiamiento da Comisión Nacional de Enerxía.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía asumirá as obrigas e a xestión daqueles expedientes que estivesen pendentes na Comisión Nacional do Sistema Eléctrico a que se refire a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como a retribución que corresponde, de acordo coa citada lei, á dita Comisión.

2. Para os efectos previstos nesta lei, o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía inte-

grarase, entre outros conceptos, polas seguintes taxas:

Primeiro. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos líquidos.

a) Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector dos hidrocarburos líquidos, de conformidade co establecido na disposición adicional undécima desta lei e disposicións de desenvolvemento dela.

b) Base imponible.

A base imponible da taxa está constituída polas vendas anuais de gasolinas, gasóleos, querosenos, fuelóleos e gases licuados do petróleo a granel e envasado expresadas en toneladas métricas (Tm), que se entregasen en territorio nacional. Para estes efectos, non terán a consideración de vendas as realizadas entre operadores, nin as vendas realizadas polos operadores ós que se refire o artigo 45 desta lei a distribuidores de gases licuados do petróleo por canalización a consumidores finais.

As vendas a que se refire o parágrafo anterior calcularanse anualmente, con base nas realizadas no ano natural anterior e aplicaranse a partir do 1 de xaneiro. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía determinarase as vendas anuais que corresponden a cada operador e que servirán de base para o cálculo da cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía.

En canto non se dicte a resolución a que se refire o parágrafo anterior, a Comisión Nacional de Enerxía efectuará a liquidación prevista na alínea f) deste número conforme as vendas anuais establecidas para o exercicio inmediatamente anterior.

Unha vez dictada a resolución pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, a Comisión Nacional de Enerxía efectuará as regularizacións que, se é o caso, procedan, de acordo coa determinación de vendas que a mesma establececese.

c) Devengo da taxa.

A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos.

Os suxeitos pasivos da taxa son os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 desta lei.

e) Tipo de gravame e cota.

O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determina-la cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,140817 euros/Tm.

f) Normas de xestión.

A taxa será obxecto de liquidación mensual pola Comisión Nacional de Enerxía, ascendendo o importe de cada liquidación practicada á doceava parte da cota tributaria definida na alínea e) anterior.

O ingreso da taxa liquidada e notificada pola Comisión Nacional de Enerxía será realizado polos suxeitos pasivos definidos na alínea d) anterior nos prazos fixados no artigo 20.2 do Regulamento xeral de recadación.

Segundo. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico.

a) Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico, de conformidade co establecido na disposición adicional undécima desta lei, normativa sectorial correspondente, e disposicións de desenvolvemento delas.

b) Exencións e bonificacións.

En materia de exencións e bonificacións aplicarase o establecido na disposición adicional única do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, pola que se determina o réxime de exencións e coeficientes reductores aplicable ás cotas a que se refire o artigo 5 do citado real decreto, modificada pola disposición adicional primeira do Real decreto 3490/2000, do 29 de decembro.

Así mesmo, resultará de aplicación o disposto na disposición transitoria sexta do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

c) Base imponible.

A base imponible da taxa está constituída pola facturación total derivada da aplicación das tarifas eléctricas e peaxes a que se refiren os artigos 17 e 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

d) Devengo da taxa.

A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

e) Suxeitos pasivos.

Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que desenvolven as actividades de transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

f) Tipos de gravame e cota.

No caso das tarifas eléctricas a que se refire o artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determina-la cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,069 por 100.

No caso das peaxes a que se refire o artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determina-la cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,201 por 100.

g) Normas de xestión.

A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na alínea e) anterior. O suxeito pasivo cubrirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante resolución a Comisión Nacional de Enerxía.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes, os suxeitos pasivos deberán presentar á Comisión Nacional de Enerxía declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ó mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O ingreso das taxas correspondentes á facturación do penúltimo mes anterior realizarase antes do día 10 de cada mes ou, se é o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

h) Integración da taxa na estrutura de tarifas eléctricas e peaxes prevista na Lei 54/1997, do 27 de novembro.

A taxa por prestación de servicios e realización de actividades no sector eléctrico ten a consideración de custo permanente do sistema, nos termos previstos no artigo 16.5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, integrándose para tódolos efectos na estrutura de tarifas eléctricas e peaxes establecida pola citada lei e disposicións de desenvolvemento dela.

Terceiro. Taxa aplicable á prestación de servicios e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos gasosos.

a) Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servicios e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía no sector dos hidrocarburos gasosos, de conformidade co establecido na disposición adicional undécima desta lei e disposicións de desenvolvemento dela.

b) Base imponible.

A base imponible da taxa está constituída pola facturación total derivada da aplicación das tarifas de combustibles gasosos, peaxes e canons a que se refiren os artigos 93 e 94 da presente lei.

c) Devengo.

A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos.

Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que realicen as actividades de regasificación, almacenamento estratéxico, transporte e distribución, nos termos previstos nesta lei.

e) Tipos de gravame e cota.

No caso das tarifas de combustibles gasosos a que se refire o artigo 93 da presente lei, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determina-la cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,061 por 100.

No caso das peaxes e canons a que se refire o artigo 94 desta lei, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determina-la cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,166 por 100.

f) Normas de xestión.

A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na alínea d) anterior. O suxeito pasivo cubrirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante resolución a Comisión Nacional de Enerxía.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes, os suxeitos pasivos deberán presentar á Comisión Nacional de Enerxía declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ó mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O prazo para o ingreso das taxas correspondentes á facturación de cada mes será, como máximo,

o día 10, ou o seguinte día hábil, do mes seguinte ó seguinte a aquél a que se refira o período de facturación liquidado.

g) Integración da taxa na estrutura de tarifas de combustibles gasosos, peaxes e canons prevista nesta lei.

A taxa por prestación de servicios e realización de actividades no sector de hidrocarburos gasosos ten a consideración de custo permanente do sistema gasista, integrándose para tódolos efectos na estrutura de tarifas de combustibles gasosos, peaxes e canons establecida por esta lei e disposicións de desenvolvemento dela.

Cuarto. A xestión e recadación en período voluntario das taxas definidas na presente disposición corresponderá á Comisión Nacional de Enerxía, nos termos previstos na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria e demais normativa de aplicación.

A competencia para acorda-lo aprazamento e fraccionamento do pagamento en período voluntario das taxas definidas na presente disposición corresponderá, así mesmo, á Comisión Nacional de Enerxía, segundo o previsto no artigo 50 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

A recadación en vía executiva será competencia dos órganos de recadación da Facenda Pública, de acordo co previsto na normativa tributaria.

Quinto. No non previsto nos números anteriores será de aplicación o establecido na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Dous. Engádeselle unha nova disposición transitoria á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

«Disposición transitoria décimo sétima. *Réxime transitorio dos ingresos da Comisión Nacional de Enerxía.*

1. En canto non se determine para o exercicio 2002 a base imponible referida na alínea b), primeiro, do número 2 da disposición adicional duodécima da presente lei, seguirán sendo de aplicación as vendas medias mensuais de gasolinas, gasóleos, querosenos e fuelóleos establecidas mediante resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía do 8 de marzo de 2001

Una vez dictada a correspondente resolución pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, a Comisión Nacional de Enerxía efectuará as regularizacións que, se é o caso, procedan, de acordo coa determinación de vendas que ela establecece.

2. En canto non sexan aprobados pola Comisión Nacional de Enerxía os impresos de declaración-liquidación a que se refiren os números segundo e terceiro da disposición adicional duodécima número 2 desta lei, resultarán de aplicación os modelos normalizados aprobados mediante resolución da Comisión Nacional de Enerxía do 23 de marzo de 2000 e Circular 3/1998, do 30 de xullo, da Comisión Nacional do Sistema Eléctrico.

3. Os ingresos da Comisión Nacional de Enerxía correspondentes ó ano 2001 e exercicios anteriores ó citado pendentes de recadación á entrada en vigor desta lei seguiranse rexendo para tódolos efectos pola normativa anterior.»

Artigo 20. Taxa por prestación de servicios e realización de actividades en materia de navegación aérea para aeronaves históricas.

Modifícanse, con efectos do 1 de xaneiro de 2002, os seguintes aspectos do artigo 22 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións no punto dous do artigo 22 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, respecto do texto de determinadas tarifas, que quedarán redactadas como segue:

«Tarifa cuarta. Expedición de autorizacións especiais relacionadas coa operación (MNPS, RNAV, Cat II/III, RVSM e ETOPS).

Tarifa novena. Expedición de títulos e primeira licenza de persoal técnico de voo, así como de piloto privado de avión e de helicóptero, piloto de planeador e piloto de globo libre.

Tarifa décima. Renovación/validación das licencias de persoal técnico de voo así como de pilotos privados de avión e de helicóptero, piloto planeador e piloto de globo libre.

Tarifa vixésimo primeira. Expedición e renovación da autorización para exercer funcións de médico examinador aéreo clases 2, 3 ou 2/3.

Tarifa vixésimo terceira. Expedición de licencias restrinxidas do persoal técnico de voo.

Tarifa vixésimo cuarta. Actualización de licencias de persoal técnico de voo, controladores de tránsito aéreo, pilotos privados de avión e de helicóptero, piloto de planeador, piloto de globo libre, e certificados de TCP'S. Anotación de habilitacións, anotación de títulos, anotación do certificado de operador radiofonista internacional, duplicados de licencias, títulos e certificados de TCP, levantamento de restricións, anotación de categorías II/III para operacións ILS.

Tarifa vixésimo sexta. Expedición de certificacións de experiencia de voo.»

Segundo. Créanse novas tarifas, que quedarán redactadas como segue:

«Tarifa trixésima. Autorización e renovación de escolas de tripulantes de cabina de pasaxeiros.
Tarifa trixésimo primeira:

Recoñecemento de licencias de pilotos de aeronaves emitidas en países da Unión Europea a cidadáns desta.

Transformación de título e licenza nacional a licenza JAR-FCL.

Validación de licencias estranxeiras de conformidade coa normativa JAR-FCL.»

Terceiro. Modifícanse determinadas tarifas recollidas no punto catro do artigo 22 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado como segue:

«Tarifa novena:

a) Expedición de título e primeira licenza de persoal técnico de voo: 150 euros.

b) Expedición de títulos e primeira licenza de piloto privado de avión e de helicóptero, piloto planeador e piloto de globo libre: 40 euros.

Tarifa décima:

a) Persoal técnico de voo: 90 euros.

b) Piloto privado de avión e helicóptero, piloto de planeador e piloto de globo libre: 20 euros.

Tarifa décimo primeira:

a) Expedición de certificados: 72,12 euros.
b) Renovación de certificados: 36,6 euros.

Tarifa vixésimo primeira:

a) Expedición da autorización (clase 2): 300,51 euros.

b) Expedición da autorización (clase 3,2/3): 450,76 euros.

c) Renovación da autorización (clase 2,3,2/3): 150,25 euros.»

Cuarto. Engádenselle as contías das novas tarifas, que quedarán redactadas como segue:

«Tarifa trixésima: 700 euros por autorización e renovación.

Tarifa trixésimo primeira: 150 euros.»

Quinto. Engádeselle un novo punto ó artigo 22, que quedará redactado como segue:

«Oito. Quedan exentos do pagamento da taxa:

a) As persoas físicas ou xurídicas que solicitan a prestación dos servicios ou a realización de actividades que constitúen feitos impositivos, en relación coas aeronaves históricas afectas a fundacións de interese cultural.

b) Os suxeitos pasivos titulares rexistrados das aeronaves que soliciten a súa cancelación por destrución ou inoperatividade delas.»

Artigo 21. Taxas por inscrición e de acreditación catastral.

Os números catro e sete do artigo 33 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedan redactados como segue:

«Catro. O estado, as administracións públicas e demais entidades públicas territoriais e institucionais estarán exentas da taxa de inscrición catastral cando actúan en interese propio e directo para o cumprimento dos seus fins e da de acreditación catastral sempre que, ademais, necesiten dispor de información catastral para o exercicio das súas competencias. Estas exencións concederanse logo de petición da entidade interesada, que deberá acreditarla concorrencia dos requisitos anteriormente indicados.

Estas mesmas entidades estarán exentas da taxa de acreditación catastral, nos supostos de entrega e utilización de información catastral cando a información se destine á tramitación de procedementos iniciados por instancia de parte que teñan por obxecto a concesión de axudas e subvencións públicas.

Así mesmo, estarán exentas desta última taxa as institucións que soliciten a información catastral para a tramitación dos procedementos de asistencia xurídica gratuíta e os notarios e rexistradores respecto ós relativos á xestión da referencia catastral nos casos previstos nos artigos 51.tres e 53.un desta lei, así como os que firmasen coa Dirección Xeral do Catastro un convenio ou acordo de colaboración para o mantemento, actualización ou xeración da información catastral.

Estarán exentos da taxa por inscrición catastral os que soliciten a inscrición mediante a presentación de declaracións elaboradas co programa informático de axuda subministrado pola Dirección Xeral do Catastro.»

«Sete. A contía da taxa determinarase:

a) Para os casos de inscrición catastral, a contía será de 3,00 euros por cada unha das parcelas rústicas e de 6,00 euros por cada unha das unidades urbanas que, en cada caso, orixinen o feito imponible, excepto para os cambios de cultivo ou aproveitamento nos bens inmobles de natureza rústica, que será de 3,00 euros por cada unha das subparcelas rústicas que orixinen o devandito feito imponible.

b) Para os casos de acreditación catastral pola suma, se é o caso, das seguintes cantidades:

3,00 euros por cada documento expedido.

3,00 euros por cada unha das unidades urbanas ou parcelas rústicas a que se refira o documento, con independencia, neste último caso, do número de subparcelas para as que se solicite a acreditación.

Non obstante, para os documentos que especificamente se relacionan, que se subministrarán nos formatos e soportes dispoñibles na Dirección Xeral do Catastro, as contías da taxa serán as seguintes:

Copia de ortofotografías en papel fotográfico ou diapositiva: 30,00 euros/unidade.

Copia de ortofotografías en papel opaco: 12,00 euros/unidade.

Copia de fotografía aérea en positivo por contacto: 9,00 euros/unidade.

Copia de fotografía aérea en papel opaco: 6,00 euros/unidade.

Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4: 6,00 euros/unidade.

Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3: 12,00 euros/unidade.

Copia de cartografía en papel reproducibile: 30,00 euros/unidade.

Copia de cartografía dixitalizada urbana: 3,00 euros/hectárea.

Copia de cartografía dixitalizada rústica: 0,12 euros/hectárea.

Información alfanumérica dixital urbana e rústica: 0,06 euros /registro.

Expedición de copias de información non gráfica de expedientes: 0,30 euros/folla.

Copia de ortofotografías en soporte dixital: 30,00 euros/unidade.

Nas certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica, a contía será de 12,00 euros por documento expedido.

Nas certificacións catastrais que incorporen datos cunha antigüidade superior a cinco anos, a contía da taxa incrementarase en 30,00 euros por cada documento expedido.

c) Nos casos en que a Dirección Xeral do Catastro autorice o suxeito pasivo a transformala información catastral subministrada e distribuír posteriormente o resultado desa transformación, nos termos previstos no artigo 21 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, a contía da taxa por cada copia que se pretenda distribuír será a seguinte:

Cartografía catastral dixitalizada urbana: 0,30 euros/hectárea.

Cartografía catastral dixitalizada rústica: 0,03 euros/hectárea.

Na petición que formule o suxeito pasivo deberá constalo número de copias do produto transformado que se pretende distribuír.»

Artigo 22. Taxa de aproximación.

Un. A tarifa de aproximación retribúe os servizos de navegación aérea prestados para seguridade da circulación aérea e fluidez dos seus movementos nesta fase de voo.

A tarifa de aproximación será de aplicación en tódolos aeroportos e bases aéreas abertas ó tráfico civil.

Considéranse as operacións de aproximación e despegue como un único servizo para efectos desta tarifa.

Dous. A tarifa de aproximación non será de aplicación ós seguintes tipos de voos:

1. Os voos efectuados por aeronaves civís cun peso máximo autorizado ó despegue, indicado no certificado de aeronavegabilidade, no manual de voos ou en calquera outro documento oficial equivalente, inferior a 2 toneladas métricas.

2. Os voos efectuados exclusivamente para o transporte de soberanos, xefes de estado e de goberno, así como de ministros de goberno en misión oficial.

3. Os voos de busca ou salvamento autorizados por un organismo de Servicio Aéreo de Rescate (SAR) competente.

4. Os voos de aeronaves militares españolas.

5. Os voos das aeronaves militares daqueles países cos que existan acordos de reciprocidade.

Tres. Son suxeitos pasivos da presente taxa os explotadores das aeronaves que realicen as manobras de aproximación e saída dos aeroportos españois.

Resultará obrigado ó pagamento o explotador pola conta do cal se realiza a manobra de saída, cando este non coincida co que realizou a manobra de aproximación.

No caso de que o nome do explotador non sexa coñecido, estimarase que o propietario é o explotador da aeronave, salvo que o devandito propietario designe persoa que ten a condición de explotador.

Catro. A tarifa será esixible desde o momento en que calquera aeronave tome terra nalgún dos aeroportos españois, e liquidarase, ou con antelación á saída dela, ou cunha periodicidade, ó menos, mensual.

Cinco. O importe da presente tarifa será o que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

$$R = T \times p^n$$

na cal:

R = Prezo total a pagar por operación.

T = Tarifa unitaria.

p = Peso máximo autorizado ó despegue da aeronave, expresado en toneladas métricas, tal como figura no certificado de aeronavegabilidade ou no manual de voo dela, ou en calquera outro documento oficial equivalente.

A partir de que se faga efectiva a encomenda a que se fai referencia no artigo oitavo, para un explotador que declarou a Eurocontrol, que a frota de que dispón comprende varias aeronaves correspondentes a versións diferentes dun mesmo tipo, o peso para cada aeronave deste tipo será determinado sobre a base da media dos pesos máximos autorizados ó despegue de tódalas aeronaves dese tipo. O cálculo desta media por tipo de aeronave de cada explotador efectuarase, ó menos, cada ano. En ausencia de tal declaración, o peso de cada aeronave dun mesmo tipo utilizada por ese explotador será establecido sobre a base do peso máximo autorizado ó despegue da versión máis pesada deste tipo.

n = Coeficiente de ponderación, 0,9.

Seis. A tarifa unitaria será fixada anualmente polo Ministerio de Fomento en función dos custos do servizo e do número de aeronaves estimadas que fagan uso

do devandito servicio. Co obxecto de conseguilo equilibrio entre ingresos e custos reais orixinados pola prestación do servicio, na base de custo para determina-la tarifa dun ano n incluírase, como parte dela, o saldo entre ingresos e custos reais do exercicio n-2.

Sete. As tarifas aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2002 serán:

Os aeroportos de Madrid/Barajas, Barcelona, Gran Canaria, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife/Sur, Alicante, Lanzarote, Sevilla, Valencia, Menorca e Ibiza: 4,039402 euros.

Os aeroportos de Bilbao, Santiago, Fuerteventura e Tenerife/Norte: 3,635461 euros.

Os aeroportos de Almería, Asturias, Girona, Granada, La Palma, Santander, Zaragoza, A Coruña, El Hierro, La Gomera, Madrid/Cuatro Vientos, Melilla, Pamplona, San Sebastián, Vigo, Vitoria, Badajoz, Jerez, Murcia/San Javier, Reus, Valladolid, Salamanca, Sabadell e o resto dos aeroportos xestionados polo ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea non incluídos nos números anteriores: 3,029552 euros.

A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento en función do tráfico que soporten.

Oito. O cálculo, a facturación, a contabilidade e o cobramento da presente tarifa encoméndase á Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea (EUROCONTROL), conforme o disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 3.º, 2, l) do Acordo Multilateral do 12 de febreiro do 1981, relativo ás tarifas por axudas á navegación aérea, ratificado por instrumento do 14 de abril do 1987, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 138, do 10 de xuño, rexéndose tal xestión e cobramento polo devandito acordo multilateral, e polo disposto no Decreto 1675/1972, do 28 de xuño, sobre tarifas por uso da rede de axudas, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 158, do 3 de xullo, e polas disposicións que se dicten conforme eles.

A presente encomenda producirá efectos a partir da subscripción do correspondente convenio entre o ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea e Eurocontrol, ata entón continuará encomendada ó ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea.

Artigo 23. *Taxas esixibles polos servicios e actividades realizadas en materia de medicamentos.*

Un. Substitúese o grupo I do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo I. Especialidades farmacéuticas de uso humano:

1.1 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica xenérica: 2.115,00 euros.

1.2 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica publicitaria: 2.115,00 euros.

1.3 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica distinta ás contempladas nos epígrafes 1.1 e 1.2: 4.230,00 euros

1.4 Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica: 565,00 euros.

1.5 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica, definida como de "importancia maior"

no Regulamento (CE) número 541/1995, da Comisión (incluídas as modificacións que de acordo co anexo II do citado regulamento requiren a presentación dunha nova solicitude de autorización de comercialización): 2.120,00 euros.

1.6 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica, definida como de "importancia menor" no Regulamento (CE) número 541/1995 da Comisión: 350,00 euros.

1.7 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica: 1.950,00 euros.

1.8 Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar unha especialidade farmacéutica xa autorizada: 70,00 euros

1.9 Procedemento de autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica: 625,00 euros.

1.10 Procedemento de modificación da autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica: 310,00 euros.

1.11 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización para a "importación paralela" dunha especialidade farmacéutica: 310,00 euros.

1.12 Expedición de certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dun granel e dunha especialidade farmacéutica: 625,00 euros.

1.13 Expedición de certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dunha especialidade farmacéutica: 310,00 euros.»

Dous. Substitúese o grupo II do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo II. Medicamentos de plantas medicinais:

2.1 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica a base de plantas medicinais: 2.115,00 euros.

2.2 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun produto fitotradicional (plantas tradicionalmente consideradas como medicinais) con mestura de especies vexetais: 525,00 euros.

2.3 Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais: 290,00 euros.

2.4 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais: 350,00 euros.

2.5 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dun medicamento de plantas medicinais: 975,00 euros.

2.6 Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un medicamento de plantas medicinais xa autorizado: 35,00 euros.

2.7 Presentación de notificación previa á comercialización dun produto fitotradicional (plantas tradicionalmente consideradas como medicinais) cunha soa especie vexetal: 300,00 euros.»

Tres. Substitúese o grupo III do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo III. Medicamentos homeopáticos:

3.1 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica homeopática: 2.115,00 euros.

3.2 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun medicamento homeopático sen indicación terapéutica aprobada: 520,00 euros.

3.3 Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun medicamento homeopático: 290,00 euros.

3.4 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun medicamento homeopático: 350,00 euros.

3.5 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica homeopática: 975,00 euros.

3.6 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dun medicamento homeopático sen indicación terapéutica aprobada: 260,00 euros.

3.7 Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un medicamento homeopático xa autorizado: 35,00 euros.»

Catro. Substitúese o grupo IV do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo IV. Gases medicinais:

4.1 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dun gas medicinal: 2.115,00 euros.

4.2 Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dun gas medicinal: 290,00 euros.

4.3 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dun gas medicinal: 350,00 euros.

4.4 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dun gas medicinal: 975,00 euros.

4.5 Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar un gas medicinal xa autorizado: 35,00 euros.»

Cinco. Substitúese o grupo V do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo V. Investigación clínica:

5.1 Procedemento de cualificación dun produto de uso humano en fase de investigación clínica: 2.080,00 euros.

5.2 Procedemento de autorización ou presentación de notificación de ensaios clínicos con medicamentos de uso humano: 95,00 euros.

5.3 Procedemento de cualificación dun produto de uso veterinario en fase de investigación clínica: 120,00 euros.

5.4 Procedemento de autorización ou presentación de notificación de ensaios clínicos con medicamentos de uso veterinario: 95,00 euros.»

Seis. Substitúese o grupo VI do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo VI. Laboratorios farmacéuticos:

6.1 Procedemento de autorización de apertura dun laboratorio farmacéutico: 1.630,00 euros.

6.2 Presentación de notificación de transmisión da titularidade dun laboratorio farmacéutico, ou de cambio de denominación, sede social ou representante legal: 120,00 euros.

6.3 Procedemento de modificación da autorización de apertura de laboratorio farmacéutico, pre-

visto no artigo 73 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento: 1.140,00 euros.

6.4 Actuacións inspectoras individualizadas a petición de parte, salvo nos supostos de denuncia ou a petición dunha asociación de usuarios ou consumidores representativa: 1.630,00 euros.

6.5 Procedemento de autorización de fabricación de medicamentos aprobados noutros países e non rexistrados en España: 125,00 euros.»

Sete. Substitúese o grupo VII do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo VII. Certificacións e informes:

7.1 Expedición dunha certificación: 120,00 euros.

7.2 Avaliación e informe científico sobre calidade, seguridade e eficacia dun medicamento de uso humano ou veterinario, por petición do interesado, durante as etapas de investigación e desenvolvemento do mesmo, ou para iniciar un procedemento de recoñecemento mutuo: 3.125,00 euros.

7.3 Outros asesoramentos científicos non previstos no epígrafe 7.2: 300,00 euros.»

Oito. Substitúese o grupo IX do número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Grupo IX. Especialidades farmacéuticas de uso veterinario:

9.1 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario esencialmente similar: 2.115,00 euros.

9.2 Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario distinta á contemplada no epígrafe 9.1: 4.230,00 euros.

9.3 Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario: 565,00 euros.

9.4 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario, definida como de "importancia maior" no Regulamento (CE) número 541/1995 da Comisión (incluídas as modificacións que de acordo co anexo II do citado regulamento requiren a presentación dunha nova solicitude de autorización de comercialización): 2.120,00 euros.

9.5 Procedemento de modificación da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario, definida como de "importancia menor" no Regulamento (CE) número 541/1995 da Comisión: 350,00 euros.

9.6 Procedemento de revalidación quinquenal da autorización de comercialización dunha especialidade farmacéutica de uso veterinario: 1.950,00 euros.

9.7 Presentación de declaración anual simple de intención de comercializar unha especialidade farmacéutica de uso veterinario xa autorizada: 70,00 euros.»

Artigo 24. *Taxas fiscais.*

Modifícanse o artigo 36, e o número segundo e cuarto do artigo 38 do texto refundido de taxas fiscais, aprobado

polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, que quedarán redactados como segue:

«Artigo 36. *Feito imponible.*

Esixiranse estas taxas pola autorización, celebración ou organización de rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias de ámbito territorial de participación nacional ou, en todo caso, superior ó dunha comunidade autónoma, calquera que sexa o medio manual, técnico, telemático ou interactivo a través do que se realicen.»

Número 2, do artigo 38. *Apostas.*

Nas apostas que se celebren de conformidade co artigo 36, o tipo será para todas elas, con carácter xeral, o 10 por 100 do importe total dos billetes, boletos ou comprobantes de participación vendidos, sexa cal for o medio a través do cal se realizasen.

As apostas gananciosas das denominadas "traviesas", celebradas no interior dos frontóns e feitas coa intervención de corredor, satisfarán o 1,5 por 100.»

«Número 4, do artigo 38. *Determinación da base.*

Para a determinación das bases poderán utilizarse os réximes de estimación directa ou estimación obxectiva, regulados no artigo 47 da Lei xeral tributaria. Poderá igualmente determinarse, mediante convenios, servindo en todo caso como signos, índices ou módulos o número e valor dos billetes, boletos ou comprobantes de participación, sexa cal for o medio a través do cal se expidisen ou emitisen, o importe dos premios e as bases de poboación.

Nos supostos de participación a través de medios técnicos, telemáticos ou interactivos e en que a base deba determinarse en función da mesma, estes medios deberán conte-lo procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a súa completa exactitude.»

Artigo 25. *Taxas polos servizos de inspección e control da mariña mercante.*

Un. Modifícase o número sete do artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

«Sete. A contía da taxa é a seguinte:

ANEXO

1. Permiso de construción

(Mínimo 96,00 euros)

| | | | |
|-------|---------|-------|---------------|
| 0 | < GT <= | 200 | 0,60 euros/GT |
| 200 | < GT <= | 500 | 0,30 euros/GT |
| 500 | < GT <= | 1000 | 0,12 euros/GT |
| 1000 | < GT <= | 2500 | 0,09 euros/GT |
| 2500 | < GT <= | 5000 | 0,05 euros/GT |
| 5000 | < GT <= | 10000 | 0,02 euros/GT |
| 10000 | < GT | | 0,01 euros/GT |

2. Certificado de navegabilidade

(Mínimo 60,00 euros)

| | | | |
|-----|---------|-----|---------------|
| 0 | < GT <= | 250 | 0,90 euros/GT |
| 250 | < GT <= | 500 | 0,78 euros/GT |

| | | | |
|-------|---------|-------|---------------|
| 500 | < GT <= | 1000 | 0,36 euros/GT |
| 1000 | < GT <= | 5000 | 0,09 euros/GT |
| 5000 | < GT <= | 10000 | 0,03 euros/GT |
| 10000 | < GT | | 0,02 euros/GT |

| | | | |
|------|---------|------|---------------|
| 0 | < kW <= | 50 | 0,60 euros/kW |
| 50 | < kW <= | 200 | 0,48 euros/kW |
| 200 | < kW <= | 1000 | 0,30 euros/kW |
| 1000 | < kW <= | 5000 | 0,11 euros/kW |
| 5000 | < kW | | 0,04 euros/kW |

3. Certificado de arqueo

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < GT <= | 100 | 96,15 euros |
| 100 | < GT <= | 20000 | 132,25 euros |
| 20000 | < GT | | 324,55 euros |

4. Certificado de francobordo

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < GT <= | 100 | 51,70 euros |
| 100 | < GT <= | 500 | 66,10 euros |
| 500 | < GT <= | 1000 | 114,20 euros |
| 1000 | < GT <= | 5000 | 192,30 euros |
| 5000 | < GT <= | 20000 | 324,55 euros |
| 20000 | < GT | | 390,65 euros |

5. Acta e experiencia de estabilidade

(Estabilidade en avarías aplicarase o factor 1,5)

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < GT <= | 100 | 51,70 euros |
| 100 | < GT <= | 500 | 66,10 euros |
| 500 | < GT <= | 1000 | 114,20 euros |
| 1000 | < GT <= | 5000 | 192,30 euros |
| 5000 | < GT <= | 20000 | 324,55 euros |
| 20000 | < GT | | 390,65 euros |

6. Certificado de aptitude buques quimiqueiros

(Mínimo 120,00 euros)

| | | | |
|-------|---------|-------|---------------|
| 0 | < GT <= | 10000 | 0,02 euros/GT |
| 10000 | < GT | | 0,01 euros/GT |

7. Certificado de aptitude buques gaseiros

(Mínimo 150,00 euros)

| | | | |
|-------|---------|-------|---------------|
| 0 | < GT <= | 10000 | 0,03 euros/GT |
| 10000 | < GT | | 0,01 euros/GT |

8. Certificado de IOPP

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 150 | < GT <= | 2500 | 132,20 euros |
| 2500 | < GT <= | 5000 | 192,30 euros |
| 5000 | < GT <= | 10000 | 258,45 euros |
| 10000 | < GT | | 300,50 euros |

9. Certificado SNL

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 150 | < GT <= | 2500 | 132,20 euros |
| 2500 | < GT <= | 5000 | 192,30 euros |
| 5000 | < GT <= | 10000 | 258,45 euros |
| 10000 | < GT | | 300,50 euros |

10. Certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 150 | < GT <= | 2500 | 132,20 euros |
| 2500 | < GT <= | 5000 | 192,30 euros |
| 5000 | < GT <= | 10000 | 258,45 euros |
| 10000 | < GT | | 300,50 euros |

11. Certificado de instalación frigorífica

| | | | |
|-----|--------------------|-----|--------------|
| 150 | < m ³ = | 500 | 96,00 euros |
| 500 | < m ³ = | | 132,00 euros |

12. Certificación medios de carga e descarga

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < kg <= | 1000 | 30,00 euros |
| 1000 | < kg <= | 10000 | 60,00 euros |
| 10000 | < kg <= | 20000 | 96,00 euros |
| 20000 | < kg <= | | 132,00 euros |

13. Certificado para o transporte de gra

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < GT <= | 1000 | 90,00 euros |
| 1000 | < GT <= | 10000 | 120,00 euros |
| 10000 | < GT <= | 20000 | 150,00 euros |
| 20000 | < GT | | 180,00 euros |

14. Certificado de cámara de máquinas sen dotación permanente

| | | | |
|-------|---------|-------|--------------|
| 0 | < kW <= | 1000 | 96,00 euros |
| 1000 | < kW <= | 5000 | 132,00 euros |
| 5000 | < kW <= | 10000 | 192,00 euros |
| 10000 | < kW | | 258,00 euros |

15. Certificado de exención

60,00 euros.

16. Certificado de EIAPP/proba de motores

| | | | |
|------|---------|------|--------------|
| 0 | < kW <= | 500 | 120,00 euros |
| 500 | < kW <= | 1000 | 180,00 euros |
| 1000 | < kW <= | 5000 | 240,00 euros |
| 5000 | < kW | | 300,00 euros |

17. Certificado de tiro

90,00 euros.

18. Certificado de explotación nave alta velocidade

96,00 euros.

19. Certificado de seguridade para buque de pasaxe

100 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

20. Certificado de buque de pasaxe (R. D. 1434/1999)

100 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

21. Certificado de seguridade para naves de gran velocidade

100 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

22. Certificado de xestión da seguridade (CGS)

25 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

23. Documento de cumprimento co código CGS

25 por 100 do importe dos certificados CGS do total de buques da compañía.

24. Certificado de seguridade para buque de carga

100 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

25. Certificado de conformidade buques pesqueiros

100 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

26. Certificado nacional de seguridade de equipo

40 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

27. Certificado de material náutico

5 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

28. Certificado de número máximo de pasaxeiros

5 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

29. Recoñecemento extraordinario/operativo

12 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

30. Certificado de valoración estado buque (CAS)

50 por 100 do importe do certificado de navegabilidade.

31. Certificado de navegabilidade embarcación de recreo (marca CE)

60,00 euros.

32. Certificado de seguridade radioelétrica zona A1

73,00 euros.

Certificado de seguridade radioelétrica zona A2: 91,00 euros.

Certificado de seguridade radioelétrica zona A3: 121,00 euros.

Certificado de seguridade radioelétrica zona A4: 121,20 euros.

Expedición de licencias de barco: 42,00 euros.

Asignación número identificación OM: 42,00 euros.

33. Certificado de valoración

(Mínimo 6,00 euros)

| | | | |
|-------|--------|-------|---------------|
| 0 | < V <= | 3005 | 0,002V euros |
| 3005 | < V <= | 12020 | 0,001V euros |
| 12020 | < V <= | 6010 | 0,0006V euros |
| 6010 | < V | | 0,0002V euros |

34. Certificado de homologación/aprobación*(Mínimo 30,00 euros)*

| | | | |
|--------|--------|--------|---------------|
| 0 | < V <= | 3005 | 0,07V euros |
| 3005 | < V <= | 12020 | 0,02V euros |
| 12020 | < V <= | 601012 | 0,0003V euros |
| 601012 | < V | | 0,0002V euros |

35. Recoñecementos para emisión de certificados a buques estranxeiros

Aplicaranse as tarifas do certificado solicitado.
Aplicaranse os seguintes coeficientes:

Buque comunitario: 1,00.
Buque non comunitario: 2,00.

36. Copias de certificados

3,00 euros/copia.

37. Coeficientes a aplicar por inspeccións realizadas fóra de xornada de armador

Aplicarase o seguinte coeficiente:

Horario festivo: 2,00.
Horario nocturno (20.00/08.00): 2,00.
Otros 1,50.

38. Certificados visados ou renovados en base a informes de recoñecementos realizados por organizacións recoñecidas

25 por 100 da taxa do certificado correspondente.

39. Inspección de apertura de novos estaleiros, talleres, etc.*Capacidade de construción autorizada*

| | | | |
|------|---------|------|--------------|
| 0 | < GT <= | 150 | 33,00 euros |
| 150 | < GT <= | 500 | 66,00 euros |
| 500 | < GT <= | 3000 | 96,00 euros |
| 3000 | < GT | | 192,00 euros |

40. Coeficientes a aplicar por abandeiramento de buques estranxeiros

Buques procedentes de país comunitario (non suxeito a revisión) 0,25.

Buques procedentes de país comunitario (suxeito a revisión) 0,70.

Buques procedentes doutros países 1,00.»

Dous. Queda derogado o artigo 23 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Nota 1:

Ós buques petroleiros, quimiqueiros e gaseiros aplicaráselles unha taxa 50 por 100 superior á obtida das táboas no referente a:

Permiso de construción.
Certificado de seguridade de buque de carga e
Certificado de IOPP.

Nota 2:

Para os buques de pasaxe a taxa do permiso de construción será dobre da indicada na táboa.

Nota 3:

Os referendos dos certificados por visita periódica virán afectados do coeficiente 0,35.

A taxa a aplicar por renovación de certificados virá afectada do coeficiente 0,70.

Nota 4:

Cando a unidade de medida sexa a GT e o buque non dispoña dela, utilizarase como unidade a TRB.

Artigo 26.

Engádeselle unha nova disposición adicional vixésimo cuarta á Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Taxa portuaria de seguridade á pasaxe.*

Un. Créase a taxa portuaria de seguridade á pasaxe, que se rexerá pola presente lei, pola Lei de portos do Estado e da mariña mercante e as demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación nos recintos portuarios dos servizos de inspección e control de pasaxeiros, equipaxes e vehículos en réxime de pasaxe, así como vehículos de carga e os seus condutores cando viaxen en buques mixtos de carga e pasaxe.

Tres. Estarán obrigados ó pagamento da taxa, na súa condición de suxeitos pasivos, o consignatario do buque ou, no seu defecto, o armador do buque no que viaxen os pasaxeiros e vehículos. Cando o buque estivese consignado será responsable solidario o armador do buque.

Catro. A taxa devengarase cando se inicie a operación de embarque, desembarque ou tránsito polo porto dos pasaxeiros e, se é o caso, dos vehículos.

Cinco. A contía desta taxa será a seguinte:

| Concepto | Contía unitaria — Euros |
|---|-------------------------------|
| A) Pasaxeiros: | |
| 1. En réxime de cruceiro | 1 |
| 2. En réxime de transporte | 0,2 |
| B) Vehículos: | |
| 1. En réxime de pasaxe: | |
| I. Motocicletas e vehículos ou remolques de dúas rodas | 0,2 |
| II. Coches turismos e demais vehículos automóbiles | 1 |
| III. Autocares e demais vehículos proxectados para o transporte colectivo | 2 |
| 2. En réxime de carga | 2 |

Seis. O importe da taxa será liquidado e xestionado pola correspondente autoridade portuaria e formará parte dos ingresos de cada unha delas.»

Artigo 27. Modificación da tarifa H da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, regulada na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais.

Un. Modifícanse os artigos 4, 7 e 10 no relativo á tarifa H da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, polo aproveitamento do dominio público aeroportuario, distinto ó cedido mediante concesión, para a realización de actividades de asistencia en terra ás aeronaves propias ou de terceiros, nos seguintes termos:

«a) Artigo 4, número y) feito impoñible: o aproveitamento especial do dominio público aeroportuario, distinto ó cedido mediante concesión, para a prestación de servizos de asistencia en terra que non se encontre xa gravado por algunha taxa específica (tarifa H).

b) Artigo 7, suxeitos pasivos: na tarifa H, as persoas físicas, xurídicas e entidades prestadoras do servizo de asistencia en terra nunha ou varias categorías destes servizos, en propio ou a terceiros.

c) Artigo 10.2, modificación das contías da taxa: na tarifa H: o tipo de asistencia (a aeronaves propias ou de terceiros), o número, tipo e peso das aeronaves asistidas, o número de pasaxeiros, e a categoría do aeroporto.»

Dous. Engádeselle un novo artigo 9.bis á Lei 25/1998, do 13 de xullo, fixando as contías da tarifa H:

Artigo 9.bis.

1. As contías para o ano 2002 da tarifa H, serán as seguintes:

H.1 Por asistencia á aeronave:

H.1.1 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de rampla.

H.1.1.1 Contía polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de equipaxes (grupo de servizos número 3).

Por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 45,98 euros.

H.1.1.2 Contía polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia ás operacións en pista (grupo de servizos número 5).

Por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 14,60 euros.

H.1.2 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de limpeza e servizo da aeronave (grupo de servizos número 6 excepto a asistencia de limpeza da neve, o xeo e o carazo da aeronave).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 8,02 euros.

H.1.3 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de limpeza da neve, o xeo e o carazo da aeronave (parte do grupo 6.b).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 2,19 euros.

H.1.4 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de mantemento en liña (grupo de servizos número 8).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 2,19 euros.

O peso máximo ó despegue será o que figure no certificado de aeronavegabilidade ou no manual de voo dela ou en calquera outro documento oficial equivalente.

Cando o peso máximo ó despegue das aeronaves non se encontre comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas, ás contías anteriores aplicaráselle os seguintes coeficientes en función do intervalo de peso no que se encontre incluída a aeronave:

| Intervalo de peso máximo ó despegue (Tm) | Coefficiente — Porcentaxe |
|---|---------------------------------|
| Aeronaves entre 0 e menos do 16 Tm | 13,16 |
| Aeronaves entre 16 e menos do 22 Tm ou fracción ... | 17,51 |
| Aeronaves entre 22 e menos do 38 Tm ou fracción ... | 28,04 |
| Aeronaves entre 38 e menos do 56 Tm ou fracción ... | 77,88 |
| Aeronaves entre 56 e menos do 72 Tm ou fracción ... | 100,00 |
| Aeronaves entre 72 e menos do 86 Tm ou fracción ... | 120,33 |
| Aeronaves entre 86 e menos do 121 Tm ou fracción. | 135,30 |
| Aeronaves entre 121 e menos do 164 Tm ou fracción. | 150,28 |
| Aeronaves entre 164 e menos do 191 Tm ou fracción. | 179,37 |
| Aeronaves entre 191 e menos do 231 Tm ou fracción. | 202,50 |
| Aeronaves entre 231 e menos do 300 Tm ou fracción. | 264,81 |
| Aeronaves de máis de 300 Tm ou fracción | 314,64 |

H.2 Por asistencia ó pasaxeiro:

Contía polo uso das infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia ó pasaxeiro (grupo de servizos número 2): 0,032 euros por cada pasaxeiro de saída.

Tódalas referencias a grupos de servizos aeroportuarios de asistencia en terra son as recollidas no anexo do Real decreto 1161/1999, do 2 de xullo, polo que se regula a prestación dos servizos aeroportuarios de asistencia en terra.

2. Non obstante o anterior, as contías unitarias da tarifa H serán bonificadas no exercicio 2002 nun 85 por 100 do seu importe, no exercicio 2003 nun 60 por 100 do seu importe, no exercicio 2004 nun 30 por 100 do seu importe, aplicándose na súa integridade a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Como consecuencia da dita bonificación, para o exercicio 2002 as contías unitarias quedan reducidas ás seguintes:

H.1 Por asistencia á aeronave:

H.1.1 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de rampla.

H.1.1.1 Contía polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de equipaxes (grupo de servizos número 3).

Por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 6,90 euros.

H.1.1.2 Contía polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia ás operacións en pista (grupo de servizos número 5).

Por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 2,19 euros.

H.1.2 Polo uso de infraestruturas para a prestación dos servizos de asistencia de limpeza e servizo da aeronave (grupo de servizos número 6 excepto a asistencia de limpeza da neve, o xeo e o carazo da aeronave).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 1,20 euros.

H.1.3 Polo uso de infraestructuras para a prestación dos servizos de asistencia de limpeza da neve, o xeo e o carazo da aeronave (parte do grupo 6.b).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 0,33 euros.

H.1.4 Polo uso de infraestructuras para a prestación dos servizos de asistencia de mantemento en liña (grupo de servizos número 8).

Contía por cada aeronave cun peso máximo ó despegue comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción: 0,33 euros.

O peso máximo ó despegue será o que figure no certificado de aeronavegabilidade ou no manual de voo da mesma ou en calquera outro documento oficial equivalente.

Cando o peso máximo ó despegue das aeronaves non se encontre comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas, ás contías anteriores aplicaráselle-los coeficientes en función do intervalo de peso no que se encontre incluída a aeronave.

H.2 Por asistencia ó pasaxeiro.

Contía polo uso das infraestructuras para a prestación dos servizos de asistencia ó pasaxeiro (grupo de servizos número 2): 0,0048 euros por cada pasaxeiro de saída.

Artigo 28. *Taxa de seguridade aeroportuaria.*

Un. Son elementos e criterios de cuantificación da taxa de seguridade aeroportuaria, regulada no artigo 42 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, a orixe e destino do pasaxeiro.

Distínguense as seguintes clases de pasaxeiros atendendo á orixe e ó destino:

Pasaxeiros do Espacio Económico Europeo: son aqueles con orixe e destino nun aeroporto do Espacio Económico Europeo, constituído polos estados membros da Unión Europea máis Islandia e Noruega.

Pasaxeiros internacionais: son aqueles con orixe ou destino nun estado non pertencente ó Espacio Económico Europeo.

Pasaxeiro interinsular: aquel pasaxeiro con orixe e destino nun aeroporto das comunidades autónomas de Baleares e Canarias, sempre que o embarque e desembarque se produza en aeroportos da mesma comunidade autónoma.

A partir do día 1 de xaneiro de 2002 a tarifa unitaria será do 1,081822 euros por pasaxeiro de saída, manténdose a bonificación do 50 por 100 da contía da taxa cando se trate de pasaxeiros interinsulares.

Non obstante o anterior, durante o ano 2002 a contía aplicable estará bonificada nun 8,33 por 100, aplicándose na súa integridade a partir do 1 de xaneiro de 2003. Como consecuencia da dita bonificación para o exercicio 2002 a tarifa unitaria quedará reducida a 0,99167 euros por pasaxeiro de saída.

Dous. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación de elementos e criterios de cuantificación a que se refire o punto anterior poderán efectuarse mediante orde ministerial conxunta dos ministerios de Fomento e Facenda.

Artigo 29. *Taxa de seguridade do transporte ferroviario de viaxeiros.*

Un: Creación da taxa.

Créase a taxa de seguridade do transporte ferroviario de viaxeiros, que se rexerá por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no

artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, modificada parcialmente pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

Dous: Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo a prestación do servizo de inspección, vixilancia e control de acceso, tanto de viaxeiros como de equipaxes nas estacións e demais recintos ferroviarios que, sendo de titularidade estatal, estean administrados por RENFE.

Tres: Devengo.

A taxa devengarase no momento en que se inicie a prestación do servizo que constitúe o feito impositivo, sen prexuízo do previsto no seguinte número deste punto.

De forma simultánea á celebración do contrato de transporte ou de arrendamento, deberá constituírse un depósito previo equivalente ó importe desta taxa por parte do suxeito pasivo.

Catro: Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos da taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas que adquiren calquera título habilitante para o transporte por ferrocarril.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos, a persoa física ou xurídica, pública ou privada que, co consentimento de RENFE, expenda por si ou a través de terceiros os títulos habilitantes para o transporte por ferrocarril.

O suxeito pasivo substituto está obrigado a liquidar a RENFE o importe da taxa e a ingresar esta contía nos prazos e condicións convidados con aquel ou, no seu defecto, no prazo máximo dos quince días seguintes á finalización do mes no que o contribuínte adquirise o título habilitante para o transporte por ferrocarril.

Cinco: Contía.

1) A contía desta taxa será de 0,02 euros por persoa e viaxe, en servizos suxeitos a tarifas de proximidades e rexionais, e estará incluída no prezo do contrato de transporte ou de arrendamento.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o importe da taxa será de 0,01 euros para os servizos indicados, durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2002.

2) A contía desta taxa será de 0,15 euros por persoa e viaxe, en servizos suxeitos a tarifas de grandes liñas, e estará incluída no prezo do contrato de transporte ou de arrendamento.

3) A contía desta taxa será de 0,30 euros por persoa e viaxe, en servizos suxeitos a tarifas Ave, e estará incluída no prezo do contrato de transporte ou de arrendamento.

4) Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un número indeterminado de viaxes en tren, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,03 euros polo número de días de validez do título.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2002, o importe da taxa será o produto de multiplicar 0,015 euros polo número de días de validez do título, redondeando, se é o caso, por defecto.

5) Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un número indeterminado de viaxes en dous ou máis medios, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,20 euros polo número de meses ou fracción de mes de validez do título.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2002, o importe da taxa será o produto de multiplicar 0,10 euros polo número de meses ou fracción de mes de validez do título.

Seis: Xestión, recadación e afectación.

A xestión e recadación da taxa corresponderá a RENFE.

O recadado por esta taxa ingresarase en RENFE.

Sete: Entrada en vigor.

A presente taxa entrará en vigor o día 1 de abril de 2002.

Non se esixirá a contía da taxa a aqueles suxeitos pasivos que adquiran títulos habilitantes para o transporte por ferrocarril con anterioridade á entrada en vigor desta taxa, aínda cando o devengo se produza con posterioridade a ela.

CAPÍTULO IV

Outras normas tributarias

SECCIÓN 1.^a LEI XERAL TRIBUTARIA

Artigo 30. *Modificación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 43, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Para interpor recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do suxeito pasivo e solicitar devolucións ou reembolsos, deberase acreditar a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante comparecencia ante o órgano administrativo competente. Para os actos de mero trámite presumírase concedida a representación.

Cando nos procedementos regulados no título III desta lei sexa necesaria a sinatura do suxeito pasivo, a representación deberase acreditar por algún dos medios ós que se refire o parágrafo anterior, sendo válidos, para estes efectos, os documentos normalizados que aprobe a Administración tributaria.»

Dous. Engádeselle un segundo parágrafo ó número 3 do artigo 105, polo que o parágrafo segundo actual pasa a se-lo terceiro, que quedará redactado da seguinte forma:

«A Administración tributaria establecerá os requisitos para a práctica das notificacións mediante o emprego e utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos, de conformidade coa normativa reguladora das citadas notificacións.»

Tres. Engádesese un novo número 8 no artigo 105, que quedará redactado da seguinte forma:

«Para que a notificación se practique utilizando medios telemáticos requirirase que o interesado sinalase o devandito medio como preferente ou consentise expresamente a súa utilización, identificando, ademais, o enderezo electrónico correspondente, que deberá cumprir cos requisitos regulamentariamente establecidos. Nestes casos, a notificación entenderase practicada para tódolos efectos legais no momento en que se produza o acceso ó seu contido no enderezo electrónico. Cuando existindo constancia da recepción da notificación no enderezo electrónico, transcorresen dez días

naturais sen que se acceda ó seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no número 5 deste artigo, salvo que, de oficio ou por instancia do destinatario, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.»

Catro. Modifícase o artigo 123, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. A Administración tributaria poderá dictar liquidacións provisionais de oficio de acordo cos datos consignados nas declaracións tributarias e os xustificantes dos mesmos presentados coa declaración ou requiridos para o efecto.

De igual maneira poderá dictar liquidacións provisionais de oficio cando os elementos de proba que estean no seu poder poñan de manifesto a realización do feito imponible, a existencia de elementos deste que non fosen declarados ou a existencia de elementos determinantes da contía da débeda tributaria distintos ós declarados.

Así mesmo, dictaranse liquidacións provisionais de oficio cando, con ocasión da práctica de devolucións tributarias, o importe da devolución efectuada pola Administración tributaria non coincida co solicitado polo suxeito pasivo, sempre que concurran as circunstancias previstas no parágrafo primeiro ou se dispoña dos elementos de proba a que se refire o parágrafo segundo deste número.

2. Para practicar tales liquidacións a Administración tributaria poderá efectuar as actuacións de comprobación abreviada que sexan necesarias, sen que en ningún caso se poidan estender ó exame da documentación contable de actividades empresariais ou profesionais.

Non obstante o anterior, o suxeito pasivo deberá exhibir, se for requirido para isto, os rexistros e documentos establecidos polas normas tributarias, co obxecto de que a Administración tributaria poida constatar se os datos declarados coinciden cos que figuran nos rexistros e documentos de referencia.

3. Antes de dicta-la liquidación porase de manifesto o expediente ós interesados ou, se é o caso, ós seus representantes para que, nun prazo non inferior a diez nin superior a quince, poidan alegar e presenta-los documentos e xustificantes que estimen pertinentes.»

Cinco. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 130, que quedará redactado da seguinte forma:

«Non obstante, a Administración tributaria poderá optar polo embargo e alleamento doutros bens ou dereitos con anterioridade á execución da garantía cando esta non sexa proporcionada á débeda garantida ou cando o obrigado o solicite, sinalando bens suficientes para o efecto. Nestes casos, a garantía prestada quedará sen efecto na parte asegurada polos embargos.»

SECCIÓN 2.^a DA XESTIÓN CATASTRAL

Artigo 31. *Renovacións do catastro rústico.*

No ámbito dos inmobles de natureza rústica só poderá procederse á fixación de valores catastrais de conformidade coas disposicións da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, cando no respectivo municipio se efectuase, previa ou simultaneamente, a renovación do catastro.

Para tal efecto, a renovación, que se iniciará mediante anuncio publicado no boletín oficial da provincia e se desenvolverá de oficio, terá por obxecto a rectificación

xeral das características catastrais dos citados bens, entre as que se encontrará o seu valor catastral, a partir de bases gráficas actualizadas, aplicándose os tipos avaliatorios que serviron para o sinalamento das bases liquidadas a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sen prexuízo da súa actualización anual.

Logo de anuncio no boletín oficial da provincia, as características catastrais renovadas expóñense ó público no concello durante un prazo mínimo de quince días. Neste período e durante os quince días seguintes á súa finalización os interesados poderán presentar alegacións.

A resolución pola que se aproben as novas características catastrais, os efectos da cal se producirán conforme o disposto no artigo 57.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificárase ós interesados mediante a súa publicación no concello por un prazo de quince días, logo de anuncio de exposición no boletín oficial da provincia, sen prexuízo de que, se así o solicitan no expresado prazo, poidan obter gratuitamente copia das características catastrais dos seus inmobles.

As novas características catastrais incorporaranse ó padrón do imposto sobre bens inmobles do ano seguinte á súa aprobación.

O prazo máximo de resolución deste procedemento será de dezoito meses contado a partir do seu inicio. Non obstante, poderá ampliarse o devandito prazo por outros dezoito meses por circunstancias excepcionais ou cando se trate de actuacións que revistan especial complexidade. O incumprimento deste prazo producirá a caducidade do expediente.

SECCIÓN 3.^a PLANS E FONDOS DE PENSÍONS

Artigo 32. *Modificación da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2002 introdúcese as seguintes modificacións na Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.

Un. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 5, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. As achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados nesta lei adecuaranse ó seguinte:

a) O total das achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados na presente lei, sen incluílas contribucións empresariais que os promotores de plans de pensións de emprego imputen ós partícipes, non poderá exceder de 7.212,15 euros.

Non obstante, no caso de partícipes maiores de cincuenta e dous anos, o límite anterior incrementarase en 1.202,02 euros adicionais por cada ano de idade do partícipe que exceda de cincuenta e dous anos, fixándose en 22.838,46 euros para partícipes de sesenta e cinco anos ou máis.

b) O conxunto das contribucións empresariais realizadas polos promotores de plans de pensións de emprego a favor dos seus empregados e imputadas a eles terá como límite anual máximo as contías establecidas na alínea a) anterior.

Os empresarios individuais que realicen contribucións empresariais a favor dos seus traballadores, como promotores dun plan de pensións de emprego, poderán realizar achegas propias ó citado plan, ata o límite máximo establecido para as contribucións empresariais. Estas achegas non serán cualificadas como contribucións empresariais, salvo para efectos do cómputo de límites.

c) Os límites establecidos nas alíneas a) e b) anteriores aplicaranse de forma independente e individualmente a cada partícipe integrado na unidade familiar.

d) Excepcionalmente a empresa promotora poderá realizar achegas a favor dos beneficiarios dun plan de pensións de emprego cando sexa preciso para garantir as prestacións en curso e se puxese de manifesto, a través das revisións actuariais, a existencia dun déficit no plan de pensións.»

Dous. Modificación do artigo 4 sobre «Modalidades de plans de pensións». Nova redacción das alíneas a) e b) do número 1 e do número 3 do artigo 4:

«Artigo 4. *Modalidades de plans de pensións.*

1. En razón dos suxeitos constituíntes, os plans de pensións suxeitos a esta lei, encadraranse necesariamente nunha das seguintes modalidades:

a) Sistema de emprego. Corresponde ós plans en que o promotor sexa calquera entidade, corporación, sociedade ou empresa e os partícipes dos cales sexan os seus empregados.

Nos plans deste sistema o promotor só poderá selo de un, ó que exclusivamente poderán adherirse como partícipes os empregados da empresa promotora, incluído o persoal con relación laboral de carácter especial independentemente do réxime da seguridade social aplicable. A condición de partícipes tamén poderá estenderse ós socios traballadores e de traballo nos plans de emprego promovidos no ámbito das sociedades cooperativas e laborais, nos termos que regulamentariamente se prevexan.

Así mesmo, o empresario individual que empregue traballadores en virtude de relación laboral poderá promover un plan de pensións do sistema de emprego en interese destes no que tamén poderá figurar como partícipe.

Varias empresas ou entidades poderán promover conxuntamente un plan de pensións de emprego no que poderán instrumentar os compromisos susceptibles de seren cubertos por este. Regulamentariamente adaptarase a normativa dos plans de pensións ás características propias destes plans promovidos de forma conxunta, respectando en todo caso os principios e características básicas establecidos nesta lei.

Reglamentariamente poderanse establecer condicións específicas para estes plans de pensións de promoción conxunta cando sexan constituídos por empresas dun mesmo grupo, por pequenas e medianas empresas, así como por varias empresas que teñan asumidos compromisos por pensións en virtude dun acordo de negociación colectiva de ámbito superior ó de empresa.

Dentro dun mesmo plan de pensións do sistema de emprego será admisible a existencia de subplans, incluso se estes son de diferentes modalidades ou articulan en cada un diferentes achegas e prestacións. A integración do colectivo de traballadores ou empregados en cada subplan e a diversificación das achegas do promotor deberase realizar conforme criterios establecidos mediante acordo colectivo ou disposición equivalente ou segundo o previsto nas especificacións do plan de pensións.

Sen prexuízo do establecido no artigo 1, número 2, da presente lei, cando no convenio colectivo se establecese a incorporación dos traballadores directamente ó plan de pensións entenderanse adheridos a el salvo que, no prazo acordado para

tal efecto, declaren expresamente por escrito á comisión promotora ou de control do plan que desexan non ser incorporados a el. O anterior entenderase sen prexuízo de que, se é o caso, o convenio condicione as obrigas da empresa cos traballadores á incorporación destes ó plan de pensións.

b) Sistema asociado. Corresponde a plans onde o promotor ou promotores sexa calquera asociación ou sindicato sendo os partícipes os seus asociados, membros ou afiliados.

(...)

3. Os plans dos sistemas de emprego e asociados poderán ser de calquera das tres modalidades anteriores e os do sistema individual só da modalidade de achega definida.

Regulamentariamente poderán determinarse condicións específicas para a promoción de plans de pensións de promoción conxunta de modalidades mixtas ou de prestación definida.»

Tres. Modificación do artigo 5, sobre «Principios básicos dos plans de pensións». Modifícase a alínea a) do número 1, a alínea f) do número 4 e o último parágrafo do artigo 5, quedando redactados como segue:

«1. Os plans de pensións deberán cumprir cada un dos seguintes principios básicos:

a) Non discriminación: debe garantirse o acceso como partícipe dun plan a calquera persoa física que reúna as condicións de vinculación ou de capacidade de contratación co promotor que caracterizan cada tipo de contrato.

En particular:

Un plan do sistema de emprego será non discriminatorio cando a totalidade do persoal empregado polo promotor estea acollido ou en condicións de acollerse ó citado plan sen que poida esixirse unha antigüidade superior a dous anos para acceder a el. Calquera plan do sistema de emprego poderá preve-lo acceso cunha antigüidade inferior a dous anos ou desde o ingreso no cadro de persoal do promotor.

A non discriminación no acceso ó plan do sistema de emprego será compatible coa diferenciación de achegas do promotor correspondentes a cada partícipe, conforme criterios derivados de acordo colectivo ou disposición equivalente ou establecidos nas especificacións do plan.

Un plan do sistema asociado será non discriminatorio cando tódolos asociados da entidade ou entidades promotoras poidan acceder ó plan en igualdade de condicións e de dereitos.

Un plan do sistema individual será non discriminatorio cando calquera persoa que manifeste vontade de adhesión e teña capacidade de obrigarse poida facelo nos termos contractuais estipulados para calquera dos membros adheridos.»

«4. Os plans de pensións terminarán polas seguintes causas:

(...)

f) Por disolución do promotor do plan de pensións.

Non obstante, salvo acordo en contrario, non será causa de terminación do plan de pensións a disolución do promotor por fusión ou cesión global do patrimonio, subrogándose a entidade resultante ou cesionaria na condición de promotor do plan de pensións. En caso de disolución da entidade promotora dun plan de pensións do sistema individual, a comisión de control do fondo ou, no seu

defecto a entidade xestora, poderá acepta-la substitución daquela por outra entidade.

Se como consecuencia de operacións societarias unha mesma entidade resulta promotora de varios plans de pensións do sistema de emprego, procederase a integrar nun único plan de pensións a tódolos partícipes e os seus dereitos consolidados e, se é o caso ós beneficiarios, no prazo de doce meses desde a data de efecto da operación societaria.»

(...)

«A liquidación dos plans de pensións axustarase ó disposto nas súas especificacións, que, en todo caso, deberán respecta-la garantía individualizada das prestacións causadas e preve-la integración dos dereitos consolidados dos partícipes e, se é o caso, dos dereitos derivados das prestacións causadas que permanezan no plan, noutros plans de pensións. Nos plans do sistema de emprego a integración de dereitos consolidados dos partícipes farase, se é o caso, necesariamente no plan ou plans do sistema de emprego nos que os partícipes poidan ostentar tal condición.»

Catro. Modificación do artigo 6 sobre «Especificacións dos plans de pensións». Modificación das alíneas b), e) e f) do número 1 e adición dun novo número 3 do artigo 6, que quedan redactados como segue:

«1. Os plans de pensións deberán precisar necesariamente os aspectos seguintes:

(...)

b) Normas para a constitución e funcionamento da comisión de control do plan no caso de plans de pensións de emprego e asociados.

(...)

e) Definición das prestacións e normas para determina-la súa contía, con indicación de se as prestacións son ou non revalorizables e, se é o caso, a forma de revalorización. Así mesmo, precisaranse, se é o caso, os criterios e réximes de diferenciación de achegas e prestacións.

Os plans de pensións que contemplan prestacións definidas para todas ou algunha das contingencias ou prestacións causadas deberán incorporar, como anexo ás especificacións, unha base técnica elaborada por actuario co contido e requisitos que estableza o Ministerio de Economía.

f) Dereitos e obrigas dos partícipes e beneficiarios, contingencias cubertas así como, se é o caso, a idade e circunstancias que xeran o dereito ás prestacións, forma e condicións destas.

As especificacións deberán preve-la documentación que debe recibilo partícipe no momento da adhesión ó plan e a información periódica que recibirá conforme o previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.»

«3. A modificación das especificacións dos plans de pensións do sistema asociado e de emprego poderase realizar mediante os procedementos e acordos previstos nelas. O acordo de modificación poderá ser adoptado pola comisión de control do plan co réxime de maiorías establecido nas especificacións.

Non obstante, nos plans de pensións do sistema de emprego as especificacións poderán prever que a modificación do réxime de prestacións e achegas ou calquera outro extremo e, se é o caso, a con seguinte adaptación da base técnica, poida ser acordada, conforme o previsto nesta norma, mediante acordo colectivo entre a empresa e a representación dos traballadores.

As especificacións dos plans de pensións do sistema individual poderán modificarse por acordo do promotor, logo de comunicación por este ou pola entidade xestora ou depositaria correspondente, con ó menos un mes de antelación ós partícipes e beneficiarios.»

Cinco. Nova redacción do artigo 7.—«A comisión de control do plan de pensións»:

«Artigo 7. *A comisión de control do plan de pensións e o defensor do partícipe.*

1. O funcionamento e execución de cada plan de pensións do sistema de emprego será supervisado por unha comisión de control constituída para o efecto. A comisión de control do plan terá as seguintes funcións:

a) Supervisa-lo cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire ós dereitos dos seus partícipes e beneficiarios.

b) Selecciona-lo actuario ou actuarios que deban certifica-la situación e dinámica do plan.

c) Nomea-los representantes da comisión de control do plan na comisión de control do fondo de pensións ó que estea adscrito.

d) Propor e, se é o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que esta lei lle atribúe competencia.

e) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos partícipes e beneficiarios en relación co plan de pensións.

2. A comisión de control do plan de pensións de emprego estará formada por representantes do promotor ou promotores e representantes dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios. Os representantes dos partícipes poderán ostenta-la representación dos beneficiarios do plan de pensións.

Os plans de pensións do sistema de emprego poderán preve-la representación específica na comisión de control dos partícipes e, se ó o caso dos beneficiarios, de cada un dos subplans que se definan dentro do mesmo plan.

Nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta poderán establecerse sistemas de representación conxunta ou agregada na comisión de control dos colectivos de promotores, partícipes e beneficiarios, respectivamente.

Nos plans de pensións do sistema de emprego poderán establecerse procedementos de designación directa dos membros da comisión de control por parte da comisión negociadora do convenio, e/ou designación dos representantes dos partícipes e beneficiarios por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa. Así mesmo, nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta constituídos en virtude de acordos de negociación colectiva de ámbito supraempresarial, poderanse prever procedementos de designación da comisión de control por parte da comisión negociadora e/ou por parte da representación de empresas e traballadores no devandito ámbito. A designación dos representantes na comisión de control poderá coincidir con todos ou parte dos compoñentes da comisión negociadora ou representantes das partes referidas.

As decisións da comisión de control do plan adoptaranse de acordo coas maiorías estipuladas nas especificacións do plan, resultando admisible que estas especificacións prevexan maiorías cualificadas.

Regulamentariamente poderán regularse os sistemas para a designación ou elección dos membros

das comisións de control dos plans de emprego, poderán establecerse as condicións e porcentaxes de representación e as condicións de funcionamento delas en desenvolvemento do previsto nesta lei.

Cando no desenvolvemento dun plan este quedase sen partícipes a representación destes corresponderá ós beneficiarios.

3. Nos plans de pensións do sistema de emprego, a representación dos elementos persoais na comisión de control axustarase ós seguintes criterios:

a) Con carácter xeral, a representación dos promotores será paritaria (do 50 por 100).

b) Cando o plan de pensións sexa de achega definida para a continxencia de xubilación, as decisións que afecten á política de investimento do fondo de pensións incluírán, ó menos, o voto favorable da metade dos representantes dos partícipes na comisión de control.

c) Nos plans de pensións da modalidade de prestación definida ou mixtos, as decisións que afecten o custo económico asumido pola empresa das prestacións definidas, incluírán, ó menos, o voto favorable da metade dos representantes do promotor ou promotores.

Regulamentariamente poderase desenvolver-lo réxime e condicións de representación.

4. O funcionamento e execución de cada plan de pensións do sistema asociado será supervisado por unha comisión de control que terá as funcións previstas no número 1 anterior e estará formada por representantes do promotor ou promotores e partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios do plan. Se o plan quedase sen partícipes a representación atribuída a estes corresponderá ós beneficiarios.

Na comisión de control dun plan asociado a maioría dos seus membros, independentemente da representación que ostenten, deberá estar composta por partícipes asociados ou afiliados da entidade promotora.

As especificacións dun plan de pensións asociado deberán preve-lo sistema de designación ou elección dos membros da comisión de control podéndose preve-la designación por parte dos órganos de goberno ou assemblearios da entidade promotora. A designación dos representantes na comisión de control poderá recaer en membros integrantes destes órganos.

Regulamentariamente poderán regularse os sistemas para a designación ou elección dos membros das comisións de control dos plans asociados, poderán establecerse as condicións e porcentaxes de representación e as condicións de funcionamento das mesmas en desenvolvemento do previsto nesta lei.

5. Nos plans de pensións do sistema individual non se constituirá comisión de control do plan, correspondendo ó promotor as funcións e responsabilidades que á dita comisión se asignan nesta lei.

Nos plans de pensións deste sistema deberá designarse o defensor do partícipe, que tamén o será dos beneficiarios.

As entidades promotoras destes plans de pensións, ben individualmente, ben agrupadas por pertenceren a un mesmo grupo, ámbito territorial ou calquera outro criterio, deberán designar como defensor do partícipe entidades ou expertos independentes de recoñecido prestixio, á decisión dos cales se someterán as reclamacións que formulen os partícipes e beneficiarios ou os seus sucesores contra as entidades xestoras ou depositarias dos

fondos de pensións en que estean integrados os plans ou contra as propias entidades promotoras dos plans individuais.

A decisión do defensor do partícipe favorable á reclamación vinculará as ditas entidades. Esta vinculación non será obstáculo á plenitude de tutela xudicial, ó recurso a outros mecanismos de solución de conflitos ou arbitraje, nin ó exercicio das funcións de control e supervisión administrativa.

O promotor do plan de pensións individual, ou a entidade xestora do fondo de pensións no que se integre, deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a designación do defensor do partícipe e a súa aceptación, así como as normas de procedemento e prazo establecido para a resolución das reclamacións que, en ningún caso, poderá exceder de tres meses desde a presentación daquelas.

Os gastos de designación, funcionamento e remuneración do defensor do partícipe en ningún caso serán asumidos polos reclamantes nin polos plans e fondos de pensións correspondentes.

O previsto neste número entenderase sen prexuízo da aplicación se é o caso do establecido no artigo 63 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, para as reclamacións que se formulen fronte a entidades aseguradoras que aseguren prestacións causadas do plan de pensións.»

Seis. Modificación do artigo 8 sobre «Achegas e prestacións». Modifícanse os números 6 e 8 e engádesse un novo número 10:

«6. As continxencias polas que se satisfarán as prestacións anteriores poderán ser:

a) Xubilación. Para a determinación desta continxencia atenderase ó previsto no réxime da Seguridade Social correspondente.

Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a partir da idade ordinaria de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social, no momento no que o partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional, e non se encontre cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. Non obstante, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Os plans de pensións poderán preve-lo pagamento da prestación correspondente á xubilación en caso de que o partícipe, calquera que sexa a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase a situación legal de desemprego a consecuencia de expediente de regulación de emprego aprobado pola autoridade laboral. Regulamentariamente poderán establecerse condicións para o mantemento ou prosecución das achegas a plans de pensións neste suposto.

A partir do acceso á xubilación, as achegas a plans de pensións só poderán destinarse á continxencia de falecemento. O mesmo réxime se aplicará, cando non sexa posible o acceso á xubilación, ás achegas que se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir do cobramento anticipado da prestación correspondente. Regulamentariamente poderán establecerse as condicións baixo as cales poderán proseguirse as achegas para xubilación con motivo da alta posterior nun réxime da Seguridade Social por exercicio ou prosecución de actividade.

O disposto nesta alínea a) entenderase sen prexuízo das achegas a favor de beneficiarios que realicen os promotores dos plans de pensións do sistema de emprego ó abeiro do previsto no número 3 do artigo 5 desta lei.

b) Incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual ou absoluta e permanente para todo traballo, e a grande invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente da Seguridade Social.

Regulamentariamente poderá regularse o destino das achegas para continxencias susceptibles de acaeceren nas persoas incursas nas ditas situacións.

c) Morte do partícipe ou beneficiario, que pode xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor doutros herdeiros ou persoas designadas.

Para efectos do previsto na disposición adicional primeira desta lei, as continxencias que deberán instrumentarse nas condicións establecidas nela serán as de xubilación, incapacidade e falecemento previstas respectivamente nas alíneas a), b) e c) anteriores.

Os compromisos asumidos polas empresas cos traballadores que extingan a súa relación laboral coa mesma e pasen á situación legal de desemprego como consecuencia dun expediente de regulación de emprego, que consistan no pagamento de prestacións con anterioridade á xubilación, poderán ser obxecto de instrumentación, con carácter voluntario, de acordo co réxime previsto na disposición adicional primeira desta lei, caso no que se someterán á normativa financeira e fiscal derivada dela.»

«8. Os partícipes só poderán facer efectivos os seus dereitos consolidados nos supostos de desemprego de longa duración ou de enfermidade grave. Regulamentariamente determinaranse estas situacións, así como as condicións e termos en que poderán facerse efectivos os dereitos consolidados en tales supostos. En todo caso, as cantidades percibidas nestas situacións suxeitaranse ó réxime fiscal establecido na lei para as prestacións dos plans de pensións.

Os dereitos consolidados nos plans de pensións do sistema asociado e individual poderán mobilizarse a outro plan ou plans de pensións por decisión unilateral do partícipe ou por perda da condición de asociado do promotor nun plan de pensións do sistema asociado ou por terminación do plan.

Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de pensións do sistema individual e asociado tamén poderán mobilizarse a outros plans de pensións a petición do beneficiario, sempre e cando as condicións de garantía e aseguramento da prestación así o permitan e nas condicións previstas nas especificacións dos plans de pensións correspondentes. Esta mobilización non modificará a modalidade e condicións de cobramento das prestacións.

Non obstante, os dereitos consolidados dos partícipes nos plans de pensións do sistema de emprego non poderán mobilizarse a outros plans de pensións, salvo no suposto de extinción da relación laboral e nas condicións que regulamentariamente se establezan, e só se estivese previsto nas especificacións do plan, ou por terminación do plan de pensións. Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de emprego non poderán mobilizarse salvo por terminación do plan de pensións.

Os dereitos consolidados do partícipe nun plan de pensións non poderán ser obxecto de embargo, traba xudicial ou administrativa, ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou en que se fagan efectivos nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración.»

«10. As prestacións dos plans de pensións deberán ser aboadas ó beneficiario ou beneficiarios previstos ou designados, salvo que mediase embargo, traba xudicial ou administrativa, caso no que se aplicará o que dispoña o mandamento correspondente.»

Sete. Modificación do artigo 9: «Aprobación e revisión dos plans de pensións». Nova redacción ós números 1, 3 e 4 do artigo 9.

«1. O promotor do plan de pensións elaborará o proxecto inicial do plan que incluírá as especificacións contempladas no artigo 6 desta lei.

a) No sistema de emprego, unha vez elaborado o proxecto, instarase a constitución dunha comisión promotora con representación do promotor ou promotores e dos traballadores ou potenciais partícipes.

Esta comisión estará formada e operará de acordo co previsto no artigo 7 para a comisión de control dun plan de pensións, coas adaptacións que se prevexan regulamentariamente.

Para os plans de pensións do sistema de emprego poderán establecerse procedementos de designación directa dos membros da comisión promotora por parte da comisión negociadora do convenio, ou designación dos representantes de empregados por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa.

Mediante acordo colectivo de ámbito supraempresarial poderán establecerse o proxecto inicial dun plan de pensións do sistema de emprego de promoción conxunta para as empresas incluídas no seu ámbito, podendo ser designada a comisión promotora directamente pola comisión negociadora do convenio ou, no seu defecto, pola representación das empresas e dos traballadores no referido ámbito supraempresarial.

b) No caso dos plans de pensións do sistema individual e asociado, serán as entidades promotoras as que adoptarán os acordos e exercerán as funcións asignadas por esta normativa á comisión promotora dos plans de pensións do sistema de emprego.»

«3. Á vista do proxecto do plan de pensións, o fondo de pensións ou, segundo corresponda, a entidade xestora do mesmo, adoptará se é o caso o acordo de admisión do plan no fondo por entender, baixo a súa responsabilidade, que se cumpren os requisitos establecidos nesta lei, comunicándollo á comisión promotora ou, no seu defecto, ó promotor do plan.»

«4. Efectuada a comunicación anterior, poderá facerse efectiva a incorporación ó plan de partícipes, debendo a comisión promotora dun plan de emprego ou o promotor dun plan asociado instar a constitución da pertinente comisión de control do plan nos prazos e condicións que regulamentariamente se establezan. En tanto non se constituía a comisión de control, as funcións atribuídas a esta por esta lei corresponderán á comisión promotora ou ó promotor do plan asociado se é o caso.

En virtude de acordo adoptado pola empresa cos representantes dos traballadores nela, a comi-

sión promotora, unha vez formalizado o plan de pensións do sistema de emprego, poderá efectuar directamente a incorporación a aquel dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios, debendo sinalarse un prazo para que os que non desexen incorporarse ó plan llo comuniquen por escrito. Tamén será admisible a subscripción de documentos individuais ou colectivos de adhesión ó plan do sistema de emprego en virtude de delegación expresa outorgada polos partícipes.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo de que, se é o caso, o convenio colectivo ou disposición equivalente que estableza os compromisos por pensións condicione a obriga da empresa á súa instrumentación a través dun plan do sistema de emprego, ou das accións e dereitos que corresponda exercer en caso de discrepancia ou información inadecuada sobre os procesos de incorporación ó plan.

Reglamentariamente poderán establecerse condicións específicas relativas á incorporación de elementos persoais ós plans de pensións e requisitos dos documentos de adhesión, así como normas especiais para os plans de pensións de emprego de promoción conxunta.»

Oito. Adición dun novo parágrafo ó número 2 e dun novo número 4 ó artigo 10. «Integración nun fondo de pensións».

(...)

«Reglamentariamente poderanse establecer as condicións e requisitos nos que a comisión de control dun plan de pensións do sistema de emprego adscrito a un fondo podería canalizar recursos da súa conta de posición a outros fondos de pensións ou adscribirse a varios, xestionados, se é o caso, por diferentes entidades xestoras.»

«4. Os plans de pensións do sistema de emprego integraranse necesariamente en fondos de pensións nos que o ámbito de actuación se limite ó desenvolvemento de plans de pensións do devandito sistema.»

Nove. Modificación do artigo 14. «Comisión de control do fondo de pensións». Modificación dos números 1, 5 e 6, do artigo 14 e adición dun segundo parágrafo ó número 5.

«1. Nos fondos de pensións constituirase unha comisión de control do fondo que se axustará na súa composición ás seguintes condicións:

a) No caso dos fondos de pensións que integren plans de pensións do sistema de emprego só poderán integrar plans desta modalidade.

Se un mesmo fondo instrumenta varios plans de pensións de emprego, a súa comisión de control poderá formarse con representantes de cada un dos plans ou mediante unha representación conxunta dos plans de pensións integrado no mesmo.

Se o fondo integra un único plan de pensións de emprego, a comisión de control do plan exercerá as funcións da comisión de control do fondo.

b) Nos fondos de pensións distintos dos contemplados na alínea a) anterior, a comisión de control formarase con representantes de cada un dos plans adscritos ó mesmo.

No caso de plans de pensións do sistema asociado estes representantes serán designados polas respectivas comisións de control dos plans. Se o fondo integra un único plan do sistema asociado,

a comisión de control do plan exercerá as funcións de comisión de control do fondo.

No caso dos plans do sistema individual, estes representantes serán designados polas respectivas entidades promotoras dos plans. Para tal efecto, se entre os plans adscritos ó fondo houberse dous ou máis plans do sistema individual promovidos pola mesma entidade promotora, esta poderá designar unha representación conxunta dos ditos plans na comisión de control do fondo.

Se o fondo integra exclusivamente un ou varios plans do sistema individual promovidos pola mesma entidade, non será precisa a constitución dunha comisión de control do fondo, correspondendo en tal caso ó promotor do plan ou plans as funcións e responsabilidades asignadas por esta normativa á dita comisión.»

«5. Unha vez elixidos os membros da comisión de control do fondo, designarán entre si os que deban exercer-la presidencia e a secretaría. A comisión quedará validamente constituída cando, debidamente convocados, concorra a maioría dos seus membros, e adoptará os seus acordos por maioría, tendo en conta o previsto no parágrafo seguinte.

No caso de que o fondo integre varios plans de pensións, ponderarase o voto dos representantes designados por cada plan en atención ó seu número e á parte de interese económico que o plan teña no fondo ou, se é o caso, o interese económico do conxunto de plans do sistema individual do mesmo promotor se este tivese designado unha representación conxunta dos seus plans.»

«6. O fondo soportará os gastos de funcionamento da comisión de control, ben que poderá acordarse a súa asunción total ou parcial polas entidades promotoras.

Non obstante o anterior, se o fondo integra plans do sistema individual, tales gastos serán de conta dos promotores.»

Dez. Modificación do artigo 16: «Investimentos dos fondos de pensións.». Nova redacción dos números 1 e 4 do artigo 16:

«1. O activo dos fondos de pensións estará investido de acordo con criterios de seguridade, rendibilidade, diversificación e de prazos adecuados ás súas finalidades.

Regulamentariamente establecerase o límite mínimo, non inferior ó 75 por 100 do activo do fondo, que se investirá en activos financeiros contratados en mercados regulados, en depósitos bancarios, en créditos con garantía hipotecaria e en inmobles.»

«4. Regulamentariamente estableceranse porcentaxes e criterios de diversificación dos investimentos en valores emitidos ou avalados por unha mesma entidade ou de entidades pertencentes a un mesmo grupo.

As porcentaxes de diversificación estableceranse sobre o valor nominal dos títulos emitidos ou avalados polas entidades de referencia incluíndose, se é o caso, os créditos outorgados a elas ou avalados polas mesmas.

Regulamentariamente poderanse establecer porcentaxes de diversificación sobre o activo do fondo de pensións para determinados tipo de investimentos, en función das súas características en institucións de investimento colectivo, en inmobles, en valores non cotizados en mercados organizados, especialmente de pequenas e medianas empresas e en capital risco.

Así mesmo, regulamentariamente poderanse establecer limitacións ós investimentos dos fondos de pensións en activos financeiros que figuren no pasivo de entidades promotoras dos plans de pensións adscritos ó fondo, das entidades xestoras e depositarias dos mesmos ou de entidades pertencentes ó mesmo grupo de calquera delas ou aqelas.

As porcentaxes de diversificación previstas neste número non serán de aplicación ós activos ou títulos emitidos ou avalados polo Estado ou os seus organismos autónomos, polas comunidades autónomas, corporacións locais ou por administracións públicas equivalentes de estados pertencentes á OCDE, ou polas institucións ou organismos internacionais dos que España sexa membro e por aqueles outros que así resulte de compromisos internacionais que España poida asumir.»

Once. Modificación do artigo 19: «Contas anuais». Modifícase o número 8 do artigo 19.

«8. O Ministerio de Economía disporá a publicidade que, se é o caso, deba darse, con carácter agregado ou individual, ós datos citados no número 7, co obxecto de promover unha información frecuente, rápida e suficiente en favor dos partícipes e beneficiarios ou das comisións de control dos plans de pensións de emprego.

As entidades xestoras deberán facilitar ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións, ó menos con carácter trimestral, información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como sobre outros extremos que puidesen afectarles, especialmente as modificacións normativas, cambios das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

Nos plans de pensións do sistema de emprego esta información facilitarase nos termos previstos nas súas especificacións ou nas condicións acordadas pola comisión de control do plan.

O Ministerio de Economía poderá regular-lo contido, requisitos e condicións da referida información na medida en que se estime necesario para garantir unha información adecuada ós intereses dos partícipes e beneficiarios.»

Doce. Modificación do artigo 20. «Entidades xestoras.». Adición dunha nova alínea g) ó número 1 e modificación do número 4 do artigo 20:

«g) Ós socios e ás persoas físicas membros do consello de administración, así como ós directores xerais e asimilados a estes últimos das entidades xestoras de fondos de pensións resultaranlles de aplicación os criterios e réxime de incompatibilidades e limitacións establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 30/1995, de ordenación e supervisión dos seguros privados, sen prexuízo da súa concreción regulamentaria.»

«4. Regulamentariamente determinaranse as condicións nas que as entidades xestoras de fondos de pensións poderán contrata-la xestión dos investimentos dos fondos de pensións que administran con terceiras entidades autorizadas conforme as directivas 93/22/CEE do Consello do 10 de maio, relativa ós servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, 92/96/CEE do Consello, do

10 de novembro, sobre seguros directos de vida e 2000/12/CE do Parlamento e do Consello, do 20 de marzo, relativa a entidades de crédito e con outras entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas.»

Trece. Modificación do artigo 21. «Entidades depositarias.». Modificación dos números 1, 3 e 5 do artigo 21:

«1. A custodia e depósito dos valores mobiliarios e demais activos financeiros integrados nos fondos de pensións corresponderá a unha entidade depositaria establecida en España. Poderán ser "entidades depositarias de fondos de pensións" as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

a) Seren entidades de crédito conforme a normativa vixente en materia de entidades de crédito.

b) Teren en España o seu domicilio social ou sucursal.

c) Teren como actividade autorizada a recepción de fondos do público en forma de depósito, contas correntes ou outras análogas que leven consigo a obriga da súa restitución e como depositarios de valores por conta dos seus titulares representados en forma de títulos ou como administradores de valores representados en anotacións en conta.

d) Estaren inscritas no rexistro especial de "Entidades depositarias de fondo de pensións" que se creará no Ministerio de Economía.»

(...)

«3. Regulamentariamente determinaranse as condicións nas que as entidades depositarias de fondos de pensións poderán contrata-lo depósito dos activos a que se refire o número 4 do artigo anterior.»

(...)

«5. Cada fondo de pensións terá un soa entidade depositaria, sen prexuízo da contratación de diferentes depósitos de valores ou efectivo con outras entidades. A entidade depositaria do fondo de pensións é responsable da custodia dos valores ou efectivo do fondo de pensións sen que esta responsabilidade se vexa afectada polo feito de que se confíe a un terceiro a xestión, administración ou depósito dos mesmos.»

Catorce. Modificación do primeiro parágrafo do número 2 do artigo 24 «Ordenación e supervisión administrativa».

«2. Será de aplicación á inspección de entidades xestoras e de fondos de pensións o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no artigo 72 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Quince. Nova denominación do artigo 26 «Normas de publicidade» e adición dun novo número 3.

«Artigo 26. *Normas de publicidade e contratación.*»

(...)

«3. Na medida en que a estrutura e organización do mercado dos plans de pensións o permita, a contratación de plans de pensións poderá realizarse por vía electrónica.

Habilitase o ministro de Economía para que poida establecer especialidades e limitacións con respecto ás normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, atendendo ás particularidades que puidesen resultar da contratación dos plans de pensións e dos seus participantes.»

Dezaseis. Modificación do artigo 35 «Infraccións administrativas». Modifícase o primeiro parágrafo do

número 1 do artigo 35, e a alínea c) do número 5 e adición dunha nova alínea d) ó número 5 que quedan redactados como segue:

«1. As entidades xestoras e depositarias, os promotores de plans de pensións do sistema individual, os expertos actuarios e as súas sociedades, así como os que desempeñen cargos de administración ou dirección nas entidades citadas, os membros da comisión promotora e os membros das comisións e subcomisións de control dos plans e fondos de pensións e os liquidadores que infrinxan normas de ordenación e supervisión de plans e fondos de pensións, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto no artigo seguinte.

Este mesmo réxime será aplicable ás entidades promotoras dos plans de pensións do sistema asociado e cargos de administración e dirección das mesmas pola comisión de infraccións con ocasión do exercicio das funcións propias da comisión promotora.»

«5. Terán a consideración de infraccións leves:

(...)

c) En xeral, o incumprimento de preceptos de obrigada observancia comprendidos nas normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións que non constitúan infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos dous números anteriores.

d) O incumprimento dos prazos e condicións previstos na normativa relativos ás formas de cobramento e recoñecemento do dereito ás prestacións.»

Dezasete. Modificación do número 1, adición dun novo parágrafo ó número 3 e adición dun novo parágrafo ó número 4 do artigo 36. Sancións administrativas:

«1. Ás entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións e, se é o caso, ás entidades promotoras de plans de pensións individuais seranlles aplicables as sancións administrativas previstas para as entidades aseguradoras no artigo 41 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, e ben que as de suspensión da autorización administrativa efectiva se referirán ó exercicio de actividade como xestora ou depositaria de calquera fondo de pensións ou se é o caso, á habilitación para ser promotor de plans de pensións do sistema individual.»

3. (...)

«Igualmente será de aplicación o réxime do artigo 42 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados ós cargos de administración e dirección das entidades promotoras de plans de pensións individuais así como ós das entidades promotoras de plans asociados que asuman as funcións de comisión promotora. Nestes supostos a inhabilitación virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección en entidades promotoras de plans de pensións individuais para o exercicio de funcións e facultades relativas a eses plans.»

4. (...)

«Así mesmo, a inobservancia polo beneficiario do prazo máximo previsto na normativa para a comunicación á entidade xestora do acaecemento da continxencia correspondente e para a determinación do momento e formas de cobramento das

prestacións do plan de pensións poderá ser sancionable cunha multa que poderá alcanzar ata o 1 por 100 do valor dos dereitos económicos no plan no momento en que se poña de manifesto tal inobservancia.»

Dezaoito. Delegación legislativa no Goberno para a aprobación dun texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións:

Autorízase o Goberno para que, no prazo de doce meses a partir da entrada en vigor desta lei, elabore e aprobe un texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, no que se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas:

«a) Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.

b) O réxime financeiro especial de achegas e prestacións nos plans de pensións, establecido para persoas con minusvalía, previsto na disposición adicional décimo sétima da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e disposicións legais vixentes que introducísen modificacións no devandito réxime.

c) As disposicións sobre plans e fondos de pensións contidas nesta lei e nas restantes leis calquera que for a data da súa entrada en vigor.»

TÍTULO II

Do social

CAPÍTULO I

Relacións laborais

Artigo 33. *Xornada de traballo e descansos nos buques do rexistro especial.*

Modifícase a disposición adicional décimo quinta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, engadindo un novo número, o oito, coa seguinte redacción:

«Oito. Normativa aplicable en materia de xornada laboral e descansos.

En materia de xornada laboral e descansos, os buques inscritos no Rexistro especial rexeranse polo disposto na Lei do estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na normativa sectorial específica, constituída polo Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, ou a norma que o substitúa, con excepción do disposto no número 2 do artigo 35 do Estatuto dos traballadores, que non será de aplicación.»

CAPÍTULO II

Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 34. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Un. O primeiro inciso da alínea b), número 1, do artigo 47, do texto refundido da Lei sobre infraccións

e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, quedará redactado nos seguintes termos:

«b) As graves tipificadas no artigo 25 con perda da prestación ou pensión durante un período de tres meses, salvo as dos seus números 2 e 3, respectivamente, nas prestacións por incapacidade temporal e nas prestacións e subsidios por desemprego, nas que a sanción será de extinción da prestación.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 91 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Na Tesourería Xeral da Seguridade Social constituirase un fondo de reserva da Seguridade Social coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema da Seguridade Social e que se dotará con cargo ós excedentes dos ingresos que financian os gastos de carácter contributivo e que resulten da liquidación dos orzamentos da Seguridade Social en cada exercicio económico, sempre que as posibilidades económicas e a situación financeira do sistema o permitan.

O Goberno fixará en cada exercicio económico a contía de excedentes destinados á dotación do fondo de reserva. Así mesmo, o Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, Economía e Facenda, determinará a materialización financeira da dita reserva que efectuará a Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os rendimentos de calquera natureza que xeren os activos financeiros públicos en que se materializasen as dotacións do fondo de reserva, así como os xerados polos saldos financeiros do mesmo, integranse como dotacións do fondo.

As operacións de adquisición e disposición dos activos financeiros realizadas en cada exercicio ata o último día hábil deste terán carácter extraorxamentario. O último día hábil do exercicio procederase á realización das operacións que sexan necesarias para a súa imputación definitiva ó orzamento da Tesourería Xeral da Seguridade Social conforme a situación patrimonial do fondo de reserva nesa data.»

Tres. Adiciónanse ó número 3 do artigo 126 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, os parágrafos seguintes, así como un novo número 4 ó devandito artigo nos termos seguintes:

«O anticipo das prestacións en ningún caso poderá exceder da cantidade equivalente a dúas veces e media o importe do salario mínimo interprofesional vixente no momento do feito causante ou, se é o caso, do importe do capital custo necesario para o pagamento anticipado, co límite indicado polas entidades xestoras, mutuas ou servizos. En todo caso, o cálculo do importe das prestacións ou do capital custo para o pagamento das mesmas polas mutuas ou empresas declaradas responsables daquelas incluírá o xuro de capitalización e a recarga por falta de aseguramento establecido pero con exclusión da recarga por falta de medidas de seguridade e hixiene no traballo a que se refire o artigo 123 desta lei.

Os dereitos e accións que, por subrogación nos dereitos e accións dos beneficiarios, correspondan a aquelas entidades, mutuas ou servizos fronte ó empresario declarado responsable de prestacións

por resolución administrativa ou xudicial ou fronte ás entidades da Seguridade Social en funcións de garantía, unicamente poderán exercerse contra o responsable subsidiario trala previa declaración administrativa ou xudicial de insolvencia, provisional ou definitiva, do devandito empresario.

Cando, en virtude do disposto neste número, as entidades xestoras, as mutuas e, se é o caso, os servizos comúns se subrogaren nos dereitos e accións dos beneficiarios, aqueles poderán utilizar fronte ó empresario responsable a mesma vía administrativa ou xudicial que se seguisse para a efectividade do dereito e da acción obxecto de subrogación.

4. Corresponderá á entidade xestora competente a declaración, en vía administrativa da responsabilidade atinxente ás prestacións calquera que sexa a prestación de que se trate, así como da entidade que, se é o caso, deba anticipar aquela ou constituí-lo correspondente capital custo.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 131 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. O dereito ó subsidio extinguirase polo transcurso do prazo máximo establecido para a situación de incapacidade temporal de que se trate; por ser dado de alta médica o traballador, con ou sen declaración de incapacidade permanente; por ter sido recoñecido ó beneficiario o dereito ó percibo da pensión de xubilación; pola incomparecencia inxustificada a calquera das convocatorias para os exames e recoñecementos establecidos polos médicos adscritos ó Instituto Nacional da Seguridade Social ou á Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social; ou por falecemento.»

Cinco. Adiciónase ó número primeiro do número 3 do artigo 131 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social o parágrafo seguinte:

«No suposto de alta médica anterior ó esgotamento do prazo máximo de duración da situación de incapacidade temporal, sen que exista ulterior declaración de incapacidade permanente, subsistir á obriga de cotizar mentres non se extinga a relación laboral ou ata a extinción do prazo máximo de duración da incapacidade temporal fixado na alínea a) do número 1 do artigo 128, de producirse con posterioridade a dita declaración de inexistencia de incapacidade permanente.»

Seis. Modifícase o artigo 166 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 166. *Xubilación parcial.*

1. Os traballadores que alcanzasen a idade ordinaria de xubilación e reúnan os requisitos para causaren dereito a ela, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da celebración simultánea dun contrato de relevo.

2. Así mesmo, os traballadores que reúnan as condicións esixidas para ter dereito á pensión de xubilación con excepción da idade, que deberá ser inferior en cinco anos, como máximo, á esixida con carácter xeral, poderán acceder á xubilación parcial,

nas condicións previstas no número 6 do artigo 12 da Lei do estatuto dos traballadores.

3. O desfrute da pensión de xubilación parcial en ámbolos supostos será compatible cun posto de traballo a tempo parcial.»

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 174 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«3. Os dereitos derivados do número anterior quedarán sen efecto nos supostos do artigo 101 do Código civil, sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza no suposto de que se contraía novo matrimonio.»

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 175 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«2. Nos casos en que o fillo do causante non efectúe traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ó 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade sempre que, na data do falecemento do causante, fose menor de 22 anos de idade, ou de 24 se non sobrevivise ningún dos pais.»

Novo.

1. Engádenselle dous novos números, o 4 e o 5, ó artigo 219 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co seguinte contido:

«4. Para os efectos de que se produza a prórroga do subsidio ata a súa duración máxima prevista no artigo 216 da presente lei, cada vez que se devengasen seis meses de percepción do mesmo, os beneficiarios deberán presentar unha solicitude de prórroga, acompañada da documentación acreditativa do mantemento dos requisitos de acceso. Esta solicitude deberá formularse no prazo que media entre o día seguinte á data de esgotamento do período de dereito semestral e os 15 días seguintes á data do vencemento do período de pagamento da última mensualidade devengada.

A duración do subsidio prorrogase desde o día seguinte á data de esgotamento do período de dereito semestral se se solicita no prazo establecido. Noutro caso, o dereito á prórroga terá efectividade a partir do día seguinte ó da súa solicitude reducíndose a súa duración nos termos recollidos na alínea b) do número 1 deste artigo.

Para o recoñecemento das prórrogas a entidade xestora poderalles esixir ós beneficiarios do subsidio que no momento de solicitude daquelas subscriban un compromiso de realizar accións favorecedoras da súa inserción laboral e os servizos públicos de emprego aplicarán ós traballadores que subscribisen o compromiso as citadas accións.

5. Para mante-la percepción do subsidio previsto no número 1.3 do artigo 215 desta lei, para os traballadores maiores de 52 anos, os beneficiarios deberán presentar ante a entidade xestora unha declaración das súas rendas, acompañada da documentación acreditativa que corresponda.

Esta declaración deberase presentar cada vez que transcorran doce meses desde a data do nacemento do dereito ou desde a data do seu último

reinicio, no prazo dos 15 días seguintes a aquel no que se cumpra o período sinalado.

A falta de achega da declaración no prazo sinalado implicará a interrupción do pagamento do subsidio e da cotización á Seguridade Social.

A achega da declaración fóra do prazo sinalado implicará, se for o caso, o reinicio do devengo do dereito con efectos da data en que se achegue a dita declaración.»

2. O previsto nos números 4 e 5 do artigo 219 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aplicarase ós subsidios por desemprego que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2002 e ós nados con anterioridade que na citada data estean percibíndose ou se encontren pendentes de percepción. Os subsidios nados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002 o previsto no número 5, antes citado, seralles de aplicación a partir de que transcorran doce meses ou múltiplo de doce meses desde a data do nacemento do dereito ou desde a data do seu último reinicio.

Dez. Modifícase o artigo 222 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 222. *Desemprego. Maternidade e incapacidade temporal.*

1. Cando o traballador se encontre en situación de incapacidade temporal e durante ela se extinga o seu contrato seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal en contía igual á prestación por desemprego ata que se extinga a dita situación, pasando entón á situación legal de desemprego no suposto de que a extinción se producese por algunha das causas previstas no número 1 do artigo 208 e a percibir, se reúne os requisitos necesarios, a prestación por desemprego contributivo que lle corresponda de terse iniciado a percepción da mesma na data de extinción do contrato de traballo, ou o subsidio por desemprego.

En todo caso, descontarase do período de percepción da prestación por desemprego, como xa consumido, o tempo que permanecese na situación de incapacidade temporal a partir da data da extinción do contrato de traballo.

A entidade xestora das prestacións por desemprego efectuará as cotizacións á Seguridade Social conforme o previsto na alínea b) do número 1 do artigo 206, asumindo neste caso a achega que corresponde ó traballador na súa totalidade por todo o período que se desconte como consumido.

2. Cando o traballador se encontre en situación de maternidade e durante ela se extinga o seu contrato, por algunha das causas previstas no número 1 do artigo 208, seguirá percibindo a prestación por maternidade ata que se extinga esta situación, pasando entón á situación legal de desemprego e a percibir, se reúne os requisitos necesarios, a correspondente prestación. Neste caso non se descontará do período de percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo o tempo que permanecese en situación de maternidade.

3. Cando o traballador estea percibindo a prestación de desemprego total e pase á situación de incapacidade temporal que constituía recaída dun proceso anterior iniciado durante a vixencia dun contrato de traballo, percibirá a prestación por esta continxencia en contía igual á prestación por desemprego. Neste caso, e no suposto de que o traballador continuase en situación de incapacidade temporal unha vez finalizado o período de duración establecido inicialmente para a prestación por

desemprego, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal na mesma contía na que a viña percibindo.

Cando o traballador estea percibindo a prestación de desemprego total e pase á situación de incapacidade temporal que non constituía recaída dun proceso anterior iniciado durante a vixencia dun contrato de traballo, percibirá a prestación por esta continxencia en contía igual á prestación por desemprego. Neste caso, e no suposto de que o traballador continuase en situación de incapacidade temporal unha vez finalizado o período de duración establecido inicialmente para a prestación por desemprego, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal en contía igual ó 75 % do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extras.

Cando o traballador estea percibindo a prestación por desemprego total e pase á situación de maternidade, percibirá a prestación por esta última continxencia na contía que corresponda.

O período de percepción da prestación por desemprego non se ampliará pola circunstancia de que o traballador pase á situación de incapacidade temporal ou maternidade. Durante esta situación, a entidade xestora das prestacións por desemprego continuará satisfacendo as cotizacións á Seguridade Social conforme o previsto na alínea b) do número 1 do artigo 206.»

Once. Introdúcese unha nova disposición adicional, a vixésimo quinta, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo quinta. *Normas de procedemento.*

1. A tramitación das prestacións e demais actos en materia de Seguridade Social, incluída a protección por desemprego, que non teñan carácter recadatorio ou sancionador axustarase ó disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades nela previstas para tales actos en canto a impugnación e revisión de oficio, así como coas establecidas na presente disposición adicional ou noutras disposicións que resulten de aplicación.

2. Nos procedementos iniciados por solicitude dos interesados, unha vez transcorrido o prazo máximo para dictar resolución e notificala fixado pola norma reguladora do procedemento de que se trate sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada a petición por silencio administrativo.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os procedementos relativos á inscrición de empresas e á afiliación, altas e baixas e variacións de datos dos traballadores iniciados por solicitude dos interesados, así como os de convenios especiais, nos que a falta de resolución expresa no prazo previsto terá como efecto a estimación da respectiva solicitude por silencio administrativo.»

Doce. Modifícase a disposición transitoria décimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactada nos termos seguintes:

«Disposición transitoria décimo cuarta. *Aplicación paulatina do financiamento dos complementos a mínimos das pensións contributivas da Seguridade Social.*

O disposto no número 2 do artigo 86 desta lei, no que ós complementos a mínimos se refire, leva-

rase a cabo, de modo paulatino, nun prazo que non superará os 12 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 2002, nos termos que estableza a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico.

Ata que non conclúa o período a que se refire o parágrafo anterior, o custo dos complementos a mínimos, na parte non cuberta polas achegas do Estado nos respectivos exercicios, financiarase con cargo ós demais recursos xerais do sistema.»

Artigo 35. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícase o número 1 do artigo 21 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Non conservar, durante catro anos, a documentación ou os rexistros ou soportes informáticos en que se transmitisen os correspondentes datos que acrediten o cumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas, baixas ou variacións que, se é o caso, se producen en relación coas ditas materias, así como os documentos de cotización e os recibos xustificativos do pagamento de salarios e do pagamento delegado de prestacións.»

Artigo 36. *Adopción de medidas cautelares no mantemento do dereito ó percibo de prestacións.*

Inclúese unha nova disposición adicional, décimo sétima bis, no texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«1. O incumprimento, por parte dos beneficiarios ou causantes das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social, da obriga de presentar, nos prazos legais establecidos, declaracións preceptivas ou documentos, antecedentes, xustificantes ou datos que non estean en poder da entidade, cando a isto sexan requiridos e sempre que os mesmos poidan afectar á conservación do dereito ás prestacións, poderá dar lugar a que as entidades xestoras da Seguridade Social adopten as medidas preventivas necesarias, mediante a suspensión cautelar do aboamento das citadas prestacións, ata que quede debidamente acreditado, por parte dos citados beneficiarios ou causantes, que se cumpren os requisitos legais imprescindibles para o mantemento do dereito a aquelas.

2. O previsto no número anterior enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 47.4 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.»

Artigo 37. *Supresión do libro de matrícula do persoal.*

Un. Queda suprimida a obriga dos empresarios de levar un libro de matrícula do persoal imposta polo artigo 101 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Dous. Quedan derogados o artigo 101 sobre o Libro de matrícula de persoal do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e o número 3 do artigo 22

do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 38. *Renda activa de inserción.*

Habílitase o Goberno a regular para o ano 2002, dentro da acción protectora por desemprego e co réxime financeiro e de xestión establecido no capítulo V do título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, o establecemento dunha axuda específica, denominada renda activa de inserción, dirixida ós desempregados con especiais necesidades económicas e dificultades para encontrar emprego, que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral.

SECCIÓN 2.^a NORMAS RELATIVAS ÓS RÉXIMES ESPECIAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 39. *Modificación do texto refundido da Lei da Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño.*

Engádeselle un novo número, o 7, ó artigo 7 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, coa seguinte redacción:

«7. A obriga de pagamento das cotizacións ó Instituto Social das Forzas Armadas prescribirá ós catro anos contados desde a data en que preceptivamente deberon ser ingresadas. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa, realizada con coñecemento formal do obrigado ó pagamento da cotización conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, polo requirimento ó debedor.»

Artigo 40. *Réxime de Seguridade Social do persoal docente universitario con praza vinculada.*

Un. Os catedráticos e profesores de universidade que, por teren pasado a desempeñar prazas vinculadas coas institucións sanitarias da Seguridade Social en virtude de concertos suscritos con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2000, non puidesen acollerse á opción prevista no número 1, do artigo 27, da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e que á entrada en vigor deses concertos se atopasen desempeñando unha praza de catedrático ou profesor de corpos universitarios e outra complementaria como persoal estatutario ou asimilado das institucións sanitarias da Seguridade Social, poderán optar, por unha soa vez, antes do 30 de xuño do ano 2002 e con efectos do 1 de xullo do mesmo ano, por quedaren incluídos exclusivamente no réxime xeral da Seguridade Social ou encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

Se, transcorrido o indicado prazo, non se exercese expresamente a opción á que se refire o parágrafo anterior, o citado persoal docente universitario quedará obrigatoriamente incluído no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, causando a conseguinte baixa no réxime xeral da Seguridade Social.

Dous. Non obstante o establecido no número anterior, o citado persoal docente universitario que optase

por pertencer ó réxime xeral da Seguridade Social quedará obrigatoriamente incluído no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado cando, continuando a súa función docente, se desvinculase por calquera motivo da praza de facultativo especialista que orixinou no seu momento o dereito de opción.

Artigo 41. Actualización do réxime de Seguridade Social dos notarios.

Autorízase o Goberno para que proceda, no prazo dun ano, á integración no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, e nos termos que regulamentariamente se establezan, dos membros do Corpo Unico de Notarios ó que se refire a disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

CAPÍTULO III

Procedemento laboral

Artigo 42. Modificación do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

Dáselle unha nova redacción ó artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, que queda como segue:

«Artigo 71.

1. Será requisito necesario para formular demanda en materia de Seguridade Social que os interesados interpoñan reclamación previa ante a entidade xestora ou Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente.

2. A reclamación previa deberá interporse, ante o órgano que dictou a resolución, no prazo de trinta días desde a notificación da mesma, se é expresa, ou desde a data en que, conforme a normativa reguladora do procedemento de que se trate, deba entenderse producido o silencio administrativo.

Se a resolución, expresa ou presunta, fose dictada por unha entidade colaboradora, a reclamación previa interporase, no mesmo prazo, ante o órgano correspondente da entidade xestora ou servizo común cando resulte competente.

3. Cando no recoñecemento inicial ou a modificación dun acto ou dereito en materia de Seguridade Social a entidade correspondente estea obrigada a proceder de oficio, no caso de que non se produza acordo ou resolución, o interesado poderá solicitar que se dicte, tendo esta solicitude valor de reclamación previa.

4. Formulada reclamación previa en calquera dos supostos mencionados no presente artigo, a entidade deberá contestar expresamente a ela no prazo de corenta e cinco días. En caso contrario entenderase denegada a reclamación por silencio administrativo.

5. A demanda deberá formularse no prazo de trinta días, contados desde a data en que se notifique a denegación da reclamación previa ou desde o día en que se entenda denegada por silencio administrativo.

6. As entidades xestoras e a Tesourería Xeral da Seguridade Social expedirán recibo de presen-

tación ou selarán debidamente, con indicación da data, as copias das reclamacións que se dirixan en cumprimento do disposto nesta lei. Este recibo ou copia selada deberá acompañar inescusablemente a demanda.»

CAPÍTULO IV

Axudas ós afectados por delitos de terrorismo

Artigo 43. Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Réxime de indemnizacións ás vítimas do terrorismo.

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Un. Modifícase o número 9 do artigo 94 da Lei 13/1996, que queda redactado do seguinte modo:

«9. Serán igualmente resarcibles os gastos por tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas na contía non cuberta por calquera sistema de previsión ó que a vítima estivese acollida.

As vítimas e os seus familiares recibirán con carácter inmediato a asistencia psicolóxica e, se é o caso, psicopedagóxica, que fosen precisas, para o cal a Administración do Estado establecerá os oportunos concertos con outras administracións públicas ou con entidades privadas especializadas na dita asistencia.

A asistencia psicolóxica e psicopedagóxica será incompatible coa que puidesen prestar, polo mesmo motivo, outras administracións públicas.»

Dous. Modifícase o número 10 do artigo 94 da Lei 13/1996, na redacción dada ó mesmo polo artigo 48 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda coa seguinte redacción:

«10. Os resarcimentos por danos materiais terán carácter subsidiario respecto de calquera outro recoñecido polas administracións públicas ou derivado de contratos de seguro, reducíndose na cantidade percibida por estes conceptos e comprenderán tanto os causados na vivenda habitual das persoas físicas, como os producidos en establecementos mercantís e industriais, ou elementos productivos das empresas, así como nas sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais, axustándose ós seguintes criterios:

a) Nas vivendas habituais das persoas físicas, serán obxecto de resarcimento os danos sufridos na estrutura, instalacións e mobiliario que resulte necesario repor para que aquelas recuperen as súas condicións anteriores de habitabilidade, excluindo os elementos de carácter suntuario. En vivendas que non teñan o carácter de residencia habitual o resarcimento comprenderá o 50 por 100 dos danos, co límite de 90.151,82 euros por vivenda.

b) No caso de establecementos mercantís ou industriais, o resarcimento comprenderá o 100 por 100 do valor das reparacións necesarias para pór novamente en funcionamento os establecementos cun máximo de 90.151,82 euros por establecemento.

Non serán resarcibles os danos causados a establecementos de titularidade pública.

Con independencia dos resarcimentos por danos previstos neste número, a Administración xeral do Estado poderá, en supostos excepcionais e, en par-

ricular, cando como consecuencia do acto terrorista quedar interrompida a actividade dunha empresa, con risco de perda dos seus postos de traballo, acorda-la subsidiación de préstamos destinados a reemprende-la actividade, que consistirá no aboamento á entidade de crédito prestamista, da diferenza existente entre os pagamentos de amortización de capital e xuros, ó tipo de xuro fixado pola entidade prestamista, e os que corresponderían ó tipo de xuro subsidiado, que se determinará nas normas de desenvolvemento.

Tamén poderá celebra-la Administración xeral do Estado convenios con entidades de crédito co obxecto de que estas establezan modalidades de créditos a xuro baixo, coa finalidade indicada no parágrafo precedente.

No caso de sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais, o resarcimento comprenderá o 100% do valor das reparacións necesarias para que recuperen as súas condicións anteriores e poidan reemprende-la súa actividade.

A Administración xeral do Estado poderá encarga-la reparación dos inmobles referidos nos números anteriores a empresas constructoras, aboando a estas directamente o seu importe. Os contratos administrativos a que dean lugar as obras de reparación tramitaranse polo procedemento de emerxencia previsto no artigo 72 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Sen prexuízo disto, a Administración xeral do Estado poderá celebrar convenios con outras administracións públicas, co obxecto de que estas asuman a execución das obras de reparación, aboando aquela o seu importe.

Os damnificados que se beneficiasen de obras de reparación realizadas pola Administración xeral do Estado decaerán no seu dereito a reclamar ó Consorcio de Compensación de Seguros as indemnizacións correspondentes ós danos reparados nos bens asegurados, as cales serán percibidas pola empresa executora das obras ou pola Administración actuante mediante convenio, conforme as peritacións oficiais do devandito Consorcio.

c) Serán resarcibles os danos causados en vehículos particulares así como os sufridos polos destinados ó transporte terrestre de persoas ou mercadorías, salvo os de titularidade pública. Para que proceda a indemnización, será requisito indispensable a existencia de seguro obrigatorio do automóbil, vixente no momento do sinistro.

O resarcimento comprenderá o importe dos gastos necesarios para a súa reparación. En caso de destrución do vehículo, ou cando a reparación resulte superior ó seu valor venal, a indemnización será equivalente ó importe de adquisición no mercado dun vehículo de similares características técnicas e condicións de uso ó sinistrado, co límite máximo de 21.035,42 euros. O resarcimento terá carácter subsidiario respecto de calquera outro recoñecido polas administracións públicas ou derivados de contratos de seguro, reducíndose en contía igual ó valor dos ditos resarcimentos ou indemnizacións, de concorreren estes.

d) A Administración xeral do Estado poderá contribuír a sufragalos gastos que orixine o aloxa-

mento provisional daquelas persoas que, como consecuencia dun atentado terrorista, teñan que abandonar temporalmente a súa vivenda e mentres se efectúan as obras de reparación. Para estes efectos, poderá celebrar convenios ou acordos con outras administracións públicas ou con organizacións especializadas no auxilio ou asistencia a damnificados en situacións de sinistro ou catástrofe.»

Tres. Modifícase o número 11 do artigo 94 da Lei 13/1996, que queda coa seguinte redacción:

«11. As prestacións reguladas nos números anteriores serán de aplicación ós feitos ocorridos a partir do día 1 de xaneiro de 2002.

Non obstante, as axudas de estudio e as de asistencia psicolóxica ás vítimas do terrorismo poderán ser concedidas conforme o que establezan as normas de desenvolvemento deste precepto, calquera que fose a data de comisión da actividade delictiva causante do dano que deu orixe á súa condición de vítimas.»

Catro. Modifícase o número 12 do artigo 94 da Lei 13/1996, na redacción dada ó mesmo pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«12. Sen prexuízo dos resarcimentos e axudas contempladas nos números anteriores, o ministro do Interior poderá conceder axudas extraordinarias para paliar situacións de necesidade persoal ou familiar das vítimas, non cubertas ou cubertas de forma notoriamente insuficiente polas axudas ordinarias.

Estas axudas estarán especialmente destinadas a reparalos prexuízos económicos causados a persoas que, tendo sido obxecto de ameazas, sufran ataques nos seus bens e propiedades.»

Cinco. Modifícase o artigo 96 da Lei 13/1996, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 96. *Competencias para o recoñecemento dos resarcimentos.*

Os procedementos para o recoñecemento dos resarcimentos serán tramitados e resoltos polo Ministerio do Interior. As resolucións recaídas porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Para a cualificación das lesións será preceptivo o dictame emitido polo equipo de valoración de incapacidades que determine o Instituto Nacional da Seguridade Social, no cal se integrará un representante do Ministerio do Interior. Non obstante, a cualificación das incapacidades dos membros das Forzas Armadas, Garda Civil ou Corpo Nacional de Policía será efectuada polos seus respectivos tribunais médicos superiores. A cualificación das lesións permanentes non invalidantes poderá ser efectuada, se é o caso, pola asesoría médica adscrita á unidade administrativa instructora dos resarcimentos.

A taxación pericial dos danos materiais será realizada polos servizos competentes do Consorcio de Compensación de Seguros, ó que se reintegrará o importe dos custos producidos na taxación dos bens non cubertos por contratos de seguros.

Nos expedientes de resarcimento de danos materiais de contía inferior a 1.803,04 euros será suficiente, para o seu recoñecemento na correspondente resolución administrativa, o informe pericial do Consorcio de Compensación de Seguros.

As avaliacións medidas das lesións e as taxacións periciais dos danos materiais, cando resulten determinantes para adopta-la resolución, suspenderán o procedemento ata a súa incorporación ó expediente indemnizatorio.

O Ministerio do Interior poderá, no exercicio das competencias derivadas deste artigo, pedi-los datos sobre os procedementos de recoñecemento de pensións extraordinarias por terrorismo relacionados cos solicitantes que estivesen nos ficheiros do Instituto Nacional da Seguridade Social e a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas.»

Seis. Modifícase a disposición transitoria terceira da Lei 13/1996, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Procedemento de concesión de resarcimentos a vítimas de bandas armadas e elementos terroristas.*

Un. Os resarcimentos por danos corporais e materiais causados por actividades delictivas cometidas por bandas armadas e elementos terroristas con anterioridade ó día 1 de xaneiro de 2002 regularanse pola normativa vixente ata esa data.

Dous. Non obstante, en canto non se dicten as normas de desenvolvemento a que se refire o artigo 93 desta lei, será de aplicación ós procedementos de concesión de resarcimentos a vítimas de bandas armadas e elementos terroristas e de delitos de terrorismo en xeral, o Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo, no que non se opoña á presente disposición.»

Artigo 44. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional novena. *Ámbito de aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.*

Un. O ámbito temporal de aplicación da Lei 32/1999 esténdese ós feitos previstos nesa lei, acaecidos entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2002, sen prexuízo das demais axudas que puidesen corresponder por eles conforme o ordenamento xurídico.

Dous. Cando en virtude de sentenza firme se recoñece unha indemnización en concepto de responsabilidade civil por feitos acaecidos con posterioridade ó 10 de outubro de 1999, superior á cantidade global percibida polos conceptos contemplados na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na Lei 32/1999, a Administración xeral do Estado aboará ó interesado a diferenciaci.

Tres. O prazo para solicita-las axudas previstas na Lei 32/1999, por feitos ocorridos entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2002 será dun ano contado a partir da data en que se producen.»

TÍTULO III

Do persoal ó servizo das administracións públicas

CAPÍTULO I

Persoal funcionario e estatutario

SECCIÓN 1.^a CORPOS E ESCALAS

Artigo 45. *Acceso dos funcionarios do corpo de mestres que desempeñan prazas nos equipos de orientación educativa e psicopedagóxica ó corpo de profesores de ensino secundario.*

Un. As administracións educativas competentes poderán convocar un concurso-oposición, quenda especial, para o acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de psicoloxía e pedagogía, no que só poderán participa-los funcionarios do corpo de mestres que, con titulación de licenciados en psicoloxía ou pedagogía, desempeñen prazas con carácter definitivo no seu ámbito de xestión, obtidas por concurso público de méritos, nos servizos de orientación ou asesoramento psicopedagóxico.

Dous. O concurso-oposición a que se refire o número un axustarase ó disposto no Real decreto 575/1991, do 22 de abril, polo que se regula a mobilidade entre os corpos docentes e a adquisición da condición de catedrático. Na fase de concurso valorarase especialmente o tempo de servizo nos destinos que desempeñen.

Tres. Os que superen o procedemento selectivo quedarán destinados na mesma praza que estivesen a desempeñar.

Artigo 46. *Integración de persoal laboral do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), nas escalas dos organismos públicos de investigación.*

Un. O persoal laboral fixo do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT) que á entrada en vigor desta lei desempeñe postos de traballo nos que desenvolva actividades de investigación, poderá integrarse, mediante o procedemento previsto no número 5 deste artigo, na escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación, dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, sempre que reúna os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de doutor.
- Ter desempeñado actividades de investigación no Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT) durante un mínimo de cinco anos ó longo dos dez anos anteriores á entrada en vigor desta lei ou á presentación da solicitude de integración.

Dous. O persoal laboral fixo que á entrada en vigor desta lei solicítase a integración e non reúna algún dos requisitos establecidos nas alíneas a) e b) do número un, continuará no desempeño dos seus actuais postos de traballo, podendo integrarse na escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación cando cumpra os citados requisitos.

Tres. O persoal laboral fixo que á entrada en vigor desta lei desempeñe postos de traballo nos que se desenvolvan actividades de deseño, aplicación, mantemento e mellora en instalacións científicas experimentais, ou funcións de asesoramento, análises e informes nas súas especialidades respectivas, no Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), poderá integrarse, polo procedemento previsto no número

ro 5 deste artigo, na escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación, dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, sempre que reúna os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

b) Estar desempeñando as actividades citadas no Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT) á entrada en vigor desta lei.

Catro. Os casos singulares de persoal laboral fixo que, á entrada en vigor desta lei, desempeñen postos de traballo nos demais organismos públicos de investigación adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e que cumpran cos requisitos establecidos nos números 1 ou 3 do presente artigo, poderán participar nas probas selectivas a que se refire o número seguinte.

Cinco. A integración do persoal mencionado nos números anteriores levarase a cabo a través da superación das probas selectivas específicas que se convoquen para o efecto, de forma conxunta, e que consistirán nun concurso—oposición. O persoal que ingrese nas escalas a que se refire este artigo conservará o réxime de Seguridade Social que tivese con anterioridade.

Seis. A aplicación das medidas previstas neste artigo non suporá incremento no gasto público.

Artigo 47. Creación de escalas de técnicos especialistas e de persoal de apoio á investigación dos organismos públicos de investigación, dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Un. Créase a escala de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que quedará adscrita a tal departamento e clasificada no grupo B da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Dous. Créanse as seguintes escalas de persoal de apoio á investigación adscritas ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía:

a) Escala de axudantes de investigación dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que se clasifica no grupo C da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

b) Escala de auxiliares de investigación dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que se clasifica no grupo D da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Tres. Poderán integrarse na escala de técnicos especialistas de grao medio a que se refire o número un do presente artigo os funcionarios de carreira que, no momento da entrada en vigor desta lei, se atopen en situación de servizo activo en calquera dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e cumpran, así mesmo, os seguintes requisitos:

a) Estaren en posesión do título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico; ou calquera outro título equivalente.

b) Pertenceren como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo B.

c) Estaren desempeñando actividades de apoio e colaboración en materia de deseño, aplicación, mantemento e mellora de instalacións científicas; realizaren informes, estudos ou análises nas súas especialidades respectivas; e, en xeral, participaren na xestión técnica de plans, proxectos, programas ou aplicacións e resultados da investigación.

Catro. Poderán integrarse na escala de axudantes de investigación a que se refire o número 2.a) deste artigo os funcionarios de carreira que, no momento de entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo nalgún dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e cumpran, así mesmo, os seguintes requisitos:

a) Estaren en posesión do título de bacharel superior, BUP, bacharel, formación profesional de 2.º grao ou equivalente.

b) Pertenceren como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo C.

c) Estaren desempeñando actividades de aplicación en relación con métodos, procesos ou sistemas científicos ou técnicos xa establecidos; realizaren ensaios, análises e experimentos de carácter rutineiro; manexaren equipos ou instrumentos científicos, ou realizaren tomas, preparacións e tratamentos de mostras.

Cinco. Poderán integrarse na escala de auxiliares de investigación a que se refire o número 2.b) deste artigo os funcionarios de carreira que, no momento de entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo nalgún dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e cumpran, así mesmo, os seguintes requisitos:

a) Estaren en posesión do título de graduado escolar, graduado en educación secundaria, formación profesional de 1.º grao ou equivalente.

b) Pertenceren como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo D.

c) Estaren desempeñando actividades repetitivas conforme as normas ou pautas científicas ou técnicas previamente establecidas; facer medicións ou cálculos sinxelos, ou desenvolver calquera outro traballo que requira coñecementos ou técnicas de carácter elemental.

Seis. A integración en cada unha das escalas creadas neste artigo realizarase por petición dos interesados e logo de comprobación dos requisitos esixidos por unha comisión de valoración integrada por representantes dos ministerios de Ciencia e Tecnoloxía, de Administracións Públicas e dos organismos públicos de investigación.

Sete. Os funcionarios que se integren nas escalas que se crean neste artigo conservarán o réxime de Seguridade Social que tivesen no momento da integración, e continuarán no desempeño dos seus actuais postos de traballo pasando á situación de excedencia voluntaria á que se refire o artigo 29.3. a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos seus corpos, escalas ou prazas de orixe.

As prazas que se crean para a integración dos funcionarios nas novas escalas a que se refire este artigo financiaranse con cargo ás dotacións orzamentarias correspondentes ós postos desempeñados polos interesados ou ás prazas que se encontren vacantes nas relacións de postos de traballo dos correspondentes grupos de clasificación.

Oito. A mobilidade dos funcionarios das novas escalas establecerase regulamentariamente tendo en conta as respectivas especialidades e as titulacións, experiencias e coñecementos dos interesados.

Nove. As vacantes que se produzan como consecuencia das integracións previstas neste artigo serán amortizadas.

Dez. A creación das escalas a que se refire o presente artigo non suporá incremento no gasto público.

Artigo 48. Corpos estatísticos.

Modifícase a denominación dos corpos especiais de estatística da Administración xeral do Estado que pasan a chamarse do seguinte modo:

O corpo de estatísticos facultativos pasará a denominarse: corpo superior de estatísticos do Estado.

O corpo de estatísticos técnicos diplomados pasará a denominarse: corpo de diplomados en estatística do Estado.

Artigo 49. *Creación dos corpos técnicos do Ministerio de Facenda.*

Un. Creación dos corpos técnicos.

1. Créase o corpo técnico de Facenda, pertencente ó grupo B dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e adscrito á Axencia Estatal de Administración Tributaria. As súas funcións serán as relativas á xestión, inspección e recadación do sistema tributario estatal e do sistema aduaneiro, adecuadas ós requisitos e probas para ingreso neste corpo.

2. Créase o corpo técnico de auditoría e contabilidade, pertencente ó grupo B dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e adscrito ó Ministerio de Facenda. As súas funcións serán as relativas á xestión en materia de contabilidade pública, función interventora e de control financeiro e auditoría no sector público, así como de orzamentación, adecuadas ós requisitos e probas para ingreso neste corpo.

3. Créase o corpo técnico de xestión catastral, pertencente ó grupo B dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e adscrito ó Ministerio de Facenda. As súas funcións serán as relativas á xestión catastral, excepto aquelas para as que sexa preciso estar en posesión de título facultativo, adecuadas ós requisitos e probas para ingreso neste corpo.

4. O corpo de xestión da Facenda pública e as súas especialidades quedan extinguidos á entrada en vigor desta lei.

Dous. Integración de funcionarios

1. Quedan automaticamente integrados no corpo técnico de Facenda os funcionarios do corpo de xestión da Facenda pública que á entrada en vigor desta lei estean en posesión dalgunha ou algunhas das especialidades de xestión e liquidación, xestión aduaneira, inspección auxiliar e xestión recadatoria. Continuarán, se é o caso, desempeñando os seus actuais postos de traballo e manteranse na mesma situación administrativa en que se encontren no corpo de xestión da Facenda pública.

Os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública que estivesen en posesión da especialidade de xestión e liquidación integraranse no corpo técnico de Facenda na especialidade de xestión e liquidación.

Os que estivesen en posesión da especialidade de xestión aduaneira integraranse no corpo técnico de Facenda na especialidade de xestión aduaneira.

Os que estivesen en posesión da especialidade de inspección auxiliar integraranse no corpo técnico de Facenda na especialidade de inspección auxiliar.

Os que estivesen en posesión da especialidade de recadación integraranse no corpo técnico de Facenda na especialidade de recadación.

Así mesmo, integraranse no corpo técnico de Facenda, na correspondente especialidade, aqueles funcionarios do corpo de xestión da Facenda pública que á entrada en vigor desta lei e durante os dous anos precedentes, teñan o seu destino nas áreas de xestión tributaria, aduanas, inspección e recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e non estean en posesión das respectivas especialidades.

No prazo de cinco anos convocaranse os correspondentes cursos de formación, na forma prevista e con contidos similares ós procesos regulados no número 7 deste número, a superación dos cales permitirá ós funcionarios do corpo técnico de Facenda a integración nas especialidades que non posúan.

Aqueles funcionarios do corpo de xestión da Facenda pública que estean en posesión das catro especialidades do corpo técnico de Facenda, entenderanse integrados no devandito corpo sen adscrición a ningunha especialidade.

2. Quedan automaticamente integrados no corpo técnico de auditoría e contabilidade os funcionarios do corpo de xestión da Facenda pública que á entrada en vigor desta lei estean en posesión da especialidade de contabilidade. Continuarán, se é o caso, desempeñando os seus actuais postos de traballo e manteranse na mesma situación administrativa en que se encontren no corpo de xestión da Facenda pública.

3. Quedan automaticamente integrados no corpo técnico de xestión catastral os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública que á entrada en vigor desta lei estean en posesión da especialidade de xestión catastral. Continuarán, se é o caso, desempeñando os seus actuais postos de traballo e manteranse na mesma situación administrativa en que se encontren no corpo de xestión da Facenda pública.

4. Os funcionarios que á entrada en vigor desta lei estean en situación de activo no corpo de xestión da Facenda pública, que estean en posesión de máis dunha das especialidades extinguidas nesta lei, e lles corresponda integrarse en dous ou tres dos novos corpos, integraranse neles de acordo cos seguintes criterios referidos ó posto que desempeñen ou tivesen reservado:

a) Os que desempeñen un posto de traballo incluído nun centro directivo que figure exclusivamente nun dos anexos, quedarán en servizo activo no corpo correspondente ó anexo de que se trate, e na excedencia voluntaria prevista no artigo 29.3.a) da Lei 30/19984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no corpo ou corpos restantes.

b) En calquera outro caso, quedarán en servizo activo, no corpo polo que opten, e na excedencia voluntaria prevista no artigo 29.3.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no outro ou outros. Na falta de opción expresa, quedarán en servizo activo, ou na mesma situación administrativa na que se encontrasen no corpo que corresponda á última especialidade adquirida.

5. Nos supostos de integración automática previstos nos números 1, 2 e 3, o cómputo da antigüidade nos novos corpos técnicos realizarase tendo en conta a data de adquisición da especialidade do corpo de xestión da Facenda Pública pola que o funcionario se integre no novo corpo ou, no caso do corpo técnico de Facenda, da especialidade que fose adquirida en primeiro lugar.

6. Sen prexuízo dos supostos de integración automática previstos nos números 1, 2 e 3, os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública poderán integrarse noutro corpo técnico distinto ó de integración automática, sempre que así o soliciten, se durante os dous anos inmediatamente anteriores á entrada en vigor desta lei desempeñasen de maneira continuada ou tivesen reservado durante ese mesmo tempo, algún dos postos de traballo nos centros directivos recollidos nos anexos I, II ou III. Os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública que opten por esta integración non poderán participar nos procesos selectivos ós que se refire o número 7 deste número. Así mesmo, os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública só poderán integrarse por este sistema nun dos corpos técnicos.

Esta integración efectuarase sen acumulación de antigüidade previa no correspondente corpo técnico, quedando o funcionario en servizo activo no corpo polo que optase por integrarse de acordo con este número e na situación de excedencia voluntaria regulada no artigo 29.3.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no outro ou outros corpos técnicos, e continuando, se é o caso, no desempeño do seu actual posto de traballo.

A opción de integración, por esta vía, ó corpo técnico de Facenda farase a unha das súas especialidades. A integración no resto de especialidades levarase a efecto mediante a superación dos cursos de formación a que se fai referencia no número 1 deste número.

7. Os funcionarios do corpo de xestión da Facenda Pública que estean en situación de servizo activo, así como os que estean en situación distinta á de servizo activo, con excepción da de excedencia voluntaria por interese particular ou suspensión firme de funcións, poderán participar soamente nun dos procesos selectivos de acceso ós corpos técnicos ós que de acordo co previsto neste artigo non lles corresponda integrarse.

Estes procesos consistirán na superación dun curso selectivo que se realizará de forma descentralizada territorialmente.

Os procesos selectivos deberán reuni-las seguintes características:

a) Os procesos desenvolveranse nun prazo non superior a cinco anos desde a entrada en vigor da presente lei.

b) A non superación do curso selectivo que se establece ou a renuncia á participación nel antes da súa finalización, determinará a perda do dereito establecido neste número, salvo se a indicada renuncia ten a súa orixe no paso á situación de servizos especiais ou a causa de forza maior.

c) A admisión ós procesos realizarase por concurso de méritos, nos que se valorará preferentemente a antigüidade no corpo de xestión da Facenda Pública e a orde dentro das respectivas promocións.

A integración regulada neste número non suporá cambio da situación administrativa nin, se é o caso, de posto de traballo.

Tres. Provisión de postos de traballo

1. Nos procesos de provisión de postos de traballo adscritos ó corpo técnico de Facenda, convocados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberá valorarse de forma diferenciada a experiencia no desempeño de postos de traballo nas respectivas áreas funcionais.

2. A política de provisión de postos de traballo dos corpos técnicos creados nesta lei garantirá que as retribucións obtidas polos funcionarios se adecuen ós cometidos e responsabilidades asumidas polos mesmos dentro do ámbito de funcións que lles atribúa o marco normativo vixente.

Catro. Adscrición de postos de traballo.

1. Sen prexuízo do disposto no número quinto.2 da disposición adicional 28 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Facenda e dos demais ministerios e organismos públicos da Administración xeral do Estado, poderanse adscribir postos de traballo ós corpos técnicos, de acordo co que prevén os artigos 15.2 e 26 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

2. A adscrición de postos de traballo ós corpos técnicos regulados na presente lei por calquera administración pública requirirá a previa autorización do órgano

competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou do Ministerio de Facenda, segundo o corpo técnico de que se trate.

Cinco. Mobilidade.

Sen prexuízo das competencias que, de acordo co disposto no artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, corresponden ó presidente e ó director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, referidas a outras administracións públicas, a mobilidade derivada dos concursos de provisión de postos de traballo de funcionarios dos corpos creados neste artigo, que teñan o seu destino no Ministerio de Facenda e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, e que se produza entre ambos, requirirá a previa autorización destes, que só poderá denegarse de forma motivada.

Seis. Promoción interna.

1. No marco das previsións que realice o Goberno a través das sucesivas ofertas de emprego público, o Ministerio de Facenda e a Axencia Estatal de Administración Tributaria convocarán prazas de promoción interna en número suficiente para posibilitar un acceso equilibrado co sistema libre.

2. Neste sentido, convocaranse prazas de promoción interna:

a) Ó corpo superior de inspectores de Facenda do Estado, para os funcionarios do corpo técnico de Facenda.

b) Ó corpo superior de interventores e auditores do Estado, para os funcionarios do corpo técnico de auditoría e contabilidade.

c) Á escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade de xestión catastral, para os funcionarios do corpo técnico de xestión catastral.

d) Ó corpo superior de inspectores de Seguros do Estado, para os funcionarios dos corpos técnicos.

3. Nas próximas cinco convocatorias de oposicións a cada un dos corpos e escalas de grupo A ós que se refire o número 1 deste número, os que se integren en calquera dos novos corpos técnicos, en virtude desta lei, gozarán dos mesmos dereitos e condicións para a promoción interna.

Siete. Réxime de Seguridade Social.

Os funcionarios dos corpos técnicos creados por esta lei quedan incluídos no ámbito de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, nos termos previstos nos artigos 2 e 3 do Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, que o regula.

Oito. Procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Facenda Pública actualmente en curso.

1. Os procesos selectivos para ingreso no corpo de xestión da Facenda Pública correspondentes á oferta de emprego público para o ano 2000, que non finalizen á entrada en vigor desta lei, seguiranse desenvolvendo de acordo co que prevexan as bases das convocatorias, entendéndose que as prazas correspondentes ás especialidades adscritas á Axencia Estatal de Administración Tributaria se refiren ó corpo técnico de Facenda, integrándose os funcionarios nas respectivas especialidades segundo a elección realizada ó inicio do curso selectivo, de acordo co previsto no número dous.1 anterior. As prazas convocadas para a especialidade de contabilidade refírense ó corpo técnico de auditoría e contabilidade do Estado, e as prazas convocadas para a especialidade de xestión catastral refírense ó corpo técnico de xestión catastral.

Os funcionarios que, en aplicación do disposto no presente número ingresasen nos corpos técnicos pode-

rán participar nos procesos a que se refiren os números 1 e 7 do número dous, nos termos establecidos nos ditos números.

2. Os procesos selectivos para ingreso no corpo de xestión da Facenda Pública correspondentes á oferta de emprego público para o ano 2001, que non finalizasen á entrada en vigor desta lei, seguiranse desenvolvendo de acordo co que prevexan as bases das convocatorias, entendéndose que as prazas correspondentes ás especialidades adscritas á Axencia Estatal de Administración Tributaria se refiren ó corpo técnico de Facenda, integrándose os funcionarios no corpo técnico sen adscrición a especialidade, as prazas convocadas para a especialidade de contabilidade refírense ó corpo técnico de auditoría e contabilidade do Estado, e as prazas convocadas para a especialidade de xestión catastral refírense ó corpo técnico de xestión catastral.

Os funcionarios que, en aplicación do disposto no presente número, ingresasen nos corpos técnicos poderán participar nos procesos a que se refire o número 7 do número dous.

Nove. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase o ministro de Facenda para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste artigo.

ANEXO I

Corpo técnico de Facenda

Postos de traballo pertencentes a:

Axencia Estatal de Administración Tributaria.
Gabinete do ministro de Facenda.
Secretaría Xeral de Política Fiscal, Territorial e Comunitaria.
Dirección Xeral de Tributos.
Inspección Xeral do Ministerio de Facenda.
Gabinete do secretario de Estado de Facenda.
Tribunais Económicos Administrativos.
Instituto de Estudos Fiscais.
Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
Gabinete do ministro de Economía.

ANEXO II

Corpo técnico de auditoría e contabilidade

Postos de traballo pertencentes a:

Intervención Xeral da Administración do Estado (servicios centrais e intervencións delegadas; intervencións rexionais e intervencións territoriais das delegacións de Economía e Facenda).
Gabinete do ministro de Facenda.
Dirección Xeral de Orzamentos.
Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas.
Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial.
Inspección Xeral do Ministerio de Facenda.
Gabinete do secretario de Estado de Orzamentos e Gastos.
Tribunais Económicos Administrativos.
Instituto de Estudos Fiscais.
Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
Gabinete do ministro de Economía.

ANEXO III

Corpo técnico de xestión catastral

Postos de traballo pertencentes a:

Gabinete do ministro de Facenda.
Dirección Xeral do Catastro (servicios centrais; xerencias rexionais e territoriais do Catastro das delegacións de Economía e Facenda).
Inspección Xeral do Ministerio de Facenda.
Gabinete do secretario de Estado de Facenda.
Tribunais Económicos Administrativos.
Instituto de Estudos Fiscais.
Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
Gabinete do ministro de Economía.

SECCIÓN 2.^a SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 50. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública.*

Dáselle unha nova redacción á alínea n) do número 2 do artigo 29 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que queda co seguinte contido:

«n) Cando sexan nomeados subdelegados do Goberno nas provincias ou directores insulares da Administración xeral do Estado e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa administración de orixe.»

Artigo 51. *Prórroga da disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

Prorrógase por un período de catro anos, a partir do día 4 de outubro de 2002, a vixencia temporal da disposición transitoria novena da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

SECCIÓN 3.^a FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Artigo 52. *Modificación da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Previsión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.*

Modifícase o número un do artigo 64, da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado do seguinte modo:

«Un. Cando non fose posible a provisión dos postos de traballo vacantes nas corporacións locais reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional polos procedementos de nomeamento provisional, acumulación ou comisión de servizos, as corporacións locais poderán propor, con respecto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o nomeamento como funcionario interino dunha persoa que estea en posesión da titulación esixida para o acceso á subescala e categoría a que o posto pertence.

A resolución de nomeamento será efectuada polo órgano competente da comunidade autónoma respectiva, debendo quedar acreditada no expediente a imposibilidade de provisión polos procedementos de nomeamento provisional, acumulación ou comisión de servizos.»

Artigo 53. Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

Un. Modifícase o parágrafo oitavo do número 1 do artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que queda redactado do seguinte modo:

«O Ministerio de Administracións Públicas efectuará, supletoriamente, en función dos méritos xerais e os de valoración autonómica e de acordo coas comunidades autónomas respecto do requisito da lingua, a convocatoria anual dos postos de traballo vacantes reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que deban proveerse mediante concurso e que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

a) Aqueles postos que, encontrándose vacantes, non fosen convocados polas corporacións locais no concurso ordinario.

b) Aqueles postos que, tendo sido convocados no concurso ordinario, quedasen desertos.

c) Aqueles postos que, tendo sido incluídos no concurso ordinario, non fosen adjudicados pola corporación local por outras causas.

d) Aqueles postos dos que as corporacións locais soliciten expresamente a súa inclusión, a pesar de teren resultado vacantes con posterioridade á convocatoria do concurso ordinario. A solicitude da inclusión de novos postos no concurso unitario será efectuada polo presidente da corporación, que a enviará á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas.»

Os demais parágrafos do número conservan o seu actual contido.

Dous. Modifícase o parágrafo cuarto do número 2 do artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que queda coa seguinte redacción:

«As bases da convocatoria para cubrir estes postos serán aprobadas polo presidente da corporación e conterán a denominación e requisitos indispensables para desempeñalos.»

Os demais parágrafos do número conservan o seu actual contido.

SECCIÓN 4.^a RÉXIME DOS FUNCIONARIOS INTERINOS

Artigo 54. Modificación do número 2 do artigo 5 da Lei de funcionarios civís do Estado.

Modifícase o número 2 do artigo 5 do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado do 1964 coa seguinte redacción:

«2. Son funcionarios interinos os que, por razóns de xustificada necesidade e urxencia, en virtude de nomeamento legal e sempre que existan postos dotados orzamentariamente, desenvolven funcións retribuídas polas administracións públicas en tanto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira e permanezan as razóns de necesidade ou urxencia.

Os funcionarios interinos serán cesados:

a) Cando a praza ocupada interinamente sexa provista por funcionario de carreira por algún dos

sistemas de provisión previstos regulamentariamente.

b) Cando se extinga o dereito á reserva do posto de traballo do funcionario de carreira substituído.

c) Cando por causas sobrevidas a praza sexa amortizada.

d) Cando a Administración considere que xa non existen as razóns de necesidade ou urxencia que motivaron a cobertura interina.

As prazas ocupadas por funcionarios interinos nomeados por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia dun ano do interino no seu posto, sen prexuízo do contemplado na alínea c) do parágrafo anterior, para seren obxecto de provisión de acordo cos procedementos establecidos na lei, a excepción das prazas ocupadas por interinos para substituír funcionarios con dereito a reserva de postos de traballo.»

SECCIÓN 5.^a RÉXIME DE CLASES PASIVAS

Artigo 55. Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 38 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A pensión de viuvez extinguirase por contrae-lo seu titular novo matrimonio, sen prexuízo das excepcións que regulamentariamente se establezan.»

Dous. Engádeselle un segundo parágrafo ó número 1 do artigo 59 do citado texto refundido, coa seguinte redacción:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a pensión de viuvez non se extinguirá nos supostos e nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Tres. O establecido no número 1 do artigo 59 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, aplicarase ás pensións de viuvez recoñecidas ó abeiro da lexislación especial derivada da guerra civil.

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 41 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado como segue:

«2. No suposto en que o orfo non realice un traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña en cómputo anual resulten inferiores ó 75 por 100 do salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade sempre que, á data de falecemento do causante, fose menor de vintedous anos ou de vintecatro se, nese momento ou antes do cumprimento dos vinteún anos ou, se é o caso, dos vintedous, non sobrevivise ningún dos pais. Neste caso, a pensión extinguirase cando o titular cumpra os vintecatro anos de idade.

Non obstante, se o orfo maior de veintiún anos se incapacitase para todo traballo antes de cumprirlos vintedous ou vintecatro anos de idade, segundo corresponda, terá dereito á pensión de orfandade con carácter vitalicio.»

Cinco. Modifícase a disposición adicional novena do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactada nos seguintes termos:

«1. O funcionario comprendido no ámbito persoal de cobertura do réxime de clases pasivas que pase a prestar servicios na Administración das Comunidades Europeas e que opte por exercer-lo dereito que lle concede o artigo 11, número 2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento (CEE, EURATOM, CECA) do Consello, do 29 de febreiro do 1968, estará excluído da acción protectora do devandito réxime de previsión unha vez que se realíza a transferencia ás Comunidades a que se refire o citado estatuto. En ningún caso lle será de aboamento para efectos de clases pasivas o tempo que permaneza prestando servicios nas Comunidades.

No suposto de que cese na prestación de servicios ás institucións comunitarias e reingrese ó servicio da Administración española quedará de novo incluído na acción protectora do réxime de clases pasivas, computándose para o devandito efecto, exclusivamente, os servicios prestados desde a data do citado reingreso.

Non obstante, de exercer-lo o dereito que lle confire o artigo 11, número 1, do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, unha vez producido o correspondente ingreso no Tesouro Público, tamén se computarán como períodos de servicio activo no devandito réxime o tempo que permanecese o funcionario ó servicio das Comunidades, así como os períodos de servicios e, se é o caso, de cotización que se tiveron en conta, no seu momento, para o cálculo dos dereitos transferidos ó réxime de pensións comunitario.

2. O Goberno desenvolverá por decreto o procedemento para as transferencias recíprocas de dereitos co réxime de previsión social do persoal das Comunidades Europeas, así como as condicións, contido e modalidades delas».

CAPÍTULO II

Persoal laboral

Artigo 56. *Provisión de vacantes e promoción profesional do persoal laboral da Administración xeral do Estado.*

No marco da planificación global dos recursos humanos, corresponde ó Ministerio de Administracións Públicas autoriza-las bases dos procesos de provisión de vacantes e de promoción interna do persoal laboral da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos, da Administración de xustiza e da Administración da Seguridade Social, así como convocar e resolve-los concursos de traslados de persoal laboral e os procesos de promoción interna cando inclúan vacantes pertencentes a diferentes departamentos ou organismos.

CAPÍTULO III

Outro persoal

Artigo 57. *Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 42/1999, do 25 de novembro, do réxime do persoal da Garda Civil.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 25, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Ó ensino de formación da Garda Civil poderase acceder directamente, por promoción interna ou por cambio de escala, de acordo co regulado neste capítulo.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 38, quedando coa seguinte redacción:

«3. Os alumnos que previamente tivesen un emprego militar no corpo da Garda Civil conservarán os dereitos administrativos inherentes a este, ben que estarán sometidos ó mesmo réxime que o resto dos alumnos. Ó ingresaren nos centros docentes para a súa formación, permanecerán na situación administrativa de procedencia, cando o acceso sexa por promoción interna ou por cambio de escala; cando o fagan por acceso directo pasarán á situación de excedencia voluntaria na súa escala de orixe.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do número 1 do artigo 63, que queda redactado da seguinte forma:

«Nas avaliacións para o ascenso por selección a relación entre o número de avaliados en cada ciclo e o de vacantes previstas para o mesmo normalmente será entre un e tres. Nas avaliacións para o ascenso por antigüidade o número de avaliados será aquel que permita cubri-las vacantes previstas.»

O resto do número conserva a súa redacción actual.

Catro. Dáselle unha nova redacción á alínea e) do número 1 do artigo 83, que queda redactado da seguinte forma:

«e) O soliciten para atende-lo coidado dos fillos por natureza ou adopción ou por acollemento permanente ou preadoptivo. Neste suposto terán dereito a un período de excedencia voluntaria non superior a tres anos para atender ó coidado de cada fillo, contando desde a data de nacemento deste ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, se é o caso, porá fin ó que viñesen disfrutando.

Tamén terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a un ano os que o soliciten para se encargaren do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e que non desempeñe actividade retribuída.

Estes dereitos non poderán ser exercidos simultaneamente por dous ou máis gardas civís, polo mesmo suxeito causante.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo segundo do número 6 do artigo 83, que queda da seguinte forma:

«O garda civil que solicite o paso á situación de excedencia voluntaria por algún dos supostos recollidos na alínea e) do número 1 deste artigo, poderá facelo polo tempo que estime oportuno co límite máximo determinado no devandito número.»

O resto do número queda coa mesma redacción.

Artigo 58. *Modificación da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.*

Modifícanse os seguintes artigos do texto da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.

Un. Modifícase o número 2 do artigo 2 da Lei 26/1994, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. En función da dispoñibilidade de persoal e as necesidades orgánicas e funcionais da organización policial, os funcionarios que pasen á situación de segunda actividade poderán ocupar, ata alcanzaren a idade de xubilación, aqueles postos de traballo que se sinalen na correspondente relación ou catálogo de postos de traballo da Dirección Xeral da Policía, na que, así mesmo, se establecerán as retribucións complementarias pertinentes para incentivar a ocupación de destinos a partir do cumprimento das idades que se establecen no artigo 4.1 desta lei.

A adscrición ós postos que se citan no parágrafo anterior levarase a efecto na forma e condicións que se establezan regulamentariamente.

No caso dos postos de traballo de unidades alleas á Dirección Xeral da Policía que, de acordo coas correspondentes relacións ou catálogos de postos de traballo, poidan ser ocupados por funcionarios do Corpo Nacional de Policía ata alcanzaren a idade de xubilación establecida para o devandito corpo, o paso a segunda actividade non determinará o cesamento inmediato neles, que deberá producirse, en todo caso, de acordo co previsto no réxime xeral da función pública.

Así mesmo, os funcionarios do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade poderán acceder ós ditos postos, con autorización expresa da Dirección Xeral da Policía e de acordo coas formas de provisión establecidas para eles.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 4, da Lei 26/1994, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O paso á situación de segunda actividade, en razón ó sinalado na alínea a) do artigo anterior será declarado de oficio ó se cumpriren as seguintes idades:

- a) Escala superior: sesenta e dous anos.
- b) Escala executiva: cincuenta e oito anos.
- c) Escala subinspección: cincuenta e oito anos.
- d) Escala básica: cincuenta e oito anos.

Quen, no momento de cumprirla idade que determine o seu paso á situación de segunda actividade se atope en situación administrativa distinta á de servizo activo, continuará nela ata que cesen as causas que a motivaron.»

Tres. Introdúcese unha disposición transitoria, a sexta, na Lei 26/1994, do 29 de setembro, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Sistema para os actuais membros do Corpo Nacional da Policía.*

Non obstante o disposto no artigo 4.1 desta lei, aqueles funcionarios do Corpo Nacional de Policía que ó día 31 de decembro de 2001 se atopasen en servizo activo poderán optar, de forma expresa e individualizada, por pasaren a segunda actividade en calquera momento, a partir do cumprimento da idade que para cada escala viña establecida na normativa vixente a 31 de decembro de 2001. Aqueles funcionarios que se encontrasen en excedencia nas súas distintas modalidades, servizos especiais, servizo en comunidades autónomas ou suspensión provisional ou firme de funcións, poderán exercer a opción sinalada cando cesen as causas que motivaron tal situación.

Para os efectos sinalados no parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Policía remitirá a cada funcio-

nario unha comunicación expresa sobre a data na que, segundo a súa categoría, lle corresponda o paso á situación de segunda actividade conforme a táboa de idades anterior á establecida na presente lei.

Excepcionalmente e sen prexuízo de que se arbitre unha adecuada política de cotas para resolver a problemática de promoción interna existente na categoría de inspectores xefes, a ampliación da idade que se contempla na presente lei non empezará a rexer para os mesmos ata o un de xaneiro do ano dous mil seis.»

Catro. Introdúcese unha nova disposición transitoria, a sétima, na Lei 26/1994, do 29 de setembro, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Calendario para a segunda actividade con destino.*

A ampliación da posibilidade de ocupar destino ata a idade de xubilación, contida no artigo 2.2 desta lei efectuarase de forma progresiva durante os próximos anos, de acordo co seguinte calendario:

Durante 2002 ata os 61 anos.
Durante 2003 ata os 62 anos.
Durante 2004 ata os 63 anos.
Durante 2005 ata os 64 anos.
Durante 2006 e seguintes ata os 65 anos.»

TÍTULO IV

Normas de xestión e organización administrativa

CAPÍTULO I

Da xestión

SECCIÓN 1.^a DA XESTIÓN FINANCEIRA

Artigo 59. *Modificación do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.*

Modifícanse os seguintes artigos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Un. Engádeselle un novo número, o 6, ó artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria coa seguinte redacción:

«6. Os organismos públicos a que fai referencia a disposición adicional única.3 da Lei 62/1997, do 26 de decembro, que modifica a Lei 27/1992, do 11 de novembro, rexeranse pola súa lexislación específica, polas disposicións desta lei que lles sexan de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Dous. Modifícase o artigo 50 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 50. *Integran os orzamentos xerais do Estado:*

- a) O orzamento do Estado e os orzamentos dos organismos autónomos.
- b) O orzamento da Seguridade Social.
- c) Os orzamentos das sociedades mercantís estatais e das entidades públicas empresariais.
- d) Os orzamentos das fundacións estatais.
- d.bis) Os orzamentos dos organismos públicos a que se refire a disposición adicional única.3 da

Lei 62/1997, do 26 de decembro, que modifica a Lei 27/1992, do 11 de novembro.

e) Os orzamentos dos restantes organismos públicos a que se refiren as disposicións adicionais novena e décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Tres. Adición dun novo número 3 ó 18 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

«3. Nas axudas financiadas polo Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agraria, a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Oficina Nacional de Auditoría, realizará os cometidos asignados ó servizo específico contemplado no artigo 11 do Regulamento (CEE) 4045/89, do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro do 1989, relativo ós controis, polos estados membros, das operacións comprendidas no sistema de financiamento polo Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA), sección Garantía.

Os controis previstos no Regulamento (CEE) 4045/89 serán realizados, de acordo coas súas respectivas competencias, polos seguintes órganos de ámbito nacional e autonómico:

- a) A Dirección Xeral de Aduanas e Impostos Especiais.
- b) As intervencións xerais das comunidades autónomas.

A Intervención Xeral da Administración do Estado, como servizo específico para a aplicación do referido regulamento:

- a) Elaborará os plans anuais de control en coordinación cos órganos de control de ámbito nacional e autonómico.
- b) Será o órgano encargado da relación cos servizos correspondentes da Comisión da Unión Europea no ámbito do Regulamento (CEE) 4045/89, centralizará a información relativa ó seu cumprimento e elaborará o informe anual sobre a súa aplicación, segundo o previsto nos artigos 9.1 e 10.1.
- c) Efectuará os controis previstos no plan anual cando razóns de orde territorial ou doutra índole así o aconsellen.
- d) Velará pola aplicación en España, en tódolos seus termos, do Regulamento (CEE) 4045/89.»

Catro. Modifícanse os números 3, 5 e 7 do artigo 61 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que quedan redactados da seguinte forma:

Número 3 do artigo 61:

«3. O número de exercicios a que poidan aplicarse os gastos referidos nas alíneas a), b), c) e f) do número 2 non será superior a catro. Así mesmo, o gasto que en tales casos se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ó crédito inicial a que se impute a operación, definido a nivel de vinculación, as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por 100; no segundo exercicio, o 60 por 100, e nos exercicios terceiro e cuarto, o 50 por 100.

As retencións de crédito a que se refire a disposición adicional décimo cuarta do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, computarán para efectos dos límites establecidos polas anteriores porcentaxes.»

Número 5 do artigo 61:

«5. O Goberno, por proposta do ministro de Facenda, poderá modifica-las porcentaxes sinala-

das no número 3 deste artigo e os importes que se fixen conforme o disposto no número 4, así como modifica-lo número de anualidades en casos especialmente xustificados, a petición do correspondente departamento ministerial e precedendo os informes que se estimen oportunos e, en todo caso, o da Dirección Xeral de Orzamentos.

Este procedemento será, igualmente, de aplicación no caso dos contratos de obras que se efectúen baixo a modalidade de aboamento total dos mesmos, segundo o previsto no artigo 99.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, ben se pacte o aboamento total do seu prezo dunha soa vez ou se fracione en distintas anualidades que non poderán ser superiores a dez desde a data fixada para a conclusión das obras.»

Número 7 do artigo 61.

O número 7 do artigo 61 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria queda sen contido, pasando o actual número 8 do devandito artigo a se-lo 7.

Cinco. Os números 1 e 7 do artigo 95 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria quedan redactados como segue:

Número 1 do artigo 95.

«1. Non estarán sometidos a intervención previa os gastos de material non inventariable, contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou do contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 5.000 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

Tampouco estarán sometidos a fiscalización previa os gastos menores de 5.000 euros que se realicen con cargo a fondos librados a xustificar, cando os servizos ou prestacións a que se refiran tivesen ou vaian ter lugar en territorio estranxeiro.»

Número 7 do artigo 95.

«7. Nos supostos nos que, conforme o establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e se omitise, non se poderá recoñecer-la obriga, nin tramita-lo pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva a dita omisión nos termos previstos no presente número.

Se o interventor xeral da Administración do Estado ou os interventores delegados ó coñeceren dun expediente observasen algunha das omisións indicadas no parágrafo anterior, manifestaranllo á autoridade que iniciase aquel e emitirán, ó mesmo tempo, a súa opinión respecto da proposta.

Corresponderá ó titular do departamento a que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente ou ó que estea adscrito o organismo autónomo, sen que a competencia poida ser obxecto de delegación, acordar, se é o caso, o sometemento do asunto ó Consello de Ministros para que adopte a resolución procedente.

O acordo favorable do Consello de Ministros non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, se é o caso, houbese lugar.

Regulamentariamente regularase o procedemento previsto no presente número.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 129 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas que deban rendelos organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, os organismos públicos e as entidades a que se refiren as disposicións adicionais 9 e 10 da Lei 6/1997, do 14 de abril, e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. Así mesmo, realizará a auditoría de contas das fundacións estatais e as sociedades mercantís estatais que, non estando sometidas á obriga de auditar en virtude da súa lexislación específica, se inclúen no plan anual.»

Sete. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 130 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que terá a seguinte redacción:

«As sociedades mercantís estatais, as entidades públicas empresariais e o resto de entes públicos do sector público estatal sometidos á normativa mercantil en materia contable, así como as fundacións estatais, renderán, ademais das contas que lles son esixidas pola súa lexislación específica, unha memoria relativa ó cumprimento das obrigas de carácter económico-financieiro que asumen estas entidades como consecuencia da súa pertenza ó sector público. Esta memoria adaptarase ó contido que para o efecto dispoña o ministro de Facenda, e incluírá información acerca das subvencións recibidas e resultados con elas obtidos, así como a execución dos contratos—programa e o seu grao de cumprimento.»

Oito. Incorpórase unha nova alínea, a c), á regra sexta do número 2 do artigo 153 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado da seguinte forma:

«c) Os pagamentos correspondentes ó financiamento do Programa Operativo de Pesca para as rexións de obxectivo n.º 1, rexións en réxime transitorio e do DOCUP (Documento Unico de Programación) para as rexións de fóra de obxectivo n.º 1 poderán librarse na súa totalidade unha vez que fosen acordados en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultante así como o referendo mediante acordo de Consello de Ministros.»

Artigo 60. *Habilitación á Administración xeral do Estado para a adopción de medidas derivadas da responsabilidade financeira das comunidades autónomas cando exercen competencias de xestión da lexislación laboral, que se financian con cargo ós orzamentos xerais do Estado e se cofinancian polo Fondo Social Europeo.*

Cando as comunidades autónomas sexan titulares de competencias de execución da lexislación laboral que impliquen a xestión de axudas do Fondo Social Europeo que estean consignadas nos estados de gastos dos orzamentos da Administración xeral do Estado como subvencións públicas, asumirán a responsabilidade financeira derivada do cumprimento dos requisitos contemplados na lexislación comunitaria aplicable ós fondos estruturais da Unión Europea.

Ó distribuír anualmente as subvencións que xestionarán as comunidades autónomas, segundo o procedemento establecido no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, identificaranse os programas cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Os departamentos ou organismos competentes da Administración xeral do Estado titulares dos créditos ós que se refire o número primeiro deste artigo, acordarán a suspensión dos libramentos dos mesmos ás comunidades autónomas, titulares das competencias de execución cando estas non acrediten, nos termos e prazos previstos na lexislación comunitaria, o cumprimento das condicións esixidas para a xustificación das axudas mediante a achega da información e a documentación relativas á xestión realizada.

Ó finaliza-lo exercicio orzamentario os remanentes dos fondos anualmente territorializados, correspondentes a accións non executadas no citado exercicio de programas cofinanciados con axudas do Fondo Social Europeo das que estea transferida a xestión ás comunidades autónomas, non poderán ser incorporados ó orzamento do exercicio seguinte para a súa afectación á Administración autonómica, computándose como tesourería en orixe na forma prevista no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

SECCIÓN 2.^a XESTIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Artigo 61. *Modificación do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño:

Un. Engádeselle un novo parágrafo, o terceiro, ó número 1, do artigo 15 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, coa seguinte redacción:

«Ademais da clasificación que resulte procedente para a execución do contrato, os órganos de contratación poderanlles esixir ós candidatos ou licitadores, facéndolles constar nos pregos de cláusulas administrativas particulares, que completen na fase de selección e para efectos desta a acreditación da súa solvencia mediante o compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso, que deberán concretar na súa candidatura ou oferta.»

Dous. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 151 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Cando as obras deban ser continuadas por outro empresario ou pola propia Administración, con carácter de urxencia, por motivos de seguridade ou para evita-la ruína do construído, o órgano de contratación, unha vez que lle notificase ó contratista a liquidación das executadas, poderá acordala súa continuación, sen prexuízo de que o contratista poida impugna-la valoración efectuada ante o propio órgano. O órgano de contratación resolverá o que proceda no prazo de quince días.»

Tres. Engádeselle un novo número, o 4, ó artigo 187, co seguinte texto:

«4. O contido deste artigo será de aplicación ós contratos ós que se refire o número 5 do artigo 198, entendéndose que os bens que entregue, se é o caso, a Administración deben ser bens e equipos informáticos e de telecomunicacións.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 196 do texto refundido da Lei de contratos das administracións

públicas, engadindo unha nova alínea ó número, a f), coa seguinte redacción:

«f) De xestión dos sistemas de información que comprenda o mantemento, a conservación, reparación e actualización dos equipos físicos e lóxicos de tratamento da información, así como a actualización dos programas informáticos e o desenvolvemento de novos programas.»

Cinco. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 198, co seguinte texto:

«5. Os contratos de servicios para a xestión dos sistemas de información, así como aqueles ós que se refire o artigo 2.2 do Real decreto 541/2001, do 18 de maio, polo que se establecen determinadas especialidades para a contratación de servicios de telecomunicación, terán un prazo de vixencia máximo de catro anos coas condicións e límites establecidos nas normas orzamentarias das administracións públicas, ben que poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de seis anos, nin estas poidan ser concertadas illada ou conxuntamente por un prazo superior ó fixado orixinariamente.»

Seis. Engádeselle un novo punto, o 6, á disposición adicional novena do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, coa seguinte redacción:

«6. A presente lei non será de aplicación á prestación de servicios gratuítos que realicen ás entidades locais as asociacións das mesmas a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.»

Artigo 62. Modificación da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas. Resolución de contratos das vivendas militares.

Modifícase o artigo 10 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *Resolución de contratos das vivendas militares.*

1. Son causas de resolución do contrato relativo a calquera vivenda militar as seguintes:

a) A falta de pagamento do canon arrendaticio de uso ou das cantidades das que o usuario asumise o aboamento ou sexan repercutibles a el, correspondentes a tres mensualidades;

b) O subarrendamento ou a cesión do uso da vivenda;

c) A realización de danos causados dolosamente no predio ou de obras non autorizadas polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas que modifiquen a configuración da vivenda e dos seus accesorios ou provoquen diminución da estabilidade ou seguridade dela;

d) Cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas;

e) Cando a vivenda deixe de estar destinada a satisfacer a necesidade de vivenda habitual do beneficiario ou se utilice para actividades alleas ó devandito fin;

f) Cando o titular dispoña doutra vivenda adquirida polos procedementos de adxudicación directa ou concurso, a que fai referencia a disposición adicional segunda desta lei;

g) O falecemento do titular se non existen beneficiarios definidos no artigo 6 ou o destes se é o caso; e

h) A extinción das causas polas que se outorgou o dereito de uso da vivenda, previstas no artigo 6 desta lei.

2. Así mesmo, poderá resolverse o contrato de calquera vivenda militar polas seguintes causas:

a) Cando por razóns de interese público se modifique o destino do inmovible;

b) Cando a resultas da división horizontal do predio teña que modificarse o destino da vivenda; e

c) Cando, conforme o planeamento urbanístico en vigor, a parcela en que se ache a vivenda non esgotase a súa edificabilidade.

3. Nos supostos a que se refire o anterior número 2, acordada a resolución do contrato, o titular do dereito de uso poderá optar entre:

a) Ser realoxado noutra vivenda militar de similares características, se houbese dispoñibles, ou

b) Recibir unha indemnización, que se fixará no importe de trinta e seis mensualidades do canon vixente ou, se fose maior, nunha cantidade igual ó setenta por cento do valor real de mercado da vivenda cando o usuario conte menos de vinte anos, minorando, a medida que aumenta a idade, na proporción dun un por cento menos por cada ano máis, co límite mínimo do dez por cento.

4. Producida calquera das causas de resolución do contrato que se establecen nos números 1 e 2 do presente artigo, se o usuario non desaloxase voluntariamente a vivenda no prazo dun mes, desde o requirimento que lle dirixa para o efecto o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, incoarase o correspondente expediente administrativo de desafuzamento, que se axustará ó procedemento sinalado na lexislación sobre vivendas de protección oficial.»

CAPÍTULO II

Da organización

Artigo 63. Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Organismo autónomo Tribunal de Defensa da Competencia.

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Un. Modifícase o artigo 20 da Lei de defensa da competencia, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20. *Naturaleza xurídica e fins xerais.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia configúrase como un organismo autónomo, con personalidade xurídica pública diferenciada e autonomía de xestión nos termos establecidos na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que, sen prexuízo da súa adscrición administrativa, exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ó ordenamento xurídico.

2. Ten como fin xeral o de preservar o funcionamento competitivo dos mercados e garantir a existencia dunha competencia efectiva neles, protexéndoa mediante o exercicio das funcións de

resolución, informe e proposta que esta lei lle atribúe expresamente.

3. O Tribunal ten a súa sede na capital do Estado e a súa competencia, de acordo coa normativa sobre coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, esténdese a todo o territorio español.

4. Para o desenvolvemento dos seus fins, os recursos do Tribunal de Defensa da Competencia estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os produtos e rendas deste;

b) Os ingresos propios que estean autorizados para obter;

c) As dotacións que poidan percibir a través dos orzamentos xerais do Estado.

5. O Tribunal de Defensa da Competencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda e remitirallo a este para a súa elevación ó acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais integrado nos orzamentos xerais do Estado.

O réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade, intervención e de control financeiro será o establecido pola Lei xeral orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 50 da Lei 6/1997.

O control interno do Tribunal de Defensa da Competencia será levado a cabo por unha intervención delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no organismo autónomo, sen prexuízo das funcións que correspondan ó Tribunal de Contas.

6. O Tribunal de Defensa da Competencia está adscrito ó Ministerio de Economía, o cal exercerá o control de eficacia sobre a súa actividade e se rexerá polo disposto nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento e na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

7. O persoal ó servizo do Tribunal de Defensa da Competencia será funcionario ou laboral nos mesmos termos que os establecidos para a Administración xeral do Estado e a contratación do Tribunal rexeráse polas normas xerais de contratación das administracións públicas.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 21, da Lei de defensa da competencia, que queda coa seguinte redacción:

«1. O Tribunal de Defensa da Competencia estará rexido polo Pleno, integrado por un presidente e oito vocais, nomeados mediante real decreto, por proposta do ministro de Economía, entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 22 da Lei de defensa da competencia, que queda coa seguinte redacción:

«1. O presidente e os vocais do Tribunal de Defensa da Competencia exercerán a súa función con dedicación absoluta e terán as incompatibilidades establecidas con carácter xeral para os altos cargos da Administración do Estado.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 24 da Lei de defensa da competencia, que queda coa seguinte redacción:

«1. O Pleno do Tribunal de Defensa da Competencia enténdese validamente constituído coa asistencia do presidente ou vicepresidente e cinco vocais.»

Cinco. Modifícase o número 6 do artigo 57 da Lei de defensa da competencia, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. A contía da taxa regulada neste precepto será:

a) De 3.005 euros cando o volume de vendas global en España do conxunto dos partícipes no acordo de concentración sexa igual ou inferior a 40.000 millóns de pesetas ou 240.404.841,75 euros.

b) De 6.010 euros cando o volume de vendas global en España das empresas partícipes sexa superior a 40.000 millóns de pesetas ou 240.404.841,75 euros e igual ou inferior a 480.800.000 euros.

c) De 12.020 euros cando o volume de vendas global en España das empresas partícipes sexa superior a 480.800.000 euros e igual ou inferior a 3.000.000.000 euros.

d) Dunha cantidade fixa de 24.000 euros cando o volume de vendas en España do conxunto dos partícipes sexa superior a 3.000.000.000 euros, máis 6.000 euros adicionais por cada 3.000.000.000 de euros en que o mencionado volume de vendas supere a cantidade anterior, ata un límite máximo de 60.000 euros.»

Seis. Engádeselle un novo número, o 9, ó artigo 57 da Lei de defensa da competencia, coa seguinte redacción:

«9. O 50 por 100 da recadación obtida polo pagamento da presente taxa afectarase ós recursos do Tribunal de Defensa da Competencia como ingresos propios.»

Artigo 64. *Modificación da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, polo que se crea a Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Modifícase o artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, polo que se crea a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Un. Modifícase a alínea b) do número cinco do artigo 103 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 1991, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Unha porcentaxe da recadación que se derive dos actos de liquidación e de xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia no ámbito da xestión tributaria que ten encomendada e que terá como finalidade o financiamento dos maiores gastos de funcionamento e investimentos que puidesen producirse como consecuencia da actividade da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A base de cálculo desta porcentaxe estará constituída pola recadación bruta destes ingresos tributarios incluídos nos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado, coa excepción dos que derivan de liquidacións practicadas polos servizos aduaneiros que non sexan consecuencia de actas de inspección ou de liquidacións complementarias que resulten da modificación dos datos contidos nas declaracións tributarias presentadas polos interesados, sexa por comprobacións documentais ou por recoñecemento físico das mercadorías a que se refiren as ditas declaracións, así como os incluídos no capítulo III que sexan xestionados pola Axencia.

A porcentaxe será fixada en cada ano na Lei anual de orzamentos.

Os ingresos producidos por este concepto incrementarán de forma automática os créditos do orzamento de gastos da Axencia polo procedemento establecido no número seis.2 desta disposición.»

Dous. Modifícase o número seis do artigo 103 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 1991, que queda redactado nos seguintes termos:

«Seis. Réxime orzamentario.

1. A Axencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento que reflecta os custos necesarios para a consecución dos seus obxectivos, coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda, e remitirallo a este para a súa elevación ó acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, formando parte dos orzamentos xerais do Estado e consolidándose cos das administracións centrais.

Este orzamento terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que terán carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo.

2. As variacións na contía global do orzamento e as que afecten a gastos de persoal a nivel de capítulo serán autorizadas polo ministro de Facenda. As restantes variacións internas serán acordadas polo presidente da Axencia.»

Artigo 65. *Modificación da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.*

Engádeselle unha nova disposición adicional, a terceira, á Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional terceira. *Relacións culturais e científicas con outros países.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 25, a Axencia Española de Cooperación Internacional asumirá as funcións e competencias atribuídas ó Ministerio de Asuntos Exteriores para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países en estreita colaboración cos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Ciencia e Tecnoloxía e sen prexuízo das competencias doutros departamentos.

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto na presente disposición adicional.»

Artigo 66. *Instituto Astrofísico de Canarias.*

1. O Instituto de Astrofísica de Canarias rexerese polas súas disposicións legais específicas, polas normas dictadas no seu desenvolvemento e, no non previsto nelas, pola normativa legal aplicable ós organismos públicos de investigación ós que se refire o artigo 13 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

2. Así mesmo, o Instituto de Astrofísica de Canarias poderá contar tamén con funcionarios investigadores propios, co título de doutor. Estes funcionarios pertencerán á escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Artigo 67. *Réxime xurídico da Sociedade Estatal para as Ensinanzas Aeronáuticas Cívís, S.A. (SENASA).*

Un. A Sociedade Estatal para as Ensinanzas Aeronáuticas Cívís, S.A. (SENASA) terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración e estará obrigada a realiza-los traballos que lle encomenden a Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades de dereito público nas seguintes materias:

a) Actuacións, traballos e estudos necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para o exercicio das súas funcións polo persoal aeronáutico civil.

b) Traballos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos para a realización das operacións aéreas. Estudos e proxectos técnicos relativos á operación de aeronaves.

c) Traballos e estudos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para a certificación de produtos e pezas aeronáuticos.

d) Traballos e estudos necesarios para constata-lo cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión e mantemento das licencias e autorizacións de explotación das compañías aéreas e das autorizacións necesarias para a realización de traballos aéreos, transporte privado, voos locais e outras actividades de tráfico aéreo.

e) Traballos, estudos e proxectos técnicos para a xestión das subvencións ó transporte aéreo e queixas de usuarios.

f) Traballos, estudos e proxectos técnicos para implantar e mante-los requisitos de seguridade, mantemento, operación, xestión e supervisión dos sistemas de navegación aérea e das instalacións aeroportuarias.

g) Traballos de colaboración técnica coa Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil e coa Comisión de Estudio e Análise de Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo.

h) Traballos, estudos e proxectos de colaboración e cooperación coas autoridades e organismos aeronáuticos doutros estados e con organismos aeronáuticos internacionais.

Dous. O gasto derivado das actuacións, traballos e estudos realizados por medio de SENASA terá a consideración de gasto corrente ou de investimento (se da natureza do servizo se derivase a compra de equipamento ou de calquera outro ben que poida tratarse como inmovilizado). O seu custo determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas que fosen aprobadas polo subsecretario de Fomento e que serán fixadas en función do custo de realización do servizo, segundo os datos que deite a contabilidade analítica separada, realizada por SENASA, das actividades efectuadas polos traballos que lle encomende a Administración. O pagamento delas efectuarase logo de certificación da conformidade expedida polo órgano que encomendase os traballos. O órgano encomendante poderá supervisar en todo momento a correcta realización por SENASA do obxecto da encomenda.

Tres. Naqueles casos nos que SENASA proceda á contratación de empresarios colaboradores para a realización dos servizos que se lle encomenden, a contratación non excederá do 50% do importe total do proxecto.

Catro. Respecto das materias sinaladas no número un, SENASA non poderá participar nos procedementos para a adxudicación dos contratos que decida convocalo Ministerio de Fomento ou os organismos dos que sexa medio instrumental. Non obstante, cando non concorran ningún licitador poderá encargarse a SENASA a actividade obxecto de licitación pública.

Cinco. Os contratos de consultoría e asistencia e de servizos que SENASA deba contratar para a execución das actividades que se expoñen no artigo 1 adxudicaranse mediante a aplicación do procedemento establecido para o efecto no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, cando, en función do seu importe, a licitación deba ser obxecto de publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas, respecto ás contías establecidas no artigo 203 da dita lei para os órganos e entidades de dereito público que se integran na Administración xeral do Estado.

CAPÍTULO III

Procedementos

Artigo 68. *Modificacións da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para impulsa-la administración electrónica.*

Un. Engádeselle un novo número nove ó artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa seguinte redacción:

«Poderanse crear rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios telemáticos, con suxeición ós requisitos establecidos no número 3 deste artigo. Os rexistros telemáticos só estarán habilitados para a recepción ou saída das solicitudes, escritos e comunicacións relativas ós procedementos e trámites da competencia do órgano ou entidade que creou o rexistro e que se especifiquen na norma de creación deste, así como que cumpran cos criterios de dispoñibilidade, autenticidade, integridade, confidencialidade e conservación da información que igualmente se sinalen na citada norma.

Os rexistros telemáticos permitirán a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións tódolos días do ano durante as vinte e catro horas. Para efectos de cómputo de prazos, a recepción nun día inhábil para o órgano ou entidade entenderase efectuada no primeiro día hábil seguinte.»

Dous. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa redacción que a continuación se sinala, pasando os actuais números 3, 4 e 5 do citado artigo a numerarse como 4, 5 e 6.

«Para que a notificación se practique utilizando medios telemáticos requirirase que o interesado sinalase o devandito medio como preferente ou consentise expresamente a súa utilización, identificando, ademais, o enderezo electrónico correspondente, que deberá cumprir cos requisitos regulamentariamente establecidos. Nestes casos, a notificación entenderase practicada para tódolos efectos legais no momento en que se produza o acceso ó seu contido no enderezo electrónico. Cando, existindo constancia da recepción da notificación na dirección electrónica, transcorresen dez días natu-

rais sen que se acceda ó seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no seguinte número, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.»

Tres. Engádeselle á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común unha nova disposición adicional, décimo oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. *Presentación telemática de solicitudes e comunicacións dirixidas á Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

1. A presentación de solicitudes e comunicacións, así como da documentación complementaria esixida, polas empresas que agrupen a máis de cen traballadores ou teñan a condición de grande empresa para efectos do imposto sobre o valor engadido, así como por calquera institución ou entidade de dereito público deberá realizarse necesariamente por medios telemáticos naqueles supostos e condicións que se determinen por orde do titular do departamento ministerial competente. Nesa orde, que deberá ser sometida previamente a informe do Ministerio de Administracións Públicas, especificaranse as solicitudes e comunicacións afectadas, os procedementos ós que se refiren e a tipoloxía de empresas e entidades que resulten afectadas.

2. As persoas físicas, organizacións ou asociacións non contempladas no número anterior, pertencentes a colectivos ou sectores que ordinariamente fagan uso deste tipo de técnicas e medios no desenvolvemento da súa actividade normal, deberán necesariamente utilizar medios telemáticos para a presentación de solicitudes, comunicacións e documentación complementaria esixida naqueles supostos e condicións en que se determine por orde do titular do departamento ministerial competente, que deberá ser sometida previamente a informe do Ministerio de Administracións Públicas. Nesa orde, ademais das especificacións expresadas no número anterior, deberá acreditarse que a necesaria utilización de medios telemáticos non implica ningunha restricción ou discriminación para os integrantes do sector ou colectivo que resulte afectado no exercicio dos seus dereitos fronte á Administración pública.

3. A achega de certificacións tributarias ou de Seguridade Social xunto coas solicitudes e comunicacións a que se refiren os números anteriores substituirase, sempre que se conte co consentimento expreso dos interesados, pola cesión dos correspondentes datos ó órgano xestor por parte das entidades competentes.

4. O disposto na presente disposición axustarase ó disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, nesta lei, na vixente normativa sobre sinatura electrónica e nas correspondentes normas de desenvolvemento.»

Artigo 69. *Modificación da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Un. Engádenselle ó anexo 1 da disposición adicional vixésimo novena, da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, os seguintes procedementos:

ANEXO 1

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo | Prazo para a resolución e notificación |
|--|--|-------------------------------------|--|
| Procedemento sancionador en materia de mariña mercante. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante. Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan determinados procedementos administrativos en materia de transportes e estradas á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. | Artigos 113 a 123. Anexo II. | 12 meses. |
| Procedemento disciplinario dos funcionarios da Administración xeral do Estado. | Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro. | | 12 meses. |

Dous. O anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no relativo ó procedemento de autorización no ámbito do comercio exterior das especies protexidas a que se refire o Convenio Internacional de Especies Ameazadas de Flora e Fauna Silvestre (Washington, do 3 de marzo de 1973), terá a seguinte redacción:

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|--|--------|
| Procedemento para a expedición de permisos de importación e exportación CITES (Convention on International Trade in Endangered Species of Wild Fauna and Flora), certificados de reexportación CITES e certificados CITES previstos no Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo ás especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio. | Convenio internacional sobre o comercio internacional de especies ameazadas de flora e fauna silvestre (Washington, 3 de marzo de 1973). Regulamento (CE) 338/1997, do 9 de decembro de 1996. | |

Tres. O anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no relativo ós procedementos de expedición, renovación, revalidación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas e certificados académicos ou profesionais terá a seguinte redacción:

«Os procedementos de expedición, renovación, revalidación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas, disciplinas, licencias e certificados académicos ou profesionais.»

Catro. Engádeselle ó anexo 2 da disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o seguinte procedemento:

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|---|--------------------------------|
| Autorización para a creación de establecementos de troco de moeda. | Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. R. D. 2660/1998, do 14 de decembro, sobre troco de moeda estranxeira en establecementos abertos ó público distintos de entidades de crédito. | Artigo 178. Artigo 3.2. |

Artigo 70. *Modificación da disposición adicional décimo oitava da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Procedemento de asignación de nomes e enderezos de dominio baixo o código do país correspondente a España (.es).*

A disposición adicional décimo oitava da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedará redactada do modo seguinte:

«Mediante resolución do presidente da entidade pública empresarial Red.es estableceranse os procedementos para a asignación e demais operacións asociadas ó rexistro de nomes de dominio e enderezos da internet baixo o código do país correspondente a España (.es). tomando en consideración as prácticas xeralmente aplicadas e as recomendacións emanadas das entidades e organismos internacionais que desenvolven actividades relacionadas coa xestión do sistema de nomes de dominio da internet.»

A entidade pública empresarial Red.es dará publicidade ós procedementos de asignación e rexistro que se adopten, os cales estarán dispoñibles ó público por medios electrónicos e de forma gratuíta.»

TÍTULO V

Da acción administrativa

CAPÍTULO I

Acción administrativa en materia de ordenación económica

SECCIÓN 1.^a SEGUROS

Artigo 71. *Modificación da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Modifícase o número 1 do artigo 65 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Na previsión de riscos sobre as persoas as continxencias que poden cubrir son as de morte, viuvez, orfandade e xubilación, garantindo prestacións económicas en forma de capital ou renda. Así mesmo, poderán outorgar prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción. E poderán realizar operacións de seguro de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica e asistencia, así como prestar axudas familiares para atender necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

As prestacións económicas que se garantan non poderán exceder de 21.000 euros como renda anual nin do seu equivalente actuarial como percepción única de capital.

O límite previsto no número anterior poderá ser actualizado polo Ministro de Economía, considerando a suficiencia das garantías financeiras para atende-las prestacións actualizadas.

Non obstante, para aquelas mutualidades que se atopen incursoas nalguna das situacións previstas nos artigos 26 ó 39.1 desta lei, as novas prestacións económicas que se garantan non poderán exceder do 18.000 euros como renda anual nin de 78.000 euros como percepción única de capital.»

SECCIÓN 2.^a SISTEMA MONETARIO E FINANCEIRO

Artigo 72. *Modificación da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.*

Un. Engádeselle á Lei 46/1998, do 17 de decembro, de introducción do euro, un novo artigo 24 bis, co seguinte texto:

«Artigo 24 bis. *Inutilización de billetes en pesetas durante o primeiro semestre de 2002.*

1. Desde o 1 de xaneiro de 2002 e ata o 30 de xuño de 2002, os bancos, caixas de aforros e cooperativas de crédito, poderán inutilizalos billetes en pesetas.

2. O método de inutilización consistirá en cortarlle a cada billete, nunha calquera das súas catro esquinas, a superficie dun triángulo rectángulo isósceles de vinte milímetros de cateto, medidos sobre o bordo do billete.

3. Os billetes en pesetas que así fosen inutilizados unicamente se poderán trocar no Banco de España.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional, a cuarta, na Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional cuarta.

Un. Para efectos do disposto nos tres primeiros guións da alínea b), do artigo 2 do Regulamento (CE) 1338/2001, do Consello, do 28 de xuño de 2001, polo que se definen as medidas necesarias para a protección do euro contra a falsificación, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da Administración do Estado ou das comunidades autónomas, o Banco de España será a autoridade nacional competente para:

a) A detección dos billetes falsos e das moedas falsas denominadas en euros.

b) A recolla e a análise dos datos técnicos e estatísticos relativos ós billetes e moedas falsos denominados en euros, así como, de calquera outro dato relevante para o exercicio das súas competencias.

Dous. Para efectos do disposto nos artigos 4 e 5 respectivamente do citado Regulamento (CE) 1338/2001, do Consello, do 28 de xuño de 2001, désígnase o Banco de España como Centro Nacional de Análises (CNA) e Centro Nacional de Análises de Moeda (CNAM), por conta do Tesouro Público.

Tres. Constitúe infracción administrativa grave o incumprimento por parte das entidades de crédito, dos establecementos de troco de moeda e das restantes entidades que participen na manipulación e entrega ó público de billetes e moedas a título profesional, da obriga de retirar da circulación tódolos billetes e moedas que recibisen e das que lles conste a falsidade ou a poidan supor fundadamente. Así mesmo, incorrerán en infracción administrativa grave aquelas entidades cando incumpran a obriga de entregar sen demora ó Banco de España os billetes e moedas citados.

A infracción a que se refire o presente número dará lugar á imposición da sanción de multa de 30.000 ata un millón de euros ás entidades infractoras.

Para tal efecto, resultarán de aplicación, coas especialidades aquí previstas e, se é o caso, coas adaptacións que regulamentariamente se puidesen establecer, os capítulos I e V, así como o artigo 14.1 do título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e a normativa reguladora do procedemento sancionador aplicable ós suxeitos que actúan nos mercados financeiros.

Os órganos correspondentes do Banco de España serán competentes para a incoación e instrución do correspondente expediente sancionador, así como para a imposición das sancións previstas no presente número.»

Artigo 73. *Modificación da Lei 12/1999, do 21 de abril, pola que se autoriza a participación de España na ampliación de capital do Banco Europeo de Reconstrucción e Desenvolvemento (BERD).*

Modifícase o artigo 2 da Lei 12/1999, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2. *Desembolso das subscricións.*

1. O pagamento do total de 76.500.000 euros levarase a cabo en oito cotas anuais iguais por un importe de 9.562.500 euros cada unha. Pola súa vez, cada cota anual consta de dous tramos, o 40 por 100 dos cales se realizará en efectivo e o resto mediante a emisión dunha obriga de pagamento por importe de 5.737.500 euros cada un.

2. As obrigas de pagamento non producirán xuros. Cada unha destas obrigas de pagamento, pola súa vez, redímese ó longo de cinco anos, en cinco tramos iguais polo importe do 1.147.500 euros cada un. A redención do primeiro aboamento faise no mesmo ano de emisión da obriga de pagamento, e os restantes en cada un dos anos seguintes.

3. Os desembolsos totais anuais, que figuran no calendario que segue, efectuaranse antes do 15 de xuño de cada ano:

| Ano | Importe en euros |
|------------|------------------|
| 1999 | 4.972.500 |
| 2000 | 6.120.000 |
| 2001 | 7.267.500 |
| 2002 | 17.977.500 |
| 2003 | 9.562.500 |
| 2004 | 9.562.500 |
| 2005 | 9.562.500 |
| 2006 | 4.590.000 |
| 2007 | 3.442.500 |
| 2008 | 2.295.000 |
| 2009 | 1.147.500 |
| Total | 76.500.000.» |

Artigo 74. *Réxime de distribución entre os fondos de garantía de depósitos e de investimentos das indemnizacións derivadas da retroactividade do sistema de garantía dos investidores.*

Será aplicable o seguinte réxime ás indemnizacións do sistema de indemnización dos investidores derivadas de declaracións de incumprimento polas empresas de servizos de investimento do deber de reembolsar e restituí-lo diñeiro e os valores recibidos con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei:

Un. As indemnizacións que, de acordo co disposto no número segundo da disposición derradeira primeira da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deriven das declaracións de incumprimento ás que se refire o artigo 5.1 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores dictadas con anterioridade á data de entrada en vigor desta disposición, excepcionalmente serán satisfeitas conxuntamente polos fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro, cooperativas de crédito e o Fondo de Garantía de Investimentos.

Dous. Para determina-lo importe que deberá satisfacerse por cada un dos citados fondos procederase do seguinte modo:

a) En primeiro lugar, determinarase a parte que deberá ser satisfeita polos fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro, cooperativas de crédito, por un lado, e o Fondo de Garantía de Investimentos, por outro; e devandito importe repartirase entre aqueles e este de modo proporcional ó patrimonio neto acumulado computado a 31 de decembro de 2001, respectivamente. O patrimonio acumulado do Fondo de Garantía de Investimentos a 31 de decembro de 2001 será o resultante da suma das achegas que corresponda efectuar ás empresas de servizos de investimento de acordo co disposto no artigo 8.1 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, tomando como referencia o diñeiro e o valor dos valores

e instrumentos financeiros depositados nelas ou rexistrados nesa data.

b) Unha vez determinada a parte que deben satisfacer os fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, procederase a distribuí-lo importe que deben pagar cada un dos fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro e cooperativas de crédito; esta cantidade será proporcional ós importes do diñeiro e dos valores e instrumentos depositados e rexistrados en bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito computados a data 31 de decembro de 2001.

Tres. A determinación do patrimonio do Fondo de Garantía de Investimentos corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A cuantificación do patrimonio dos fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro, cooperativas de crédito, así como a determinación do importe do efectivo e dos valores e instrumentos depositados e rexistrados en bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito, será feita polo Banco de España. Estes importes deberán ser comunicados á Secretaría de Estado de Economía, da Enerxía e da PEME, quen determinará a porcentaxe que debe satisfacer cada un dos fondos. Unha vez fixadas as citadas porcentaxes, a sociedade xestora do Fondo de Garantía de Investimentos, reclamará ós demais fondos as cantidades que a estes lles corresponda satisfacer para facer fronte ás indemnizacións.

Catro. O ministro de Economía, logo do informe do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, resolverá as discrepancias que poidan producirse entre os fondos que integran o sistema de garantía dos investidores, relativas á distribución e aboamento das indemnizacións a que se refire a presente disposición.

Cinco. Habiéntase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para conceder préstamos, con cargo ós seus recursos, á Sociedade Xestora do Fondo de Garantía de Investimentos para que, en nome e por conta deste último, poida levar a cabo o pagamento das indemnizacións que deban satisfacerse ós investidores de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.

Seis. Cando unha empresa de servizos de investimento fose declarada en estado de quebra ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagamentos da entidade, con anterioridade á data de entrada en vigor da presente disposición, os prazos para satisfacer os dereitos dos investidores que, se é o caso, procedan, previstos no artigo 13 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, contaranse desde o 1 de xaneiro de 2002.

Sete. Habiéntase o ministro de Economía para dictar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 75. *Reforma do réxime xurídico da Confederación Española de Caixas de Aforros.*

Modifícase o artigo 29 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Os órganos de goberno da Confederación Española de Caixas de Aforros axustaranse:

a) Ás disposicións do presente título.

b) Ós seus estatutos, aprobados polo ministro de Economía.

c) A esta lei, de forma supletoria, en canto lles puidese ser de aplicación, dada a súa singular natureza.»

Disposición derogatoria.

Derrógase o artigo 30 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros.

SECCIÓN 3.^a ENERXÍA

Artigo 76. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Un. Modifícase o artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Planificación en materia de hidrocarburos.*

1. A planificación en materia de hidrocarburos terá carácter indicativo, salvo no que se refire ós gasodutos da rede básica, á determinación da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastece-lo sistema gasista, ás instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas de hidrocarburos e á determinación de criterios xerais para o establecemento de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo tendo nestes casos carácter obrigatorio e de mínimo esixible para a garantía de subministración de hidrocarburos.

2. A planificación en materia de hidrocarburos será realizada polo Goberno coa participación das comunidades autónomas e será presentada ó Congreso dos Deputados.

3. Esta planificación deberá referirse, ó menos, ós seguintes aspectos:

a) Previsión da demanda de produtos derivados do petróleo e de gas natural ó longo do período contemplado.

b) Estimación dos abastecementos de produtos petrolíferos necesarios para cubri-la demanda prevista baixo criterios de calidade, seguridade da subministración, diversificación enerxética, mellora da eficiencia e protección do ambiente.

c) Previsións relativas ás instalacións de transporte e almacenamento de produtos petrolíferos de acordo coa previsión da súa demanda, con especial atención das instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas.

d) Previsións de desenvolvemento da rede básica de transporte de gas natural e da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastece-lo sistema gasista, co fin de atender a demanda con criterios de optimización da infraestrutura gasista en todo o territorio nacional.

e) Definición das zonas de gasificación prioritaria, expansión das redes e etapas da súa execución, co fin de asegurar un desenvolvemento homoxéneo do sistema gasista en todo o territorio nacional.

f) Previsións relativas a instalacións de transporte e almacenamento de combustibles gasosos, así como das plantas de recepción e regasificación de gas natural licuado, co fin de garanti-la estabilidade do sistema gasista e a regularidade e continuidade das subministracións de gases combustibles.

g) Establecemento de criterios xerais para determinar un número mínimo de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo en función da densidade, distribución e características da poboación e, se é o caso, a densidade de circulación de vehículos.

h) Os criterios de protección ambiental que deben informa-las actividades obxecto desta lei.»

Dous. Modifícase o número terceiro.1.oitava da disposición adicional undécima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado da seguinte forma:

«Inspeccionar por petición da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas competentes, ou de oficio, pola Comisión Nacional de Enerxía, as condicións técnicas das instalacións, o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións, a correcta e efectiva utilización do carbón autóctono nas centrais eléctricas con dereito ó cobramento da prima ó consumo de carbón autóctono, as condicións económicas e actuacións dos suxeitos en canto poidan afectar á aplicación das tarifas, prezos e criterios de remuneración das actividades enerxéticas, a dispoñibilidade efectiva das instalacións de xeración no réxime ordinario, a correcta facturación e condicións de venda das empresas distribuidoras e comercializadoras a consumidores e clientes cualificados, a continuidade da subministración de enerxía eléctrica, a calidade do servizo, así como a efectiva separación destas actividades cando sexa esixida.»

CAPÍTULO II

Acción administrativa en materia de infraestructuras e transportes

SECCIÓN 1.^a ESTRADAS

Artigo 77. *Modificación da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 8 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 8.

1. A aprobación dos proxectos de estradas estatais implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisición de dereitos correspondentes, ós fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

2. A declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación referirase tamén ós bens e dereitos comprendidos no replanteo do proxecto e nas modificacións de obras que poidan aprobarse posteriormente.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 10 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Con independencia da información oficial a que se refiren os números anteriores, levarase a cabo, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, un trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles. As observacións neste trámite deberán versar sobre as circunstancias que xustifiquen a declaración de interese xeral da estrada e sobre a concepción global do seu trazado.

A aprobación do expediente de información pública corresponde ó ministro de Fomento.

O prazo para resolver e notificar a aprobación definitiva do expediente de información pública así como do estudo informativo será de seis meses contados desde a correspondente publicación no Boletín Oficial del Estado da declaración de impacto ambiental, se esta fose necesaria, ou desde a terminación do período de información pública, ou da prórroga a que fai referencia o número 1 deste artigo, se esta fose posterior.»

Artigo 78. *Modificación da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.*

Engádeselle un novo número, o 3, ó artigo 29 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, co seguinte texto:

«3. Nas autoestradas que teñan implantado o sistema de peaxe dinámica ou telepeaxe, para acreditá-los feitos poderá utilizarse, logo de homologación pola Administración, calquera sistema ou medio técnico, mecánico ou de reprodución de imaxe que identifique os vehículos, que constituirá medio de proba suficiente na denuncia que formule o persoal da empresa concesionaria, debidamente autorizado para o efecto, no procedemento sancionador por infracción da obriga relativa á utilización destes sistemas contida no artigo 53.1 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.»

SECCIÓN 2.^a PORTOS

Artigo 79. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

Dáselle unha nova redacción ó anexo da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, que queda da seguinte forma:

«Son portos de interese xeral e por tanto, e de acordo co artigo 149.1.20.^a da Constitución española, competencia exclusiva da Administración do Estado, os seguintes:

1. Pasajes e Bilbao no País Vasco.
2. Santander en Cantabria.
3. Gijón-Musel e Avilés en Asturias.
4. San Cibrao, Ferrol e a súa ría, A Coruña, Vilagarcía de Arousa e a súa ría, Marín e ría de Pontevedra e Vigo e a súa ría, en Galicia.
5. Huelva, Sevilla e a súa ría, Cádiz e a súa baía (que inclúe Puerto de Santa María, ou da zona franca de Cádiz, Puerto Real, o Bajo de la Cabezuela e Puerto Sherry), Tarifa, Algeciras-La Línea, Málaga, Motril, Almería e Carboneras en Andalucía.
6. Ceuta e Melilla.
7. Cartagena (que inclúe a dársena de Escombreras) en Murcia.
8. Alacant, Gandía, Valencia, Sagunto e Castellón na Comunidade Valenciana.
9. Tarragona e Barcelona en Cataluña.
10. Palma de Mallorca, Alcudia, Mahón, Eivissa e La Savina nas Balears.
11. Arrecife, Puerto Rosario, Las Palmas (que inclúe o de Salinetas e o de Arinaga), Santa Cruz de Tenerife (que inclúe o de Granadilla), Los Cristianos, Guía de Isora, San Sebastián de la Gomera, Santa Cruz de la Palma e La Estaca nas Canarias.»

SECCIÓN 3.^a TRANSPORTE POR ESTRADA

Artigo 80. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. Normas sobre revisión periódica xeral das tarifas e obrigas contables en relación cos servicios públicos regulares interurbanos permanentes de uso xeral de transportes de viaxeiros por estrada.*

Modifícase o artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, ó texto do cal se lle engaden tres novos números, o 5, 6 e 7, coa seguinte redacción:

«5. Non obstante o disposto no número 3 deste artigo, dentro do segundo trimestre de cada ano, a Administración procederá a unha revisión de carácter xeral das tarifas dos servicios públicos regulares interurbanos permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada en réxime de concesión, a cal se axustará ás seguintes regras:

a) Esta revisión terá como fundamento a modificación dos prezos calculada como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística no ano natural anterior dos índices de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto nacional) sobre a mesma media do ano precedente (en diante o $\Delta IPC_{\text{medio}}$) e a modificación do número de viaxeiros-quilómetro realizados en cada concesión no ano natural anterior (en diante Vkm_r) en relación coa mesma magnitude correspondente ó ano precedente (en diante Vkm_{r-1}).

Para estes efectos, a revisión realizarase calculando o coeficiente C, mediante a expresión:

$$C = 1 + \Delta IPC_{\text{medio}} - X,$$

onde $\Delta IPC_{\text{medio}}$ figurará expresado en tanto por un co signo que corresponda e o valor X vén dado por:

$$X = 1/100 [(Vkm_r - Vkm_{r-1})/Vkm_{r-1}]$$

onde Vkm se referirá ó ano natural anterior á revisión e Vkm_{r-1} ó ano inmediatamente anterior a aquel, estando en todo caso limitado o seu valor pola seguinte fórmula expresada en porcentaxe:

$$0 \leq x \leq 1$$

o coeficiente C aplicarase ás tarifas vixentes en cada unha das concesións (T_{t-1}) de forma que a tarifa revisada (T_t) para cada momento sexa:

$$T_t = T_{t-1} - 1 \cdot C$$

b) As revisións tarifarias realizadas en execución do disposto neste número non estarán suxeitas ó réxime establecido no artigo 16 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, de medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Os ministros de Fomento e Economía poderán establecer mediante orde conxunta as especificacións que, se é o caso, consideren necesarias para a execución do disposto neste número.

6. A falta de achega por parte dun concesionario dos datos estatísticos relativos a unha concesión nos termos regulamentariamente establecidos terá como consecuencia, independentemente das sancións a que legalmente haxa lugar, que non se revise a tarifa desa concesión ata que a falta sexa emendada.

A omisión, o erro ou a falsidade nos referidos datos achegados polo concesionario terá como consecuencia, independentemente da sanción a que, se é o caso, puidese haber lugar conforme o legalmente establecido, que, unha vez detectados aqueles, se proceda a rectificá-la tarifa revisada que se calculase tomando en conta tales datos, así como tódalas que, se é o caso, se aprobasen con posterioridade.

7. Para efectos de contabilidade, as empresas titulares de concesións ou autorizacións de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral deberán tratar cada unha delas como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente, distinta de calquera outra actividade que realicen, esta ou non relacionada co transporte de viaxeiros.

Os ministros de Fomento e Economía poderán establecer mediante orde conxunta as especificacións que, se é o caso, consideren pertinentes para o exacto cumprimento do disposto neste número.»

CAPÍTULO III

Acción administrativa en materia de servizos postais

Artigo 81. *Modificación da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.*

Modifícanse diversos preceptos da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que quedan redactados da seguinte forma:

Un. Modifícase o artigo 7 da Lei do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Títulos habilitantes.*

1. Para a prestación de servizos postais requírase a obtención previa do correspondente título habilitante que, segundo o tipo de servizo que se pretenda prestar, pode consistir nunha autorización administrativa xeral ou nunha autorización administrativa singular, tal e como se establece neste título.

2. Poderán ser titulares de autorizacións administrativas para a prestación de servizos postais as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun estado membro da Unión Europea, ou con outra nacionalidade cando así estea previsto nos convenios ou acordos internacionais nos que sexa parte o Estado español. En todo caso deberán ter un representante domiciliado en España. Entenderase que o domicilio do representante coincide co domicilio para efectos de notificacións da persoa representada.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 32 da Lei do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda da seguinte forma:

«Artigo 32. *Sistemas de franqueo.*

1. O franqueo é o efecto ou signo que acredita o pagamento do prezo dun envío para a súa libre circulación pola rede postal.

Regulamentariamente estableceranse e regularanse os sistemas de franqueo dos servizos postais.

2. O pagamento do prezo dos servizos postais que preste o operador ó que se encomenda a prestación do servizo postal universal, poderá acreditarse mediante selos de correos; selos ou outros

signos distintivos previamente estampados; cuños de franqueo; estampacións de máquinas de franquear; franqueo de pagamento diferido; franqueo en destino; prepago ou calquera outro sistema admitido en dereito.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ás circunstancias a), b) e d) do número 2 do artigo 41, da Lei do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, quedando redactadas as catro primeiras circunstancias do citado número 2 da seguinte forma:

«2. Considéranse infraccións moi graves (...)

a) O incumprimento grave ou reiterado das condicións establecidas para a prestación do servizo postal universal.

b) A realización de servizos postais reservados ó operador prestador do servizo postal universal sen a correspondente autorización, que ocasione grave prexuízo ó servizo postal universal ou ó citado operador.

c) A prestación de servizos postais en réxime de libre concorrencia sen contar co título habilitante legalmente esixible ou a prestación de servizos distintos dos autorizados, con grave prexuízo para o servizo postal universal.

d) O incumprimento grave ou reiterado das obrigas que constitúan o orzamento para o outorgamento dos títulos habilitantes dos servizos postais, cando afecte os requisitos esenciais referidos no art. 9.3 e os establecidos no art. 12 ou prexudique substancialmente a prestación do servizo postal universal.»

O resto das circunstancias do número quedan coa súa actual redacción.

Catro. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 41, da Lei do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, redactado da seguinte forma:

«5. Con independencia das sancións que sexan impostas, o órgano competente para sancionar poderá impor, logo de requirimento, multas coercitivas na forma e os supostos contemplados na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A contía de cada multa aplicarase por sucesivos períodos mensuais e non superará, en ningún caso, o 20 por 100 da sanción máxima fixada para a infracción cometida.»

Artigo 82. *Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Instalacións para a entrega de envíos postais.*

Agrégase unha nova circunstancia, a 4, á alínea a) do número 1 do artigo 3 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación, coa seguinte redacción:

«a.4 Facilitación para o acceso dos servizos postais, mediante a dotación das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais, segundo o disposto na súa normativa específica.»

CAPÍTULO IV

Acción administrativa en materia de vivenda

Artigo 83. *Axuda estatal directa para o primeiro acceso á vivenda en propiedade.*

As axudas estatais directas á entrada (AEDE), incluídas no ámbito dos plans estatais de vivenda para o acce-

so por primeira vez á vivenda en propiedade, percibidas polos beneficiarios mediante pagamento único, a través das entidades de crédito colaboradoras, poderán ser reintegradas polo Estado ás ditas entidades, nun período máximo de 5 anos. O tipo de xuro aplicable para estes efectos, será o vixente en cada momento para os convenios entre o Ministerio de Fomento e as entidades de crédito para o financiamento das actuacións protexidas do correspondente plan de vivenda.

CAPÍTULO V

Acción administrativa en materia de educación

Artigo 84. *Modificación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

O primeiro inciso da disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, modificado pola disposición adicional vixésimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactado nos seguintes termos:

«O Goberno, logo de informe das comunidades autónomas, aprobará o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, nos aspectos pendentes aínda de aplicación, que terá un ámbito temporal de catorce anos a partir da publicación desta lei.»

Artigo 85. *Integración no corpo de profesores de música e artes escénicas dos profesores do Conservatorio Superior de Música de Vigo e do Conservatorio Superior de Música «Eduardo Martínez Torner», de Oviedo.*

Un. Durante o ano 2002 poderá integrarse no corpo de profesores de música e artes escénicas o persoal docente que teña a condición de funcionario e preste servicios nos conservatorios de música que, sendo titularidade doutras administracións públicas, se integrasen ou se integren na rede de centros docentes das comunidades autónomas de Galicia e do Principado de Asturias, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que se producise ou se produza un cambio na titularidade do centro docente a favor da Administración autonómica, mediante o correspondente acordo que deberá ter vixencia no ano 2002.

2. Que teña a titulación requirida segundo a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou a que no momento do seu ingreso na Administración pública de procedencia se esixía para o acceso dos corpos docentes estatais.

Dous. A ordenación destes funcionarios no corpo no que se integre farase respectando a data de nomeamento como funcionarios da Administración de procedencia.

Tres. Os funcionarios a que se refire este artigo continuarán desempeñando os destinos que teñan asignados no momento da súa integración e quedarán no sucesivo suxeitos á normativa sobre provisión de postos de traballo docentes.

Catro. A Administración educativa competente elaborará a relación nominal de funcionarios a que se refire este precepto e dos que se propón a integración, para efectos da expedición do correspondente título administrativo.

Cinco. Para efectos de mobilidade territorial destes funcionarios os servicios prestados por eles con anterioridade ó seu nomeamento como funcionarios do corpo de profesores de música e artes escénicas, serán valorados de acordo co que se estableza nas convocatorias

específicas que para tal fin aproben as distintas administracións educativas.

Seis. A aplicación da presente medida non suporá incremento de retribucións, con carácter global para os funcionarios afectados, para o que se producirán os reajustes nas retribucións complementarias que, se é o caso, fosen necesarias.

Sete. Este artigo ten carácter de básico e dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a e 30 da Constitución.

CAPÍTULO VI

Acción administrativa en materia de telecomunicacións

Artigo 86. *Modificación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de Telecomunicacións:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 11 da Lei xeral de telecomunicacións, que queda coa seguinte redacción:

«2. Igualmente, no réxime aplicable ás autorizacións xerais poderase incluír, conforme se estableza nas normas de desenvolvemento deste precepto, a determinación das condicións impostas ós seus titulares, relativas á subministración da información que sexa precisa para comproba-lo cumprimento por eles das obrigas que se lles impoñan, satisfacer necesidades estatísticas, facilitar os datos para a confección das guías telefónicas e a prestación dos servicios de información polos demais operadores e entidades habilitadas para a prestación deses servicios, así como os datos necesarios para a prestación de servicios de emerxencia polas entidades encargadas deles e atende-los requirimentos que veñan impostos pola normativa aplicable.»

Os demais parágrafos do citado número quedan co seu actual contido.

Dous. Modifícase o parágrafo primeiro do número 3 do artigo 54 da Lei xeral de telecomunicacións, quedando coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do establecido no artigo 37.b), a elaboración e comercialización das guías de abonados ós servicios de telecomunicacións e dos servicios de información realizarase en réxime de libre competencia, garantíndose, en todo caso, ós abonados o dereito á protección dos seus datos persoais, incluíndo o de non figuraren nesas guías ou servicios.»

Os demais parágrafos do citado número quedan co seu actual contido.

Tres. Engádeselle unha nova disposición adicional, a duodécima, á Lei xeral de telecomunicacións, que queda coa seguinte redacción:

«Duodécima. As entidades que acheguen á Comisión do Mercado das Telecomunicacións datos ou informacións de calquera tipo con ocasión do desempeño das súas funcións poderán indicar, de forma xustificada, qué parte do achegado consideran de transcendencia comercial ou industrial, a difusión do cal podería prexudicalos, para os efectos de que sexa declarada a súa confidencialidade respecto de calquera persoa ou entidade que non sexa a propia Comisión do Mercado das Telecomunicacións, o Ministerio de Economía ou o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. A devandita Comisión

decidirá, de forma motivada e a través das resolucións oportunas, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial e sobre a amparada pola confidencialidade.»

Artigo 87. *Modificación do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións.*

Modifícase o parágrafo quinto do número 3 do artigo 4 do Real decreto lei 7/2000, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, que queda coa seguinte redacción:

«O tráfico dirixido ó rango de numeración específica de acceso á internet determinado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, será entregado polos operadores dominantes do servizo telefónico fixo dispoñible ó público de forma separada do tráfico de telefonía vocal, e nos mesmos puntos de interconexión de voz existentes. Para estes efectos, os operadores negociarán os correspondentes acordos, resolvendo a Comisión do Mercado das Telecomunicacións os postos en que non se alcance o devandito acordo.»

Os demais parágrafos do citado número quedan co seu actual contido.

CAPÍTULO VII

Acción administrativa en materia de ciencia e tecnoloxía

Artigo 88. *Modificación da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica:

Un. Modifícase o artigo 15 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Convenios de colaboración.*

1. Os organismos públicos de investigación poderán celebrar convenios de colaboración coas comunidades autónomas para a realización das seguintes actividades:

- a) Proxectos de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
- b) Transferencia de coñecementos e de resultados científicos.
- c) Creación, xestión ou financiamento de centros ou unidades de investigación.
- d) Formación de especialistas.
- e) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades científicas relacionadas cos fins propios do organismo.
- f) Asignación temporal de persoal para a realización de actividades científicas ou técnicas, sen que isto supoña alteración do réxime xurídico aplicable ó mesmo.

Deberá darse conta dos referidos convenios de colaboración á Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía.

2. Así mesmo, os organismos públicos de investigación poderán subscribir convenios de cola-

boración con universidades, con fundacións ou con institucións sen ánimo de lucro, tanto nacionais como estranxeiras, para a execución e desenvolvemento das actividades a que se refire o número anterior.

3. Os organismos públicos de investigación tamén poderán subscribir convenios de colaboración coas empresas, ben sexan públicas ou privadas, que realicen actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, para a realización das actuacións a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do número 1 do presente artigo. Para efectos de determinar as contraprestacións das empresas, as actividades ou servizos que realicen os organismos públicos de investigación serán valorados a prezos de mercado. O obxecto destes convenios non poderá ser ningún dos comprendidos nos contratos regulados no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas ou en normas administrativas especiais.»

Dous. Modifícase o artigo 19 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, coa seguinte redacción:

«Artigo 19. *Creación ou participación en sociedades mercantís.*

1. O Goberno poderá autorizar os organismos públicos de investigación para crearen ou participaren no capital de sociedades mercantís que teñan como obxecto a realización dalgunha das seguintes actividades:

- a) A investigación científica, o desenvolvemento ou a innovación tecnolóxica.
- b) A explotación de patentes de invención e, en xeral, a cesión e explotación dos dereitos da propiedade industrial e intelectual.
- c) O uso e o aproveitamento, industrial ou comercial, das innovacións, dos coñecementos científicos e dos resultados obtidos e desenvolvidos polo organismo.
- d) A prestación de servizos técnicos relacionados cos fins propios do organismo.

Terán a consideración de achegas dos organismos públicos de investigación á sociedade mercantil: as participacións no capital; a cesión dos dereitos da propiedade industrial e intelectual; e a cesión ou o uso das innovacións, dos coñecementos científicos e dos resultados obtidos ou desenvolvidos polo propio organismo.

2. Os funcionarios dos ditos organismos que pasen a prestar servizos nas citadas sociedades mercantís poderán solicitar a concesión de licencias para desenvolver tarefas directamente relacionadas coa actividade científica ou técnica que realicen no organismo. Estas licencias concederanse sen retribución ningunha, por un prazo máximo de 4 anos e con dereito a conservalo posto de traballo.

A concesión destas licencias subordinarase ás necesidades do servizo, ó interese para o organismo dos traballos científicos e técnicos a desenvolver e axustarase ó procedemento, condicións e requisitos que se establezan mediante orde do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, logo de informe favorable do Ministerio de Administracións Públicas.»

Os actuais números 2, 3 e 4 do artigo 19 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica pasarán a ser, respectivamente, os números 3, 4 e 5 do devandito artigo.

CAPÍTULO VIII

Acción administrativa en materia de augas e ambiente

Artigo 89. *Modificación da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueducto Texo-Segura.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueducto Texo-Segura:

Un. O número un do artigo sétimo da Lei 52/1980, do 16 de outubro, quedará redactado da forma seguinte:

«Un. A tarifa incluírá as achegas motivadas polos seguintes conceptos:

- a) Amortización do custo das obras.
- b) Os gastos fixos de funcionamento.
- c) Os gastos variables de funcionamento.»

Dous. A alínea a) do número dous do artigo sétimo, da Lei 52/1980, do 16 de outubro, quedará redactado da forma seguinte:

«a) O obtido de reparti-lo custo total non amortizado das obras entre a dotación total anual definitiva asignada ó conxunto de usos da auga conducida, afectado por un coeficiente que en función do uso da auga será:

Cero coma cero catro en regadíos.
Cero coma cero oito en abastecementos.

No cómputo do custo das obras, e sen prexuízo do disposto no parágrafo dous do artigo segundo desta lei, inclúense os gastos motivados pola realización dos proxectos, a construción das obras principais e complementarias, as expropiacións e indemnizacións necesarias, os edificios e camiños, os gastos de inspección e vixilancia e, en xeral, tódolos investimentos realizados. Durante o período de explotación da primeira fase, limitado a un transvasamento máximo anual de seiscentos millóns de metros cúbicos, considerarase o sesenta por cento do total do investimento.

Para os volumes de auga destinados ó uso en abastecementos, o valor así calculado incrementarase na contía fixa de dúas pesetas por metro cúbico, cantidade que non será computable para efectos de amortización das obras.»

Tres. O artigo catorce da Lei 52/1980, do 16 de outubro, quedará redactado da forma seguinte:

«A compoñente a) da tarifa, correspondente á amortización do custo das obras, será revisada cada dous anos en función da actualización tanto dos valores dos investimentos computados no artigo sétimo, dous, a), como custos das obras do acueducto Texo-Segura, como das cantidades aboadas polo devandito concepto, para o cal o Ministerio de Medio Ambiente someterá ó Consello de Ministros a aprobación das fórmulas correspondentes.»

Catro. O segundo parágrafo da disposición adicional sexta da Lei 52/1980, do 16 de outubro, quedará redactado da forma seguinte:

«Para o aproveitamento destes recursos dentro da dita provincia poderá utilizarse a infraestrutura do acueducto, se isto resultar viable e procedente.

No caso das augas concedidas como compensación ás infiltradas no túnel de Talave, os beneficiarios participarán exclusivamente no reparto dos gastos fixos de funcionamento na forma estipulada no artigo sétimo, dous, b) desta lei.»

Os demais parágrafos da disposición adicional conservan o seu actual contido.

Artigo 90. *Modificación do Real decreto lei 8/1995, do 4 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes de mellora do aproveitamento do transvase Texo-Segura.*

Engádeselle un novo número, o 3, ó artigo 5 do Real decreto lei 8/1995, do 4 de agosto, coa seguinte redacción:

«3. Os beneficiarios das augas derivadas á bacía alta do Guadiana, a través do acueducto Texo-Segura, satisfarán as tarifas correspondentes polo uso do tramo que utilicen da dita infraestrutura. As tarifas comprenderán os tres conceptos establecidos no artigo sétimo, un, da Lei 52/1980, do 16 de outubro, para as augas transvasadas á bacía do Segura.

Para o cálculo do valor anual do concepto a) da tarifa, correspondente á amortización do custo das obras, aplicable ás augas destinadas a abastecementos, considerarase o tres por cento do investimento total no tramo de acueducto que utilicen, actualizada segundo o previsto no artigo décimo cuarto da Lei 52/1980, do 16 de outubro, iniciándose o período de amortización coa posta en servizo dos mesmos. A dita cantidade afectarase do coeficiente cero coma cero oito e o valor así obtido incrementarase na contía fixa, non computable para efectos de amortización das obras, de dúas pesetas por metro cúbico.

As augas derivadas para usos ambientais ó Parque Nacional de Las Tablas de Daimiel quedan exentas de contribuíren polo concepto a), amortización do custo das obras.

Para o cálculo do valor anual dos conceptos b) e c) das tarifas das augas que se deriven ó Alto Guadiana a través do acueducto Texo-Segura, atenderase ó establecido no artigo sétimo, números dous e tres da Lei 52/1980.»

Artigo 91. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Engádeselle un novo parágrafo ó número 1, do artigo 132 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, as ditas sociedades poderán ter por obxecto a adquisición de obras hidráulicas, públicas ou privadas, logo do cumprimento dos trámites e requisitos establecidos pola normativa vixente, e en especial o de desafectación do demanio público cando corresponda, para asúa integración a sistemas hidráulicos co fin de conseguir un mellor aproveitamento dos recursos hídricos e unha xestión máis eficaz deles.»

O resto do número queda coa mesma redacción.

Artigo 92. *Declaración de urxente ocupación de determinadas obras hidráulicas.*

Para os efectos previstos no art. 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase urxente a ocupación dos bens

afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras que a continuación se relacionan, que foron declaradas de interese xeral do Estado pola Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional:

Confederación Hidrográfica do Norte:

Colectores interceptores do río Cubia (Asturias).
Colector interceptor do río Gafo (Asturias).

Confederación Hidrográfica do Douro:

Presa de Castrovido (Burgos).

Variantes de estradas afectadas polo encoro de Irueña (Salamanca).

Confederación Hidrográfica do Texo:

Mellora do abastecemento ó sistema Torrelaguna, ramal Sur (Madrid).

Presa, conductiones e ampliación da ETAP de Las Navas del Marqués (Ávila).

Abastecemento desde o encoro de Picadas á Zona de Torrijos, La Puebla de Montalbán e Fuensalida (Toledo).

Confederación Hidrográfica do Guadiana:

Conducción de auga desde o Acueducto Texo-Segura para incorporación de recursos á chaira manchega.

Mellora do sistema de abastecemento da comarca de Azuaga (Badajoz).

Canalización en Valdetorres (Badajoz).

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir:

Presa de Melonares (Sevilla).

Novo trazado da estrada C-503 de Jérez a Cortes e conducción de abastecemento a Algar (Cádiz).

Presa de La Breña II (Córdoba).

Confederación Hidrográfica do Sur:

Conducción principal de rega da marxe dereita do río Vélez (Málaga).

Conductiones na zona regable do encoro de Cuevas de Almanzora. Camiños de servizo da 1.^a fase. Desagregado 3 (Almería).

Confederación Hidrográfica do Segura:

Redes de rega, desaugadoiros e camiños das zonas regables de Lorca e val do Guadalentín (Murcia).

Conducción de augas residuais da zona sur do Mar Menor (Murcia).

Confederación Hidrográfica do Júcar:

Canalización do río Seco entre a autoestrada A-7 e a súa desembocadura ó mar (Castellón).

Confederación Hidrográfica do Ebro:

Recrecemento da presa de Yesa (Navarra e Zaragoza).

Encoro de Biscarrués (Huesca).

Obras complementarias da presa de Rialb (Lleida).

Presa de Lechago (Teruel).

Modulación da canle de Piñana. Balsa reguladora da levada Maior (Lleida).

Artigo 93. *Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.*

Introdúcese unha nova disposición adicional, a novena, na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Garantías financeiras das actividades de eliminación de residuos.*

As autorizacións das actividades de eliminación de residuos non perigosos mediante depósito en vertedoiro quedarán suxeitas á prestación dunha fianza ou outra garantía equivalente na forma e

contía que naquelas se determine e de acordo co que regulamentariamente se estableza.

Esta garantía terá por finalidade garanti-lo cumprimento, fronte ás administracións públicas, das obrigas que incumban en virtude da autorización expedida, incluídas as de clausura e mantemento posterior de vertedoiro, e as derivadas, se é o caso, da imposición de sancións e da posible execución subsidiaria por parte da administración competente.»

CAPÍTULO IX

Acción administrativa en materia de sanidade

Artigo 94. *Modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

Un. Modifícase o artigo 35 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Requisitos das fórmulas maxistrais.*

1. As fórmulas maxistrais serán preparadas con substancias de acción e indicación recoñecidas legalmente en España, de acordo co artigo 55.5 desta lei e segundo as directrices do Formulario Nacional.

2. As fórmulas maxistrais elaboraranse nas oficinas de farmacia e servizos farmacéuticos legalmente establecidos que dispoñan dos medios necesarios para a súa preparación de acordo coas esixencias establecidas no Formulario Nacional.

Non obstante, as oficinas de farmacia e servizos farmacéuticos que non dispoñan dos medios necesarios, excepcionalmente e sen prexuízo do establecido no artigo 76.2, poderán encomendar a unha entidade legalmente autorizada para tal fin pola Administración sanitaria competente, a realización dunha ou varias fases da elaboración e/ou control de fórmulas maxistrais.

3. Na preparación de fórmulas maxistrais observaranse as normas de correcta fabricación e control de calidade.

4. As fórmulas maxistrais irán acompañadas do nome do farmacéutico que as prepare e da información suficiente que garanta a súa correcta identificación e conservación, así como a súa segura utilización.

5. Para a formulación maxistral de substancias ou medicamentos non autorizados en España requirírase o réxime previsto no artigo 37.»

Dous. Modifícase o artigo 36 da Lei 25/1990, que queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Requisitos dos preparados oficinais.*

1. Os preparados oficinais deberán cumprilas seguintes condicións:

a) Estar enumerados e descritos polo Formulario Nacional.

b) Cumprilas normas da Real Farmacopea Española.

c) Ser elaborados e garantidos por un farmacéutico da oficina de farmacia ou do servizo farmacéutico que os dispense.

d) Deberán necesariamente presentarse e dispensarse baixo denominación xenérica e en ningún caso baixo marca comercial.

e) Os preparados oficinais irán acompañados do nome do farmacéutico que os prepare e da información suficiente que garanta a súa correcta iden-

tificación e conservación, así como a súa segura utilización.

2. Excepcionalmente, e sen prexuízo do establecido no artigo 76.2, as oficinas de farmacia e servicios farmacéuticos que non dispoñan dos medios necesarios poderán encomendar a unha entidade legalmente autorizada para tal fin pola Administración sanitaria competente, a realización dunha ou varias fases da elaboración e/ou control de, exclusivamente, aqueles preparados oficinais que requiran prescrición facultativa.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 45 da Lei do medicamento, que queda da seguinte forma:

«3. Nos envases e embalaxes, así como na información que se xunte ó medicamento, consignarase a indicación de que se trata dun medicamento veterinario e do tempo de espera cando se destine a animais produtores de alimentos. Ademais, obrigatoriamente figurarán os datos especificados nos artigos 17 e 19, con excepción do prezo.»

Catro. Modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, incluído no capítulo VIII, «Acción administrativa en materia de sanidade», do título V, «Da acción administrativa» do proxecto de Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Engádeselle unha nova sección, a 8.^a, ó capítulo cuarto, da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que inclúe un novo artigo, o 54 bis, coa seguinte redacción.

“SECCIÓN 8.^a GASES MEDICINAIS

Artigo 54.bis. *Gases medicinais.*

1. Os gases medicinais considéranse medicamentos e están suxeitos ó réxime previsto nesta lei, coas particularidades que regulamentariamente se establezan.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 3.5 desta lei, as empresas titulares, fabricantes, importadoras e comercializadoras de gases medicinais licuados poderán subministralos, conforme determinen as autoridades sanitarias competentes, ós centros asistenciais, sociosanitarios así como ós pacientes con terapia respiratoria a domicilio. Para tales efectos, entenderase por gases medicinais licuados o osíxeno líquido, nitróxeno líquido e protóxido de nitróxeno líquido así como calquera outro que, con similares características e utilización, poida fabricarse no futuro”.

CAPÍTULO X

Acción administrativa en materia de turismo

Artigo 95. *Modificación da Lei 42/1998, do 15 de decembro, de dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias.*

Un. Engádeselle unha nova alínea l) ó artigo 8.^o 2 da Lei 42/1998, do 15 de decembro, de dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias, coa seguinte redacción:

«l) Se existe a posibilidade de participar nun sistema organizado para a cesión a terceiros do dereito obxecto do contrato e, caso de que o devandito sistema estea organizado polo propietario ou

promotor, por si ou por medio de calquera outra persoa física ou xurídica que se dedique profesionalmente á transmisión de dereitos de aproveitamento por quenda, indicación dos posibles custos da dita cesión.»

Dous. Engádeselle un novo número 13.^o ó artigo 9.^o 1 da Lei 42/1998, do 15 de decembro, de dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias, coa seguinte redacción:

«13.^o Se existe a posibilidade de participar nun sistema organizado de cesión a terceiros do dereito obxecto do contrato. Cando exista esa posibilidade, expresaranse os eventuais custos, ó menos aproximados, que o devandito sistema suporá para o adquirente.»

CAPÍTULO XI

Acción administrativa en materia de seguridade xurídica preventiva

SECCIÓN 1.^a ACCESO Á INFORMACIÓN DOS REXISTROS PÚBLICOS

Artigo 96. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria aprobada polo Decreto do 8 de febreiro do 1946.*

1. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 221 co seguinte contido:

«O interese presumirase en toda autoridade, empregado ou funcionario público que actúe por razón do seu oficio ou cargo.»

2. O parágrafo segundo do número 8 do artigo 222 queda modificado pasando a te-lo seguinte contido:

«Os rexistradores, no exercicio da súa función pública, estarán obrigados a colaborar entre si, así como cos órganos xurisdiccionais, as administracións públicas e os notarios.»

3. Engádenselle tres novos números, noveno, décimo e undécimo ó artigo 222 co seguinte contido:

«Noveno. Co obxecto de dar cumprimento ó disposto neste artigo, dispórase dos instrumentos necesarios para proporcionar a todos eles información por telefax ou comunicación electrónica, á escolla do solicitante e co valor de nota simple informativa, sobre o contido do libro diario, se é o caso, do libro de entrada, e dos libros de inscricións e de incapacitados.

Décimo. A manifestación dos libros do rexistro deberá facerse, se así se solicita, por medios telemáticos.

Décimo primeiro. Regulamentariamente estableceranse os criterios e procedementos para manter a información permanentemente actualizada no prazo máis breve posible, as garantías necesarias para evita-la manipulación ou o telexbaileiro dos asentos rexistrados, así como os requisitos técnicos e os modelos das solicitudes de acceso á consulta do contido dos libros por vía telemática, as circunstancias que deban concorrer nos que pretendan o acceso, o contido dos libros do rexistro que pode consultarse por vía telemática así como o procedemento para autoriza-la restricción de acceso á información relativa a determinadas persoas, comerciantes ou predios cando iso veña imposto por razón da protección da seguridade e integridade das persoas ou os bens.»

4. O artigo 227 quedará redactado na forma seguinte:

«Artigo 227.

Os rexistradores expedirán certificación por instancia de quen, ó seu xuízo, teña interese coñecido

en investiga-lo estado do inmovible ou dereito real de que se trate, ou en virtude de mandamento xudicial.

A instancia deberá facerse por escrito e poderá presentarse na oficina do rexistro ou remitirse por vía telemática.

A certificación expedirase, á elección do solicitante, en papel ou en formato electrónico, nos termos que regulamentariamente se establezan.»

5. Modifícase o artigo 248, que queda redactado na forma seguinte:

«Artigo 248.

Os rexistradores levarán ademais un libro chamado diario onde, no momento de presentarse cada título, xa sexa fisicamente, por correo, telefax ou por remisión telemática, redactarán un breve asento do seu contido.

Regulamentariamente determínanse as regras e procedementos para que a práctica dos asentos de presentación sexa correlativa á da hora de presentación dos respectivos títulos. Así mesmo adoptaranse as cautelas necesarias para que en ningún caso sexa posible a manipulación ou alteración da orde de presentación dos títulos ou dos asentos xa practicados.»

Artigo 97.

Introdúcese un novo parágrafo cuarto no artigo 23 do Código de comercio co seguinte contido:

«4. A publicidade telemática do contido dos rexistros mercantís e de bens mobles realizarase de acordo cos principios contidos nos artigos 221, 222, 227 e 248 de texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, en relación cos rexistros da propiedade.»

SECCIÓN 2.^a MEDIDAS SOBRE XUSTIFICACIÓN

DA REPRESENTACIÓN E TRANSCRIPCIÓN DE CONDICIÓN XERAIS

Artigo 98. *Xuízo de suficiencia da representación ou apoderamento polo notario.*

1. Nos instrumentos públicos outorgados por representantes ou apoderados, o notario autorizante inserirá unha nota identificativa do documento auténtico que se lle presentase para acredita-la representación alegada e expresará que, ó seu xuízo, son suficientes as facultades representativas acreditadas para o acto ou contrato a que o instrumento se refira.

2. A indicación polo notario do documento auténtico e a súa valoración da suficiencia das facultades representativas farán fe suficiente, por si soas, da representación acreditada, baixo a responsabilidade do notario.

3. Deberán ser unidos á matriz, orixinal ou por testemuño, os documentos complementarios daquela cando así o esixa a lei e poderán selo aqueles que o notario autorizante xulgue conveniente. Nos casos de unión, incorporación ou testemuño parcial, o notario dará fe de que no omitido non hai nada que restrinja nin, de ningún xeito, modifique ou condicione a parte transcrita.

Artigo 99. *Incorporación como anexo á matriz das condicións xerais de contratación.*

Introdúcese un novo número 2 no artigo 5 da Lei 7/1998, do 13 de abril, de condicións xerais de contratación, de modo que os anteriores números 2, 3 e 4, pasan a ser 3, 4 e 5.

«2. Os adherentes poderán esixir que o notario autorizante non transcriba as condicións xerais da contratación nas escrituras que outorgue e que se deixe constancia delas na matriz, incorporándoas como anexo. Neste caso o notario comprobará que os adherentes teñen coñecemento íntegro do seu contido e que as aceptan.»

SECCIÓN 3.^a PRAZO DE CUALIFICACIÓN REXISTRAL E EFECTO DA FALTA DE CUALIFICACIÓN EN PRAZO

Artigo 100. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

1. Introdúcese tres novos parágrafos segundo, terceiro e cuarto, no artigo 18 co seguinte contido:

«O prazo máximo para cualificar será de quince días contados desde a data do asento de presentación ou, se fose retirado antes da inscrición, tiver defectos emendables ou existise pendente de despacho un título presentado con anterioridade, desde a data da devolución do título, a emenda ou o despacho do título previo, respectivamente.

Se transcorrido o prazo máximo sinalado no parágrafo anterior, non tivese lugar a cualificación, o interesado poderá instar do rexistrador ante quen se presentou o título que a leve a cabo no termo improrrogable de tres días ou a aplicación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis desta lei.

A cualificación realizada fóra de prazo polo rexistrador titular producirá unha redución de aranceis dun trinta por cento, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.»

2. Introdúcese un novo artigo 19 bis co seguinte contido:

«Se a cualificación é positiva, o rexistrador inscribirá e expresará na nota de despacho, ó pé do título, os datos identificadores do asento, así como as afeccións ou dereitos cancelados con ocasión da súa práctica. Se o estado rexistral de titularidade ou cargas for discordante co reflectido no título, librará nota simple informativa.

A cualificación negativa, mesmo cando se trate de inscrición parcial en virtude de solicitude do interesado, deberá ser asinada polo rexistrador, e nela deberán constar-las causas impeditivas, suspensivas ou denegatorias e a motivación xurídica destas, ordenada en feitos e fundamentos de dereito, con expresa indicación dos medios de impugnación, órgano ante o que debe interporse recurso e prazo para interpolo, sen prexuízo de que o interesado exercite, se é o caso, calquera outro que entenda procedente.

Se o rexistrador, con cumprimento das súas obrigas e dentro do prazo establecido, cualifica negativamente, total ou parcialmente, o interesado poderá recorrer ante a Dirección dos Rexistros e do Notariado ou ben insta-la aplicación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis desta lei.

Os interesados terán o dereito a solicitarlle ó rexistrador do cadro de substitucións a cualificación dos títulos presentados, nos supostos previstos no parágrafo anterior, conforme as seguintes regras:

1.^a O interesado deberá exercer-lo seu dereito nos quince días seguintes á notificación da cualificación negativa, durante a vixencia do asento de presentación, mediante a achega ó rexistrador

substituto do testemuño íntegro do título presentado e da documentación complementaria.

2.^a O rexistrador substituído que asuma a inscrición do título comunicarao ó rexistrador substituído, podendo, con carácter previo e en orde a esta finalidade, solicitar que se lle achegue información rexistral completa, de non existir ou ser insuficiente a remitida co testemuño íntegro do título.

O rexistrador substituído fará constar a devandita comunicación, no mesmo día da súa recepción ou o seguinte hábil, por nota á marxe do asento de presentación, indicando que se exerceu o dereito a solicita-la cualificación dos títulos a un rexistrador dos incluídos no cadro de substitucións, a identidade deste e o rexistro do que sexa titular. A partir da data de recepción da comunicación referida, o rexistrador substituído deberá subministrarlle ó rexistrador substituído información continuada relativa a calquera nova circunstancia rexistral que puidese afectar á práctica do asento.

3.^a Se o rexistrador substituído cualifícase positivamente o título, nos dez días seguintes ó da data da comunicación prevista na regra anterior, ordenará ó rexistrador substituído que estenda o asento solicitado, remitíndolle o texto comprensivo dos termos en que deba practicarse aquel, xunto co testemuño íntegro do título e documentación complementaria.

En todo caso, no asento que se estenda, ademais das circunstancias que procedan de conformidade coa súa natureza, deberá constar a identidade do rexistrador substituído e o rexistro do que fose titular.

Estendido o asento, o rexistrador substituído comunicarao ó rexistrador substituído, e devolverá o título ó presentante con nota ó pé deste, estendida conforme a lexislación hipotecaria.

4.^a Se o rexistrador substituído asumise a inscrición parcial do título procederase do modo previsto nas regras segunda e terceira. A dita inscrición parcial só poderá practicarse se media consentimento do presentante ou do interesado.

5.^a Se o rexistrador substituído cualificara negativamente o título, devolveralle este ó interesado para os efectos da interposición do recurso fronte á cualificación do rexistrador substituído, ante a Dirección Xeral dos Registros e do Notariado.

6.^a Practicado o asento solicitado, corresponderalle ó rexistrador substituído o cincuenta por cento dos aranceis devengados e ó rexistrador substituído o cincuenta por cento restante.

Os dereitos arancelarios serán aboados polo interesado a cada rexistrador na súa parte correspondente.

7.^a As comunicacións que se deban practicar conforme as regras precedentes realizaranse por correo, fax, correo electrónico ou calquera outro medio telemático que permita ter constancia da súa recepción.»

SECCIÓN 4.^a RÉXIME DISCIPLINARIO DOS REXISTRADORES DA PROPIEDAD, MERCANTÍS E DE BENS MOBLES

Artigo 101. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

1. Modifícase a rúbrica do título XII, que pasa a denominarse:

«Da responsabilidade e do réxime disciplinario dos rexistradores.»

2. Introdúcense dúas seccións no título XIII, a sección 1.^a, baixo a rúbrica «Da responsabilidade dos rexis-

tradores», que comprende os actuais artigos 296 a 312, ámbolos dous inclusive; e a sección 2.^a, baixo a rúbrica «Do réxime disciplinario dos rexistradores», que comprende os artigos 313 a 318 ámbolos dous inclusive.

3. Os 313, 314 e 315 pasan a se-los artigos 319, 320 e 321.

4. Introdúcense como artigos 313, 314, 315, 316, 317 e 318 os seguintes:

«Artigo 313.

O réxime disciplinario dos rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles rexerá polo establecido nos artigos seguintes e nas restantes normas de desenvolvemento. Supletoriamente, na falta de normas especiais, aplicarase o disposto nas normas reguladoras do réxime disciplinario dos funcionarios civís do Estado, excepto no referente á tipificación das infraccións.

Consideraranse infraccións moi graves, graves ou leves dos rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, as seguintes:

A) Son infraccións moi graves:

a) O abandono do servizo.

b) As condutas constitutivas de delito doloso relacionadas coa prestación da fe pública rexistral que causen dano á Administración ou ós particulares declaradas en sentenza firme.

c) As condutas que comportasen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción grave de disposicións en materia de prevención de blanqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a dita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión.

d) A inscrición de títulos contrarios ó disposto nas leis ou os seus regulamentos ou ás súas formas e regras esenciais, sempre que se deriven prexuízos graves para o presentante, para terceiros ou para a Administración e que non se trate de meras cuestións interpretativas ou opinables en dereito.

e) A reincidencia na comisión de infraccións graves no prazo de dous anos sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

f) O incumprimento grave das normas sobre incompatibilidades contidas na Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

g) A percepción de dereitos arancelarios con infracción das disposicións polas que aqueles se rixan.

h) O atraso inxustificable e xeneralizado na cualificación dos títulos presentados.

i) O incumprimento das obrigas de custodia e uso da sinatura electrónica avanzada do rexistrador, así como a obriga de denuncia-la perda, extravío ou deterioración ou situación que poña en risco o segredo ou a unicidade do dispositivo seguro de creación de sinatura electrónica.

j) Así mesmo, son infraccións moi graves as seguintes:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da profesión.

2. Toda actuación profesional que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. A violación de neutralidade ou independencia políticas, utilizando as facultades atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito,

así como a obstaculización ó exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

B) Son infraccións graves:

a) As condutas que comportasen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción de disposicións en materia de prevención de blanqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores, ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a dita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión e non constitúan faltas moi graves.

b) A negativa inustificada e reiterada á prestación de funcións requiridas así como a ausencia inustificada por máis de dous días do lugar da súa residencia que cause dano a terceiros; en particular a denegación do rexistrador a estender asento de presentación, a cualificar, expedir nota e a súa motivación, a notificar, a practicalos asentos ou a eleva-lo expediente nos prazos e forma establecidos.

c) As condutas que impidan prestar con imparcialidade, dedicación e obxectividade as obrigas de cualificación que a vixente lexislación atribúe ós rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles ou que poñan en perigo os deberes de honradez e independencia necesarios para o exercicio público da súa función.

d) Os enfrontamentos graves e reiterados do rexistrador con autoridades, interesados ou outros rexistradores, no lugar, zona ou distrito onde exerza a súa función debida a actitudes non xustificadas daquel.

e) O incumprimento grave e reiterado de calquera deber imposto pola lexislación rexistral ou por acordo corporativo vinculante así como o non pagamento dos gastos colexiais acordados regulamentariamente.

f) O incumprimento reiterado de facilita-lo acceso telemático ós datos do rexistro.

g) O incumprimento reiterado da obriga de atención ó público nas horas determinadas.

h) A reincidencia pola comisión de infraccións leves no prazo de dous anos sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

i) Así mesmo, son infraccións graves as seguintes:

1. A falta de rendemento que afecte ó normal funcionamento do servizo e non constitúa falta moi grave.

2. A falta de obediencia debida ó Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís.

C) É infracción disciplinaria leve, se non procedese cualificala como grave ou moi grave, o incumprimento dos deberes e obrigas impostos pola lexislación rexistral ou, con base nela, por resolución administrativa ou acordo corporativo, sempre que o rexistrador fose expresamente requirido para a súa observancia polo órgano administrativo ou corporativo competente.

O requirimento citará expresamente o precepto, dará un prazo para cumprilo e apercibirá ó rexistrador de que, se non o fai, poderá incorrer en infracción disciplinaria leve.

Os membros dos órganos de goberno do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España poderán ser sancionados polo ministro de Xustiza ou polo director xeral dos Rexistros e do Notariado, nos supostos seguintes, que terán a consideración de infracción grave, salvo que fose reiterada no transcurso do seu mandato; neste caso será infracción moi grave:

a) O incumprimento grave ou reiterado dos seus deberes, sempre que supoña infracción dun precepto legal, regulamentario ou corporativo.

b) A negativa ou resistencia a cumprir instrucións, circulares, resolucións ou actos administrativos de obri-

gado cumprimento e as graves insuficiencias ou deficiencias no seu cumprimento.

c) O incumprimento ou cumprimento defectuoso de acordos corporativos regularmente adoptados, se mediana dolo ou negligencia grave.

Artigo 314.

As sancións que poden ser impostas ós rexistradores, sen prexuízo do previsto na lexislación rexistral en relación á traba da súa fianza, son as seguintes:

a) Apercibimento.

b) Multa.

c) Suspensión dos dereitos de ausencia, licencia ou translación voluntaria ata dous anos.

d) Postergación na antigüidade na carreira cen postos.

e) Translación forzosa.

f) Suspensión de funcións ata cinco anos.

g) Separación do servizo.

Na sanción de multa existirá unha escala de tres tramos: menor, entre 600 e 3.000 euros; media, entre 3.001 e 12.000 euros e maior entre 12.001 e 30.000 euros. En caso de reiteración poderá multiplicarse a dita contía ata un máximo do cen por cento da multa a pagar.

As infraccións moi graves sancionaranse con multa no último tramo, translación forzosa, suspensión de funcións e separación do servizo.

As infraccións graves con multa a partir do tramo medio da escala, con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licencia ou translación voluntaria e con postergación.

As infraccións leves só poderán ser sancionadas con apercibimento, con multa de tramo menor ou con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licencia ou translación voluntaria.

As sancións graduaranse atendendo en cada caso concreto, esencialmente, á transcendencia que para a prestación da función rexistral teña a infracción cometida, a existencia de intencionalidade ou reiteración e a entidade dos prexuízos ocasionados.

A imposición dunha sanción por infracción grave ou moi grave levará anexa, como sanción accesoria, a privación da aptitude para ser elixido membro dos órganos de goberno do Colexio Nacional de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España mentres non se obtivese rehabilitación.

O rexistrador separado do servizo causará baixa no escalafón e perderá tódolos seus dereitos, excepto os derivados da previsión, nos casos en que correspondan.

Artigo 315.

Son órganos competentes na imposición da sanción, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, a través da Xunta de Goberno ou das xuntas territoriais ou autonómicas, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e o ministro de Xustiza

O colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, a través da Xunta de Goberno ou das xuntas territoriais e autonómicas, poderá impo-las sancións de apercibimento e multa nos tramos menor e medio.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado será o órgano competente para impo-las sancións non reservadas á xuntas territoriais e autonómicas excepto a separación do servizo.

A separación do servizo só poderá ser imposta polo ministro de Xustiza

Artigo 316.

As infraccións prescribirán ós catro meses, no caso de infraccións leves; ós dous anos as infraccións graves e ós catro anos as infraccións moi graves, computados desde a súa comisión.

Os mesmos prazos serán necesarios nos mesmos supostos para a prescrición das sancións, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoñan.

A incoación de procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, mais non se dictará resolución neste en tanto non recaese sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ó procedemento penal vinculará á que se dicte no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha e outra vía.

Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houbese identidade de fundamento xurídico e de ben xurídico protexido.

Artigo 317.

A salvo as medidas cautelares que poidan adoptalos xulgados ou tribunais competentes, as sancións disciplinarias de apercibimento e multa executaranse cando quede esgotada a vía administrativa. As sancións de postergación, translación, suspensión de funcións e separación de servizo, executaranse cando sexan firmes.

O ministro de Xustiza, no suposto da separación do servizo, ou o director xeral dos rexistros e do notariado nos restantes casos, poderán suspender provisionalmente no exercicio das súas funcións a calquera rexistrador respecto do que se ordenase incoar procedemento disciplinario por infracción moi grave ou grave, se iso fose necesario para asegurala debida instrucción do expediente ou para impedir que continúe o dano ó interese público ou de terceiros. Contra a resolución que acorde a suspensión provisional, que esgotará a vía administrativa, poderase recorrer independentemente.

Os rexistradores sancionados poderán obter a cancelación nos seus expedientes persoais das sancións anotadas cando transcorrese un ano desde que gañou firmeza a orde, resolución ou acordo sancionador se a falta foi leve, dous anos se foi grave e catro anos se foi moi grave, salvo se os efectos da sanción se estenderen a prazos superiores; neste caso será necesario o transcurso destes.

Artigo 318.

Non poderán imporse sancións por infraccións graves ou moi graves senón en virtude do procedemento ordinario que estableza o Regulamento hipotecario. O prazo máximo para dictar e notificar a resolución será de nove meses, ampliables por outros tres mediante acordo motivado do órgano que decidiu a iniciación do procedemento.

A imposición de sancións por infracción leve farase en procedemento abreviado que só requirirá a previa audiencia do inculpado. Nestes casos, o prazo máximo para dictar e notificar a resolución será de tres meses.

Transcorridos os expresados prazos máximos, o procedemento quedará caducado, pero a caducidade non producirá por si soa a prescrición da infracción.»

SECCIÓN 5.^a RECURSOS CONTRA A CUALIFICACIÓNArtigo 102. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

1. Introdúcese un novo título XIV baixo a rúbrica «Recursos contra a cualificación», que comprende os artigos 322 a 329 ámbolos dous inclusive.

2. Introdúcense os artigos 322, 323, 324, 325, 326, 327, 328 e 329 co seguinte contido:

«Artigo 322.

A cualificación negativa do documento ou de concretas cláusulas deste deberá notificarse ó presentante e ó notario autorizante do título presentado e, se é o caso, á autoridade xudicial ou ó funcionario que o expedise.

A dita notificación efectuarase de conformidade co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para tal efecto, será válida a notificación practicada por vía telemática se o interesado o manifestase así ó tempo da presentación do título e queda constancia fidedigna.

Igualmente, deberá notificarse a cualificación negativa de cláusulas concretas cando se practicara a inscrición parcial en virtude da solicitude do interesado. Do mesmo modo deberá notificarse a negativa a practicala inscrición de títulos non cualificados en prazo.

Para tal fin, entenderase que é domicilio hábil para efecto de notificacións o designado polo presentante ó tempo da presentación, salvo que no título se consignase outro para tal efecto. Respecto do notario autorizante ou da autoridade xudicial ou funcionario que o expediu, a notificación practicarase no seu despacho, sede ou dependencia administrativa.

Artigo 323.

Se a cualificación fose negativa ou o rexistrador denegase a práctica da inscrición dos títulos non cualificados en prazo, entenderase prorrogado automaticamente o asento de presentación por un prazo de sesenta días contados desde a data da última notificación a que se refire o artigo anterior. Desta data deixarase constancia por nota á marxe do asento de presentación.

Vixente o asento de presentación, o interesado ou o notario autorizante do título e, se é o caso, a autoridade xudicial ou o funcionario que o expedise, poderán solicitar dentro do prazo de sesenta días a que se refire o parágrafo anterior que se practique a anotación preventiva prevista no artigo 42.9 da Lei hipotecaria.

Artigo 324.

Contra a cualificación negativa do rexistrador poderase interpor recurso ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado na forma e segundo os trámites previstos nos artigos seguintes.

Cando o coñecemento do recurso estea atribuído polos estatutos de autonomía ós órganos xurisdiccionais radicados na comunidade autónoma en que estea demarcado o Rexistro da Propiedade, o recurso interporase ante o órgano xurisdiccional competente. Se se interpuxese ante a mencionada Dirección Xeral, esta remitirallo ó devandito órgano.

Artigo 325.

Estarán lexitimados para interpoñer este recurso:

a) A persoa, natural ou xurídica, a favor da cal se debese practicala inscrición, quen teña interese coñecido en asegura-los efectos desta, como transferente ou por outro concepto, e quen presente notoriamente ou acredite en forma auténtica a representación legal ou voluntaria duns e outros para tal obxecto; o defecto ou falta de acreditación da representación poderase emendar no prazo que deberá concederse para iso, non superior a dez días, salvo que as circunstancias do caso así o requiran;

b) O notario autorizante ou aquel na substitución do cal se autorice o título, en todo caso;

c) A autoridade xudicial ou funcionario competente de quen proveña a executoria, mandamento ou o título presentado;

d) O Ministerio Fiscal, cando a cualificación se refira a documentos expedidos polas autoridades xudiciais no seo dos procesos civís ou penais nos que deba ser parte de acordo coas leis, todo iso sen prexuízo da lexitimación de quen presente a condición de interesado conforme o disposto neste número.

A emenda dos defectos indicados polo rexistrador na cualificación non lle impedirá a calquera dos lexitimados, incluído o que emendou, a interposición do recurso.

Artigo 326.

O recurso deberá recaer exclusivamente sobre as cuestións que se relacionen directa e inmediatamente coa cualificación do rexistrador, rexeitándose calquera outra pretensión baseada noutros motivos ou en documentos non presentados en tempo e forma.

O prazo para a interposición será dun mes e computarase desde a data da notificación da cualificación.

O escrito do recurso deberá expresar, ó menos:

a) O órgano ó que se dirixe o recurso.

b) O nome e apelidos do recorrente e, se é o caso, cargo e destino deste.

c) A cualificación que se recorre, con expresión do documento obxecto desta e dos feitos e fundamentos de dereito.

d) Lugar, data e sinatura do recorrente e, se é o caso, identificación do medio e do lugar que se sinale para efectos de notificacións.

e) No suposto de presentación nos termos previstos no artigo 327 parágrafo terceiro desta lei, deberá constar-lo domicilio do rexistro do que se recorre a cualificación do rexistrador, para os efectos de que sexa inmediatamente remitido polo órgano que o recibise ó devandito rexistrador.

O cómputo dos prazos ós que se refire este capítulo farase de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 327.

O recurso presentarase no rexistro que cualificou para a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, debéndose acompañar a aquel o título obxecto da cualificación, en orixinal ou por testemuño, e unha copia da cualificación efectuada.

Ó recibi-lo recurso, o titular do rexistro que cualificou deberá expedir recibo acreditativo con expresión da data de presentación deste ou, se é o caso, sela-la copia que lle presente o recorrente, con idéntico contido.

Así mesmo, poderá presentarse nos rexistros e oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou en calquera Rexistro da Propiedade para que sexa inmediatamente remitido ó rexistrador, contra a cualificación ou negativa a practicala inscrición do cal se recorre. Ó recibirse o recurso neste último, deberá procederse de conformidade co disposto no parágrafo anterior.

Para efectos da prórroga do asento de presentación entenderase como data de interposición do recurso a da súa entrada no Rexistro da Propiedade contra a cualificación ou negativa a practicala inscrición do cal se recorre.

Se non recorre o notario autorizante, autoridade xudicial ou funcionario que expediu o título, o rexistrador, no prazo de cinco días, deberá trasladar a estes o recurso para que, nos cinco días seguintes contados desde a súa recepción, realicen as alegacións que consideren oportunas.

O rexistrador que realizou a cualificación poderá, á vista do recurso e, se é o caso, das alegacións presentadas, rectifica-la cualificación nos cinco días seguintes a que tivesen entrada no rexistro os citados escritos, accedendo á súa inscrición en todo ou en parte, nos termos solicitados, debendo comunica-la súa decisión ó recorrente e, se é o caso, ó notario, autoridade xudicial ou funcionario nos dez días seguintes contados desde que realizara a inscrición.

Se mantivera a cualificación formará expediente que conteña o título cualificado, a cualificación efectuada, o recurso, o seu informe e, se é o caso, as alegacións do notario, autoridade xudicial ou funcionario non recorrente, remitíndollo, baixo a súa responsabilidade, á Dirección Xeral no inescusable prazo de cinco días contados desde o seguinte a aquel en que conclúese o prazo indicado no número anterior.

A falta de emisión en prazo dos informes previstos neste precepto non impedirá a continuación do procedemento ata a súa resolución, sen prexuízo da responsabilidade a que iso puidese dar lugar.

A Dirección Xeral deberá resolver e notifica-lo recurso interposto no prazo de tres meses, computados desde que o recurso tivo a súa entrada no Rexistro da Propiedade contra a cualificación do cal se recorre. Transcorrido este prazo sen que recaía resolución entenderase desestimado o recurso e quedará expedita a vía xurisdiccional, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria a que iso dese lugar.

Publicada no «Boletín Oficial del Estado» a resolución expresa pola que se estime o recurso, terá carácter vinculante para tódolos rexistros mentres non sexa anulada polos tribunais. A anulación daquela, unha vez firme, será publicada do mesmo modo.

Estimado o recurso, o rexistrador practicará a inscrición nos termos que resulten da resolución.

Se se inscribisen os documentos cualificados en virtude de emenda dos defectos expresados na cualificación, a rectificación do asento precisará o consentimento do titular do dereito inscrito e producirá os seus efectos sen prexuízo do establecido no artigo 34 da Lei hipotecaria.

Artigo 328.

Contra as resolucións expresas e presuntas da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia do recurso contra a cualificación dos rexistradores poderase recorrer ante os órganos da orde xurisdiccional civil, sendo de aplicación as normas do xuízo verbal.

A demanda deberá interporse no prazo de dous meses desde a notificación da resolución practicada ó

interesado ou, tratándose de recursos desestimados por silencio administrativo, no prazo dun ano desde a data de interposición do recurso gubernativo, ante os xulgados da capital da provincia á que pertenza o lugar en que estea situado o inmovible e, se é o caso, os de Ceuta ou Melilla.

Están lexitimados para a interposición desta os que o estivesen para recorrer ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Para este fin, recibido o expediente, o Tribunal, á vista de cantos aparezan como interesados nel, serán emprazados para que poidan comparecer en forma nos autos no prazo de nove días.

A Administración do Estado estará representada e defendida polo avogado do Estado. Non obstante, cando se trate da inscrición de dereitos nos que a Administración presente un interese directo, a demanda deberá dirixirse contra o Ministerio Fiscal.

O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo do dereito que asiste os interesados a contender entre si acerca da eficacia ou ineficacia do acto ou negocio contido no título cualificado ou a deste mesmo. O procedemento xudicial en ningún caso paralizará a resolución definitiva do recurso. Quen propuxera a demanda para que se declare a validez do título poderá pedir anotación preventiva daquela, e a que se practique retrotraeráse á data do asento de presentación; despois do devandito termo non surtirá efecto a anotación preventiva da demanda senón desde a súa data.

Artigo 329.

Sen prexuízo das sancións que puidesen ser aplicables, contra a denegación do rexistrador a estender asento de presentación, a cualificar, a expedir nota e a súa motivación, a notificar ou a eleva-lo expediente nos prazos e forma establecidos nos artigos precedentes, poderase interpor ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado recurso de queixa no prazo dun mes, que se substanciará polo procedemento previsto na lexislación hipotecaria.

A resolución recaída poderá ser obxecto de impugnación en vía xurisdiccional de acordo co disposto para a revisión xurisdiccional da resolución do recurso gubernativo.»

SECCIÓN 6.^a CONSULTAS VINCULANTES Á DIRECCIÓN XERAL DOS REXISTROS E DO NOTARIADO

Artigo 103. *Consultas vinculantes.*

1. O Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís poderán elevar consulta á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado respecto daqueles actos ou negocios susceptibles de inscrición en calquera dos rexistros ó seu cargo.

2. As consultas evacuadas de conformidade co disposto neste artigo serán vinculantes para tódolos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, que deberán axustala interpretación e aplicación que fagan do ordenamento ó contido destas.

3. Regulamentariamente establecerase o procedemento mediante o cal se articularán as mencionadas consultas.

SECCIÓN 7.^a REXISTRADOR COMPETENTE PARA CUALIFICARLOS TÍTULOS INSCRIBIBLES

Artigo 104. *Adición de cinco novos números 4, 5, 6, 7 e 8 ó artigo 18 do Código de comercio aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885.*

Engándeselle os números 4, 5, 6, 7 e 8 ó artigo 18 do Código de comercio, coa seguinte redacción:

«4. O prazo máximo para cualificar será de quince días contados desde a data do asento de presentación ou, se fose retirado antes da inscrición, tivese defectos emendables ou existise pendente de despacho un título presentado con anterioridade, desde a data da devolución do título, a emenda ou o despacho do título previo, respectivamente.

5. Se a cualificación dos títulos a que se refire o número anterior non fose realizada no prazo sinalado, o interesado poderá instar do rexistrador ante quen se presentou o título que a leve a cabo no termo improrrogable de tres días ou ben instala dita cualificación do rexistrador incluído no cadro de substitucións aprobado pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

6. A cualificación realizada fóra de prazo polo rexistrador titular producirá unha redución de aranceis dun trinta por cento, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.

7. Se o rexistrador, con cumprimento das súas obrigas e dentro do prazo establecido, cualifica negativamente, total ou parcialmente, o interesado poderá recorrer ante a Dirección dos Rexistros e do Notariado ou ben instala aplicación do cadro de substitucións aprobado pola Dirección Xeral dos Rexistros e o Notariado, quen asumirá a dita cualificación baixo a súa responsabilidade.

8. Aplicarase o disposto na Lei hipotecaria no relativo á aplicación do cadro de substitucións e a cualificación polo rexistrador incluído nel.»

Artigo 105. *Modificación do texto refundido da Lei hipotecaria aprobada por Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

Introdúcese un novo artigo 275 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 275 bis.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado designará, na forma que regulamentariamente se determine, un cadro de substitucións en virtude do cal un ou varios rexistradores que sirvan nun Rexistro da Propiedade poidan cualificar e despachar documentos correspondentes a outros rexistros.

O dito cadro poderá incluír rexistradores da mesma provincia ou de provincias limítrofes sen que en ningún caso poidan ter estas substitucións carácter recíproco.»

SECCIÓN 8.^a INCORPORACIÓN DE TÉCNICAS ELECTRÓNICAS, INFORMÁTICAS E TELEMÁTICAS Á SEGURIDADE XURÍDICA PREVENTIVA

Artigo 106. *Obxecto desta sección.*

Esta sección ten por obxecto regula-la atribución e uso da sinatura electrónica por parte de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, no exercicio das súas funcións públicas.

Artigo 107. *Implantación obrigatoria de sistemas telemáticos.*

1. Os notarios e os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles disporán obrigatoriedade de sistemas telemáticos para a emisión, transmisión, comunicación e recepción de información.

2. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, en desenvolvemento do previsto nesta sección, determinará, mediante as instrucións oportunas, as carac-

terísticas que teñan que reuni-los indicados sistemas, con tecnoloxías periodicamente actualizadas, de conformidade coa lexislación notarial e hipotecaria, respectivamente, garantindo a ruptura do nexo de comunicación, de forma que se impida o telebaleirado e a manipulación do núcleo central dos seus respectivos sistemas de almacenamento da información.

Artigo 108. *Adecuación ós principios rectores da sinatura electrónica.*

A prestación de servicios de certificación farase de conformidade co disposto no Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, para efectos de expedir certificados electrónicos mediante os que se vinculen uns datos de verificación de sinatura á identidade, calidade profesional, situación administrativa dos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles en activo así como a praza de destino asignada. Regulamentariamente desenvolveranse os requisitos a que haxan de someterse os dispositivos técnicos de creación e verificación de sinatura electrónica, a forma en que deban ser xerados e entregados ós seus titulares, as mencións que deban conte-los certificados, o procedemento e publicidade da súa vixencia, suspensión ou revogación, no marco do citado real decreto lei e do principio de libre acceso á actividade de prestación de servicios de certificación.

Artigo 109. *Réxime especial da sinatura electrónica de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.*

1. Para os efectos indicados, a sinatura electrónica para notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, que deberá te-lo carácter de avanzada, deberá cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Estar amparada por un certificado recoñecido emitido por un prestador de servicios de certificación acreditado, de conformidade co disposto no Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, e nesta disposición;

b) Vincular uns datos de verificación de sinatura á identidade do titular, a súa condición de notario ou rexistrador da propiedade, mercantil ou de bens mobles en servicio activo e a praza de destino;

c) Expresar que o uso da sinatura electrónica se atopa limitado exclusivamente á subscripción de documentos públicos ou oficiais propios do oficio do signatario;

d) Corresponderse cun dispositivo seguro de creación de sinatura axustado ó disposto no artigo anterior e xerado conforme este.

2. Os notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles deberán obter, no momento da toma de posesión dunha praza, unha sinatura electrónica avanzada, baseada nun certificado recoñecido, cun dispositivo seguro de creación de sinatura, de conformidade co previsto neste artigo. De igual maneira deberá procederse cando se produza a revogación ou expiración do período de validez do certificado precedente.

3. Para tal fin, deberá procederse nese momento á xeración dos datos de verificación de sinatura, con intervención persoal do signatario, en presenza da autoridade corporativa competente e auxiliado polos mecanismos técnicos correspondentes. Os prestadores de servicios de certificación en ningún caso poderán almacenar nin copia-los datos de creación de sinatura.

4. Os prestadores de servicios de certificación non poderán emiti-los certificados que amparan as sinaturas

electrónicas profesionais de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís ou de bens mobles en tanto non recibisen notificación electrónica, asinada polo titular do órgano corporativo competente, expresiva dos datos de verificación de sinatura do signatario e acreditativa da condición de notario ou rexistrador da propiedade, mercantil ou de bens mobles, da situación de servicio activo deste, da súa praza de destino, e de cumprírense os requisitos de asunción da sinatura electrónica que regulamentariamente se establezan.

5. Os notarios e os rexistradores da propiedade, mercantís ou de bens mobles estarán obrigados a custodiar persoalmente, adoptando as medidas de seguridade adecuadas, os datos de creación de sinatura electrónica que lles corresponda, non poderán cede-lo seu uso a ningunha outra persoa en ningún suposto, e deberán denunciar inmediatamente ó colexio respectivo a súa perda, extravío ou deterioración, así como calquera situación ou acaecemento que poida poñer en perigo o segredo ou a unicidade do mecanismo, para que o comuniquen ó prestador de servicios de certificación que expedise o certificado ou a quen lle fose transferido, para que proceda inmediatamente á súa suspensión ou revogación.

6. En todo caso, e sen prexuízo do disposto no artigo 9 do Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, os prestadores de servicios de certificación deberán proceder á inmediata revogación dos seus certificados por instancia da autoridade corporativa competente, que así deberá ordenalo a solicitude do propio signatario conforme o disposto no parágrafo anterior, e cando se produza o seu cesamento na praza de destino. Nos supostos da interrupción temporal das funcións do signatario previstos na lexislación notarial ou hipotecaria, ou por requirimento deste, procederase á suspensión do correspondente certificado.

Artigo 110. *Utilización da sinatura electrónica no ámbito dos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís ou de bens mobles.*

1. Mediante o uso da sinatura electrónica regulada nesta disposición poderán remitirse documentos públicos notariais, comunicacións, partes, declaracións e auto-liquidacións tributarias, solicitudes ou certificacións por vía electrónica por parte dun notario ou rexistrador da propiedade, mercantil ou de bens mobles dirixidas a outro notario ou rexistrador, ás administracións públicas ou a calquera órgano xurisdiccional, sempre no ámbito da súa respectiva competencia e por razón do seu oficio.

2. Polo mesmo medio seguro poderán remitirse copias simples electrónicas ás entidades e persoas interesadas cando a súa identidade e interese lexítimo lle consten ó notario; da mesma forma poderán ser remitidos polos rexistradores da propiedade e mercantís notas simples informativas. O receptor poderá, polo mesmo medio, enviarlle ó remitente xustificante de recepción e, se é o caso, deixar constancia do cumprimento das obrigas administrativas ou tributarias.

3. A sinatura electrónica avanzada tamén poderá ser empregada por notarios e rexistradores para o envío de documentos e informacións ós particulares co valor, efectos e requisitos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 111. *Formalización de negocios xurídicos a distancia.*

Por conducto electrónico poderán dous ou máis notarios remitirse, baixo a súa respectiva sinatura electrónica avanzada, o contido dos documentos públicos autorizados por cada un deles que incorporen as declaracións

de vontade dirixidas a conformar un único negocio xurídico. Regulamentariamente determinarase as condicións e o procedemento para a integración das distintas declaracións de vontade no negocio unitario, así como a plasmación deste nun único documento público.

Artigo 112. *Presentación de títulos por vía telemática nos rexistros da propiedade, mercantís ou de bens mobles.*

1. Salvo indicación en contrario dos interesados, os documentos susceptibles de cualificación e inscrición nos rexistros da propiedade, mercantís ou de bens mobles poderán ser presentados nestes por vía telemática e con sinatura electrónica avanzada do notario autorizante ou responsable do protocolo, sempre que cumpran os requisitos expresados nesta norma, deixando constancia diso na matriz ou, se é o caso, no libro indicador.

2. En tales casos o rexistrador da propiedade, mercantil ou de bens mobles comunicarlle ó notario autorizante, ou ó seu sucesor no protocolo, por vía telemática e con sinatura electrónica avanzada deste, tanto a práctica do asento de presentación, como, se é o caso, a denegación deste, a nota de cualificación e a realización da inscrición, anotación preventiva, cancelación ou nota marxinal que corresponda, de acordo cos principios da lexislación rexistral.

3. Practicado o asento rexistral, o notario deixará constancia da recepción da comunicación e do contido desta en forma de testemuño, baixo a súa fe, na matriz e na copia que desta expida.

4. Os asentos de presentación realizados por esta vía serán practicados pola orde que corresponda á súa hora de recepción. Regulamentariamente estableceranse os criterios e o procedemento para que os asentos de presentación que traian causa de títulos presentados por vía telemática, dentro ou fóra das horas de oficina, se practiquen de modo correlativo á hora da súa recepción tendo en conta pola súa vez a hora de presentación dos demais títulos que teñan acceso ó rexistro, tanto os presentados en papel como os presentados por vía telemática.

Artigo 113. *Testemuños, certificacións e almacenamento de notificacións electrónicas.*

1. Os notarios poderán testemuñar en soporte papel, baixo a súa fe, as comunicacións ou notificacións electrónicas recibidas ou efectuadas, conforme a lexislación notarial. Así mesmo os rexistradores da propiedade, mercantís ou de bens mobles poderán expedir certificacións das comunicacións electrónicas que pola súa vez remitan ou reciban, conforme a lexislación hipotecaria.

2. Regulamentariamente determinarase o procedemento para almacenar en soporte informático adecuado as comunicacións electrónicas, debidamente asinadas, efectuadas ou recibidas doutros notarios, doutros rexistradores da propiedade e mercantís e doutros órganos da administración estatal, autonómica, local ou xudicial.

3. Os notarios e rexistradores tamén deberán proceder, coa periodicidade que se indique, a trasladar-las ditas comunicacións ou notificacións do soporte en que estiveran almacenadas, copiándoas de novo noutro tecnoloxicamente adecuado que garanta, en cada momento, a súa conservación e lectura.

Artigo 114. *Constatación fidedigna de feitos relacionados con soportes informáticos.*

1. Polo procedemento que regulamentariamente se dispoña, cando un notario sexa requirido para deixar

constancia de calquera feito relacionado cun arquivo informático, non será necesaria a transcripción do seu contido no documento en soporte papel, bastando con que neste se indique o nome do arquivo e unha función alfanumérica que o identifique de maneira inequívoca, obtida deste de acordo coas normas técnicas dictadas para o efecto polo ministro de Xustiza. O arquivo informático así referenciado deberá quedar almacenado na forma prevista no artigo 79 bis dezaioito. As copias que se expidan do documento confeccionado poderán reproducir unicamente a parte escrita da matriz, achegando unha copia en soporte informático adecuado do arquivo relacionado, amparada pola sinatura electrónica avanzada do notario.

2. Así mesmo, por solicitude dos interesados, os notarios poderán almacenar en arquivo informático as comunicacións electrónicas recibidas, así como as que, por requirimento daqueles, envíen a terceiros. En todo caso, o notario actuante deixará constancia en acta de tales feitos, consignando a data e hora en que sucedesen e expresando con claridade os extremos que quedan amparados baixo a súa fe. Para estes exclusivos efectos, poderán os notarios admitir como requirimento de parte a instancia subscripta con sinatura electrónica avanzada atribuída ó requirente por un prestador de servicios de certificación acreditado mediante un certificado recoñecido.

Artigo 115. *Modificación da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.*

1. Engádeselle un novo artigo 17 bis á Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, co seguinte contido:

«Artigo 17 bis.

1. Os instrumentos públicos a que se refire o artigo 17 desta lei non perderán o devandito carácter polo só feito de estaren redactados en soporte electrónico coa sinatura electrónica avanzada do notario e, se é o caso, dos outorgantes ou intervinientes, obtida a daquel de conformidade coa Lei reguladora do uso de sinatura electrónica por parte de notarios e demais normas complementarias.

2. Regulamentariamente regularanse os requisitos indispensables para a autorización ou intervención e conservación do instrumento público electrónico no non previsto neste artigo.

En todo caso, a autorización ou intervención notarial do documento público electrónico ha de estar suxeita ás mesmas garantías e requisitos que a de todo documento público notarial e producirá os mesmos efectos. En consecuencia:

a) Con independencia do soporte electrónico, informático ou dixital en que se conteña o documento público notarial, o notario deberá dar fe da identidade dos outorgantes, de que ó seu xuízo teñen capacidade e lexitimación, de que o consentimento foi libremente prestado e de que o outorgamento se adecua á legalidade e á vontade debidamente informada dos outorgantes ou intervinientes.

b) Os documentos públicos autorizados por notario en soporte electrónico, ó igual que os autorizados sobre papel, gozan de fe pública e o seu contido presúmese veraz e íntegro de acordo co disposto nesta ou outras leis.

3. As copias autorizadas das matrices poderán expedirse e remitirse electronicamente, con sinatura electrónica avanzada, polo notario autorizante da matriz ou por quen o substitúa legalmente. As

ditas copias só poderán expedirse para a súa remisión a outro notario ou a un rexistrador ou a calquera órgano das administracións públicas ou xurisdiccional, sempre no ámbito da súa respectiva competencia e por razón do seu oficio. As copias simples electrónicas poderán remitirse a calquera interesado cando a súa identidade e interese lexítimo lle consten fidedignamente ó notario.

4. Se as copias autorizadas, expedidas electronicamente, se trasladan a papel, para que conserven a autenticidade e garantía notarial, o devandito traslado deberá facelo o notario ó que se lle remitisen.

5. As copias electrónicas entenderanse sempre expedidas polo notario autorizante do documento matriz e non perderán o seu carácter, valor e efectos polo feito de que o seu traslado a papel o realice o notario ó que se lle enviase, o cal signará, asinará e rubricará o documento facendo constalo o seu carácter e procedencia.

6. Tamén poderán os rexistradores da propiedade e mercantís, así como os órganos das administracións públicas e xurisdiccionais, trasladar a soporte papel as copias autorizadas electrónicas que recibisen, para os únicos e exclusivos efectos de incorporalas ós expedientes ou arquivos que correspondan por razón do seu oficio no ámbito da súa respectiva competencia.

7. As copias electrónicas só serán válidas para a concreta finalidade para a que foron solicitadas, o que deberá facerse constar expresamente en cada copia indicando a dita finalidade.

8. No non previsto nesta norma, a expedición de copia electrónica queda suxeita ó previsto para as copias autorizadas na Lei notarial e no seu regulamento.»

2. Engádeselle unha nova disposición transitoria décimo primeira á Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, co seguinte contido:

«Disposición transitoria décimo primeira.

Ata que os avances tecnolóxicos fagan posible que a matriz ou orixinal do documento notarial se autorice ou interveña e se conserve en soporte electrónico, a regulación do documento público electrónico contida neste artigo entenderase aplicable exclusivamente ás copias das matrices de escrituras e actas así como, se é o caso, á reprodución das pólizas intervidas.»

CAPÍTULO XII

Acción administrativa en materia de agricultura

Artigo 116. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestructuras hidráulicas con destino a rega.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

a) Obras de modernización e consolidación de regadíos:

Andalucía:

Obras de actualización, racionalización e mellora da rede de rega e instalacións anexas da zona regable de El Saltador, en Huércal-Overa (Almería), 2.^a fase.

Obras incluídas no Plan Litoral, con infraestructuras de depuración executadas, correspondentes ás zonas seguintes: Roquetas, Vícar, La Mojonera, El Ejido, Campo de Níjar e Comarca de Almanzora, na provincia de Almería; Llanos de Bonanza (Sanlúcar de Barrameda), Ampliación

de La Algaida (Sanlúcar de Barrameda), Ampliación Costa Noroeste (Sanlúcar, Rota, Chipiona) e Conil-Chiclana-Puerto Real, na provincia de Cádiz; La Herradura (Almuñécar), Almuñécar, Salobreña, Carchuna (Motril) e Castell de Ferro (Gualchos), na provincia de Granada; Rincón de La Victoria, Vélez Málaga, Algarrobo, Torrox, Nerja, Málaga (Guadalhorce e Peñón del Cuervo), Frigiliana, Canillas de Aceituno, Competa, Periana, Sayalonga, Sedella e Torrox-Costa, na provincia de Málaga.

Obras de mellora dos regadíos da zona regable do Guadalhorce (Málaga).

Aragón:

Modernización dos regadíos del Alto Jalón, para a Comunidade Xeral de Regantes do Alto Jalón (Zaragoza).

Mellora do regadío na Comunidade de Regantes Collarada en Montesús (Huesca).

Mellora do regadío dos sectores XVII, XVIII e XIX do Cinca, da Comunidade de Regantes San Pedro, Castellflorite (Huesca).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes Grañén-Flumen, de Grañén (Huesca).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes de Albelda (Huesca).

Mellora da infraestructura hidráulica para a Comunidade de Regantes Santa Cruz, en Alcolea de Cinca (Huesca).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes Sector XI do Canal del Flumen, Sariñena (Huesca).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes Laseña, Sariñena (Huesca).

Modernización regadío da Comunidade de Regantes Miguel Servet, Villanueva de Sigena (Huesca).

Cataluña:

Mellora e modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes do Canal de Piñana (Lleida), 1.^a fase de investimento.

Mellora e modernización de regadíos, regulación e revestimento dos canals da Comunidade Xeral do Canal de Urgel (Lleida), 1.^a fase de investimento.

Modernización e mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes da marxe dereita do Ebro (Tarragona).

Mellora de regadío para a Comunidade Xeral de Regantes de Valls (Tarragona).

Mellora de regadíos da Comunidade de Regantes do Baix Francolí (Tarragona).

Mellora do regadío da Comunidade de Regantes do encoro de Guinamets (Tarragona).

Mellora do regadío da Comunidade de Regantes de Santa María de Palautordera (Barcelona).

Mellora e modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes marxe esquerda do río Muga, Alto Ampurdán (Girona).

Mellora desaugamento superficial para a Comunidade Xeral de Regantes do Canal da dereita do Ebro, na zona de Roquetes (Tarragona).

Modernización do regadío da Parroquia, da Comunidade de Regantes do Reg dels 4 Pobles (Lleida).

Castilla e León:

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes «La Primera» (Palencia).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes da cabeceira do río Rianza (Burgos-Segovia).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes de San Agustín. Tordomar (Burgos).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes do Polígono de La Nava-Serrón Becerril, na zona regable do Canal de Castilla-Ramal Campos-Polígono de La Nava (Palencia).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes da reina Victoria Eugenia ou de Guma, Aranda de Duero (Burgos).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes Vega de El Ausín (Burgos).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes Vega de Villallano. Aguilar de Campoo (Palencia).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes Canal de Geria (Valladolid).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes de Villagonzalo (Salamanca).

Mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes Santiago Apóstol. Candeleda (Ávila).

Castilla-La Mancha:

Mellora e modernización de regadíos da zona de Bolarque-Almonacid de Zorita da Comunidade de Regantes de Almonacid de Zorita (Guadalajara).

Mellora e modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de Puebla de Valles (Guadalajara).

Mellora e modernización de regadíos do Alto Badiel, das comunidades de regantes de Ledanca e Argecilla (Guadalajara).

Mellora e modernización de regadíos do río Cañamares, das comunidades de regantes de Pinilla de Jadraque, Medranda, Castilblanco de Henares (Guadalajara).

Mellora e modernización de regadíos do encoro de Almoguera, marxe esquerda do Texo, da Comunidade de Regantes de Almoguera (Guadalajara).

Extremadura:

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Badajoz-Canal de Lobón.

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes Vegas Altas 1, na zona regable de Orellana (Badajoz).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Vegas Altas 2, na zona regable de Orellana (Badajoz).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Montijo-Canal de Montijo (Badajoz).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Talavera La Real, na zona regable de Lobón (Badajoz).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Badajoz-Canal de Montijo.

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Gadiana del Caudillo, na zona regable de Montijo (Badajoz).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes da marxe dereita do Alagón (Cáceres).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes da marxe esquerda do Alagón (Cáceres).

Mellora das redes de rega da Comunidade de Regantes da marxe esquerda do Alagón, sectores IX-XI (Cáceres).

Mellora das redes de rega da Comunidade de Regantes da marxe esquerda do Alagón, sector XIII (Cáceres).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes de Borbollón e Ribera de Gata (Cáceres).

Mellora das redes de rega e drenaxe da Comunidade de Regantes da marxe esquerda do Rosarito (Cáceres).

Galicia:

Mellora e consolidación dos regadíos de Terra Chá (Lugo).

Mellora e consolidación dos regadíos de Val de Lemos (Lugo).

Mellora e consolidación dos regadíos na Comarca da Limia (Ourense).

Madrid:

Modernización de regadíos da zona regable do Canal de Estremera (Madrid).

Murcia:

Mellora e modernización de regadíos do sector VIII, subsectores III, IV e V, Cazalla-Tamarchete e Marchena, da Comunidade de Regantes de Lorca (Murcia).

Mellora e modernización de regadíos da zona Cota-120, da Comunidade de Regantes de Campo de Cartagena (Murcia).

La Rioja:

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Canal da marxe dereita de El Najerilla.

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Canal da marxe esquerda de El Najerilla.

Modernización de regadíos de El Oja-Tirón das Comunidades de Regantes de La Loma e encoro de Leiva.

Modernización de regadíos de El Alhama, das Comunidades de Regantes de Cabretón e Río Alhama.

Modernización de regadíos de El Cidacos, da Comunidade de Regantes da Acequia de Mabab.

Mellora de regadíos de El Linares, das Comunidades de Regantes de Cornago, Igea e Rincón de Olivedo.

Mellora dos regadíos de Cenicero, da Comunidade de Regantes marxe dereita río Najerilla.

Valencia:

Modernización de regadíos da Comunidade Xeral de Regantes de Vall d'Uxo (Castellón).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de Real Acequia de Escalona (Valencia).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de Carcagente (Valencia).

Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de Sueca (Valencia).

b) Obras de transformación en rega:

Castilla y León:

Transformación en regadío da zona regable de La Armuña, 1.ª fase (Salamanca).

Castilla-La Mancha:

Actuacións inherentes á transformación en regadío no sector II da zona regable de La Sagra-Torrijos (Toledo).

2. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2002 modifícase o artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 73.

O pagamento das débedas tributarias poderá efectuarse mediante a entrega de bens que formen

parte do patrimonio histórico español, que estean inscritos no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural ou incluídos no Inventario Xeral, nos termos e condicións previstos regulamentariamente.

As ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión da entrega dos anteriores bens en concepto de pagamento de calquera dos impostos citados, estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre sociedades.»

Disposición adicional segunda. Acceso ós datos catastrais.

Un. Todos poderán acceder á información dos inmobles da súa titularidade e á información de datos non protexidos contidos no Catastro.

Teñen a consideración de datos protexidos o nome, apelidos, razón social, código de identificación e domicilio de quen figure inscrito no Catastro como titulares ou suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles, así como o valor catastral e os valores do solo e, se é o caso, da construción, dos bens inmobles individualizados.

Dous. Poderán acceder á información catastral protexida, sen necesidade de consentemento do afectado:

a) Os órganos da Administración xeral do Estado e das demais administracións públicas territoriais, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, coas limitacións derivadas dos principios de competencia, idoneidade e proporcionalidade.

b) As comisións parlamentarias de investigación, o Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas, así como as institucións autonómicas con funcións análogas.

c) Os xuíces e tribunais e o Ministerio Fiscal.

d) Os organismos, corporacións e entidades públicas, para o exercicio das súas funcións públicas, a través da Administración de quen dependan e sempre que concorran as condicións esixidas na alínea a).

Tres. Fóra dos casos anteriores, o acceso ós datos catastrais protexidos só poderá realizarse mediante o consentemento expreso, específico e por escrito do afectado, ou cando unha lei exclúa o devandito consentemento ou a información sexa solicitada nalgún dos supostos de interese lexítimo e directo seguintes:

a) Para a execución de proxectos de investigación de carácter histórico, científico ou cultural auspiciados por universidades ou centros de investigación, sempre que se cualifiquen como relevantes polo Ministerio de Facenda.

b) Para o cumprimento e execución do establecido na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre a referencia catastral, con excepción do valor catastral de cada un dos inmobles, polos notarios e rexistradores da propiedade.

c) Para a identificación das parcelas lindantes, con excepción do valor catastral de cada un dos inmobles, por quen figure no catastro como titulares ou suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles.

d) Polos titulares ou cotitulares de dereitos de transcendencia real ou de arrendamento ou aparcería que recaian sobre os bens inmobles inscritos no catastro, respecto ós ditos inmobles.

e) Polos herdeiros e sucesores respecto dos bens inmobles do causante ou transmitente que figure inscrito no catastro.

Disposición adicional terceira. Renovacións do catastro rústico.

Para os efectos previstos no artigo 30 desta lei, considerárase xa renovado o catastro dos bens inmobles de natureza rústica dos municipios nos que a rectificación das características catastrais se realizase sobre ortofotomapa e dispoñan, á entrada en vigor desta lei, de cartografía dixitalizada. Para tal efecto, o Ministerio de Facenda, no prazo de seis meses, publicará no «Boletín Oficial del Estado» a relación dos municipios afectados.

Disposición adicional cuarta. Programa de Fomento do Emprego.

Un. Prorrógase durante 2002 o Programa de Fomento do Emprego regulado no capítulo II da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

Dous. Non obstante o anterior, introdúcense as seguintes modificacións ó sinalado texto legal:

1. O número 1.2 do artigo cuarto queda redactado da seguinte forma:

«1.2 Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social para traballadores autónomos, dados de alta nel alomenos desde o 1 de xaneiro de 2001, que non tivesen asalariados ó seu cargo para o desempeño da súa actividade profesional nos doce meses anteriores á contratación e contraten indefinidamente o seu primeiro traballador, incluída a contratación de traballadores fixos discontinuos, cando este pertenza a algún dos colectivos definidos no número anterior».

2. O número 2 do artigo cuarto queda redactado nos seguintes termos: «Iguualmente se incentivará, nos termos previstos nesta norma, a transformación en indefinidos, incluída a modalidade de fixo discontinuo, dos contratos de duración determinada ou temporais que tivesen lugar con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002. Ademais, incentivarase a transformación en indefinidos dos contratos formativos, de relevo, e de substitución por anticipación da idade de xubilación, calquera que sexa a data da súa celebración».

3. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo sexto queda redactado nos seguintes termos: «Os contratos indefinidos iniciais, incluídos os fixos discontinuos, a tempo completo ou parcial, que tivesen lugar durante o ano 2002, darán dereito, a partir da data da contratación, ás seguintes bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns».

4. O número 5 do artigo sexto queda redactado nos seguintes termos: as transformacións en indefinidos, incluídas as que se acorde á modalidade de fixo discontinuo, que se realicen ata o 31 de decembro de 2002 dos contratos de duración determinada ou temporais que tivesen lugar a tempo completo ou parcial con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002, así como a dos contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación concertados, de acordo ó disposto na súa normativa reguladora, a tempo completo ou parcial, calquera que sexa a data da súa celebración, darán lugar a unha bonificación do 25 por 100 durante o período dos vintecatro meses seguintes ó inicio da vixencia do novo contrato.

Darán dereito á mesma bonificación as transformacións de contratos de prácticas e de relevo que tivesen lugar inicialmente a tempo parcial, en indefinidos a tempo parcial. Neste suposto a xornada do novo contrato indefinido será como mínimo igual á do contrato en prácticas ou de relevo que se transforma.

5. Engádeselle un novo artigo décimo primeiro bis, titulado «Mantemento de bonificacións», coa seguinte redacción:

«Poderanse mante-las bonificacións das cotas da Seguridade Social que viñesen desfrutando pola contratación indefinida dun traballador cando este extinguiuse voluntariamente un contrato, acollido a medidas previstas nos programas anuais de fomento do emprego de aplicación a partir do 17 de maio de 1997, e sexa contratado sen solución de continuidade mediante un novo contrato indefinido, a tempo completo ou parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo, por outra empresa ou entidade, dentro do mesmo grupo de empresas.

Nese caso, ó novo contrato seranlle de aplicación as bonificacións das cotas da Seguridade Social que respecto do traballador viñese desfrutando o anterior empregador, na mesma contía e polo tempo que falte para completa-lo período total previsto no momento da súa contratación indefinida inicial.

Se o primeiro empregador percíbise algunha outra axuda de fomento do emprego pola mesma contratación, non estará obrigado á súa devolución, nin se terá dereito a unha nova axuda se é o caso polo novo contrato.»

Tres. A disposición adicional terceira queda redactada da seguinte forma:

«A partir do 1 de xaneiro de 2002 será de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación co artigo 44 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no relativo ó fomento do emprego temporal dos traballadores minusválidos.»

Disposición adicional quinta. *Fomento do emprego de discapacitados.*

As subvencións e bonificacións previstas no capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos, non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

b) Contratacións que afecten ó cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou de quen presente cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

c) Contratacións realizadas con traballadores que, nos vinte e catro meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que a solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 da Lei do estatuto dos traballadores.

d) Traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato.»

Disposición adicional sexta. *Grao mínimo de minusvalía en relación coas medidas de fomento do emprego e as modalidades de contratación.*

O grao mínimo de minusvalía necesario para xera-lo dereito ós beneficios establecidos nas medidas de fomento do emprego en favor dos minusválidos, así como para que o minusválido poida ser contratado en prácticas ou para a formación con aplicación das peculiaridades previstas para este colectivo deberá ser igual ou superior ó 33 por 100, cunha diminución da súa capacidade de traballo ó menos igual ou superior á devandita porcentaxe.

Disposición adicional sétima. *Subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, Illes Balears, Ceuta e Melilla.*

Amplíase ó ano 2002 a autorización concedida ó Goberno para modifica-la contía das subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, Illes Balears, Ceuta e Melilla, contida no artigo 61 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A dita modificación nunca poderá supor unha diminución da axuda prestada ou unha deterioración na calidade do servizo, nin incremento dos créditos asignados a esta finalidade.

En todo caso, para as comunidades de Canarias e das Illes Balears haberá que aterse ó regulado no artigo 6 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, así como no artigo 5 da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, respectivamente.

Disposición adicional oitava. *Forum Universal das Culturas Barcelona 2004.*

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda incluíra nos seus programas de emisión de moedas conmemorativas, especiais ou de colección, a acuñación e comercialización de moedas referidas ó Forum Universal das Culturas Barcelona 2004. A acuñación e venda destas moedas será acordada por orde do ministro de Economía, de conformidade co establecido na Lei 42/1994, do 30 de decembro e demais disposicións aplicables.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, autorízase o citado organismo público para utilizar denominacións, signos distintivos e demais dereitos de propiedade intelectual e industrial relativos ó Forum Universal das Culturas Barcelona 2004.

Disposición adicional novena. *Subrogación da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) en determinadas obrigas.*

A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) subrogarase nas obrigas económicas da Administración xeral do Estado imputables ata o 25 de maio de 2001, como consecuencia do contrato que tivo lugar entre o Estado e «Minas de Almadén y Arrayanes, Sociedad Anónima» o 30 de outubro de 1990, modificado por Instrumento do 1 de xullo de 1995.

A cuantificación das obrigas que se deduzan do previsto no parágrafo anterior, será verificada pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Disposición adicional décima. *Cancelación de préstamos concedidos polo Estado a «Rumasa, Sociedad Anónima».*

Un. Os créditos de «Rumasa, Sociedad Anónima» contra o Estado derivados das operacións de reprivatización de empresas de titularidade pública, serán cancelados a partir do 1 de xaneiro de 2002.

tización e saneamento das sociedades as accións das cales foron expropiadas en virtude do disposto na Lei 7/1983, do 29 de xuño, así como o importe dos prezos xustos fixados para as accións de empresas do Grupo que eran propiedade de «Rumasa, Sociedad Anónima», quedan compensados, polo seu saldo o 31 de decembro de 2001, co importe dos préstamos pendentes de reembolso o 31 de decembro de 2001 concedidos á dita entidade en virtude do Real decreto lei 8/1984, do 28 de xuño, e do artigo 62 da Lei 37/1988, do 28 de decembro.

Dous. Queda cancelado o saldo en 31 de decembro de 2001 dos préstamos a que fai referencia o número anterior que non fose compensado.

Tres. Queda, así mesmo, cancelada, polo seu valor actual en 31 de decembro de 2001, a débeda de «Rumasa, Sociedad Anónima» co Estado derivada da transmisión en bloque dos activos e pasivos de «Fidecaya, Sociedad Anónima», que autorizou o Acordo de Consello de Ministros do 17 de marzo de 1982.

Catro. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará un control financeiro para verificarl-a contía dos saldos compensados ou cancelados a que se refiren os números precedentes deste artigo.

Cinco. Quedarán exentas do imposto sobre a renda de sociedades as plusvalías que, se é o caso, se poñan de manifesto como consecuencia da realización das operacións autorizadas neste artigo.

Seis. As operacións citadas nos números un, dous e tres anteriores reflectiranse na contabilidade da Administración xeral do Estado e de «Rumasa, Sociedad Anónima», do exercicio 2001.

Sete. Autorízanse os ministros de Facenda e de Economía para adoptar cantas disposicións sexan necesarias para executar as operacións previstas nesta disposición.

Disposición adicional décimo primeira. *Modificación do Real decreto lei 12/1995, do 29 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira.*

Dáselle unha nova redacción ó punto 6 «Operacións financeiras» da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, na redacción dada a este pola disposición adicional quinta da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda coa seguinte redacción:

«Autorízase o Instituto de Crédito Oficial para destinar parte do seu patrimonio a cancelarl-a débeda vencida contraída polo Estado co ICO como consecuencia de determinados créditos e avais concedidos polas antigas entidades oficiais de crédito e polo propio Instituto, con garantía do Estado cuantificada pola Intervención Xeral da Administración do Estado o 31 de decembro de 1998, en 267.306 millóns de pesetas.

Así mesmo, autorízase a cancelación con cargo ó seu patrimonio da débeda vencida desde o 1 de xaneiro de 1999 ata 31 de decembro de 2001.

Con carácter previo á realización das operacións de cancelación, o Instituto de Crédito Oficial cuantificará o importe que se vaia cancelar que será comunicado á Intervención Xeral da Administración do Estado para a súa verificación. A operación de cancelación realizarase de acordo cos resultados do correspondente control financeiro efectuado polo devandito centro directivo. O ICO deixará de lle liquidar xuros ó Estado polas débedas a que se refire esta disposición a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Con efectos do 31 de decembro de 2001, o ICO constituirá unha provisión por importe equivalente ós futuros vencementos dos principais das operacións non incluídas na cancelación. As ditas operacións perderán a garantía do Estado a partir do 31 de decembro de 2001.

O Instituto de Crédito Oficial destinará os resultados xerados polas anteriores operacións de cancelación de débeda, minorados no importe da provisión que se constituía, a incrementarl-o seu patrimonio.

As anteriores operacións de cancelación e todas as provisións vinculadas a estas realizaranse sen prexuízo do establecido na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Queda sen efecto a disposición adicional quinta da Lei 13/1996, do 30 de decembro.»

Disposición adicional décimo segunda. *Prohibición de exportación de determinado material de uso paramilitar ou de seguridade.*

Queda prohibida a exportación ou expedición de grilóns para pés e cadeas para cintura. Non obstante, poderá o Goberno establecer por real decreto as condicións ás que excepcionalmente habería de suxeitarse a autorización de exportación desta clase de dispositivos restrictores do movemento de seres humanos.

Disposición adicional décimo terceira. *Réxime de incompatibilidades das pensións indemnizatorias reguladas na norma primeira do número 5 do artigo 10 da Lei 74/1980, do 29 de decembro.*

Un. Para determinarl-a procedencia do aboamento da pensión indemnizatoria á que fai referencia a norma primeira do número 5 do artigo 10 da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981, ás persoas que ocupasen os cargos mencionados no citado artigo, na disposición adicional quinta da Lei 21/1986, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1987, na disposición adicional décimo segunda da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, e no artigo 125 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, aplicarase, única e exclusivamente, o réxime singular de incompatibilidade a que se refire o número 5 do citado artigo e o número 3 da disposición adicional quinta da Lei 21/1986, do 23 de decembro.

Dous. Nos supostos en que se produza incompatibilidade, en aplicación do réxime singular sinalado no número anterior, a percepción desta pensión indemnizatoria suspenderase ata que cesen as causas que a motivan, sen prexuízo de que nos casos en que se establecesen a remuneración de transición ou equivalente a que fai referencia o número 3 da disposición adicional quinta da Lei 21/1986, deba optarse entre esta remuneración e a pensión indemnizatoria regulada na norma primeira do número 5 do artigo 10 da Lei 74/1980.

Tres. No cómputo das retribucións que serven de base para o cálculo das novas pensións indemnizatorias que se recoñezan a partir do 1 de xaneiro de 2002 teranse en conta os diferentes conceptos retributivos establecidos no artigo 23, números 2 e 3, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Disposición adicional décimo cuarta. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Dáselle unha nova redacción á disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico:

«Disposición adicional sexta. *Fondo para o financiamento das actividades do Plan xeral de residuos radiactivos.*

1. As cantidades ingresadas por tarifa, peaxes ou prezos, así como calquera outra forma de financiamento dos custos dos traballos correspondentes á segunda parte do ciclo do combustible nuclear, á xestión dos residuos radiactivos e ó desmantelamento e clausura de instalacións, incluídos os rendementos financeiros xerados por elas, destinaranse a dotar unha provisión, tendo a dita dotación a consideración de partida deducible no imposto sobre sociedades.

As cantidades recollidas na provisión antes mencionada só poderán ser investidas en gastos, traballos, proxectos e inmovilizacións derivados de actuacións previstas no Plan xeral de residuos radiactivos aprobado polo Goberno.

2. Terán a consideración de custo de diversificación e seguridade de abastecemento para os efectos do previsto no artigo 16.6 desta lei, as cantidades destinadas a dota-la provisión relativa á segunda parte do ciclo do combustible nuclear, á xestión dos residuos radiactivos xerados na produción de enerxía nucleoelectrónica ou procedentes daquelas actividades de investigación que o Ministerio de Economía determine que estiveron directamente relacionadas con esta, e ó desmantelamento e clausura de instalacións de produción de enerxía nucleoelectrónica, así como a aquelas outras actividades que se especifiquen mediante real decreto.»

Disposición adicional décimo quinta. *Adopción de medidas cautelares no mantemento do dereito ó percibimento das prestacións en MUFACE, ISFAS e MUGEJU.*

O establecido na disposición adicional décimo sétima bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, será de aplicación ás prestacións correspondentes xestionadas por MUFACE, ISFAS e MUGEJU, tendo estas mutualidades as mesmas facultades que as entidades xestoras da Seguridade Social, no ámbito das súas respectivas competencias.

Disposición adicional décimo sexta. *Modificación da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de estatuto da radio e televisión.*

Un. Modifícase o número 3 do artigo 2 da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de estatuto da radio e a televisión, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. A organización, a atribución e definición da función de servizo público e o control parlamentario da terceira canle rexional prevista no parágrafo anterior, así como da radiodifusión sonora e televisión no mesmo ámbito territorial, articularase orgánica e funcionalmente de acordo cos criterios establecidos nos artigos 5 a 12 e 26 deste estatuto, e segundo lei da comunidade autónoma.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 5 da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de estatuto da radio e a televisión, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A xestión directa dos servizos públicos de radiodifusión sonora e televisión exercerase a tra

vés do Ente Público RTVE, ó cal se lle encomenda, sen prexuízo do disposto no artigo anterior, a función de servizo público que queda definida da seguinte forma:

a) A produción e emisión dun conxunto equilibrado de programacións e canles, xeneralistas e temáticas, de radio e televisión, que integren programas diversificados, de todo tipo de xéneros, co fin de atender as necesidades democráticas, sociais e culturais do conxunto dos cidadáns, garantindo o acceso da cidadanía a información, cultura, educación e entretemento de calidade.

Para estes efectos, as programacións de RTVE, compatibilizando o obxectivo de rendibilidade social co principio de eficiencia económica, deberán:

Impulsa-lo coñecemento dos valores constitucionais,

Promover activamente o pluralismo, con pleno respecto ás minorías, mediante o debate democrático, a información obxectiva e plural e a libre expresión de opinións,

Promove-lo respecto da dignidade humana e, especialmente, os dereitos dos menores, a igualdade de sexos, a non discriminación por motivos de raza, ideoloxía, relixión e calquera outra circunstancia persoal ou social,

Impulsa-la diversidade cultural e lingüística, Ofrecer calidade, diversidade, innovación e esixencia ética,

Ter por obxectivo atender a máis ampla audiencia, asegurando a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural,

Propicia-lo acceso de todos ós distintos xéneros de programación e ós eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a tódolos segmentos de audiencia, idades e grupos sociais, incluídas as minorías con discapacidades,

Favorece-la educación, a difusión intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos, e o seu desenvolvemento por medios audiovisuais,

Asegura-la protección dos dereitos do consumidor,

Fomenta-la produción audiovisual española e europea.

b) O conxunto das producións e emisións de radio e televisión efectuadas por RTVE deberán cumprir coas obrigas integradas na función de servizo público definida neste artigo, tanto nas súas programacións de ámbito nacional, como naquelas outras que se dirixen ós ámbitos territoriais das correspondentes comunidades e cidades autónomas, que estarán orientadas ó fomento, promoción e coñecemento das diversidades culturais, lingüísticas e sociais de cada unha delas.

c) Así mesmo, forma parte da función de servizo público ofrecer emisións internacionais que coadruen á proxección cara ó exterior das linguas, culturas e realidades do Estado español e á adecuada atención ós cidadáns españois residentes ou desprazados no estranxeiro.

d) O Ente Público RTVE promoverá activamente o desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico, utilizando tódalas vías e medios de distribución e difusión, así como as novas técnicas de produción e de difusión de programas e servizos de comunicación

audiovisual, e desenvolvendo novos servizos, incluídos os dixitais e en liña, susceptibles de enriquecer ou completa-la súa oferta de programación, e achegando as diferentes administracións públicas ós cidadáns.»

Tres. Modifícase o artigo 26 da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de estatuto da radio e a televisión, que queda redactado do seguinte xeito:

«Constituirase unha comisión parlamentaria do Congreso dos Deputados de conformidade co que dispoña o Regulamento da cámara. Esta comisión exercerá o control da actuación do Ente Público RTVE e as súas sociedades, de tal xeito que non impida o funcionamento dos medios, velando especialmente polo cumprimento efectivo da función de servizo público, definida e encomendada ó Ente Público RTVE no artigo 5.1 desta lei, e controlando a súa correcta aplicación.

Para estes efectos, o Ente Público RTVE remitirá, con carácter anual, á dita comisión parlamentaria, un informe sobre a execución da función de servizo público encomendada, referido ó conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisións. Así mesmo, presentaralle á citada comisión parlamentaria a información que lle sexa solicitada para valora-lo cumprimento efectivo da dita función de servizo público.»

Disposición adicional décimo sétima. *Modificacións á Lei de integración social de minusválidos.*

O artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, queda redactado do seguinte xeito:

«1. As empresas públicas e privadas que empreguen un número de 50 ou máis traballadores virán obrigadas a que de entre eles, alomenos, o 2 por cento sexan traballadores minusválidos. O cómputo mencionado anteriormente realizárase sobre o cadro de persoal total da empresa correspondente, calquera que sexa o número de centros de traballo daquela e calquera que sexa a forma de contratación laboral que vincule os traballadores da empresa. Igualmente entenderase que estarán incluídos no devandito cómputo os traballadores minusválidos que se encontren en cada momento prestando servizos nas empresas públicas ou privadas, en virtude dos contratos de posta á disposición que estas celebren con empresas de traballo temporal.

De maneira excepcional, as empresas públicas e privadas poderán quedar exentas desta obriga, de forma parcial ou total, ben a través de acordos recollidos na negociación colectiva sectorial de ámbito estatal e, no seu defecto, de ámbito inferior, a teor do disposto no artigo 83, números 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ben por opción voluntaria do empresario, debidamente comunicada á autoridade laboral, e sempre que en ámbolos dous supostos se apliquen as medidas alternativas que se determinen regulamentariamente.»

Disposición adicional décimo oitava. *Modificación da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862.*

Modifícase o artigo 10 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862, que queda coa seguinte redacción:

«Os que aspiren a realiza-las probas selectivas para o ingreso no notariado deben reunir, na data en que remate o prazo de presentación das instancias, as condicións seguintes:

1. Ser español ou presenta-la nacionalidade de calquera país membro da Unión Europea.
2. Ser maior de idade.
3. Non encontrarse comprendido en ningún dos casos que incapacitan ou imposibilitan para o exercicio do cargo de notario.
4. Ser doutor ou licenciado en dereito ou ter concluídos os estudos desta licenciatura.

Se o título procedese dun estado membro da Unión Europea, deberá presentarse o certificado acreditativo do recoñecemento ou homologación do título equivalente, conforme a Directiva 89/48, do 21 de decembro de 1988, o Real decreto 1665/1991, do 24 de outubro e demais normas de trasposición e desenvolvemento.»

Disposición adicional décimo novena. *Adición dunha disposición adicional décimo sétima na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Engádese na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima.

Sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e dos mercados secundarios, o Goberno poderá autorizar, oídas as comunidades autónomas con competencia na materia, que unha ou varias entidades adquiran, directa ou indirectamente, a totalidade do capital de todas ou algunhas das sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e mercados secundarios españois e que, a partir de tal adquisición, corresponda a esa ou esas entidades a titularidade do citado capital. Unha vez producida a adquisición, a esas entidades e ás súas filiais non lles será de aplicación o réxime de participación accionarial previsto no artigo 48.1 desta lei.

En tal caso, corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores autoriza-los estatutos polos que se rexan esas entidades e as súas modificacións, así como o nomeamento dos membros do seu Consello de Administración e dos seus directores xerais, os cales deberán reuni-los requisitos das alíneas f), g) e h) do artigo 67.2 desta lei.

O Goberno, mediante real decreto, determinará o réxime aplicable ás ofertas de adquisición das accións representativas do capital das referidas entidades, o réxime de publicidade a que han de someterse as súas participacións accionarias e as limitacións que, se é o caso, caiban establecerse ós dereitos derivados delas, así como calquera outro aspecto que resulte necesario para a aplicación desta disposición.

A supervisión das citadas entidades corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Disposición adicional vixésima. *Competencia para a autorización de apostas no ámbito nacional e no ámbito territorial superior ó dunha comunidade autónoma.*

Correspóndelle ó Estado, a través do Ministerio de Facenda e, concretamente da Entidade Pública Empresarial Loterías e Apostas do Estado, exercer-la competencia, de conformidade coa normativa vixente, para a autorización do desenvolvemento de todo tipo de apostas, calquera que sexa o soporte delas, boletos, medios informáticos ou telemáticos, sempre que o seu ámbito

de desenvolvemento, aplicación, celebración ou comercialización abarque o territorio nacional ou exceda dos límites dunha concreta comunidade autónoma.

Autorízase o Ministerio de Facenda para dictar cantas disposicións de desenvolvemento fosen necesarias para o mellor cumprimento do previsto nesta disposición.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Aplicación do «réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos» establecido no capítulo X do título VIII da Lei 43/1995, do imposto sobre sociedades.*

Nos períodos impositivos iniciados desde o 1 de xaneiro de 2002 o réxime fiscal previsto no capítulo X do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, tan só será de aplicación polas entidades que tiveran dereito á súa aplicación antes do 31 de decembro de 2001.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Remisión de información dos notarios ós concellos.*

Engádeselle un novo parágrafo ó número 7) do artigo 111 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, do seguinte teor:

«Na relación ou índice que remitan os notarios ó concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmobles cando a dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión. Esta obriga será esixible a partir do 1 de abril de 2002.»

Disposición adicional vixésimo terceira. *Pagamento de subvencións a partidos políticos.*

1. Non haberá lugar ó pagamento ós partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores, ou a calquera outra persoa ou entidade ás que, por calquera título, se transmitise o crédito correspondente, das subvencións devengadas ou que se devenguen conforme o previsto nos artigos 127 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e 3 da Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, mentres non sexa xustificada a adquisición polos electos pertencentes ás ditas formacións políticas da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento europeo ou membro da correspondente corporación local e o exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e pola elección e desempeño dos cales se devengasen ou se devenguen as citadas subvencións, aínda cando este devengo derive do seu recoñecemento por sentenza xudicial firme.

O suposto a que se refire o número anterior constituirá, para os efectos previstos no artigo 105 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, causa de imposibilidade legal de execución das sentencias que recoñezan o dereito a percibir as referidas subvencións, sen que tal inexecución dea lugar a indemnización ningunha.

2. Tampouco haberá lugar ó pagamento das referidas subvencións ós partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións electorais a favor dos cales se devengasen estas, cando nas listas electorais do proceso electoral determinante do devandito devengo ou nos órganos directivos existentes nese momento figuren persoas que fosen condenadas por sentenza firme por pertenza, actuación ó servizo ou colaboración con banda armada, se non rexeitasen publicamente os fins e os medios da organización terrorista á que pertenceron ou coa que colaboraron ou apoiaron ou exaltaron.

Este suposto constituirá, igualmente, para os efectos previstos no devandito artigo 105 da citada Lei

29/1998, causa de imposibilidade legal de execución das sentencias que declararen ou teñan declarado o dereito de tales partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores, ou de calquera outra persoa ou entidade á que, por calquera título, se transmitise o crédito correspondente, a percibir as referidas subvencións, sen que tal inexecución dea lugar a indemnización ningunha.

A mesma inexecución de pagamento e imposibilidade legal para a execución destas sentencias constituirá a circunstancia de que no momento en que deba procederse ó pagamento das referidas subvencións, os partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores a favor dos cales se devengasen estas, figuren nos seus órganos directivos ou grupos parlamentarios en calquera asemblea representativa ou lista electoral que no devandito momento estean presentadas en procesos electorais en curso, persoas, incluído tamén quen teña a condición de electo que fose condenado en virtude de sentenza firme por pertenza, actuación ó servizo ou colaboración con banda armada, se non rexeitase publicamente os fins e os medios da organización terrorista á que pertenceu ou coa que colaborou ou apoiou ou exaltou, sen que tal inexecución de pagamento e imposibilidade legal de execución dea lugar a indemnización ningunha.

3. Todo o anterior entrará en vigor sen prexuízo da consecuente adaptación a estas previsións da Lei orgánica 5/1985, do 29 de xuño, de réxime electoral xeral, na Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento dos partidos políticos e a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Extensión do réxime do recurso gubernativo en relación cos títulos presentados no Rexistro da Propiedade ós títulos presentados no Rexistro Mercantil e o de Bens Mobles.*

A regulación prevista na sección 5.^a do capítulo IX bis do título V para os recursos contra a cualificación do rexistrador da propiedade é tamén aplicable ós recursos contra a cualificación do rexistrador mercantil e do de bens mobles.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Modificación do artigo 42 da Lei hipotecaria.*

Dáselle unha nova redacción ó artigo 42.9 da Lei hipotecaria:

«Poderán pedir anotación preventiva dos seus respectivos dereitos no rexistro correspondente:

9.º O que presentase no Rexistro algún título a inscrición do cal non poida facerse por algún defecto emendable, por imposibilidade do rexistrador, ou cando este inicie de oficio o procedemento de rectificación de erros que observe nalgún asento xa practicado na forma que regulamentariamente se determine.»

Disposición adicional vixésimo sexta. *Prestación de servizos de certificación para notarios e rexistradores polo Consello Xeral do Notariado e o Colexio Nacional de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, deberán o Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España constituírse en prestadores de servizos de certificación, podendo celebrar para estes efectos os oportunos convenios, de conformidade co previsto nesta

lei, e unha vez que se cumprisen os requisitos e condicións establecidas.

2. O Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, estarán obrigados á prestación dos servizos de certificación, sempre que así sexa solicitado por un notario ou un rexistrador da propiedade e mercantil respectivamente.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Cancelación de condicións resolutorias e hipotecas inscritas no Rexistro da Propiedade por caducidade.*

Engádeselle un parágrafo quinto ó artigo 82 da Lei hipotecaria co seguinte contido:

«Por solicitude do titular rexistral de calquera dereito sobre o predio afectado, poderá procederse á cancelación de condicións resolutorias en garantía do prezo aprazado a que se refire o artigo 11 desta lei e de hipotecas en garantía de calquera clase de obriga, para as que non se pactase un prazo concreto de duración, cando transcorrese o prazo sinalado na lexislación civil aplicable para a prescrición das accións derivadas das citadas garantías ou o máis breve que para estes efectos se estipulase ó tempo da súa constitución, contados desde o día en que a prestación o cumprimento da cal se garante debeu ser satisfeita na súa totalidade segundo o rexistro, sempre que dentro do ano seguinte non resulte que foron renovadas, interrompida a prescrición ou executada debidamente a hipoteca.»

Disposición adicional vixésima oitava. *Utilización de bases gráficas no Rexistro da Propiedade.*

Adiciónanse os seguintes parágrafos ó único actual da regra 1.^a do artigo 9 da Lei hipotecaria co seguinte contido:

«Poderá completarse a identificación do predio mediante a incorporación ó título inscribible dunha base gráfica ou mediante a súa definición topográfica de acordo cun sistema de coordenadas xeográficas referido ás redes nacionais xeodésicas e de nivelación en proxecto expedido por técnico competente.

A base gráfica catastral ou urbanística e o plano topográfico, se se utilizasen, deberán xuntarse ó título en exemplar duplicado. Un dos seus exemplares archivarase no Rexistro, sen prexuízo da súa incorporación a soportes informáticos. Do arquivo do duplicado tomarase nota á marxe do asento correspondente á operación practicada e no exemplar archivado o rexistrador fará constar referencia suficiente ó predio correspondente. Poderá obterse o arquivo da base gráfica como operación rexistral específica mediante acta notarial autorizada por requirimento do titular rexistral na que se describa o predio e se incorpore a base gráfica.

Os rexistradores disporán de aplicacións informáticas para o tratamento de bases gráficas que permitan a súa coordinación cos predios rexistrais e a incorporación a estas da cualificación urbanística, ambiental ou administrativa correspondente.»

Disposición adicional vixésimo novena. *Modificación da Lei 14/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Engádeselle unha alínea d) á alínea h) da letra A) do artigo 43 dous, número segundo, da Lei 14/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

«d) O incumprimento das obrigas de custodia e uso da sinatura electrónica avanzada do notario, así como a obriga de denuncia-la perda, extravío ou deterioración ou situación que poña en risco o segredo ou a unicidade do dispositivo seguro de creación de sinatura de acordo co disposto na lexislación sobre o uso de sinatura electrónica de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.»

Disposición adicional trixésima. *Remisión de información relativa á aplicación do arancel notarial e de rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.*

«Regulamentariamente establecerase o procedemento de acordo co cal os notarios e os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles deberán facilitar información relativa á aplicación do arancel notarial e rexistral.

O incumprimento da obriga de facilita-la información nos termos que se establezan regulamentariamente, terá a consideración de infracción grave.»

Disposición adicional trixésima primeira. *Modificación da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, sobre regulación das entidades de capital-riesgo e das súas sociedades xestoras.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2002 introdúcese unha nova disposición adicional, a cuarta, coa seguinte redacción:

«1. Para os efectos previstos na alínea c) do número 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, os investimentos previstos na alínea a) do citado número poderán ser realizados por sociedades que desenvolvan no arquipélago a súa actividade nas que o suxeito pasivo participe por medio das entidades de capital-riesgo reguladas nesta lei, exclusivamente cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) A sociedade participada pola entidade de capital-riesgo debe adquirir, dentro do prazo do que dispoña o suxeito pasivo que dotou a reserva para investimentos nas Canarias, activos que cumpran as condicións consideradas na alínea a) do número 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, con excepción dos inmobles usados. Os ditos investimentos non darán lugar a ningún outro beneficio fiscal por tal concepto.

b) O investimento mencionado na alínea anterior debe manterse en funcionamento, pola entidade adquirente, durante cinco anos, contados desde a data de adquisición dos activos fixos, ou durante a súa vida se fose inferior, sen que, en ningún caso, ceda o seu uso a terceiras.

Ata o transcurso do devandito prazo, a entidade de capital-riesgo debe mante-la súa participación na entidade que realízase o investimento, sen que, pola súa vez, o suxeito pasivo que dotou a reserva para investimentos nas Canarias transmita a súa participación naquela.

c) As entidades de capital-riesgo que se acollan a esta disposición deberán identifica-las accións ou participacións que supoñan materialización da reserva para investimentos, emitindo cada exercicio unha certificación ós seus socios na que se acredite o estado de cumprimento dos requisitos mencionados nas alíneas anteriores. O incumprimento desta obriga será considerado infracción grave para os efectos do artigo 38 desta lei.

2. O incumprimento dos requisitos mencionados nas alíneas a) e b) do número 1 terá, para o suxeito pasivo que dotou a reserva para investimentos nas Canarias, as consecuencias previstas no número 8 do artigo 27 da Lei 19/1994, e suporá, para a entidade de capital-risco, respecto das participacións afectadas, a perda do réxime especial previsto no artigo 69 da Lei 43/1995, do imposto sobre sociedades, do artigo 27 da Lei 19/1994.»

Disposición adicional trixésimo segunda. *Xubilación dos funcionarios dos corpos de policía das comunidades autónomas.*

O Goberno, no prazo máis breve posible, presentará un informe no que se analizará a situación dos funcionarios das policía autónomas no novo marco da xubilación gradual e flexible en función da idade de xubilación en comparación co resto dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Disposición transitoria primeira. *Exención por danos persoais.*

A nova redacción da alínea q) do artigo 7 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, efectuada polo artigo 1 desta lei, resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Disposición transitoria segunda. *Suspensión do ingreso da débeda tributaria regulado no artigo 80.6 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

A solicitude de suspensión do ingreso regulada no artigo 80.6 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, na redacción efectuada polo artigo 1 desta lei, resultará de aplicación ás declaracións correspondentes ós períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Disposición transitoria terceira. *Reinvestimento de beneficios extraordinarios no imposto sobre sociedades.*

Un. As rendas acollidas ó reinvestimento de beneficios extraordinarios previsto no artigo 21 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, segundo a súa redacción vixente ata o 1 de xaneiro de 2002, regularanse polo nel establecido e nas súas normas de desenvolvemento, aínda cando o reinvestimento e demais requisitos se produzan en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Dous. Non obstante o disposto no número anterior, se o reinvestimento se efectúa nun período impositivo iniciado a partir do 1 de xaneiro de 2002, o suxeito pasivo poderá aplica-la deducción a que se refire o artigo 36 ter da Lei 43/1995, a condición de que a totalidade da renda diferida se integre na base imponible do devandito período impositivo.

Tres. Os suxeitos pasivos que no primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2002 tiveran rendas pendentes de integrar na base imponible, por se teren acollido ó reinvestimento de beneficios extraordinarios previsto no artigo 21 da Lei 43/1995, segundo a súa redacción vixente ata o 1 de xaneiro de 2002, poderán incluír na base imponible da primeira

declaración por este imposto que se presente a partir do 1 de xaneiro de 2002, total ou parcialmente, as ditas rendas, aplicando así mesmo a deducción prevista no artigo 36 ter da dita lei por tales rendas integradas na base imponible.

Disposición transitoria cuarta. *Bases impositivas negativas pendentes de compensar no imposto sobre sociedades.*

As bases impositivas negativas pendentes de compensación ó inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2002, poderán compensarse no prazo e cos requisitos establecidos no número 1 do artigo 23 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, contado a partir da finalización do período impositivo no que se determinaron as ditas bases impositivas negativas.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio dos grupos fiscais.*

Un. As sociedades que cumpran as condicións establecidas na nova redacción do artigo 81 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, dada por esta lei, para seren consideradas como dependentes, integraranse no grupo fiscal que estivese tributando segundo o réxime de consolidación fiscal, no primeiro período impositivo iniciado a partir do 1 de xaneiro de 2002. A opción e comunicación á que se refire o artigo 84 da dita lei deberá realizarse dentro dese período.

Dous. Aquelas sociedades que non puideron optar polo réxime de consolidación fiscal, por non cumpriren os requisitos establecidos no artigo 81 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades na súa redacción vixente ata o 1 de xaneiro de 2002 e, sen embargo, reúnan as condicións establecidas pola nova redacción do devandito artigo 81, establecida por esta lei, poderán optar pola aplicación do réxime de consolidación fiscal no primeiro período impositivo iniciado a partir do 1 de xaneiro de 2002, sempre que a dita opción e a comunicación se realice antes da finalización do devandito período impositivo.

Disposición transitoria sexta. *Efectos da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o seu valor teórico nas operacións realizadas polo réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores.*

A valoración resultante da imputación ós bens amortizables do inmovilizado que corresponda á diferenza entre o prezo de adquisición da participación e o seu valor teórico, segundo a redacción establecida por esta lei ó número 3 do artigo 103 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, terá efectos fiscais para aquelas operacións que se inscribisen a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición transitoria sétima. *Cotas tributarias negativas pendentes de compensar no imposto sobre sociedades por sociedades cooperativas.*

As cotas tributarias negativas pendentes de compensación ó inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2002, poderán compensarse no prazo establecido no número 1 do artigo 24 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, contado a partir da finalización do período impositivo no que se determinaron as ditas cotas tributarias negativas.

Disposición transitoria oitava. *Adaptación dos plans e fondos de pensións preexistentes ás modificacións introducidas na Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.*

A designación de defensor do partícipe dos plans de pensións do sistema individual deberá efectuarse e comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei. A comisión de control do plan individual entenderase disolta unha vez que o promotor comunique a dita designación e notificase esta á comisión de control correspondente.

A información trimestral ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións será obrigatoria a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte ó da entrada en vigor desta lei respecto do último trimestre anterior.

Sen prexuízo do anterior e da aplicación efectiva das demais disposicións establecidas nesta norma desde a súa entrada en vigor, concédese un prazo de doce meses para a adaptación formal das especificacións dos plans de pensións e normas de funcionamento dos fondos de pensións ó previsto nesta lei.

Nos plans de pensións de emprego preexistentes a composición e condicións de representación na comisión de control do plan adaptaranse ó previsto no número 3 do artigo 7 da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación de plans e fondos de pensións modificado por esta lei mediante acordo colectivo nun prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei, transcorrido o cal, de non terse adoptado o devandito acordo, se aplicará directamente.

Os fondos de pensións que, á entrada en vigor desta lei, integren simultaneamente plans de pensións do sistema de emprego e plans do sistema asociado ou individual, poderán manter tal situación, se ben neste caso non poderán integrar novos plans de pensións individuais ou asociados. A comisión de control destes fondos formarase exclusivamente con representación dos plans de emprego debendo proceder ás adaptacións necesarias nun prazo de 12 meses desde a entrada en vigor desta lei.

Os partícipes de plans de pensións que á entrada en vigor desta lei contén cunha idade superior ós 65 anos non exerzan ou cesasen na relación laboral ou profesional e non se atopen cotizando para a continxencia de xubilación en ningún réxime de Seguridade Social deberán, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, comunicarlle a forma de cobramento da prestación correspondente de acordo coa normativa vixente.

Este réxime non será de aplicación ós partícipes que realizasen achegas exclusivamente para falecemento.

Disposición transitoria novena. *Créditos ampliables para pagamento de obrigas derivadas de convenios coas comunidades autónomas para o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras.*

Durante o exercicio do ano 2002, para aseguralo cumprimento do plan da minería do carbón na súa faceta de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras, as dotacións para facer fronte ás obrigas derivadas dos convenios coas comunidades autónomas afectadas terán carácter ampliable.

Disposición transitoria décima. *Aplicación da posibilidade de optar pola situación de servizo activo ós subdelegados do Goberno e ós directores insulares con nomeamento en vigor.*

O establecido no artigo 50 desta lei, que dá nova redacción ó artigo 29.2.n) da Lei 30/1984, do 2 de

agosto, de medidas para a reforma da función pública, será de aplicación ós subdelegados do Goberno nas provincias e ós directores insulares da Administración xeral do Estado con nomeamento en vigor o 1 de xaneiro de 2002, con efectos desde a data do seu nomeamento.

Disposición transitoria décimo primeira. *Réxime transitorio da modificación introducida no artigo 45.3 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

A modificación introducida no artigo 45.3 da Lei 25/1990, do medicamento, polo artigo 94 desta lei, producirá efectos desde o 1 de xullo de 2002.

Disposición transitoria décimo segunda. *Réxime transitorio dos procedementos de desafuzamento incoados ó amparo da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das forzas armadas.*

Nos procedementos de desafuzamento incoados anteriormente á entrada en vigor desta lei polas causas sinaladas no artigo 10 da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das forzas armadas, o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas acordará de oficio o arquivo das actuacións cando se trate de procedementos administrativos ou desistirá do xuízo cando se trate de procedementos xudiciais.

Nun e outro caso, de mantérense as ditas causas, o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas iniciará acto seguido o expediente administrativo de desafuzamento axustándose ó novo procedemento establecido no mencionado artigo.

Disposición transitoria décimo terceira. *Réxime transitorio aplicable á revisión periódica xeral das tarifas e obrigas contables en relación cos servizos públicos regulares interurbanos permanentes de uso xeral de transportes de viaxeiros por estrada.*

A aplicación inicial do disposto nos novos números 5 e 7 do artigo 19 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, na redacción dada a estes polo artigo 66 desta lei, axustarase ó seguinte réxime transitorio:

a) O procedemento previsto no número 5 do artigo 19 da Lei de ordenación dos transportes terrestres comezará a aplicarse para a revisión das tarifas das concesións de transporte público regular permanente de uso xeral de viaxeiros por estrada de competencia estatal con ocasión da correspondente ó segundo trimestre do ano 2002.

Excepcionalmente, a revisión tarifaria correspondente ó segundo trimestre do ano 2002 terá como fundamento a modificación dos prezos experimentada desde outubro do ano 2000 ata decembro do ano 2001.

b) O cumprimento do disposto no número 7 do artigo 19 da Lei de ordenación dos transportes terrestres será esixible en toda a súa extensión a partir do día 1 de xaneiro de 2004.

Non obstante, as empresas titulares de concesións ou autorizacións de transporte público regular de uso xeral deberán comezar a contabilizalos seus ingresos por venda de billetes separadamente por cada concesión a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Aplicación do «réxime das entidades armadoras en función da tonaxe» establecido no capítulo XVII do título VIII da Lei 43/1995, do imposto sobre sociedades.*

As solicitudes ó Ministerio de Facenda da autorización para aplicalo «réxime das entidades armadoras en fun-

ción da tonelaxe» establecido no capítulo XVII do título VIII da Lei 43/1995, do imposto sobre sociedades, que deban comezar a producir efectos en períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2002 deberán presentarse durante os tres primeiros meses dos ditos períodos impositivos.

Disposición transitoria décimo quinta. *Exención do imposto xeral indirecto canario para entidades sen ánimo de lucro.*

A non esixencia do requisito de recoñecemento previo das exencións reguladas nos números 6) e 12) do número 1 do artigo 10 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, aplicarase retroactivamente a todos aqueles organismos ou entidades que non solicitasen aquel con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria décimo sexta.

O disposto na disposición adicional décimo cuarta da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción dada polo artigo 2.52 desta lei, será aplicable ás transmisións de activos que, téndose efectuado ó amparo do disposto polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, acordo do Consello de ministros en aplicación das normas de defensa da competencia ou procesos de concentración empresarial ou decisións da Unión Europea da mesma materia, non conclúisen á entrada en vigor desta lei, ou que co mesmo amparo se efectúen a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición transitoria décimo sétima. *Renovacións do catastro rústico.*

Os procedementos de rectificación xeral das características catastrais dos bens inmobles de natureza rústica iniciados e non finalizados á entrada en vigor desta lei rexeranse polo establecido no artigo 30, incluído o prazo máximo de dezaioito meses para a resolución do procedemento, se ben este comezará a contarse a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Para tal efecto consideraranse finalizados os citados procedementos cando as novas características se incorporasen ós correspondentes padróns do imposto sobre bens inmobles, ou cando se publicase o acordo de aprobación destas durante o ano 2001.

Disposición transitoria décimo oitava. *Réxime aplicable ós recursos pendentes á entrada en vigor desta lei.*

O réxime previsto nesta lei para o recurso gubernativo será de aplicación ós recursos interpostos con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición transitoria décimo novena. *Obriga de trasladalo contido dos asentos dos rexistros da propiedade e mercantís a soporte informático.*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, deberá constar en soporte informático o contido dos libros e asentos de tódolos rexistros da propiedade e mercantís de España. Os rexistradores que no sucesivo sirvan cada Rexistro serán responsables de que se traslade ó devandito soporte o contido dos libros que o integran. No prazo dun dous meses, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España deberá presentar ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado un plan que conteña información referente ó grao

de constancia en soporte informático dos asentos de cada rexistro, así como das medidas, plans, instrumentos e procedementos que vaian ser utilizados co fin de cumprir coa obriga imposta nesta disposición especificando os datos e as actuacións concretas que para o efecto se propoñan en relación cos rexistros adscritos a cada decanato.

2. O custo derivado do traslado a soporte informático do contido de cada rexistro será soportado polo rexistrador ou os rexistradores que o sirvan como consecuencia da resolución dos concursos convocados para cubrir prazas vacantes en contía proporcional ó tempo que permanecesen na dita praza tomando como referencia o prazo dun ano ó que se refire o número anterior. En caso de vacante, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España satisfará e adoptará as medidas necesarias para levar a cabo o traslado a soporte informático do contido dos asentos do rexistro ou dos rexistros que non estivesen cubertos en todo ou en parte por rexistradores da propiedade e mercantís.

3. O incumprimento tanto do deber de trasladar a soporte informático no prazo establecido, como de satisfacerlo importe proporcional correspondente polos obrigados, así como a falta de presentación do plan ó que se refire o parágrafo primeiro constitúe unha infracción moi grave e será sancionada de acordo co disposto no réxime disciplinario aplicable ós rexistradores da propiedade e mercantís.

4. A previsión recollida no artigo 97 dous desta lei non será de aplicación en tanto en canto non se dispoña da aplicación efectiva do acceso telemático e inmediato ós datos do Rexistro Mercantil, aplicación que deberá estar realizada no prazo máximo dun ano.

Disposición transitoria vixésima. *Medios de comunicación telemática entre notarios e rexistradores previos á implantación da sinatura electrónica avanzada.*

1. De conformidade co previsto nesta lei no relativo á obtención dunha sinatura electrónica avanzada polos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, e en tanto non se prevexa un sistema telemático diferente pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, deberán estes dispoñer obrigatoriamente dun enderezo de correo electrónico.

2. Este enderezo de correo electrónico seralles asignado polo Consello Xeral do Notariado ou o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, respectivamente, que será así mesmo obxecto de publicación nun directorio electrónico a cargo daqueles.

Disposición transitoria vixésimo primeira. *Prazo máximo para a obtención de sinatura electrónica avanzada por notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles.*

No prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor desta lei, os notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles deberán obter do prestador de servizos de certificación a súa sinatura electrónica avanzada, de acordo coas características establecidas no artigo 109.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei quedan derogadas as seguintes disposicións:

As alíneas d) e e) do punto 5 do número un do artigo 82 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O número 3 do artigo 15 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.

A regra 5.^a da disposición adicional décima da Lei 30/1981, do 7 de xullo.

Dous. Quedan derogados o parágrafo segundo do número 2 do artigo 222 e os parágrafos primeiro e segundo do artigo 253 da Lei hipotecaria.

Tres. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, derrógase o número dous do artigo 67, quedando o número un como parágrafo único; suprímese o número 8.^o e o número 10.^o do número un.1 do artigo 91 e derrógase o número oitavo do anexo, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Catro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, quedará derogado o título VIII do libro primeiro e as disposicións adicionais primeira, segunda e décimo cuarta da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Cinco. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002 queda derogado o artigo 21 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Seis. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

1. Os artigos 3 e 4 do Decreto do 27 de xuño de 1957, relativo ó pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

2. O Real decreto 1734/1982, do 9 de xullo, que modifica o Decreto do 27 de xuño de 1957, sobre pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

3. O Real decreto 984/1984, do 23 de maio, que modifica o Decreto do 27 de xuño de 1957, sobre pagamento de renda e conservación do Hipódromo de Madrid.

Cinco. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O establecido no capítulo IX do título V desta lei dítase ó amparo da competencia que corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.6.^a e 8.^a, na ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, e lexislación civil, coas excepcións establecidas para o dereito civil autonómico especial.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Un. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2002.

Dous. As disposicións relativas ó réxime fiscal da entidade de dereito público Portos do Estado e das Autoridades Portuarias serán de aplicación ós períodos impositivos dos que o prazo regulamentario de declaración finalice a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24966 LEI 25/2001, do 27 de decembro, pola que se prorroga a vixencia do Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio. («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición adicional primeira da Constitución española ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais. O Estatuto de autonomía para o País Vasco, aprobado pola Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, plasma e conforma a previsión constitucional no ámbito tributario e financeiro establecendo no seu artigo 41 que: «as relacións de orde tributaria entre o Estado e o País Vasco virán reguladas mediante o sistema foral tradicional de concerto económico ou convenios»; recollendo ademais os principios e bases do contido do réxime do Concerto.

A Constitución española e o Estatuto de autonomía para o País Vasco garanten a existencia dun réxime de concerto como trazo esencial da foralidade. Neste sentido a existencia e continuidade do Concerto constitúen a expresión material dela. Garantir en todo momento as condicións de existencia e continuidade do Concerto e a seguridade plena sobre este é unha esixencia para as institucións do Estado.

En cumprimento das previsións constitucionais e estatutarias, a Lei 12/1981, do 13 de maio, aprobou o Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, logo de acordo entre a Administración do Estado e as representacións da Administración da Comunidade Autónoma e dos territorios históricos.

Con posterioridade, a dita norma foi obxecto de cinco modificacións, mediante Lei 49/1985, do 27 de decembro; Lei 2/1990, do 8 de xuño; Lei 27/1990, do 26 de decembro; Lei 11/1993, do 13 de decembro, e Lei 38/1997, do 4 de agosto. As ditas leis tiveron por obxecto a actualización, adaptación e modificación do Concerto en cada momento. Nelas seguiu o mesmo procedemento de acordo e aprobación por lei do propio Concerto.

O artigo primeiro do Concerto Económico aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, sinala que: «este Concerto Económico acordado entre o Estado e o País Vasco, conforme o disposto no Estatuto de autonomía, durará ata o día trinta e un de decembro do ano dous mil un», sen que se prevexa expresamente a posibilidade da súa continuidade alén desta data.

Durante este ano, as representacións da Administración do Estado e das institucións do País Vasco viñeron desenvolvendo os traballos de análise e valoración dos termos do novo Concerto Económico aplicable a partir do un de xaneiro do ano dous mil dous. Estes traballos, que poden demorarse alén dos prazos establecidos para a tramitación e aprobación da norma con anterioridade ó un de xaneiro do ano dous mil dous, non deben culminar senón co logro dun bo acordo para todos.

Nestas circunstancias, considérase adecuado e oportuno aprobar unha norma con rango de lei que propicie a continuidade do Concerto Económico e reforce a seguridade xurídica de tódolos españois. Con esta finalidade, o artigo único desta lei establece a continuidade da vixencia do Concerto Económico acordado, e aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de decembro, manténdoo tempo-